BARBANTIA

Anuario de Estudos do Barbanza



Ano 2015 - Nº 11

Abrimos o xornal dixital da Voz de Galicia, hoxe (25-11-2015) e, entre tantas novas de vellas guerras, terrorismo, paro, malos tratos e corrupción, topamos por fin con dúas que nos reconcilian co mundo.

Unha é a boa nova de que, amparados polas Editoriais Galaxia e Xerais, nesta recta final de ano, aproxímase un tsunami literario da man dos narradores Manuel Rivas, Antón Riveiro, Pedro Feijoo, Manuel Portas, Diego Ameixeiras, Neira Vilas, Xabier Quiroga (e, hai pouco, Antonio Piñeiro), e do poeta Antón Reixa cun novo poemario.

A outra é a celebración da *VII Semana da Historia de Noia*, este ano dedicada a Manuel Fabeiro Gómez, coa participación de prestixiosos especialistas cuxas actas recolle este anuario.

Amigos na amizade e no compromiso: o noso mundo, con publicacións coma esta, mantén a esperanza, pese a tantas fácticas instancias de poder.

E **Barbantia**, coma sempre, de notario do odieno.

Coordinación
Manuel Cartea
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Revisión Lingüística
Manuel Cartea

Consello directivo
Presidente: Xesús Román Laíño Briones-Arén
Vicepresidenta: María Isabel Santos Davila
Vicepresidente: Manuel Cartea Gómez
Secretaria: Milagros Torrado Cespón
Tesoureiro: Carlos Mosteiro Fraga
Vogal: Encarna Pego Paz
Vogal: María Dolores Arxóns Álvarez
Vogal: María Xesús Blanco López
Vogal: Adolfo Muíños Sánchez
Vogal: Mª Teresa Villaverde Pais
Vogal: Xosé Ricardo Losada Vicente
Vogal: Manuel Mariño del Río
Vogal: Francisco Xosé Bugallo Otero
Vogal: Antón Riveiro Coello

Administración
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Deseño e maquetación
vexota

Edita
A. C. Barbantia
Rúa Poeta Manuel María, s/n
Centro Social
15930 Boiro (A Coruña)
Tlfno.: 981 84 26 35 Fax: 981 84 27 25
http: www.barbantia.org - www.barbantia.es
Blog: www.cafebarbantia.barbantia.org
www.cafebarbantia.barbantia.es
correo: barbantia@barbantia.org
barbantia@barbantia.es

@barbantia

Asociación Cultural Barbantia

Imprime
Gráficas Garabal, S.L.

ISSN
1889-0946

Depósito Legal
C-2792-05

ÍNDICE

5 **Limiar**
X. Ricardo Losada

9 **Datos para unha biografía de Manuel Fabeiro Gómez**
Inés Otero

15 **Manuel Fabeiro Gómez Unha vida de traballo**
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

37 **Teitos de pedra: arcos bóvedas e cúpulas das igrexas de Noia**
Rosana Guerra Pestonit

47 **As minas de San Finx**
Mayte Sobradelo Creo

57 **A revolución de 1846 e Noia**
Manuel del Río Rodríguez

69 **Urbanismo en Noia (1974-2015) A necesidade dun cambio de modelo**
Pedro García Vidal

95 **Noia: Arqueoloxía e historia**
Manuela Pérez Mato

111 **As catro pontes de Noia**
Clodio González Pérez

125 **Arredor das pedras, do porto de Noia e da mitra compostelá**
Felipe-Senén López Gómez

135 **Manuel Fabeiro Gómez. Singraduras (líricas) e derrotas (poéticas) do quechemare**
Xavier Castro Rodríguez

149 **A depuración dos mestres de Outes no franquismo**
Xoán Francisco García Suárez

165 **As orixes do fútbol organizado en Boiro (1922-1927)**
Antón Rodríguez Gallardo

179 **A toponimia dos montes do Barbanza en Lesón (A Pobra do Caramiñal)**
Miguel Ángel Conde Teira

207 **A epidemia de cólera nas rías baixas galegas: Barbanza, 1854**
Daniel M. Bravo Cores

AIRES DE FÓRA

221 **MAX JACOB. Le Cornet à dés Éditions Gallimard. Nrf - Poésie**
Tradución: Eme Cartea

BARBANTIA ANO XI

265 **Barbantia. Balance anual**
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

305 **Publicacións no Barbanza. 2015**
Román Arén e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

349 **Relación de socias/os**

Limiar

X. Ricardo Losada

UN ANUARIO FELIZ

"Pocos cineastas se salen de las líneas trazadas, pero Leos Carax, sencillamente, las dinamita. *Holy Motors* es una película mutante, fuera de norma, que certifica la muerte del cine inocuo mientras engendra uno nuevo que agite a los espectadores dormidos…". Adoito ler o crítico de cine Miguel Ángel Palomo porque sempre me descobre algún talentoso director que sae das canles habituais, pero esa crítica que acabo de citar manifesta un prexuízo en relación ao cine e, o que máis me interesa aquí, á cultura en xeral, que non comparto. En concreto, iso tan pretensioso de que *Holy Motors* certifica a morte do cine inocuo, ou iso tan inxenuo e pastoral de que vai axitar os espectadores durmidos. No fondo, Palomo suscita ese eterno debate entre alta e baixa cultura que os dous últimos anos encheu librerías e quioscos de libros e artigos, tratando de dilucidalo definitivamente, é dicir, ata que se poña de novo de moda dentro duns anos. Non teño espazo aquí para abordalo. Limitareime, tendo en conta que estou escribindo o limiar do anuario dunha asociación cultural, a un aspecto moi concreto. Por que ler libros, e libros coma este? Dito doutra forma: Axita este anuario lectores durmidos ou é unha lectura inocua?

Deixareino claro desde o principio. Non estou de acordo con quen di que debemos ler porque a lectura nos fai mellores persoas e cidadáns. Esa función correspóndelle á familia e á escola, sempre que pais e profesores sexamos modelos éticos e políticos, no bo sentido desas palabras, e non só modelos cognoscitivos e económicos, e sempre que non lles digamos aos fillos e aos alumnos *Sede boas persoas* como lles dicimos *Non berredes* berrando. Á xente non lle gusta que os traten como se fosen lelos. Coñecen moitos grandes lectores (e escritores) que son uns impresentables morais, e saben que Alemaña era o país máis culto do mundo cando se deixou engaiolar polo carisma de Adolf Hitler. Intentar convencelos das bondades éticas da lectura só pode provocarlles hilaridade.

Conta Juan Tallón que o defensa arxentino Daniel Passarela díxolle un día ao seu compañeiro de selección Jorge Valdano que había un vello defensa que pegaba "patadas sin asco". Valdano reprochoulle que un tipo tan duro no campo coma el criticase tal cousa, e engadiu: "Por que no hablás de vos, que elegías hasta el hueso que ibas a romper"? Passarela, que discutindo tamén era rabudo, replicoulle: "No te equivoques. Yo pegaba por placer, no como eses mediocres que pegan por necesidad". Eu afirmaría o mesmo sobre a lectura. Hai que ler por pracer, non por necesidade. Quen o fai por necesidade (só le a quen lle dá polo pau) acaba sendo un mediocre e un fanático. Aínda así, non coincido coa filosofía profunda de Passarela. Agás os sádicos, a maioría dos humanos, cando gozamos de algo pracenteiro, somos mellores persoas, non pensamos en romper ósos.

Tendo iso claro, o problema é conseguir que a xente goce lendo. Como? Responderei contándovos as dúas razóns que lles dou aos alumnos cando me preguntan por que deben ler.

A primeira, porque ler permite coñecer mellor o mundo no que vivimos, tanto o natural (o noso propio corpo incluído!) como o humano (a nosa propia psique!). Eu coñecín e comprendín mellor as persoas que me rodean (ata límites que nin eles sospeitan) lendo novelas, relatos, aforismos ou ensaios, que falando e convivindo con eles. Perdoade que non dea os títulos das obras por respecto á intimidade dos implicados, pero podo dicir que comprendín o meu pai lendo os diarios dun escritor catalán, a miña nai cos ensaios dunha escritora italiana, moitos alumnos, os máis problemáticos en concreto,

lendo a János Skézely, algúns compañeiros profesores lendo a Saul Bellow e a Philip Roth, e podía seguir así ata o infinito. E non só iso. Descubrín que ese coñecemento libresco dá unha visión máis humana desas persoas, porque lendo aprendes unha lección esencial: é máis duro non ter a quen querer que non ser querido.

A segunda razón que lles dou aos alumnos é que a lectura fainos, sen ningún tipo de dúbida, máis intelixentes. Non lles digo que ler nos faga intelixentes senón que nos fai máis intelixentes do que somos, tanto a nivel persoal como profesional, traballemos do que traballemos. Na vida pódese triunfar sen ler, dígolles, pero calquera persoa que lea, sexa camareiro, futbolista ou astrónomo, será mellor camareiro, mellor futbolista e mellor astrónomo, e resolverá con máis eficacia os problemas cotiás. Juan Tallón conta outra anécdota marabillosa. No Real Madrid dos anos 70 xogaba un dos defensas centrais máis duros da historia do fútbol, Goyo Benito. Un domingo, no medio dun partido contra o Sevilla, o seu compañeiro de equipo Pirri, sabendo que o dianteiro rival Biri Biri era moi perigoso, e estaba en gran forma, díxolle a Benito, cando Biri Biri podía oílo: "Goyo, dale fuerte, que al ser negro no se le ven los hematomas". Na segunda metade, Biri Biri acercouse a Benito e rogoulle: "Señor Benito, por favor, no me pegué más". Juan Tallón non o di, pero eu, nada máis ler esa anécdota, souben que Pirri lera toda a bibliografía sobre a mafia siciliana, Benito, *A laranxa mecánica*, e Biri Biri *El Lazarillo de Tormes*. Sen esas lecturas, serían uns futbolistas mediocres. Con elas, chegaron a internacionais.

Ás veces pregúntanme con desprezo para que serve este anuario. Se me collen nun momento malo e mediocre, intento romperlles os ósos do cerebro con profundos argumentos sobre a necesidade de axitar cidadáns durmidos. Se me collen feliz, dígolles se cren casual que a mellor etapa histórica do fútbol no Barbanza (dous equipos en terceira e dous en preferente) coincida coa publicación dos dez primeiros números deste anuario.

Datos para unha biografía de Manuel Fabeiro Gómez

Inés Otero

1

Manuel Fabeiro Gómez naceu na vila de Muros o 7 de agosto do ano 1916, onde exerceu dende mozo diversos oficios.

2

Na época da Segunda República, estivo adscrito ás Mocidades Galeguistas, organización política xurdida ao abeiro do Partido Galeguista.

3

Dende o ano 1939 comezou a traballar en Noia como contable no serradoiro e na fábrica de curtidos de Blas Agra Cadarso, situada no arrabalde da Chaínza.

4

A partir dos anos 40 traballou, primeiro como Auxiliar e despois como Oficial, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Noia. Tamén foi contable da Fundación Blanco Monroy.

5

O 9 de agosto do ano 1943 casou coa noiesa María Gómez Vidal. E tiveron nove fillos: "Manoel-María, Xaquín-Antón, Chelo, Xesús, María, Espranza, Xosé-María, Mercedes e Xohán Ramón".

6

Dende o ano 1950 foi membro correspondente da Real Academia Galega, onde desempeñou un activo papel como historiador. E colaborou coas publicacións *Compostellanum*, *Lar*, *Poesía española*, *Boletín da Real Academia Galega* e *Cadernos de Estudos Galegos*.

7

Nesta época deu ao prelo as seguintes publicacións*: Follas de un arbre senlleiro* (1951), *Breves notas de Añón* (1956) *e Noticias de Artistas de Noya: Siglos XVI a XIX* (1957).

8

Os cobrados de Noia, unha das súas achegas históricas máis interesantes, tamén apareceu nestas datas (1958). Tres anos despois publicou *Ordenanzas de la Villa de Noia de 1589*. E no ano 1959*, Datos para la Historia de la Puente Grande de Noia*.

9

Foi durante este período cando fundou, xunto con Andrés Rodríguez Millares, Eduardo Ces Iglesias, Severo Loroño, Ricardo Moreno Axeitos, e outros persoeiros da cultura de Noia, a emblemática revista *Tapal*. Editaron dez entregas entre os anos 1950 e 1956.

10

Tamén escribiu nestes anos o poemario *Quechemare da saudade,* que sairía publicado no ano 2010. Dous anos máis tarde desta última data viría a luz, postumamente, *Intres (Poemas).*

11

A súa ampla obra poética encontrou acubillo en numerosas publicacións periódicas, e nas páxinas culturais dos xornais galegos *La Noche, La Voz de Galicia e El Ideal Gallego*.

12

Como poeta pertence á "xeración da guerra civil" –a do 36–, onde aparecen unha serie

de escritores comprometidos coa cultura e o idioma galego: María Mariño, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Pura Vázquez e Álvaro de las Casas.

13

Formou parte da primeira Xunta Directiva do Grupo Filatélico da Sociedade Liceo de Noia, creado no ano 1965, baixo a dirección de Antonio Lareu Castelo.

14

No ano 1968 publicou un dos traballos máis interesantes para coñecer o noso pasado: *La villa de Noya. Defensas, posesiones y regalías.* Tamén naceu nesta época *Cancioneiro de Muros*.

15

Durante a década dos setenta escribiu: *Escudos de Noia* (1972), xunto con Xosé Ramón y Fernández Oxea. E logo *El hospital de Adentro de la villa de Noia* (1973) e *Páxinas Históricas de Muros* (1997).

16

No ano 1973 publicou –no Boletín da VII Mostra Filatélica– o artigo, *Laudas gremiales del Cementerio de Santa María a Nova de Noia*.

17

En 1983 a corporación presidida polo socialista Xesús Díaz Fornas, acordou por unanimidade nomealo Cronista Oficial da Vila de Noia.

18

Seguindo os seus eruditos criterios, o concello decidiu adoptar como emblema oficial de Noia o actual escudo heráldico e bautizar varias rúas do casco medieval con nomes vinculados coa historia local.

19

No ano 1984 participou nos Coloquios Internacionais de Gliptografía (Cambrai-Francia) co traballo monográfico *Marcas de canteros en algunas localidades de Galicia*.

20

Neste ano, o Grupo Filatélico da Sociedade Liceo realizoulle unha homenaxe co cuño: "DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Mostra Filatélica 17 Maio 1984 Manoel Fabeiro Gómez (Manolé). Noia". Unha lembranza semellante faríase en 1995 (Historiador), 1996 (Xornalista), 1998 (Filatelista), 1991 e 1999 (Medalla da Federación Filatélica).

21

Como filatelista foi un dos fundadores da Federación Galega de Sociedades Filatélicas e da Asociación Hispánica de Publicistas Filatélicos e Numismáticos. Escribiu numerosos artigos sobre este tema en xornais e mostras filatélicas.

22

Entre eles, destaca: *La Santa Biblia en la Filatelia* (1967), e *Santiago el Zebedeo en la Filatelia* (1976). Nesta materia foi un experto mundial.

23

É coautor, xunto coa súa filla Mercedes, da obra *A feligresía de Santa Mariña do Obre, 1988*. En 1989 publicou *Os touros en Noia*; en 1990, *Páxinas históricas de Noia;* e, en 1991, *Noia: tradición musical*.

24

O último Cronista Oficial da Vila de Noia morreu o 20 de xuño de 1992, e foi soterrado en Muros. Ao ano seguinte celebráronse en Noia –e na súa memoria– as Xornadas Internacionais de Gliptografía. No 1997 Toxosoutos publicoulle Páxinas *Históricas de Muros*. E no 2002 homenaxeárono os organizadores do Premio Leixaprén.

Dende o ano 2013, as súas cinzas descansan no cemiterio de Santa María A Nova de Noia.

25

NO ANO 2016 CELEBRARASE O SEU CENTENARIO

Manuel Fabeiro Gómez
Unha vida de traballo

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

I. INTRODUCIÓN

Pretendemos, neste traballo, facer unha panorámica do labor intelectual do escritor Manuel Fabeiro Gómez, que permita comprender a súa obra en conxunto, a obra do poeta e do investigador, do xornalista e do erudito.

Non presenta a vida de Fabeiro grandes sorpresas. A súa foi unha existencia con tres eixos claves: a **familia**, o **traballo no xulgado**, a **investigación**. E tivo que ser unha vida de moito traballo e constancia, xa que a súa bibliografía é moi ampla e, ademais, no caso da historia, baseada nas fontes orixinais, o que leva consigo moitas horas de traballo nos arquivos, pero tamén moitas horas de lectura. E aínda así tivo tempo para participar na vida social de Noia, para fundar unha revista, para exercer o xornalismo, e para a poesía.

Naceu en Muros o 7 de agosto de 1916 e, na súa etapa xuvenil, vencellouse ás Mocidades Galeguistas, colaborando no xornal *A Nosa Terra*. Dende 1939 traballou en Noia como contable na fábrica de curtidos de Blas Agra Cadarso e, nos anos corenta, no Xulgado de Primeira Instancia de Noia; pero tamén como

Revista *Alameda*, número 48. Monográfico especial dedicado a Manuel Fabeiro Gómez

Cartaz dos actos da VII Semana da Historia de Noia

contable da Fundación Blanco Monroy. En 1943 casou cunha noiesa, María Gómez Vidal e tivo nove fillos. Xa dende os anos corenta comezou a colaborar en revistas como *Finisterre*, de Pontevedra, e *Cartel*, de Vigo, así como no xornal compostelán *La Noche*.

En 1950, xunto con outros noieses, fundou a revista ***Tapal***, bilingüe, e que deu espazo á lingua galega en tempos difíciles, que logrou prestixiar coas colaboracións de Otero Pedrayo, entre outros intelectuais galeguistas como Piñeiro, Paz-Andrade ou Fernández del Riego. Ese mesmo ano será nomeado académico correspondente da Real Academia Galega, e no Boletín desa institución apareceron máis dunha ducia dos seus traballos históricos. Tamén nesta década segue a colaborar en *La Noche* e na revista *Lar* de Bos Aires. Nestes anos 50 cultivou a poesía, está presente en varias revistas de ámbito galego e español, e é cando escribe ***Quechemare da saudade*** e publica ***Follas de un arbre senlleiro*** (1951) na colección pontevedresa Benito Soto.

Manuel Fabeiro Gómez co seu pai e dous dos seus irmáns

Este traballo intenso segue na década dos 60, pois que colabora non só no *Boletín da Real Academia Galega*, senón tamén noutra prestixiosa revista científica, *Compostellanum*, sen abandonar as colaboracións en *La Noche* e *La Voz de Galicia*, mais tamén en *El Ideal Gallego*, *Cuadernos de Estudios Gallegos* e *Faro de Vigo*. Son anos de importantes estudos históricos, como *"Ordenanzas de la Villa de Noya de 1589"* e *"La Villa de Noya. Defensas, posesiones y regalías"*. En 1965 formou parte da directiva do **Grupo Filatélico** do Liceo de Noia, onde traballou arreo, e que logrou prestixiar non só a nivel galego. Foi, ademais, unha década na que se consolidou o seu prestixio como especialista en Filatelia, sobre todo coa monografía ***La Santa Biblia en la Filatelia***, de 1967.

Na década dos 70 aparecerá outra das súas obras capitais, ***Escudos de Noya. Estudio heráldico y genealógico*** (1972), en colaboración con José Ramón y Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey), intelectual ao que estivo vencellado, o mesmo que a Iglesia Alvariño, que prologara o seu poemario de 1951. Seguiron as colaboracións xornalísticas, agora en *El Correo Gallego* (sucesor de *La Noche*), *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *El Ideal Gallego* e noutras revistas e xornais, sen deixar de lado os traballos filatélicos nin as colaboracións históricas en *Compostellanum* (*"El Hospital de Adentro de la Villa de Noya"*). Tamén as laudas volveron a interesarlle e, sobre elas, publicou *"Laudas gremiales del Cementerio de Santa María a Nova de Noia"*, sobre as que xa escribira en *Lar* en 1959.



Dúas instantáneas de Manolé, inda novo

Na década dos 80 seguiu colaborando en *El Correo Gallego*, participou no IV e V Congreso de Gliptografía, mais tamén nunha publicación noiesa, ***Barbanza***, con traballos en galego. En 1983, a corporación de Noia acordou unanimemente nomealo **Cronista Oficial da Vila de Noia**, e, en 1984, foi homenaxeado polo Grupo Filatélico do Liceo cun cuño co seu nome, homenaxe que se repetiría nos anos noventa.

Rematou a década en 1990 reunindo en ***Páxinas históricas de Noia***, en versión galega, os máis importantes dos seus traballos históricos, pero en 1989 publicou unha monografía, ***Os touros en Noia***, coa Sociedade Liceo de Noia. En 1991 publicoulle o Liceo outra monografía: ***Noia: tradición musical***. Faleceu en Santiago o 20 de xuño de 1992 e foi soterrado en Muros, pero en 2013 as súas cinzas trasladáronse a Santa María a Nova de Noia.

En 1993 foi homenaxeado en Noia nas Xornadas Internacionais de Gliptografía e en 1997 aparecen ***Páxinas Históricas de Muros***. Xa en 2010 e 2013 foron publicados os seus poemarios inéditos, con estudos de Xavier Castro.

Esta panorámica vital e intelectual é incompleta e ireina matizando ao longo desta

Manuel Fabeiro e a súa dona María Gómez Vidal

O matrimonio Fabeiro con tres dos seus fillos

conferencia. Pero –sempre hai un pero–, queda algo por dicir, e ese algo non é fácil de explicar para quen non tratou a Manuel Fabeiro. **Como era ideoloxicamente?** Só posúo informacións orais, ás veces algo contraditorias. Do seu labor escrito conclúo que comezou como galeguista con fervor, pero que a súa relixiosidade moderou en parte ese sentimento Mais tamén hai que entender as difíciles situacións da posguerra, as dificultades de soster unha ampla familia, e a incomprensión ambiental de tempos duros. Con todo, sempre foi galeguista e quizais, así o noto nalgún prólogo, se sentiu inxustamente tratado nos tempos posteriores a Franco, ao que se engadía a sensación de obra xa feita e non sempre ben recoñecida.

Creo que os seus comezos no galeguismo non son moi ben coñecidos e, por iso, vou lembrar as súas colaboracións n'*A Nosa Terra,* en 1936. Coa súa sinatura apareceron dous textos co mesmo título: *"Abrente"*, nos números 406 e 407, correspondentes ao mes de marzo. Son exaltacións líricas, pero de forte contido galeguista.

Así o 20 de marzo afirma: *"E no albor da República, aparesce o esprito, e chama á xente moza outra vegada máis: ¡Irmáns, a Terra nosa persigue escravizada, fan falla vosas forzas para salvar a Nai!*

E nós, ouvimos todos de novo os seus leídos, i-eiquí estamos xa, dispostos a vengar aos

mártires que foron, por querer conquerir da Patria a liberdade".

Segue falando da Patria, *"que a inxurian e firen unhas mans estranxeiras!"* E conclúe así: *"¡Galicia libre, e si non, nós mortos! ..."*

Dedicou tamén un texto n'*A Nosa Terra* á morte de Antón Vilar Ponte, que conclúe patrioticamente así: *"... temos unha obriga que cumprir, que temos unha Patria que salvar, e tamén comprenderemos que temos mortos que vengar..."*.

Estas características galeguistas, *"arredistas"* podería dicirse, serían impensables para publicar a partir do 18 de xullo de 1936. Fabeiro acentuará a súa relixiosidade, pero manterá o seu galeguismo, iso si, un galeguismo moderado. Tivo relación cos galeguistas do interior, o grupo de Ramón Piñeiro, e así logrou que Otero Pedrayo, o propio Piñeiro, García-Sabell, Paz-Andrade e Fernández del Riego colaborasen en *Tapal*; e o propio Fabeiro colaborou un par de veces con recensións en *Grial*, a revista do grupo. Pero non editou con Galaxia e mantivo certa distancia dos proxectos "oficiais" do galeguismo, aínda que é posible que esa distancia tamén tivese que ver coa distancia xeográfica e co interese esencial pola historia de Noia.

Estas son conclusións provisionais que esixirían para complementarse o acceso á correspondencia do autor e dos seus contemporáneos, e completar a lectura dos moitos poemas e artigos dispersos, mesmo en revistas relixiosas como ***Spes***.

Galeguismo, relixiosidade, moderación e amor pola investigación positivista, creo que definen o Fabeiro de madurez.

II. O POETA

Foi a poesía a primeira vocación de Fabeiro na literatura e cultivaraa dende a mocidade ata a década dos 60. Pero a súa figura literaria maniféstasenos hoxe de xeito distinto, xa que o poeta que coñeceron os seus contemporáneos era só o autor dun libro de posguerra, ***Follas de un arbre senlleiro***, mentres que hoxe, grazas ao labor do profesor Xavier Castro, coñecemos un poeta de obra máis ampla e realizada durante máis tempo; pois, aínda que Fabeiro faleceu en 1992, xa no noso século apareceron dous poemarios que permanecían inéditos, un anterior ao volume da colección *"Benito Soto"*, ***Intres***, e outro posterior, ***Quechemare da saudade***. **Cambian radicalmente estes poemarios o Fabeiro poeta que coñeciamos?** Non radicalmente, pero si que amosan un autor de rexistro máis amplo, inda que os grandes

Manolé coas súas características lentes

temas permanecen; e tampouco os cambios formais son esenciais, aínda que aporten matices novos.

Non vou facer un estudo por extenso da poesía de Manuel Fabeiro porque no esencial xa está feito, e magnificamente, polo profesor Castro Rodríguez, e non disinto del en liñas xerais, pero tampouco é a clave da miña intervención que é, polo contrario, dar unha panorámica xeral da obra intelectual do autor. Aínda así ofrecereilles as características máis significativas da súa poética.

Pertence Fabeiro como poeta á Xeración do 36, aqueles que, nados entre 1909-1910 e 1920, serven de ponte entre a cultura de preguerra e a dura posguerra, o que explica tamén as dificultades que viviron e os cambios ideolóxicos que tiveron, non sempre voluntarios. Unha xeración, a súa, con catro grandes poetas: Aquilino Iglesia Alvariño que prologou o primeiro libro de Fabeiro–, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Díaz Castro, pero que conta tamén cunha pléiade de poetas que acompañan con voz propia as catro grandes figuras: Luís Seoane, Carballo Calero, Lorenzo Varela, Eduardo Moreiras, Pura Vázquez, Xosé María Álvarez Blázquez e Miguel González Garcés, pero que aporta aínda outros nomes de interese, entre eles, o de Manuel Fabeiro Gómez.

Unha xeración á que Méndez Ferrín engadía o nome da noiesa María Mariño, que por nacemento (1907) debería estudarse coa Xeración do 22, aínda que publicase xa na década dos 60.

Manuel Fabeiro Gómez coa súa dona e con seis dos seus nove fillos

En 1951, e na xa mitificada colección *"Benito Soto"* de Pontevedra que comezara a súa andaina con dificultades en 1949, aparece ***Follas de un arbre senlleiro***, poemario prologado polo decano da súa xeración, Iglesia Alvariño, quen salientou o gusto de Fabeiro pola rima, polas estruturas paralelísticas e polo mundo rural. A obra foi, en xeral, ben recibida polos críticos da época (González-Alegre, Fernández del Riego, Varela Jácome, Manuel Rabanal e Ben-Cho-Shey).

Méndez Ferrín sinalaba tres estratos formais no volume: un romanticismo serodio procedente de Rosalía, o influxo de Cabanillas e o imaxinismo da escola de Amado Carballo. Máis esvaída estaba a lección da Xeración do 22, presente nalgúns versos libres e na prosa poética. Propio de Fabeiro, pero tamén da época, era o compoñente relixioso e a perduración do neopopularismo. O profesor Xavier Castro engadiu a estas consideracións a clasificación temática do poemario, con tres eixos: a terra, o mar e a paisaxe humana de Muros e Noia. As imaxes hilozoístas caracterizadas polas personificacións (*"brúan os piñeirais*) únense á señardade de orixe rosaliana, pero tamén motivo central na súa xeración, pois Ramón Piñeiro considerará a saudade como o núcleo esencial do ser galego. Á presenza da señardade nas dúas partes do libro debe engadirse un panteísmo, manifestado no amor pola natureza.

Este era o Fabeiro poeta que os seus contemporáneos coñecían, presente ademais nas revistas e xornais como *La Noche*, *Tapal* e outros, non só con poemas en galego senón tamén en castelán, o que o levou a colaborar nas revistas *Poesía Española,* de Madrid, e *Dabo*, de Mallorca. Un poeta cun eco bastante importante para ter só un libro publicado, pois xa en 1952 o inclúe Ramón González Alegre na súa *Antología de la poesía gallega contemporánea*, publicada en Madrid, na famosa colección *"Adonais"* da editorial Rialp. Unha antoloxía na que o editor facía a versión do poema galego de Fabeiro *"Meu corazón branca vela"*, a carón do orixinal galego. Unha antoloxía que ía de Iglesia Alvariño a Méndez Ferrín, e que tivo bastante divulgación na época.

Mais cando o poeta Fabeiro xa estaba "clasificado" e "colocado" no sitio que críticos e profesores lle asignaran, e xa en 2010, aparece ***Quechemare da saudade***, un poemario de 1953 do que había noticia que fora premiado en Bos Aires, e que xa en 2003 analizou Xavier Castro. Xa dende o título une dúas constantes da poética de Fabeiro: o mar e a saudade, e mesmo os dous vocábulos son propios da Xeración do 36, pois o primeiro termo foi empregado por Cunqueiro e Francisco de Fientosa, como nos lembra o profesor Castro, mentres que o segundo foi a gran achega de Ramón Piñeiro ao pensamento galego e á análise da obra rosaliana.

O conxunto de cincuenta e cinco poemas está estruturado nunha *"Presentazón"*, o poema *"A miña canzón"* e a prosa *"Ôs leitores",* e catro partes: *"Poemas do noso mar"*, *"Meu corazón branca vela"*, *"Cachenos do poema do guieiro"* e *"Arbres de un día"*. Como é evidente, reaparecen os temas esenciais do poeta Fabeiro: o mar, a árbore; é dicir, a terra, aos que se unen os acentos relixiosos, a santificación de Castelao, o influxo e a homenaxe rosalianos, sen esquecer a persistencia neotrobadoresca e os tópicos rurais do carro e o cruceiro.

A primeira parte, *"Poemas do noso mar"*, consta de dez textos que, ademais da temática marítima e o influxo de Manuel Antonio, amosan o xogo complementario vida-morte e a soidade do ser humano.

A segunda parte, para min a máis característica e recorrente de Fabeiro, *"Meu*

Manolé no paseo da alameda noiesa

corazón branca vela", componse de vinte poemas, cun texto inicial en prosa, e que, á imaxe marítima –que xa estaba en *Follas de un arbre senlleiro*, onde a vela e metáfora simbólica da vida–, une o ton máis sincero e áxil do eu lírico máis persoal, pero en unión de Galiza como matria comunitaria, como espazo non só real, senón tamén emocional. Penso que, quizais, sexa esta a mellor e máis característica poesía de Fabeiro.

A terceira parte, *"Cachenos do poema do guieiro",* ten sete textos e, o guieiro, é Castelao. Nestes poemas, a patria, a relixiosidade, a música, son parte esencial. É unha *"santificación"* de Castelao algo reducionista da súa figura, chea de respecto, pero tinguida dunha forte relixiosidade que choca nos propios textos coa razón.

A cuarta parte, *"Arbres de un día"*, é unha miscelánea de dezaoito poemas con ecos dos poetas do Rexurdimento, de Manuel Antonio e Cabanillas (por exemplo o poema *"¡Meu carriño!*), e onde aínda están presentes o imaxinismo e o neotrabodirismo.

O poemario remata co poema que dá título ao libro, compendio e síntese da obra, onde o poeta e os elementos marítimos se identifican como símbolo da vida.

O libro remata cunha dedicatoria *"Aos emigrantes por temperamento ou necesidade espritoal"*, na que, claro é, non se alude nin á necesidade económica nin ao exilio político. Pero a dedicatoria non é sectaria, porque están presentes intelectuais moi lonxe de Fabeiro, como Luís Seoane. Remata cun *"Laus Deo"*, mostra da súa relixiosidade.

Xa no 2013, a editorial noiesa Toxosoutos e o profesor Xavier Castro deron a coñecer o poemario ***Intres***, datado en 1942, con trinta e catro poemas nos que o primeiro é unha poética (*"Os meus poemas"*) e o derradeiro unha elexía a García Lorca. O editor sinálanos os eixos temáticos básicos (a vila natal, Muros, a patria, Galicia, Deus, e a oposición Amor-Morte), mais tamén as presenzas dos poetas amados por Fabeiro (Rosalía, Machado, Bécquer), que tamén estudou como crítico.

Se non me equivoco, a elexía a García Lorca é a primeira en galego ao autor granadino, aínda que en castelán xa fora cantado polo liberal exiliado Salvador de Madariaga e polo franquista José María Castroviejo (en *Altura. Poemas de guerra*, de 1938). Tras eles virán Manuel María, Aquilino Iglesia Alvariño en 1958, sen esquecer logo a Sebastián Risco, Luís Álvarez Pousa, Celso Emilio Ferreiro e Manuel Lueiro Rey. Unha elexía a Lorca que non creo

publicable en 1942 (*"E foi teu salaio derradeiro novo azo pra nós / seguir a loita..."*).

O poemario está dedicado a Galiza (*"Non esquencida xamais"*) e leva un breve *"limiar"* en prosa galega, onde Fabeiro nos asegura que os seus poemas son *"saídos da i-alma"*, *"intres"* da súa vida, un *"doce balbor que maxinaba ser de río ou de fonte"*.

Non quero rematar este breve percorrido pola poesía de Fabeiro sen lembrar a fonda devoción que sentiu por Rosalía de Castro, a quen non só estudou nalgúns artigos, senón que foi influxo positivo na súa obra e motivo do seu canto, pois en 1963, no aniversario de *Cantares gallegos* enviou un poema a Alonso Montero, *"Cachenos dun poema a Rosalía"*, que logo tivo outra versión diferente para un volume colectivo de 1975. Un texto no que Rosalía é *"santa"*, *"nai de todos os galegos"*, *"dona do sufrimento"* e *"señora da tristura"*, pois é tamén a que *"tiña a dór de todas chantada no seu peito"* e os *"saloucos dos emigrantes"*.

Un poeta, que, como ben di Xavier Castro, se fixo no seu interior e coa materia dos clásicos, poeta intimista (pero non insolidario), que gardou para si a maioría dos seus textos. Un poeta emocional que percorre a súa vida con símbolos recorrentes da fe, do mar e da paisaxe.

III. O HISTORIADOR

Se algo caracterizou a Manuel Fabeiro Gómez perante os seus contemporáneos, e tamén para os seus veciños, foi o seu labor de historiador, de cronista da historia de Noia. Un historiador "autodidacta" si, se por "autodidacta" entendemos etimoloxicamente o que se *"educa a si mesmo"*, e non no senso despectivo que algúns apoñen á palabra, é dicir, no senso de

Manuel Fabeiro Gómez en Fisterra

"afeccionado" ou "diletante", inconstante e de poucos coñecementos. Non, foi un traballador constante, que labrou en arquivos, que tiña en conta o xa estudado por outros, e que daba noticias de primeira man. Noticias que poden ser discutidas, superadas por novas investigacións, pero que abriron un vieiro amplo e seguro do que partir para coñecer a historia de Noia. Publicou moitos documentos, soubo divulgar e interpretar e, non cabe dúbida, foi o gran historiador do franquismo en Noia; que tiña algúns antecedentes noieses, sobre todo Oviedo y Arce e Álvaro de las Casas, pero que dominou o panorama histórico da vila durante moitos anos. Anos difíciles, facareños, sen apoios oficiais, pero que o levaron a ser admitido en revistas especializadas moi respectadas como *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Compostellanum* e o *Boletín de la Real Academia Gallega*, mais sen esquecer que divulgou moita historia noiesa

en *Lar,* de Bos Aires, *Cartel,* de Vigo, *Tapal*, que fundara en Noia, *La Noche* de Compostela, *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, *El Ideal Gallego*, en boletíns locais e, xa ao final da súa vida, en *Barbanza*.

Eu, nunha proposta que aínda esixe máis matización e máis lecturas, faría unha clasificación da súa obra historiográfica nestes apartados:

a) Publicación de documentación, sobre todo medieval, que sacou á luz na sección *"Documentos Históricos"* do Boletín da Academia Galega (documentos de 1327, 1341, 1343, 1395, 1403, 1406, 1419, 1422, 1434, 1447, 1470, 1476 e 1480), fundamentalmente dos séculos XIV e XV, mais tamén en *Tapal* (documento de 1361) por exemplo, sen esquecer os seus traballos sobre a Guerra da Independencia en Noia (*"Aportación noyesa a la Guerra de Independencia"*, en Tapal) e tamén documentos dos séculos XVI e XVIII en *Tapal*, *Cuadernos de Estudios Gallegos* (*"Ordenanzas de la Villa de Noya*, de 1589; *"Una biblioteca noyesa del siglo XVIII"*) ou sobre a Constitución de 1812, as saudacións ao arcebispo Múzquiz, o inventario do Hospital do Espírito Santo, e moitos outros. Quedan moitos traballos de Fabeiro esparexidos pola prensa que sería bo escolmar para un volume.

b) Outro apartado do seu labor histórico é o da **Heráldica**, onde o traballo fundamental é o volume ***Escudos de Noya. Estudio heráldico***

Manuel Fabeiro no Museo do Pobo Galego en Compostela

y genealógico, que escribiu en colaboración con José Ramón Fernández-Oxea, e que lles editou o Instituto Padre Sarmiento, en 1972. Acertadamente ten sinalado Xoán Mariño a importancia do volume, que analiza polo miúdo case todos os escudos no seu *"contexto xenealóxico ou histórico"*. A obra informa sobre personaxes, economía, vida relixiosa e política, achega bos debuxos das labras heráldicas, e son unha grande axuda para os estudosos por lles permitir a contemplación de detalles inaccesibles ou por conservar memoria de pezas desaparecidas.

A esta obra de gran importancia uniu outros traballos menores, coma *"O escudo de Noia"* (1982) ou *"Datos sobre el escudo municipal de la Villa de Noya"*, de 1985; *"Un antiguo escudo de Armas de la Villa"* (1970) ou *"Heráldica Boirense"* (1988, con Mercedes Fabeiro).

c) A carón da heráldica deben colocarse os seus traballos de **glíptica** ou **epigrafía** como *"Marcas de canteros en algunas localidades de Galicia"* (1984, 1986 e 1988), *"Laudas gremiales en el Cementerio de Santa María a Nova"* (1973), sen deixar de citar *"Signos notariales en Noya"* (1976) ou as *"Breves apostillas a dos trabajos sobre el Cementerio noyés"*, publicado en Bos Aires en 1960.

d) A Historia da Arte, con aportacións tan meritorias como *"Noticias de artistas noyeses (siglos XVI a XIX)*, no Boletín da Academia Galega en 1957, complementado en *Cuadernos de Estudios Gallegos* en 1975 con *"Artistas de Noya. Nueva relación"*.

Pero a estes dous importantes estudos deben engadirse os seus traballos sobre igrexas, ermidas, imaxes, pratería, e outros elementos artísticos: *"Noya. La Iglesia de San Martín"* (1946), *"Capillas y ermitas de Noya desaparecidas: San Breixo, San Marcos"* (1972), *"Noya. El Convento de San Francisco"* (1972), *"Iglesias desaparecidas: Nuestra Señora del Rosario, San Antonio de Padua (Eiroa), Capilla de San Antonio"* (1972), *"La capilla (desaparecida) de San Marcos"* (1977), *"Pequena historia de San Lázaro"* (1988) e *"A ermida de San*

Selo e mataselos do ano 1999 homenaxe a Manolé



La Villa de Noya: defensas, posesiones y regalías, 1969



Páxinas históricas de Noia, 1990

Lázaro". E mesmo o estudo de pintores noieses como Jenaro Carrero.

e) O núcleo central da súa obra **histórica**, que recollen ***Páxinas históricas de Noia*** (1990), acolle o fundamental da súa obra en versión galega: *"A vila de Noia: defensas, posesións e regalías"*, aparecido antes en 1968; *"Os cobrados de Noia"* (de 1958), *"Datos para a historia da Ponte Grande de Noia"* (de 1959), *"O Hospital de Dentro da Vila de Noia"* (1973), *"Unha biblioteca noiesa do século XVIII"* (1969), e outros catro traballos que considera esenciais. Hoxe é obra que permitiu de xeito doado investigacións de difícil acceso, e tamén a divulgación da historia de Noia para o gran público.

A outra obra maior de Fabeiro é ***Páxinas históricas de Muros***, editada tras a súa morte, de 1997. Unha "reparación" á súa vila natal, libro baseado sobre todo nas ordenanzas municipais do século XVI, fonte imprescindible para a vida social, económica, urbanística e a vida cotiá. Obra organizada en trece capítulos e un epílogo, máis os apéndices documentais. No *"Introito"*, a obra defende o seu amor a Muros e tamén o seu labor histórico, que pretendeu dicir cousas esquecidas e novas, baseándose nos arquivos por riba do desprezo dos muradáns polo seu, e por riba da súa falta de tempo, non como os profesores que tiñan ano sabático e meses libres.

A carón destas dúas obras cómpre citar aínda outras monografías menores pola extensión como ***Os touros de Noia*** (1989), ***A feligresía***



Páxinas históricas de Muros, 1997

Manolé debuxado por Manolo Torres

de Santa Mariña do Obre (1988, coa súa filla Mercedes) e ***Noia: tradición musical*** (1991).

f) Remato a clasificación do labor histórico de Fabeiro anotando a **preocupación pola historia da prensa noiesa**, porque teño escoitado a amigos noieses que permanece inédita. E, se é así, ben merecía canto antes unha edición. Este interese polos xornais manifestouno xa en traballos como *"Periodismo noyés"*, de 1974, ou *"Xornalismo noiés"* , de 1986.

IV. OUTRAS ANDAINAS INTELECTUAIS

Pero Fabeiro foi moitas cousas máis que un poeta e un historiador, xa que tivo intereses intelectuais moi diversos, quizais cultivados uns con menos intensidade e outros con menos acerto, pero fixo contribucións a campos moi diversos: a **filatelia**, a **etnografía**, a **crítica literaria**, o **xornalismo** ou a **tradución**.

- A carón da historia de Noia e Muros, é un destacado especialista en **filatelia**, eido no que foi un dos fundadores da Federación Galega de Sociedades Filatélicas, sendo membro da Asociación Hispánica de Publicistas Filatélicos e Numismáticos. As dúas obras fundamentais que escribiu relativas ao mundo filatélico foron o libro ***La Santa Biblia en la Filatelia*** (1967) e a monografía ***Santiago el Zebedeo en la Filatelia*** (1976). Nestes dous temas foi un experto recoñecido internacionalmente.

Outros traballos da mesma materia foron *"Presencia de la Biblia en la Filatelia"*, publicado na revista *Compostellanum*; *"Matasellos religiosos de Galicia"*, aparecida na revista *San Gabriel* de

Zaragoza, e *"San Bartolomé en la Filatelia"*. Tivo. Ademais. unha sección filatélica nos xornais *El Ideal Gallego* e *El Correo Gallego*; atendeu tamén en *La Noche* os poetas filatelizados, e pertenceu á Asociación Internacional de Periodistas Filatélicos.

- Interesouse tamén pola **tradición folclórica galega** e, así, compilou o ***"Cancioneiro de Muros"*** en tres entregas, publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, que ben merecía unha edición en volume, e achegou outros traballos como *"Noya en el Cancionero popular"*, aparecido en 1952 no xornal *La Noche*, así como *"Supersticiones y medicina popular"* (*El Correo Gallego*, 1973) e *"Adivinas y curanderas"* (*El Correo Gallego*, 1973).

- Exerceu a **crítica literaria** no xornal *La Noche* onde se ocupou de Rosalía, de Amado Carballo, de Neira Vilas, de Xosé Conde, entre outros autores. Tamén apareceron traballos seus en revistas como *Finisterre*, onde en 1944 publica o seu artigo *"La poesía y la música gallegas. La música en la poesía de Rosalía de Castro"*, un modesto artigo no que Fabeiro identifica Rosalía con Galicia e os galegos, e estuda a música que Xoán Montes lle puxo a *"Negra sombra"*, na que logra unha acertada fusión co texto. É un artigo modesto, pero de interese na bibliografía galega de posguerra sobre a autora, pois eran tempos moi difíciles, e antes deste traballiño pouco se pode atopar na prensa galega. É nese ano de 1944 cando empezan a aparecer artigos rosalianos de Díaz Souto e Lázaro Montero, no xornal *El Progreso* de Lugo, e ese foi o ano da edición das *Obras Completas* de Rosalía, prologadas polo pobrense García Martí.

En 1946 volveu sobre Rosalía no xornal santiagués *La Noche* con *"Analogía en la saudade de dos poetas"*, onde afirma que Rosalía supera a Bécquer na manifestación íntima da dor e que, ademais, anovou as líricas galega e castelá.

Caricatura de Fabeiro, por Manolo Torres

De novo en 1947, no mesmo xornal, publica *"Analogía en la saudade de dos poetas: Rosalía y Antonio Machado"*, onde insiste no paralelismo entre os dous autores no tema do cravo e tamén na saudade, así como no amor ao pobo.

Tamén se ocupou do poeta noiés D'Arxellas, establecido en Cuba, de quen recensionou *"Mi cruz de Refugio"*, en 1951, en *La Noche*. E de novo fixo o mesmo con *Metopas* en 1952, volvendo a lembralo en 1968, e facendo a súa necrolóxica en *El Correo Gallego,* en 1971.

Recensionou tamén a poesía de Xosé Conde, e as *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas, asegurando que a este escritor esperábao un papel moi importante na narrativa galega.

Outras figuras sobre as que publicou foron Iglesia Alvariño, Otero Pedrayo, Álvaro Paradela, Francisco Añón (*"Breves notas sobre Añón"*, no *Boletín da Real Academia Galega*, 1956; *"Linaje de Francisco Añón"*, 1956), Luís Amado Carballo, Pondal e Castelao.

- Non deixa Fabeiro de preocuparse de problemas da **Noia do seu tempo**, tanto sobre a denominación que deberían ter as rúas noiesas –ao que dedicou unha serie de artigos en *El Correo Gallego*–, a necesidade dunha biblioteca pública (*El Ideal Gallego*, 1967), as festas de Noia, personaxes da vila, o mar, os recursos turísticos (*"Proyecto para una guía de Noya"*, 1966), entre outros.

- O **xornalismo** foi outra das actividades ben coñecidas de Fabeiro, non só polo gran labor erudito e divulgativo que desenvolveu en *La Noche*, *El Ideal Gallego*, *Lar*, *Compostellanum*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Faro de Vigo*, e outros medios, senón tamén polo feito de ter fundado en 1950, con Andrés Rodríguez Millares (de quen fixo a necrolóxica en *El Correo Gallego* en 1978), Ces Iglesias, Severo Loroño e Moreno Axeitos, a revista ***Tapal,*** que durou ata 1956, con nove números publicados e o décimo xa preparado para saír. Revista bilingüe, divulgativa, ennobrece o seu labor cos artigos que Fabeiro publicou co seu nome ou con pseudónimos, coas sinaturas de Paz-Andrade, Leandro Carré, Otero Pedrayo, García-Sabell, Piñeiro, Fernández del Riego, entre outros colaboradores, e cunha importante parte gráfica, con debuxos de Francisco Creo, Maside, Suárez Ferreiro e outros artistas, ademais de fotografías que reflicten a sociedade da época. Existe hoxe unha reedición en CD cun estudo e índice,

Manolé, segundo pola esquerda na fila de atrás

e en papel, que permiten o seu estudo polo miúdo. Mesmo na revista *Grial*, a bandeira do grupo Galaxia, publicou un par de recensións.

- Tamén a **tradución** interesou a Manuel Fabeiro, o que ten gran mérito na época dura, moi dura, para o galego (aínda que agora tamén o sexa). Ese labor levouno a cabo na revista galega do exilio mexicano *Vieiros* (1959-1968), que o propio Fabeiro xustificou ao final en prosa: *"Temos necesidade de ler, en versión galega, as literaturas doutros pobos, de amosar ó mundo que a nosa feiticeira fala reúne condicións pra iso"*. É dicir, amosar en galego outras literaturas e prestixiar así o galego, tan desprestixiado socialmente. A isto engade a vontade de facer *"homaxes, verdadeiramente sentidos, a outras linguas, a outras xentes e a outras terras"*. Son traducións non literais pois el mesmo afirma que *"nada me preocupou a forma, soio busquei a ideia"*. Catro son os poetas traducidos para *Vieiros*: o mexicano Amado Nervo, o arxentino José Hernández —autor do *Martín Fierro*–, o ucraíno Taras Shvchenko, poeta nacional de Ucraína e unha rareza en galego, e o poeta simbolista Paul Verlaine.

Este labor de tradutor xa a comezara antes no xornal *La Noche*, onde puxo en galego a Hafiz, Tagore e Khayyam. En castelán traduciu a Alphonsus de Guimaraens. Estas traducións apareceron en 1946, pero en 1954 traduce para

Manuel Fabeiro Gómez nunha exposición filatélica, unha das súas paixóns

o galego, e na revista *Tapal*, o poeta alemán Franz Wergel, máis concretamente o poema *"O lobicán"*, poeta que xa interesara a Cabanillas, a Blanco Freijeiro e a Celso Emilio Ferreiro.

Cómpre non esquecer o labor que fixo para a ***Gran Enciclopedia Gallega,*** na que redactou unhas trinta voces: unhas sobre personaxes noieses (Lisardo Barreiro, Rodríguez Millares, Rodríguez Cadarso, Sebastián Ocampo, Sande e Lago, Os Tamara, etc.) e as correspondentes entradas a *"Noia"* e aos aspectos históricos de Muros, A Pobra do Caramiñal, Outes e Mazaricos, sen esquecer a revista *Tapal* e aínda outras personaxes do Barbanza.

Lembrar tamén que Fabeiro foi un **escritor bilingüe**, produto dunha época e dunha elección, que foi tamén poeta en castelán, tanto en revistas e xornais galegos, coma en revistas de ámbito peninsular, como *Dabo,* ou *Poesía Española,* e que, polos exemplos que coñezo, de temática e estilo non moi diferentes aos da súa poesía galega. E o mesmo se pode dicir dos poemas casteláns de *La Noche* e outros medios xornalísticos.

Xa para rematar, dicir que Fabeiro foi esencialmente un **investigador** da historia de Noia e Muros, mais tamén un **poeta bilingüe** interesante, un bo **heraldista** e **especialista en filatelia** e un home de varios saberes que complementan a súa figura intelectual. Ese labor de investigador estivo sempre acompañado de grande capacidade divulgadora en medios xornalísticos. Foi **un animador cultural** en *Tapal* en tempos duros, e unha das figuras importantes da Noia de posguerra.

Manolé nunha homenaxe das moitas recibidas

Non son poucos os seus méritos, e sería desexable que se continuasen a editar as súas obras inéditas e se compilasen os seus traballos sobre Noia, esparexidos en revistas e xornais. Ben o merece quen tanto traballou pola vila de Noia, onde descansa, e á que tanto quixo. Máis de cento vinte traballos sobre esta vila de adopción xustifican calquera homenaxe.

V. BIBLIOGRAFÍA

BEN-CHO-SHEY: Artigo en *La Noche*, 27-08-1958.

BEN-CHO-SHEY: Artigo en *El Correo Gallego*, 18-09-1969.

CASTRO RODRÍGUEZ, X.: Prólogo a Manuel FABEIRO GÓMEZ: *Quechemare da saudade*, Noia, 2010.

CASTRO RODRÍGUEZ, Xavier: Estudo crítico en FABEIRO GÓMEZ, M.: *Intres*, Noia, Toxosoutos, 2013, pp. 7-45.

CASTRO RODRÍGUEZ, Xavier: *Tres poetas de Noia ancorados á matria"*, en VV. AA.: *Noia. Ribeiras de mar enxoito*, Noia, Sociedade Liceo, 2003, pp. 246-257.

FEIJOO, Samuel: Artigo en *El Mundo*, A Habana, 05-08-1967.

GONZÁLEZ ALEGRE, R.: *"Follas de un arbre senlleiro"*, *La Noche*, 13-11-1954.

GONZÁLEZ ALEGRE, R.: *Antalogía de la poesía gallega contemporánea*, Madrid, Rialp, Adonais, 1959.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"¡Teu esprito anda con nosco!"*, *A Nosa Terra*, nº 406, 20-03-1936.

Manuel Fabeiro compartindo mesa con D. Otero Pedrayo

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Abrente"*, *A Nosa Terra*, nº 407, 27-03-1936.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"La poesía y la música gallegas I. La música en la poesía de Rosalía de Castro"*, *Finisterre*, II, nº 15, (1944), pp. 9-10.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"La música y la poesía gallega. La música en la poesía de Pondal"*, *Finisterre*, II, nº 17, (1945), pp. 29-30.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Lembranza de Amado Carballo"*, *La Noche*, 09-11-1946.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Analogía en la saudade de dos poetas"*, La Noche, 28-12-1946.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Analogía en la saudade de dos poetas: Rosalía y Antonio Machado"*, *La Noche*, 04-01-1947.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *Follas de un arbre senlleiro*, Pontevedra, Benito Soto, 1951.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Castelao"*, *Opinión Gallega*, Bos Aires, nº 137, (1952), p. 3.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Sobre Avilés Vinagre. El poeta más joven de Galicia"*, *Lar*, Bos Aires, nº 348-350, (1954).

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Breves notas sobre Añón"*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXVII, (1956).

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Cancioneiro de Muros"*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XIII, 39, (1958), pp. 95-131.

FABEIRO GÓMEZ, M.: *"Quechemare da saudade"*, *Eufonía,* 1, setembro (1958) p. 12.

FABEIRO GÓMEZ, M.: *"Noite de Muros"*, *Eufonía,* 2, setembro (1959) p. 24.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Datos para la historia de la Puente Grande de Noya"*, *Compostellanum*, IV, (1969), pp. 219-248, máis unha lámina.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Carta abierta a Xosé Neira Vilas"*, *La Noche*, 06-03-1961.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Del ayer muradano. Concesión de una capilla en la Colegiata al Capitán Gómez de Riobóo"*, *La Noche*, 14-07-1961.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Periodismo muradano"*, *La Voz de Galicia*, 12-07-1962.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *La Santa Biblia en la Filatelia*, Barcelona, Ediciones Emeuve, 1967.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Cartas de Galicia, de Prosper Henri Devos"*, *Grial*, nº 22, (1968).

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"La Villa de Noya: defensas, posesiones, regalías."*, *Compostellanum*, XIII, (1968), pp. 573-656, máis láminas.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Un siglo de historia literaria (1862-1962)*, *Grial*, nº 26, (1969).

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Santiago el Zebedeo en la Filatelia"*, *Compostellanum*, XVI, (1971), pp. 467-537.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Adivinas y curanderas"*, *El Correo Gallego*, 25-04-1973.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"El Hospital 'De Adentro' de la villa de Noya"*, *Compostellanum*, XVIII, (1973), pp. 101-157, máis dúas láminas.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Supersticiones y medicina popular"*, *El Correo Gallego*, 24-08-1973.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"A filatelia na cultura galega"*, *Atenea*, 10, (1973), pp. 215-222.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Castelao guerreiro"*, en VV. AA.: *Castelao hoxe e sempre*, Vigo, 1975, p. 38.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Presencia de la Biblia en la Filatelia"*, *Compostellanum*, VIII, (1963), pp. 417-475.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"A Laxe dos Laberintos. Petroglifos desconocidos"*, *El Correo Gallego*, 24-01-1979.

FABEIRO CÓMEZ, M.: "A ermida de San Marcos", *Barbanza*, abril, 1988, pp. 5-9.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *"Heráldica boirense"*, *Barbanza*, xullo, 1988, pp. 7-8.

FABEIRO CÓMEZ, M.: "Os touros de Noia", Noia, Liceo, 1989.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *Quechemare da saudade*, Noia, Concello, 2010. Edición de Xavier Castro Rodríguez.

FABEIRO CÓMEZ, M.: *Páxinas históricas de Muros*, Noia, Toxosoutos, 1997.

FABEIRO GÓMEZ, M.: *Intres (Poemas)*, Noia, Toxosoutos, 2013. Edición de Xavier Castro Rodríguez.

FERNÁNDEZ OXEA, J. R. e Manuel FABEIRO GÓMEZ: *Escudos de Noya*, Santiago, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Anexo XXI, 1972.

LORENZANA, Salvador: *"Follas de un arbre senlleiro", La Noche*, agosto, 1951.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais, 2ª ed., 1990, 119-120.

RABANAL, A.: Artigo en *La Noche*, 04-10-1958.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *Escritores do Barbanza*, A Pobra, 1999.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Manuel Fabeiro Gómez, tradutor"*, *Alameda*, 24, 2006.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Manuel Fabeiro Gómez. Un muradán en Noia"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, 17/09/2006.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P. e R. ARÉN: *"Babel Barbanza. Os nosos tradutores"*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, 3, 2007.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P. e R. ARÉN: *"Os poetas do Barbanza cantan a Rosalía de Castro"*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, 9, 2013, pp. 249-283.

ROMANÍ, A.: Artigo en *La Noche*, 11-10-1958.

VARELA JÁCOME, B.: *Poetas gallegos*, Santiago, Porto, 1952.

Teitos de pedra:
arcos bóvedas e cúpulas das igrexas de Noia

Rosana Guerra Pestonit

Cuando me veo dentro de este magnífico templo y dirijo la vista hacia sus arcos y bóvedas sobre el aire, me pasmo y admiro de ver el sosiego con que están debajo tantas gentes, teniendo millones de arrobas sobre sus cabezas. (Martínez de Mazas 1794).

Teitos de pedra é un título que quere provocar unha reflexión sobre unhas estruturas singulares, formadas por pedras suspendidas no ar, gravitando, como di a cita, sobre as nosas cabezas, e que se utilizaron profusamente na construción histórica: as bóvedas.

O matemático Vicente Tosca, a principios do século XVIII, describíaas como «...lo más sutil y primoroso de la Architectura...» e explicaba que as pedras estaban cortadas e axustadas «...con tal artificio que la misma gravedad, y peso, que las avía de precipitar azia la tierra, las mantenga constantes en el ayre, sustentándose las unas a las otras en virtud de la mutua complicación que las enlaza» (Tosca 1727).

Porque estas pedras que forman os arcos e as bóvedas non están pegadas entre si: a argamasa que parece unilas, útil para axustalas durante a construción, podería desaparecer e seguirían en pé. Por iso podemos asentir co autor da cita do inicio que resulta admirable a confianza que nos inspiran se temos en conta que, por exemplo, a bóveda que cobre a pía bautismal da igrexa de San Martiño de Noia pesa uns 9.000 quilos (o equivalente ó peso de sete coches) e a bóveda da cabeceira de Santa María a Nova, máis que un camión de catro eixes. Movémonos confiados baixo estas bóvedas e facemos ben, xa que os seus construtores dominaban a tecnoloxía complexa e segura que as fixo posibles.

O INVENTO DO ARCO

Cando no Neolítico o home se fixo sedentario, necesitou construír refuxios estables. Faría os muros co que tivese á man: pedra, barro, madeira ..., e teitaría con pólas, troncos, palla... A quen se lle ocorrería por primeira vez usar pedras para facer os teitos?

Peso da bóveda da capela dos Valderrama, sobre a pía bautismal de San Martiño de Noia



Esquerda: acimbre durante a construción dun arco (Wikipedia); *dereita*: empuxe dun arco de doelas (Durm 1885)

Non o sabemos con certeza, pero si sabemos que foi un invento que apareceu nas culturas antigas de Oriente Medio hai aproximadamente 6.000 anos, e compre subliñar a palabra *invento*, xa que, sorprendentemente, o arco e a bóveda foron descoñecidos por culturas de grandes construtores como as dos Aztecas e os Incas. En Mesopotamia, ou pode que en Exipto, alguén comezou a experimentar apoiando una pedra noutra e logo poñendo outras intermedias, e así naceu o arco. Un arco estendido ó longo dun eixe xera unha bóveda.

Os primeiros tenteos do uso coas bóvedas fixéronse na cobertura de tumbas. Consolidada a técnica, pasou a utilizarse en pequenas construcións (cloacas, almacéns de grao...), case sempre soterradas, ata que chega ós romanos, que son os primeiros en desenvolvela con esplendor na súa arquitectura.



Liña de empuxes no arco de doelas

Un arco é unha estrutura formada por pezas de pedra (ou ladrillo, ou adobe...) cortadas en forma de cuña chamadas *doelas*, que se colocan sobre unha armazón provisional que serve de molde, o *acimbre*. O acimbre sostén as doelas ata que o arco se pecha coa doela central, a *clave*. A partir deste momento pódese retirar esa armazón e o arco manterase en pé. O peso da clave empeza a empuxar as dúas doelas contiguas; estas transmiten ás seguintes a suma do seu propio peso máis o que reciben da clave, e así sucesivamente, os pesos recibidos combínanse cos pesos de cada doela e vanse transmitindo ata chegar ós apoios: os *estribos* ou *contrarresto*.

A ciencia actual das estruturas chámalle *liña de empuxes* ó camiño que seguen esas forzas ata chegar á cimentación, e demostra que, mentres a liña de empuxes se manteña dentro da espesura do arco e do estribo, a estrutura será estable. Os antigos non manexaban este concepto e nin sequera representaban as forzas con vectores, e, porén, tiveron unha intuición asombrosa para entender o funcionamento deste tipo de estruturas e levalas ata límites extraordinarios. Pensemos, por exemplo, na cúpula do Panteón de Roma ou nas catedrais góticas centroeuropeas para valorar a súa pericia.

Os estribos son elementos cruciais para a estabilidade do arco. Ó contrario doutros tipos de estruturas que fallan cando os materiais rompen ó seren incapaces de resistir as forzas ás que están sometidos, nos arcos os fallos non se deben á rotura das pedras, senón á perda do seu equilibrio.

Cando se retira o acimbre e o arco comeza a empuxar sobre os estribos, estes acusan o



As tres gretas características da adaptación do arco a un pequeno desprazamento dos estribos. A da clave pode observarse en case todos os arcos; as dos riles, porén, ó abriren no trasdorso, son máis difíciles de apreciar (maqueta adaptada de Huerta 2005)



Regra "de Derand" ou "de Blondel" para dimensionar os estribos ou contrafortes. *Esquerda:* na catedral de Girona (Huerta 2004); *centro:* na igrexa de San Martiño de Noia; *dereita:* imaxe dos contrafortes de San Martiño

empuxe e tenden a ceder lixeiramente facendo que o arco aumente un pouco o seu vao, a súa *luz*. Isto é normal e o arco, que ten certa flexibilidade, responde adaptándose á nova luz. Para facelo, abre tres gretas: unha na clave, no *intradorso* (a parte interna do arco), e dúas a cada lado no *trasdorso* (a cara exterior), na zona baixa chamada os *riles* do arco. O arco, normalmente, atopa unha nova posición de equilibrio e as gretas non adoitan indicar perigo. Pero se os estribos son insuficientes, o empuxe moveraos ata un límite que o arco non poderá soportar, a liña de empuxes xa non se poderá manter dentro da espesura do arco, este desequilibrarase e virase abaixo.

Canto máis oblicuo sexa o empuxe, máis tende a separar os estribos e máis peso e tamaño necesitarán para contrarrestalo; polo contrario, se o empuxe entra no estribo moi vertical, tende a abrir menos e necesita menos estribo para ser estable. Para conducir o empuxe a unha posición máis vertical necesítase meter peso na zona dos riles dos arcos. Por esta razón é normal atopar que esas zonas están recheas con pedra ou escombro. Eses recheos teñen a función estrutural de estabilizar o arco; nalgunha ocasión, a falta de comprensión da súa función levou a "limpar" eses recheos, con consecuencias fatais para os arcos e as bóvedas. Os pináculos góticos que se elevan sobre os contrafortes teñen tamén a función estrutural de aumentar o peso para conducir o empuxe a unha posición máis vertical.

Dado que o estribo era a parte da estrutura que consumía máis pedra, sempre foi preocupación dos construtores afinar ben a determinación do seu tamaño para garantir a estabilidade e, ó mesmo tempo, non colocar pedra innecesaria. A práctica levou á elaboración de diferentes regras para calcular a espesura que debería dárselle ós estribos. Unha das máis difundidas é a chamada regra "de Derand" ou "de Blondel", unha construción xeométrica que, partindo da forma do arco, deduce o ancho de estribo necesario (Huerta 2004). Analizando a sección de San Martiño pódese comprobar que os contrafortes dos arcos da nave axústanse a esta regra (Fig. 5). A regra aplícase da seguinte maneira: mídese a lonxitude do intradorso do arco entre os arranques (puntos A e B seguindo a liña A-1-2-B); divídese esta lonxitude en tres partes iguais, obténdose os puntos 1 e 2; únese o punto 1 co extremo do arco A e prolóngase a liña resultante. Por último, mídese sobre esta recta a partir de A a mesma distancia que hai nesa recta entre A e o punto 1 (na figura faise trazando un

arco de circunferencia). Así, obtense o punto C. Pois ben, o estribo ten que dimensionarse de maneira que chegue ata C.

ARCOS, BÓVEDAS E CÚPULAS NAS IGREXAS DE NOIA

O arco máis simple é o que ten a forma de media circunferencia, o arco *de medio punto*. O arco triunfal da igrexa de Santa Mariña do Obre proporciona un exemplo interesante dun arco de medio punto moi deformado. Os piares cederon e o arco adaptouse dunha forma flexible. Con seguridade, a greta da clave debeu ser moi grosa, e todo indica que, posteriormente, se refixeron as doelas desa parte para tapala. Se un arco de medio punto se interrompe antes de completar a media circunferencia falamos dun arco rebaixado ou *escarzano*. Nos arcos da nave da mesma igrexa do Obre temos un exemplo de arcos lixeiramente rebaixados.

O contrario ocorre cando os extremos do arco de medio punto se prolongan verticalmente e o arco se eleva. Neste caso, denomínanse arcos *peraltados*, e así son os da igrexa de Santa Cristina de Barro. Ten sentido que sexan así xa que, ó ter as cornixas moi pronunciadas, ocúltase o arranque do arco e dá a sensación de achatamento.

Un tipo de arco característico da nosa arquitectura medieval é o arco *apuntado*. Está formado por dúas metades simétricas, cos centros apartados do eixe, co que a liña do arco québrase na clave. Unha das vantaxes destes arcos é que o seu empuxe é máis vertical ca nos arcos de medio punto, e iso significa que necesitan estribos menores. Magníficos exemplos de arcos apuntados son os das naves de San Martiño e Santa María a Nova.

Varios arcos colocados xuntos crean unha *bóveda de canón*. Temos exemplos de bóvedas de canón na igrexa de Santa María de Barro, situada no cemiterio vello de Santa Cristina; tamén é de canón a cabeceira de Santa María a Nova, e houbo unha bóveda deste tipo, hoxe desaparecida, na igrexa de San Bernardo, onde aínda se poden apreciar os arranques da bóveda nos muros laterais e a marca da súa traza sobre o arco do presbiterio.

Dúas bóvedas de canón que se cruzan perpendicularmente dan lugar a unha *bóveda de aresta*. A bóveda da igrexa de Santa Cristina que se amosa na figura 6 é un exemplo deste tipo, como o son as do adro de Santa María a Nova ou a da sancristía da igrexa de Santa María de Roo.

As bóvedas de aresta evolucionaron cara a unha maior racionalización. As arestas reforzáronse con nervios e naceron as *bóvedas de cruzaría*. O acimbre necesario para a súa

Esquerda: arcos de medio punto moi deformado (ó fondo) e rebaixado (na nave) en Santa Mariña do Obre; *centro*: arcos peraltados en Santa Cristina de Barro; *dereita*: arcos apuntados en San Martiño de Noia

Esquerda: restos da bóveda de canón que tivo a igrexa de San Bernardo; *centro*: bóveda de aresta no adro de Santa María de Noia; *dereita*: bóveda de aresta na sancristía de Santa María de Roo

construción alixéirase, pois, erguidos os nervios, eles mesmos fan de soporte para o recheo que se dispón entre eles, a chamada *plementería*. Nestas bóvedas os empuxes concéntranse nas direccións dos nervios. As bóvedas de cruzaría poden acadar unha gran complexidade. En Noia temos os exemplos do presbiterio de San Martiño e do presbiterio e brazos do cruceiro de San Francisco.

Se o arco xira arredor do seu eixe xera unha *cúpula*. En Noia temos unha fermosa cúpula semicircular, chamada tamén *de media laranxa*, na igrexa de San Bernardo. En Roo apreciamos unha bóveda *vaída*, tamén chamada *de vela*. Esta deriva da cúpula: é o resultado de cortar unha cúpula por catro planos verticais, co que aparecen catro arcos. Na veciña igrexa de San Martiño de Miñortos tamén podemos atopar unha espléndida cúpula de cantería. As pezas con forma de triángulos curvos que fan a transición desde a forma redonda ata os piares dispostos en cadrado reciben o nome de *pendentes*.

O repertorio de teitos de pedra en Noia complétase con outras bóvedas menores: a da sancristía de San Bernardo é do tipo coñecido como *bóveda de alxibe*, e en Santa María de Roo e en Santa Cristina de Barro atopamos bóvedas de canón con *lunetos*, que non son máis que pequenos canóns transversais dispostos para aloxar as ventás; en Santa María a Nova, por último, podemos observar na capela dos Carneiro unha *bóveda de forno* (un cuarto de esfera) labrada en forma de cuncha.

REFLEXIÓN FINAL

Hoxe xa non facemos bóvedas de pedra. Pero comprender por que teñen esa forma, como se construíron e por que non se caen enriquece a nosa comprensión e aprecio por estas estruturas.

Do estudo destes aspectos ocúpase a disciplina da Historia da Construción. Os interesados en profundar nestes temas encontrarán abundante documentación na páxina web da Sociedad Española de Historia de la Construcción http://www.sedhc.es/, e nas publicacións do Instituto Juan de Herrera https://librosjuandeherrera.wordpress.com/.

Bóveda de cruzaría no presbiterio da igrexa de San Francisco. Á dereita, os contrafortes dispostos diagonalmente para absorber os empuxes xerados nas direccións dos nervios

REFERENCIAS

Durm, Josef. 1885. *Die Baukunst der Etrusker: Die Baukunst der Römer (Handbuch der Architektur. 2.Theil. 2.Band)*. Darmstadt: J. Ph. Diehl.

Huerta, Santiago. 2004. *Arcos, bóvedas y cúpulas: geometría y equilibrio en el cálculo tradicional de estructuras de fábrica*. Madrid: Instituto Juan de Herrera.

Huerta, Santiago. 2005. "The Use of Simple Models in the Teaching of the Essential of Masonry Arch Behaviour." In *Theory and practice of construction: knowledge, means, models*, edited by Giovanni Mochi, 747-761. Ravenna: DAPT-Università di Bologna, Fondazione Flaminia Ravenna.

Martínez de Mazas, José. 1794. *Retrato al natural de la ciudad y término de Jaén*. Jaén: Imprenta de D. Pedro de Doblas.

Tosca, Tomás Vicente. 1727. *Tratado de la montea y cortes de cantería*. Madrid: Imprenta de Antonio Marín. Facsímil: 1998. Valencia: Librerías París-Valencia. Ed. electrónica en: Huerta, Santiago ed. 2005. Selección de tratados españoles de arquitectura y construcción, S. XVI-XX. Madrid: Instituto Juan de Herrera. CD-ROM. http://www.sedhc.es/biblioteca/tratados.php.

As minas de San Finx

Mayte Sobradelo Creo

Ao sur da parroquia de Vilacova, no concello de Lousame, atópase un importante xacemento de estaño e volframio consistente nun grupo de filóns de cuarzo mineralizados encaixados en xistos micáceos e cuarcíferos que forman parte da banda de xistos que se estende de SE a NW e atravesa o territorio lousamián. Nalgúns lugares chegan a ter unha potencia de varios metros, aínda que o máis frecuente é que non teñan máis de 1 a 2 m de ancho. A continuidade destes filóns chega a ser de 1 km, aínda que a mineralización acada máis dos 3 km e medio. O campo de explotación da zona de labores ten unha lonxitude duns 2000 m.

Algúns autores fan referencia a que xa na época dos fenicios era explotada e estes comercializaban os minerais, e outros pensan que é posible que xa anteriormente, na Idade do Bronce, se aproveitase o estaño para a elaboración dos utensilios de bronce. Sexa como for, a actividade mineira antiga está acreditada por referencias documentais, toponímicas e diversos labores superficiais, en estudo, que se asocian con antigas técnicas extractivas. Nomes como "*Covas dos Mouros*", onde se ubicaba unha das primeiras concesións que tiña por nome "*Phoenicia*", ou o nome dunha aldea próxima "*Froxán*" (*Forjano* no primeiro rexistro das concesións) transpórtannos á prehistoria ou idade antiga.

Esta foi a primeira mina de estaño aberta en España e unha das máis importantes pola

Chan da mina



Interior talleres (museo)

pureza dos minerais que se extraían dela: o volframio e o estaño.

ETAPA DE PROPIEDADE INGLESA. S. XIX ATA A GUERRA CIVIL

É en 1897 cando comeza a explotación máis intensiva por parte dunha compañía inglesa que solicitou a concesión ao Estado español. Trátase dunha familia de Coventry que chega á contorna de Noia, atraída por referencias bibliográficas, na busca de estaño. Sir Thomas Jakes Burbury é o primeiro dono dunha concesión mineira na comarca: "El Postizo" no 1880, que lle traspasa tres anos despois ao seu sobriño Henry Winter Burbury, enxeñeiro de minas que se traslada a vivir a Noia. Este, despois de facer prospeccións, solicita varias concesións máis xa en Lousame destacando "Phoenicia", "Edita" e "La Pilara", que serán a base do grupo San Finx. No 1897 constitúese "The San Finx Tin Mines", con sé en Londres, que é tamén propietaria da mina de Fontao, en Vila de Cruces (Pontevedra).

Ata o 1936, o xacemento pasa por diversas empresas, sempre inglesas, que levan a cabo importantes actuacións nesta mina a nivel de infraestruturas. Dende o primeiro momento instálanse en San Finx dotándoa dos edificios necesarios para a explotación intensiva do estaño: a fábrica vella, varios cuarteis con diferentes utilidades, talleres, fábrica nova,

Visita guiada

Interior da mina

Explotación intensiva anos 30

edificio de compresores, salto de auga para a minicentral de Pías (Río Vilacova) creando a The Vilacova Hidropower Company Ltd., pozos de extracción, xerencia, casas para empregados, etc. Nas últimas décadas de propiedade inglesa, seguen a realizar obras de ampliación de infraestruturas, como pode ser a profundización e construción de novos pozos e incremento do cadro de traballadores, tendo o *récord* histórico de produción no ano 1927. Nos anos trinta ten lugar o afundimento do pozo GH que ten como consecuencia unha importante crise na empresa, da cal é Alfred Burne o seu último xerente, que queda en San Finx ata o ano 1941. Neste momento, tras da Guerra Civil, a mina é nacionalizada, e pasa formar parte de *Industrias Gallegas*, do grupo Barrié de la Maza.

ÉPOCA DO VOLFRAMIO

A época de maior explotación do volframio dáse nas décadas dos 40 e 50, especialmente durante a 2ª Guerra Mundial, época na que se demandaba moito este mineral para a industria armamentística de Inglaterra e Alemaña, aínda que este último país absorbe case que a totalidade da produción galega deste mineral. Na etapa anterior non se aproveitaba o volframio porque aínda non se coñecían as súas utilidades debido ao seu relativamente recente descubrimento, no século XVIII. Os alemáns comezaron a estudar como mellorar o seu armamento tras da I Guerra Mundial e descobren as propiedades deste mineral metálico, que engadido aos seus aceiros, logra un armamento moito máis resistente á fricción e á calor.

Este descubrimento fai que requiran dunha gran cantidade deste mineral, que traen dende China a través de Rusia en tren. Unha vez que estala a II Guerra Mundial, este comercio por terra faise imposible, polo que Alemaña acode

Chan da mina. Época do volframio

Explotación superficial. Época do volframio

ás minas máis próximas das que se pode obter este escaso mineral: unhas poucas existentes en España e Portugal, entre elas a de San Finx.

Esta situación de elevadísima demanda, xa que os aliados, especialmente Gran Bretaña, tamén veñen ás mesmas minas buscando esta materia prima para que os alemáns non consigan as cantidades requiridas, leva á proliferación do estraperlo.

Isto vén dado pola elevada demanda desde metal. En San Finx xúntanse alemáns e ingleses comprando volframio de contrabando. A situación socioeconómica de precariedade e a pobreza da posguerra alentou a xente a roubar, ao estraperlo, ao mercado negro no que o mineral foi o gran protagonista polos elevados prezos que chegou a acadar.

A continuación expóñense algúns testemuños de varias persoas que viviron esta etapa:

Primeiro camión de transporte de pasaxeiros Comparado

Familia de Don Luís Estepa un día de festa na mina

"Unha amiga miña, que traballaba alí, díxome: ven comigo que aparecen pintas e mais lingotes polo monte (era wolfram), porque antes non valía e botábano co escombro ao monte.E fun. Viñeron tamén unhas veciñas e iamos todas ás pintas. Pero despois empezou a coller fama e aquilo era unha romaría de xente. Nós levabamos unha sachiña e atopábamos moito wolfram, porque a pedra que ten o wolfram rompe moi ben (...)".

Digna Castro

"(...) se robaba mucho, porque el sueldo de la mina no daba para nada (...). El que más y el que menos lo sacaba para fuera, que lo pagaban mucho más. En la compañía lo pagaban a 30 ptas. y fuera a 100 ptas.".

Kico

"Viña a Guardia Civil e corriamos, quitábannos os cestos, rompíannos as palanganas, dábannos coas sachas e sacábannos o mineral (...). Andaban a tiros con nós e chegaron a matar a unha muller de Cruído no charco da mina (...)".

Teresa Abeijón

Neste momento a empresa tiña o maior número de contratados, sen contar os centos de persoas que viñan "á roubacha" ou "ás pintas". Moitos durmían no monte para coller sitio ao día seguinte, outros en cortes ou casas particulares que lles daban aloxamento nas aldeas máis próximas.

Nesta época viviron en San Finx multitude de familias, tanto de xerentes e facultativos como os Estepa, que viñeron procedentes de Bélmez, na provincia de Córdoba, como outros

mineiros andaluces que viñeron con D. Luís Estepa a esta mina, como a familia Cuello, ou a de Kico; e outras moitas de lugares máis próximos, e incluso de Portugal.

Tamén este período coincide cos convulsos anos da posguerra da guerra civil española, durante os cales houbo continuas persecucións contra os opositores ao réxime, ou acusados de selo, polos montes da contorna da mina onde algúns deles foron abatidos.

A época do volframio é tamén o xerme dunha empresa de transporte, que sobrevive na actualidade cunha flota de 23 autobuses, que xorde ao abeiro do funcionamento da mina: Autos Comparado. D. Ramón Rodríguez Laíño, veciño da aldea de Silvarredonda, próxima a San Finx, e traballador da mina como condutor de camión, ve a comezos dos anos 50 a necesidade dun transporte público, entre o crecente e bulideiro poboado mineiro e Noia. As primeiras viaxes desta ruta fainas nun camión adaptado cuns bancos de madeira no remolque, todos os xoves e domingos e, unha vez que a demanda se incrementa, merca o primeiro autobús, e dálle continuidade a esta empresa que vai medrando pouco a pouco. Á súa xubilación continúa coa dirección da mesma o seu fillo Manolo, e hoxe son os seus netos os que dirixen esta empresa familiar.

Grupo de nenas na escola da mina

DOS ANOS 60 ATA OS 80

Nos anos 60 comeza o declive desta explotación co peche dalgún dos pozos: co remate da guerra fría e coa entrada no mercado dos minerais das grandes reservas e explotacións de China, Corea e a antiga URSS, os prezos dos minerais metálicos comezan a baixar. Neste momento *Industrias Gallegas* vende a mina a Adolfo Ferrreiro e Gabriel Pérez, este último o derradeiro dono da concesión ata o seu peche definitivo a primeiros dos 90.

Nos últimos anos deste período ábrese un conflitivo expediente de regulación de emprego, no cal os traballadores son asistidos por persoal de CC.OO. de Ribeira, que remata nos anos 90 cando a mina pecha definitivamente tras un século de explotación case ininterrompida.

"DON TEO"

Teodomiro Hidalgo Iglesias nace en A Coruña en 1909, estuda medicina en Valladolid, e remata a carreira aos 23 anos. No 1935, Alfred Burne, o último xerente inglés, contrátao como médico titular para os traballadores e os seus familiares: facía os recoñecementos médicos

Edificio de compresores (museo)

previos á contratación dos traballadores e atendía as enfermidades ou accidentes laborais.

Pero Don Teo enseguida empezou a ser moi coñecido debido a que desempeñaba tamén a súa actividade a nivel particular nas aldeas próximas ata as que se desprazaba a cabalo polos camiños e corredoiras que as comunicaban.

Aínda que nun primeiro momento tiña carencia de medios materiais (raios X), el cualificaba as súas condicións de traballo como excelentes tal e como se aprecia neste extracto dunha entrevista feita hai 18 anos:

"Viví en un sitio precioso, había unos eucaliptos enormes que habían traído de Australia…. Se pagaba cada quincena 200.000 o 300.000 ptas y eso que se cobraba 2 ptas. o 2 ptas. y media. Cobraba yo 500 ptas. al mes… El inglés me llamó para los heridos, pero también para los enfermos y las familias de los mineros. Y quiso implantar ya el seguro general… El teléfono lo había en Noya suministrado de San Finx… Había unas señoras que con dos borricos hacían la compra de todas las casas de la mina. Cada casa tenía una cesta con su nombre y la lista de cosas que hacían falta. Eran las propias... Había mucho movimiento, mucha gente extranjera trabajando allí: ingleses, alemanes… La gerencia era una casa preciosa, con piscina, árboles y maravillosos jardines…".

Don Teo

Tamén as fotos nos falan de prosperidade nunha época na que en España o que abundaba

era a miseria: a magnífica casa da xerencia á que Don Teo se refire, con piscina, impresionantes xardíns, e outras instalacións deportivas como unha pista de tenis e un campo de fútbol xa nos anos 20 do s. XX, ou a casa do médico en Regos cos seus floreados e coidados xardíns. Estas imaxes retrospectivas fan eco das magníficas instalacións industriais que se construíron na etapa dos ingleses e que continuaron sendo importantes ata o final da explotación.

A ACTUALIDADE

Hoxe en día, tras un convenio asinado en 2006 entre os entón propietarios e o Concello de Lousame, os edificios que pasaron a titularidade municipal foron restaurados xunto co importante patrimonio industrial que neles se conservaba e musealizados algúns deles, como aconteceu co dos talleres e co dos compresores. Parte das infraestruturas en pé pasan a ser de titularidade municipal co fin de seren restauradas a través do proxecto de construción dun Centro de Interpretación das minas e rehabilitación e posta en valor do patrimonio industrial, que arranca no ano 2007 con varios traballos –como son a restauración da antiga escola ou o acondicionamento de camiños– e continúa no 2010 co obradoiro de emprego, que acomete varias obras do mesmo proxecto. Dende entón continúase a completar a rehabilitación e urbanización do contorno, e quedan aínda pendentes de realizar algunhas das actuacións de máis interese, como pode ser a habilitación dun tramo de galería no interior da mina para ser visitable para todos os públicos.

A empresa propietaria resérvase o dereito a poñer en explotación o xacemento, e véndese a concesión a Incremento Grupo Inversor que, dende o ano 2010, comeza a restauración da maquinaria da fábrica nova, cuartel novo e pozo novo co fin de explotar a mina novamente. Debido a unha serie de problemas que se conxugaron, esta actividade empresarial paralízase no ano 2012. No pasado mes de febreiro un novo e importante grupo empresarial merca a explotación co obxectivo de comezar en breve coa extracción dos minerais que aínda se agochan nas entrañas de San Finx.

Actualmente, para facer visitas guiadas ao Centro de Interpretación, debe concertarse cita no Concello, ou no número 981 820 494.

A revolución de 1846 e Noia

Manuel del Río Rodríguez

Se para a historia europea 1848 é o ano da primavera dos pobos e da segunda vaga de revolucións coa que se pecha a era homónima alcumada polo historiador Eric Hobsbawm[1], para dar paso á Era do Capital, 1846 vai a ser un ano fulcral para a comprensión da Galicia contemporánea e o nacemento do galeguismo.

No relatorio de hoxe imos facer unha pequena aproximación ao fenómeno que nos ocupa dende unha dobre perspectiva: a primeira, introdutoria, máis xeral e extensa, presentará os trazos principais do alzamento de 1846, cos seus antecedentes, causas, explicacións, sucesos e desenlace. Na última parte procederemos a centrarnos na vila de Noia e nunha serie de documentos que nos ilustrarán sobre as repercusións e consecuencias do andazo revolucionario na vila de María Mariño e Avilés de Taramancos.

1. ANTECEDENTES DA REVOLTA: A ESPAÑA ISABELINA, A REXENCIA DE ESPARTERO E A DÉCADA MODERADA

A revolución de 1846 enmárcase no contexto histórico-cronolóxico do que podemos chamar a España Isabelina, o primeiro período de consolidación e desenvolvemento dun estado liberal na península ibérica. É que os longos 35 anos do reinado de Isabel II (1833-1868) asisten a unha transformación considerable do país: son anos de cambio agudo, malia que cos seus altos e baixos, de ascenso da burguesía ao poder político; de industrialización e reforma agraria; de loita entre un pasado que se resiste a morrer e o dun futuro que se nega a chegar ao ritmo desexado; de modernización e de rupturas co absolutismo e co Antigo Réxime.

A propia chegada ao trono de Isabel, con tan só tres anos de idade, en 1833 e trala morte do seu pai Fernando VII, vai precipitar a primeira das numerosas guerras civís que asolagan a península no século XIX, e que enfrontará os sectores máis recalcitrantes da vella orde (sobre todo o clero e sectores da fidalguía e da nobreza) baixo a bandeira de Don Carlos, o pretendente 'carlista' ao trono, contra unha fráxil coalición de liberais mobilizados na defensa dos dereitos de dona Isabel. Tras da vitoria definitiva, as divisións no seo dos vencedores non tardarán en saír á luz, levando á delimitación de dous partidos políticos, os liberais 'progresistas' e os 'moderados', cuxa loita e alternancia no poder constitúe o eixe de acción básica de todo o período que nos ocupa.

Se ben a división dentro do movemento liberal era algo que xa viña de atrás, do que se comezaran a ver mostras claras xa no trienio liberal (1830-33) do reinado de Fernando VII (*doceañistas* contra *exaltados*), é a consolidación no poder o que cristaliza o que antes eran tendencias e partidos propiamente ditos.

Os *liberais 'moderados'*, como di o seu nome, representaban a liña máis conservadora dentro do liberalismo. Defendían unha reforma tépeda do pasado, que tiña como piares principais o mantemento dun poder real forte, a limitación dos poderes das Cortes, boas relacións coa igrexa católica, un centralismo estrito, e un dereito ao sufraxio extremadamente limitado. Este partido 'de orde' terá entre os seus principais teóricos a Francisco Martínez de la Rosa e a Juan Donoso Cortés, a súa base social nunha parte do exército, os terratenentes (a aristocracia e a burguesía beneficiada das desamortizacións) e parte do clero e das clases medias. O seu líder máis destacado será o Xeneral Ramón María Narváez, alcumado o *espadón de Loja*.

1 vid. HOBSBAWM, E., La era de la Revolución. Crítica, 2001 e HOBSBAWM, E., La era del Capital. Crítica, 2000.

Por oposición aos moderados, o outro partido dinástico, o dos *liberais 'progresistas'* encarna unha posición máis á esquerda, e defensora de consolidar e avanzar nas reformas e nos principios do liberalismo. Defendían, por exemplo, o principio da *'soberanía nacional'* (a nación, representada nas Cortes, como a única depositaria da soberanía, mentres que os moderados defendía unha soberanía compartida entre o rei e as Cortes). Máis concretamente, os progresistas eran partidarios de crear xurados populares, da milicia nacional (un corpo armado cívico-militar composto de partidarios feroces da nova orde) e de ir ampliando o sufraxio. En economía eran librecambistas, socialmente apoiábanse nas clases medias e medio-baixas urbanas, e os seus líderes máis destacados eran Mendizábal, Madoz (ambos os dous responsables de sendas desamortizacións de bens eclesiásticos), José María Calatrava e Salustiano Olózaga.

Os dous partidos, moderado e progresista, dedicarán o reinado de Isabel II a disputarse continuamente o goberno; nun contexto de forte politización do exército, e dun sistema electoral trampeado sistematicamente polo gobernante no poder, a alternancia (que na restauración Borbónica de *fin de siècle* pactarán pacificamente os dous partidos) só pode producirse a través de golpes militares, polo xeral pouco cruentos: son os chamados 'pronunciamentos' que acompañan todo o século XIX español.

É un destes pronunciamentos o que en 1840 leva ao poder político o xeneral Baldomero Espartero, o heroe das guerras carlistas (onde acadara a sonada vitoria de Luchana en 1836 e selara a paz persoalmente coa célebre 'aperta de Vergara' co xeneral carlista Maroto). Espartero asume a rexencia da pequena Isabel, e pon en marcha un programa progresista e moi asociado aos intereses anglosaxóns (de feito, en Madrid, os seus detractores penduraron un cartel diante da súa casa onde poñía *'En esta casa vive el regente, pero el que nos gobierna es el que vive enfrente'* – o embaixador británico), anque cun xiro autoritario e personalista que desengana a moitos dos propios progresistas, que rematarán por unirse ao partido rival para producir o exilio do xeneral.

A chegada dos moderados ao poder dará lugar a un período de goberno conservador e represivo, a 'década moderada' (1844-1854). Con Narváez á fronte do temón do estado, vanse aprobando pouco a pouco medidas que restrinxen as liberdades e procuran consolidar o monopolio de goberno dos moderados: a creación da Garda Civil, deseñada como 'policía rural', e acérrimo defensor da orde e das clases acomodadas (1844), a centralización administrativa (lei do 8 de xaneiro de 1845), a reforma tributaria de Alejandro Mon, que reducía todos os impostos en 4 novos, incluído o impopularísimo 'de consumo' (1845), o Real Decreto sobre a Imprenta, que limitaba severamente a liberdade de prensa (1845) e, finalmente, a reforma constitucional, cunha nova *Carta Magna* sectaria e sen consenso que aplicaba ao pé da letra os valores e a ideoloxía moderadas.

2. ANTES DO LEVANTAMENTO: TERMINOLOXÍA, INTERPRETACIÓNS E OBXECTIVOS DA REVOLTA DE 1846

Logo deste prólogo, e antes de pasar a narrar a película dos acontecementos, compre que aclaremos algúns aspectos de terminoloxía e interpretación sobre o movemento que nos ocupa. Historicamente, os sucesos que aconteceron en Galicia en 1846 teñen recibido nomes diversos que implican diferentes

interpretacións ideolóxicas do sucedido: *pronunciamento*, *levantamento*, *revolución*.

Así, a tradición historiográfica de corte galeguista, comezando por Tettamancy e seguindo por Faraldo, Murguía, Carré Aldao, Risco, as Irmandades da Fala, Xusto Beramendi, etc..., xunto co movemento político nacionalista, vai a optar polo termo de '*revolución*', entendendo que tal etiqueta describe mellor o que para eles sería un levantamento popular que pon a andar o proceso de recuperación e defensa da identidade propia galega, e que rematará por confluír no movemento político provincialista e (a máis longo prazo) nacionalista; algúns destes historiadores (os do século pasado) chegaban mesmo a propoñer que o obxectivo principal do movemento era conseguir unha Galicia ceibe. Tettamancy dirá, nas páxinas de *La Revolución Gallega de 1846* o seguinte: "se trataba de la reconquista de la independencia regional" e "procurouse "recabar para la región aquellos antiguos privilegios, libertades y particularismos que el absorvente poder centralizador le habían cercenado en mala hora[2]". Trátase dunha opción bastante improbable dende a perspectiva historiográfica actual. "Nas verbas de X. R. Barreiro, o maior especialista académico e actual no eido: "*Abondaría coñecer por dentro a conciencia política que tiña naquel intre a sociedade galega pra rexeitar esta interpretación maximalista. Amais, nada hai que invite a facer esta interpretación, xa que a documentación nunca fala deste obxectivo*[3]".

Porén, tampouco concorda Barreiro Fernández coa interpretación dos que el chama "os autores españois": Antonio Pirala, Marcial Lafuente e Antonio Eiras Roel, para os cales, e en estrita consonancia coa historiografía estatal, os feitos de 1846 representarían un mero '*pronunciamento*' falido, cousa de militares e das alternancias políticas da época e apenas merecente dunha nota a pé de páxina na historia do período[4]. A postura de Barreiro, un tanto navegando as anteriores coma entre Escila e Caribdis, sería que o *levantamento* (que é como el prefire chamalo): "*foi algo máis que un pronunciamento. É certo que participan nel en forma moi destacada os militares, pro hai tamén unha notábel incorporación de civís que converten este acontecemento en algo atípico e merecente, por conseguinte, dun modelo interpretativo propio*[5]".

Do mesmo xeito, e se falamos dos obxectivos do movemento, hai que ter en conta que a diversidade de participantes vai levar aparellados diferentes obxectivos para cada grupo. Fala Barreiro Fernández de tres sectores destacados:

- o progresista sería o principal, e aportaría o caudal de xente máis importante: militares, mediana e pequena burguesía e artesáns. Para este sector, o obxectivo sería a substitución do goberno moderado por un progresista, coa posibilidade do retorno do xeneral Espartero.

- habería tamén un sector moderado, composto por algúns moderados opostos a Narváez, e que buscaban tan só un cambio

2 Tettamancy, *La Revolución*, p. 133 e 197, citado dende BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Historia de Galicia*, *volume XV*. Ediciones Gamma, A Coruña, 1982, p. 350-351.

3 en BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Historia de Galicia IV: Idade Contemporánea*. Galaxia, Vigo.1981, p. 268. Para o estudo detallado deste e doutros aspectos do levantamento é de obrigada consulta a súa obra *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Pico Sacro, Santiago, 1977.

4 Ao respecto, non deixa de ser significativo que moitas historias de España, incluíndo por exemplo a que non van tantos anos atrás reeditou Salvat en 26 volumes non inclúa, no tomo dedicado á España Isabelina, ningunha referencia aos sucesos de 1846.

5 en BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., 1981, *op. cit.*, p. 268.

de goberno. Este sector estaría composto por algúns dos militares e terratenentes galegos.

- Finalmente habería un sector galeguista, a primeira xeración que precisamente está a abrollar por estas datas ao abeiro do movemento provincialista que rexeitaba a nova partición do antigo reino segundo o modelo de provincias centralista deseñado dende Madrid. Estaría composto sobre todo por estudantes universitarios, politicamente situaríanse á esquerda do progresismo, e serían os únicos que realmente tiñan como obxectivo algunha especie de rearranxo da cuestión territorial galega dentro de España.

3. OS LÍDERES: PROTAGONISTAS E ANTAGONISTAS

Centrémonos agora nas figuras concretas que propiciaron o erguemento de 1846 e a resistencia a este. A primeira figura que destaca é o 'Mariscal de Campo *Miguel Solís y Cuetos*, de orixe andaluza, e que será a cabeza visible do movemento e do seu castigo.

Quen era Solís? Este oficial de 30 anos, natural de San Fernando, e membro do estado maior, representa á perfección as características de moitos dos militares liberais que broslan toda a historia hispana do século XIX. Parente de militares, en 1846 era simplemente un comandante cun historial persoal de enfermidades e de escasa relevancia no corpo. Cales serían entón as razóns do seu liderado do movemento? A tese de Barreiro é que os progresistas agardaban para o golpe un oficial de alta graduación, incluso o mesmo Espartero, ou algún dos seus xenerais adictos, os 'Ayacuchos', coma Rodil ou Iriarte, mais a ausencia de altos mandos e o retraemento do que será o segundo líder militar da revolta, o brigadier Rubín de Celís explicaría esta posición en primeira liña, e que non detrae das virtudes persoais de Solís, amante da liberdade, valoroso, "home leal e de palabra que soubo responder aos compromisos contraídos con dignidade[6]" –malia o seu romanticismo e inxenuidade–, que o levaron a agardar que os militares rivais, seducidos pola xustiza da súa causa e a súa oratoria, pasaran ao seu bando. Tamén para este Quixote, ou muíños de vento seguían sen ser xigantes.

Xunto a Solís, e como figura senlleira intelectual e política, estará *Antolín Faraldo*, escritor e xornalista betanceiro, secretario que será da Xunta Superior de Goberno de Galicia e editor do seu voceiro, o xornal 'La Revolución'. Figura senlleira da 'Grande Obra' do Provincialismo en Galicia, a esencia do seu pensamento percíbese no seguinte fragmento da proclama da Xunta que el mesmo redactou:

"Galicia, arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa, convertida en una verdadera colonia de la corte, va á levantarse de su humillación y abatimiento. Esta Junta, amiga sincera del país, se consagrará constantemente á engrandecer el antiguo reino de Galicia, dando provechosa dirección á los numerosos elementos que atesora en su seno, levantando los cimientos de un porvenir de glora. Para conseguirlo se esforzará constantemente en fomentar intereses materiales, crear costumbres públicas, abrir las fuentes naturales de su riqueza, decrépita fundada sobre la ignorancia. Despertando el poderoso sentimiento de provincialismo, y encaminando á un solo fin todos los talentos y todos los esfuerzos, llegará á conquistar Galicia la influencia de que es merecedora, colocándose en el alto lugar á que está llamado el antiguo reino de los suevos".

6 en BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., 1982, *op. cit.*, p. 339-40.

En menor grado que os anteriores, tamén cabe que mencionemos a Pío Rodríguez Terrazo –avogado e primeiro alcalde de Santiago, líder do progresismo compostelán, que formou parte de todas as xuntas revolucionarias dos pronunciamentos decimonómicos– e o xa citado brigadier Rubín de Celís, que dirixiría parte das tropas sublevadas contra o goberno central.

Entre os antagonistas, e alén do propio xeneral *Narváez,* implacable represor e fusilador dos seus inimigos políticos[7], destacan dúas figuras en concreto: dunha banda temos o mallorquín *Juan de Villalonga*, militar moderado e que, como capitán xeral de Galicia, asentado na Coruña, foi o encargado de reprimir a preparación do movemento e, logo do seu estourido, de manter o control sobre a Coruña (que exitosamente conseguiu), e que posteriormente deu as ordes máis severas para a represión e os fusilamentos[8] dos derrotados. Doutra banda estará o tamén xeneral e tamén liberal moderado *José Guitiérrez de la Concha*, marqués da Habana, e que despois de liderar as tropas do goberno central contra os alzados do 46, aínda había protagonizar unha longa vida militar e política, con cargos coma os de director xeral de cabalería, presidente co consello de ministros (moi brevemente, o mesmo ano do triunfo da Gloriosa) e (en varias ocasións) capitán xeral de Cuba. En ambos os dous casos, pois, o idealismo dos revolucionarios vai topar coa eficiencia e profesionalidade de dous militares, menores mais experimentados.

4. O ERGUEMENTO

A cronoloxía e os feitos principais do levantamento son os seguintes: o 2 de abril prodúcese o levantamento na cidade de Lugo, onde se atopaba de paso cara a Valladolid, o Segundo Batallón do Rexemento de Zamora, encabezado por Solís. Na arenga aos soldados, Solís non deixa de resumir in nuce os obxectivos do alzamento no final da súa alocución: "*Gallegos: españoles todos: ¡Viva la Reina libre!, ¡Viva la Constitución!, ¡Fuera extranjeros!, ¡Abajo el Dictador Narváez, ¡Abajo el sistema tributario!*".

Ao pronunciamento en Lugo vanlle seguir os doutras cidades, en todas as cales se constitúen, como acontece ao longo do século en circunstancias similares, Xuntas Locais revolucionarias. Santiago súmase o día 4; Pontevedra, o día 9; Vigo e Tui o día 10; Noia o día 13.

Ao golpe militar seguiranlle de xeito seguido as consecuencias políticas: sinaladamente, a reunión dunha asemblea o día 15 en Compostela, da que sairá a constitución do órgano de goberno da revolución en Galicia: a Xunta Superior do Reino de Galicia, composta por Pío Rodríguez Terrazo (presidente), Xosé María Santos, Ramón Buch e Antolín Faraldo (secretario), e que se pon a traballar arreo na propaganda e organización da causa. Na parte militar, decídese a división das tropas rebeldes nun primeiro corpo, baixo Solís, que tentará tomar a Coruña e Ferrol e, un segundo corpo, baixo Rubín de Celís, que se dirixirá a Ourense.

Entrementres, o goberno central e os seus representantes non permanecen ociosos. Mentres os rebeldes comezan unha curiosa pelegrinaxe cara ás cidades que se lles resistiran, dentro destas as autoridades conseguiran encarcerar o sector progresista e montar un

7 "Cuentan de Narváez que en su lecho de muerte, al sacerdote que le preguntaba: '¿Perdona su excelencia a sus enemigos?' contestó con voz firme: 'No tengo enemigos, los he fusilado a todos". Salvador de Madariaga, "El siglo XIX", *España, ensayo de historia contemporánea,* Madrid, 1979, pp., 69-71.

8 En recompensa polos seus servizos acadaría o mesmo ano de 1846 o rango de Tenente Xeneral, sendo agraciado tamén pola raíña Isabel cos títulos aristocráticos de Marqués del Maestrazgo e Vizconde de los Alduides.

dispositivo eficaz de resistencia. Dende fóra, o xeneral Concha entra dende Castela coas forzas que consegue reunir en León e Ourense, e a batalla decisiva ten lugar o 23 de abril de 1846 en Cacheiras. O exército de Solís (que fora nomeado Capitán Xeral pola Xunta o día 21), formado por militares, paisanos, 300 universitarios, e sen o auxilio das tropas de Rubín de Celís foi derrotado en todas as frontes e retirouse a Santiago, onde logo dunha feroz loita nas rúas, se refuxiou en San Martiño Pinario. Illado e ante unha tropa cada vez máis desafecta, Solís réndese ás tropas do goberno central.

É o capitán xeral Villalonga o que se encarga que dar as ordes que levan ao triste epílogo por todos coñecido. Primeiro manda que os xefes do movemento feitos prisioneiros sexan enviados á Coruña; mais ao decatarse do perigo de non proceder contra eles pola posibilidade de que rexurdise o levantamento entre os partidarios coruñeses do erguemento, deu orde de xulgalos e axustizalos no camiño de Santiago á Coruña. Primeiro foi elixida a vila de Ordes, mais ao non topar ningunha autoridade civil que se prestase ao esperpento do xuízo-farsa, procedeuse cara a Carral, onde o segundo alcalde Fernando Insua estaba disposto a referendar o 'xuízo'. Condenados a morte Solís e os seus 11 compañeiros, Solís foi levado ao adro da igrexa de Paleo, onde foi fusilado. O comandante Víctor Velasco e dez oficiais máis foron pasados polas armas na Fraga do Rei, entre Carral e Paleo, e foron enterrados no día seguinte no cemiterio de Paleo, sen que se escribise sobre as súas tumbas inscrición ningunha. O párroco, que presenciou o fusilamento, na acta de defunción engadiu: "Espectáculo horroroso. Triste Memoria".

Non sería esta a fin dos sucesos que nos ocupan: "Logo veu a represión, as torturas, os encarceramentos e desterros. Afortunadamente para os que sobreviviron, concedeuse axiña unha amnistía co gallo do casamento da Raíña Isabel, da que se beneficiaron os exiliados en Portugal[9]".

5. A REVOLUCIÓN EN NOIA

Pasamos, no derradeiro apartado, a facer unha revisión sumaria dos feitos revolucionarios de 1846 na vila de Noia, centrando a nosa narración/explicación dos feitos nos documentos emitidos polas autoridades locais e conservados no Arquivo do Reino de Galicia. Ao respecto, é de subliñar o labor do profesor Xerardo Agrafoxo que, co rigor, seriedade e bo facer ao que nos ten acostumados, levou a cabo a oportuna descuberta e transcrición nun valioso volume[10].

Se, como diciamos, o pronunciamento que dá comezo aos feitos dátase o 2 de abril en Lugo, será dúas semanas máis tarde cando cheguen ás ribeiras do Tambre os aires de liberdade. O día 13 de abril é cando os sectores ideoloxicamente progresistas de Noia conforman, segundo o modelo das outras vilas, unha Xunta Local Revolucionaria que, entre as súas primeiras medidas, expresa nun bando o seu apoio ao levantamento que tivo lugar en Lugo e Santiago. O documento (Arquivo Reino de Galicia, Sección VIII. Legaxo 1290,6), vai expresar as seguintes ideas:

1. O goberno do Xeneral Narváez é ilexítimo e ditatorial, e saquea as arcas públicas en festas e francachelas: "*Agotado el sufrimiento de la Nación bajo el peso del feroz despotismo que en estos tres últimos años descargó sobre ella la Dictadura del pérjuro Narváez; y delas enormes contribuciones arrancadas a los*

9 en BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., 1981, *op. cit.*

10 en AGRAFOXO, X., *400 Anos na Historia da Vila de Noia*, Concello de Noia, 1991, p. 169-178.

esquiladores (sic) pueblos que el Dictador destinó a bailes y festines insultantes a la miseria pública[11]".

2. A raíña é a vítima inocente e 'prisioneira' do mal goberno, xunto co pobo cuxos dereitos e cartos se conculcan: "*Reyna constitucional, de cuyo magnánimo corazón abusaron pérfidos consegeros; la conservación de sus derechos altamente conculcados y la abolición de ese Sistema Tributario que los Pueblos no pueden soportar*".

3. O exército "*a quien el déspota afianzaba su dominación*" non apoiaría o tirano, recoñeceríase fillo do pobo e sumaríase ao movemento contra a ditadura: "*tomó una parte directa en tan noble y santa empresa*".

4. Recoñécese que o éxito do pronunciamento foi, ata o momento, local ("*Tada Galicia si se esceptua la Ciudad de La Coruña, que gime aherrojada...*"), mais declárase a sólida confianza en que en breve o movemento hase estender por toda a península, e como fixo denantes (cunha información que en breve había amosarse errónea) noutras zonas: "*Pero La Coruña se alzará como se alzaron Madrid, Zaragoza y Valencia y como se alzará toda España*".

5. Finalmente, o derradeiro aspecto que toca este bando é a colaboración activa de Noia ao movemento, "*También Noya correspondió al grito que primero ha resonado en la ciudad de Lugo, e Noya, que no ha sufrido menos los efectos del sistema dictatorial*". O bando remata coa promesa da conservación da orde pública e coas sinaturas dos políticos implicados: Antonio de Lamas y Sotomaior, Rafael Ageitos, Juan Antonio Rodríguez e Agustín Malvido.

E a este documento fundacional vaille seguir un segundo bando tan só 24 horas despois de emitido o primeiro, o 14 de abril. De extensión semellante, o novo documento céntrase á súa vez en tres aspectos fundacionais, xa non centrados na xustificación e manifestación da revolta en si, senón do seu presunto decorrer:

- En primeiro lugar, a Xunta local afirma ter verificado o alzamento en "*Pontevedra y Vigo igualmente que en Padrón y otros pueblos inmediatos*[12]". Infórmase dos oficiais sureños, entre eles Rubén de Celís, que se sumaron á revolta e de que, xunto cun membro da familia real, o infante Don Enrique e unha flota con armas e suficiente artillería, pretenden "*sitiar por mar a la indicada ciudad de la Coruña*".

- En segundo lugar declárase a chegada de boas novas "*de haberse pronunciado la capital del Reynbo* (sic)*, la siempre heroica Zaragoza y la capital del antiguo Reino de Valencia*".

- Para rematar, en terceiro lugar volve animar os noieses á loita contra o goberno inxusto: "*en breve bais a ver rendida en el polvo esa pandilla de miserablesque tanto ha tiranizado y escarnecido a los que les tendieran una mano generosa cuando proscritos*".

O terceiro e derradeiro documento emitido pola Xunta Local é do mesmo día, e consiste nun Bando-proclama que, en nove puntos, glosa un auténtico programa de medidas políticas locais para consolidar o dominio dos revoltados na zona. Entre as medidas está o nomeamento de autoridade militar local (*Artículo* 1º: Se

11 en AGRAFOXO, X., 1991, *op. cit.*,, p. 170. A mesma procedencia teñen as seguintes citas do mesmo bando.

12 en AGRAFOXO, X., 1991, *op. cit.*,, p. 171-172, igual que as restantes citas do bando.

reconocerá como Comandante militar de este Partido a D. Joaquín de Quintás[13]), a constitución da corporación local e posta ao servizo da Xunta, baixo pena de ser '*soberanamente castigado*' quen se ausente (artigo 2ª); a posta en servizo de todas as forzas armadas locais ao servizo da revolución ("*harán pronto a concurrir a los llamamientos delas Juntas, a si como a las* órdenes *de sus Jefes Inmediatos*") e a supresión da policía e a Garda Civil, entendidos coma órganos dependentes do poder moderado (artigos 3º e 4º); a obriga de que todas as autoridades civís e militares, incluíndo a congregación de capeláns da Purísima Concepción, se adiran en vinte e catro horas, e por escrito, ao bando, baixo pena de verse "*separado del cargo o destino que egerza*" (artigos 5º e 6º); "*Ninguna persona de cualquier clase o condición que fuera podrá ausentarse del Pueblo sin obtener previamente autorización de la Junta*" (artigo 7º); a entrega de armas e municións por parte de todo o que estea en posesión delas nos mesmos prazos que os anteriores (artigo 8º); e a ameaza final de castigo severo para todos aqueles que perturben a orde e se opoñan á nova autoridade da Xunta: "*incurrirá en el crimen de alta traición y será Juzgado militarmente*" (artigo 9º).

Semellante aos manifestos doutras vilas e cidades, os textos de Noia poñen a énfase nunha serie de aspectos comúns: neles están a crítica, directa ou indirecta, ao impopularísimo imposto 'de consumos' e á carga tributaria, e aos abusos do poder central ; a vontade de consolidar o alzamento na zona inmediata co nomeamento de novas persoas para os cargos públicos de absoluta confianza revolucionaria e, quizabes, dun xeito aínda brumento, ir artillando un programa de transformación social e política de Galicia e (entre os provincialistas), de recomposición da súa unidade perdida.

Porén, e como ben sabemos, tales obxectivos e proclamas non terían a oportunidade de pórse en práctica. Nas semanas seguintes, as tropas do goberno central desbaratan o alzamento e liquidan os seus principais dirixentes; outros, coma as figuras de Noia asinantes dos documentos que comentamos, fuxirían a Portugal, á espera do indulto ou dun futuro triunfo revolucionario que os rescatase. Os documentos que restan por citar sobre o alzamento de 1846 en Noia xa non son os da Xunta Local, senón os autos, resultados das pescudas xudiciais sobre as responsabilidades da rebelión. Faise evidente no 'relato' que artillan estes documentos o intento de exonerar os participantes de intencións reais revolucionarias, de xustificalo como parte dun localismo coa Pobra do Caramiñal. Escribe, dende o exilio, Antonio de Lamas: "*Al ver que otro pueblo ribal suyo, no solo se anticipaba a pronunciarse, sino que empezara a prodigar en su favor esta circumstancia para arrancar a Noya la capitalidad de su partido judicial. He aquí, Señora, idicado el móvil y único objeto del llamado pronunciamiento en este pueblo. La conservación de su capitalidad y evitar los desórdenes que quizan hubieran ocurrido a la entrada de una Patrulla militar armada que bajo pretexto del pronunciamiento se presentó en aquellos momentos*[14]". Unha tese que se ve apoiada polas declaracións do rexedor, Tomás Labarta, que tamén testemuñaba ter recibido información de que de parte da Pobra dirixíase o día 13 unha forza armada co obxecto de facer o pronunciamento na vila de Noia, ocultándose o rexedor para que non o molestasen. Un ano despois, o 21 de marzo de 1847, e como consecuencia das diferentes dilixencias, chegaba a orde de indulto que lles permitía aos exiliados noieses retornar aos seus fogares:

13 en AGRAFOXO, X., 1991, *op. cit.*, p. 172-173, igual que as restantes citas deste terceiro bando.

14 en AGRAFOXO, X., 1991, *op. cit.*, p. 175.

"...He dado cuenta a S.M. de una exposición que han elevado a este Ministerio Don Antonio Lamas Sotomayor, Don Rafael Ageitos, Don Juan Antonio Rodríguez y Don Agustín Vicente Malvido, yndividuos que fueron de la Junta Revolucionaria de Noya en los últimos acontecimientos, en la cual solicitan quese haga extensión la gracia dela annistía a sus personas y S.M. despues de ohir el parecer del Consejo de Ministros se ha dignado concederles la gracia que solicitaron pudiendo en su consecuencia regresar libremente a su País y al seno de sus familias. De Real Orden lo digo a V.I. para su inteligencia, para que lo hagan saver alos interesados y efectos correspondientes. Lo que dijo a V. para su inteligencia y adjunto le remito los Traslados dela preincrita Real disposición para que los haga llegar a manos de los interesados[15]".

As experiencias de exilio dos revolucionados noieses non deixan de rimar coa que tradicionalmente pesou sobre un dos seus ilustres e contemporáneos veciños: Francisco Añón, o gran poeta outense do pre-rexurdimento, e que segundo parte da historiografía clásica, tería participado no alzamento. Ao respecto, topamos contradición entre a postura de Tettamancy que, no seu estudo, "*inclúe unha nota a pé de páxina para facer constar que Francisco Añón foi proposto en 1868 para a condecoración coa Cruz de Valor e Constancia, en cumprimento dunha lei de 1855 (non aplicada) pola que se recoñecía a todos os que voluntariamente tomaran as armas a favor do alzamento*[16]"; e a visión de Manuel Murguía, que nos seus textos "*opina que a marcha a Portugal non foi unha desesperada fuxida por motivos políticos, senón 'para satisfacer sus vehementes ansias ver otros países y conocer otros horizontes'*[17]". Ante a falta, de momento, de documentación que poida esclarecer esta participación, só fica salientar a súa verosimilitude, dado o papel preponderante do estudantado universitario (do que Añón formaba parte) no levantamento.

Remataban así os sucesos revolucionarios na vila de Noia, dun xeito menos sanguento para as partes locais do que para as figuras máis senlleiras da revolta, que toparan sangue e chumbo nas terras de Carral. Mais a derrotada era un fenómeno puntual, e destinado a desnobelarse antes de non demasiado tempo. Apenas oito anos despois, a revolución de 1854 (a 'Vicalvarada') porá fin á década moderada e implantará por un par de anos un período de goberno progresista que, entre outras medidas, comezará o labor de restauración e aprecio das vítimas da revolta de 1846. E algo máis dunha década despois, a revolución 'Gloriosa' depoñerá a raíña Isabel, abrindo as portas ao sexenio revolucionario e aos primeiros gobernos e constitucións democráticas de España. Ao mesmo tempo, o abrollo aínda brando e delicado do provincialismo ía medrando e pasando por varias peles (Provincialismo, Federalismo, Rexionalismo), avanzando na conciencia do país unha galeguidade que levaría o seu historiador máis eximio, Manuel Murguía, a botar a ollada para atrás e, xunto a Tettamancy, homenaxear e glosar os feitos da Revolución de 1846, e cantala como a primeira pedra na edificación dunha conciencia nacional galega e dun goberno 'de seu' das súas xentes e territorios.

15 en AGRAFOXO, X., 1991, *op. cit.*, p. 176.

16 en BLANCO, R., *Vida e Obra de Francisco Añón*, Galaxia, 2012, p. 26.

17 BLANCO, R., 2012, *op. cit.*, p. 26.

Urbanismo en Noia (1974-2015)
A necesidade dun cambio de modelo

Pedro García Vidal

Transformar a cidade á marxe do cidadán foi ata o de agora a tónica dominante nos concellos. No franquismo, a falta de liberdade ignoraba calquera tipo de participación da cidadanía na construción da cidade. Os verdadeiros e case únicos artífices do espazo urbano eran os construtores, sempre en conivencia co poder político. Nesa época, os plans e as leis estaban para non cumprirse. De aí que a destrución da paisaxe urbana fose a consecuencia lóxica desa maneira de actuar. Coa democracia pensabamos que as cousas mudarían, e que a maior información e a liberdade para a crítica conducirían a unha maior calidade urbana. Críamos no Planeamento participativo como a ferramenta que ía resolver unha parte importante dos problemas, pero non contabamos que nas mans dos axentes que constrúen a cidade o poder político non ía exercer o seu papel de árbitro imparcial. A cidadanía non participa, só é un mero espectador. O seu papel é meramente testemuñal. Redúcese a contemplar a exposición pública do Plan. Como moito, vai realizar unhas alegacións que logo, en moitos casos, nin tan sequera serán contestadas pois, afirman os que mandan, non é obrigatorio. Ata hoxe a publicitada participación cidadá no Planeamento é mera leria, forma parte desa dobre linguaxe dos políticos ao uso que din unha cousa e fan logo a contraria.

Nas páxinas seguintes pretendemos facer un repaso ao urbanismo da democracia, tomando como exemplo a vila de Noia para, á vista dos resultados, poñer de manifesto a necesidade dun cambio de modelo, onde o urbanismo sexa unha actividade na que a cidadanía teña verdadeira participación e opinión, e non só sexa exclusivamente un coto privado para unha minoría propietaria dos lapis de cores, formada por políticos e técnicos.

DUN MARCO LEGAL PASIVO AO PRIMEIRO PLAN XERAL (1940-1974)

Ao igual que sucedeu no resto de vilas e cidades galegas, os primeiros anos da ditadura supuxeron na vila de Noia, dende o punto de vista do desenvolvemento urbano, un profundo parón con respecto ao que viñera acontecendo nos anos anteriores ao conflito civil. A penuria económica dos anos da posguerra paraliza todo o proceso construtivo de renovación urbana que a vila viñera anteriormente coñecendo. Por iso, a transformación é pouco significativa nos anos corenta. Non será ata a década seguinte, unha vez que comezan a mellorar as condicións económicas, unido á importancia da política oficial de construción de vivendas, cando terá lugar o inicio dunha nova etapa de desenvolvemento urbano moito máis transformadora, que a partires dos sesenta vai converterse na época máis febril para a vila histórica.

Un marco legal pasivo

Nos anos sesenta, ante a avalancha de demandantes de vivenda na vila, o poder político, o árbitro regulador das tensións entre os diferentes axentes construtores do espazo urbano, reacciona dun xeito pasivo ou cómplice con estes. A rapidez e intensidade con que se leva a cabo o proceso construtivo ten lugar nun contexto municipal de carencia de planos urbanísticos e da capacidade de xestión necesaria[1]. Ao mesmo tempo, o poder político municipal é consciente de que na conciencia social do momento, a imitación

1 Aínda que a Lei do Solo de 1956 proclama a elaboración de Plans Xerais de Ordenación en cada cidade, as administracións locais, en moitos casos en conivencia cos intereses de promotores e construtores, retrasarán canto sexa posible a súa realización. A avalancha de licenzas de construción, co que iso supoñía en concepto de ingresos municipais, deu lugar a que estas se concedesen dun xeito case indiscriminado, converténdose nunha importante fonte de financiamento das entidades locais.

de modelos existentes en cidades de maior tamaño, o "progreso" e "desenvolvemento" asócianse a unha imaxe de edificacións en altura. A construción vai ser agora o motor de crecemento das vilas e, polo tanto, os poderes públicos, coñecedores da súa importancia, van orientar a súa acción política na procura da maior estimulación posible da mesma sen se deteren noutro tipo de consideracións. Ao mesmo tempo, os valores colectivos predominantes naqueles anos son totalmente contrarios a calquera tipo de regulamentación urbanística ou planificadora. De aí que "se *fai común a transgresión normativa e o rexeitamento social á práctica planificadora que, evidentemente, está asociada á introdución de pautas restritivas dos intereses privados, a un reparto de cargas e beneficios, e a unha serie de tributos a satisfacer por parte dos particulares en beneficio da colectividade*"[2]. Ante esta predisposición social, a dificultade para levar a cabo calquera tipo de proxecto planificador do desenvolvemento urbano vai acrecentarse. As autoridades municipais colaboran dalgunha maneira nese rexeitamento, pois deste xeito poden actuar cunha maior liberdade e arbitrariedade na atribución das súas competencias. Instáurase de feito o "*deixar facer*" como un pacto implícito entre as partes que, como veremos, pervive en certa medida ata o momento actual.

O forte crecemento da vila de Noia que afecta ao Casco histórico –sobre todo aos seus bordos– prodúcese tamén nos arredores, en barrios de moi precaria dotación de infraestruturas. Son espazos que medran sen outra infraestrutura que a xurdida da xustaposición de servizos de acceso individuais imprescindibles, o que vai dar lugar a procesos de crecemento degradado.

Dende os anos sesenta, a vila converteuse no gran negocio de promotores, construtores, inmobiliarias e especuladores, os novos protagonistas do desenvolvemento urbano

Noia, o primeiro Plan Xeral de Ordenación Urbana (1974)

Á altura de 1966, en escrito do Gobernador Civil[3] dirixido ás autoridades municipais noiesas, precísanse as indicacións da Comisión Provincial de Arquitectura e Urbanismo sobre "*los problemas que plantea la promoción turística*". O desenvolvemento inicial do turismo comeza a considerarse por parte das autoridades do réxime como unha fonte importante de ingresos, pero dita actividade vén determinada, segundo a súa opinión, por moi diversas circunstancias, entre as que salientan: "*a) la construcción desordenada de edificaciones singulares; b) la agrupación, no planificada previamente, de dichas edificaciones; c) la creación de complejos turísticos que, no habiéndose presentado previamente a*

2 Rodríguez, R. (1999): *De aldeas a cidades*, p. 122.

3 Escrito de 20/07/1966, en *Expediente Plan Xeral de Ordenación*, Arquivo Municipal.

A paisaxe histórica. Perda de identidade e destrución da memoria

la preceptiva aprobación técnica, no reúnen, después, las condiciones sanitarias indispensables, y d) las derivadas de las tres anteriores, entre las que destaca cuanto se relaciona con la defensa del paisaje".

Por conseguinte, as autoridades provinciais no desexo de conseguir "*buenas y prácticas soluciones con respecto a una tan interesante problemática*", e facendo fincapé nas vantaxes que, con carácter preferente, se ofrecen ás zonas ordenadas ou declaradas de interese turístico –especialmente para a obtención de créditos–, invítase o Concello de Noia para que coa maior urxencia posible "*celebre sesión ordinaria o, en su caso, extraordinaria, para acordar: 1º. Solicitar de esta Comisión Provincial de Urbanismo la formalización de dicho Plan en lo que al territorio de ese Municipio de refiere;*



Un marco legal pasivo: edificación e especulación

2º. Formular peticiones dirigidas al Ministerio de Vivienda y a la Exma. Diputación Provincial para la concesión de ayudas económicas necesarias a la financiación de dicho Plan, justificando la imposibilidad del Ayuntamiento de financiar tales gastos con sus recursos presupuestarios; e 3º. Solicitar do Ministerio de Información e Turismo a declaración, a todos los efectos, de una o varias zonas de interés turístico comprendidas dentro del territorio municipal".

Ao mesmo tempo, advírtese ao Concello de que mentres non exista ordenación, haberá que ter moi presente, a efectos de concesión de licenzas de construción, o preceptuado no artigo 69 da Lei do Solo, consistente en remitir á Delegación Provincial da Vivenda, *"los proyectos de cualquier construcción antes de su comienzo y para su aprobación, si procede, ya que sin este requisito se considerará ilegal*". Seguramente, influído por esta advertencia, tres anos máis tarde o Concello de Noia, en sesión de 18 de marzo de 1969, acorda acometer a formación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal cos conseguintes planos topográficos, por considerar *"inaplazable tal necesidad*". Ao amparo do artigo 177 da Lei do solo do 56, o Concello comprométese a pagar o 50% do correspondente importe, debendo o resto ser subvencionado polo Ministerio da Vivenda.

A definitiva aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana vai ter lugar no ano 1974. O Plan nacía cun dobre obxectivo: por

unha banda, prevese a ordenación da crecente expansión da vila e, por outra, inténtase protexer formalmente o patrimonio histórico artístico da época, aínda que só segundo unha visión elitista do mesmo. Todo o problema da ordenación queda reducido a sinalar sobre o plano o crecemento da vila, os posibles trazados exteriores e interiores que estruturan todo o conxunto, e as actitudes de cada zona nas que se divide a vila. A participación cidadá neste primeiro Planeamento foi nula, como correspondía nun sistema político de ausencia de liberdades.

O Plan Xeral e o Casco histórico. O documento delimita claramente unha zona que vai definir xa nese momento como Casco histórico. Esta delimitación anticipa xa, de forma bastante axustada, a que será definitiva nas Normas Subsidiarias de 1990, respecto á cal difire exclusivamente nos seus extremos Este e Sueste. No Plan establecíanse uns parámetros de edificación para manter unha estrutura urbana proporcionada. A protección e conservación só se aplica a aqueles casos particulares e singulares de edificios valorados como extraordinarios, tales como os pazos góticos ou as igrexas, na liña de conceptualización exclusivamente monumental do patrimonio histórico-artístico. O Plan pretendía demostrar que sería posible manter a *alma* da vila, conservando aqueles edificios máis significativos dende o punto de vista artístico e monumental, ao mesmo tempo que se planificaba a súa reforma e adaptación a fin de manter o equilibrio necesario entre vellas estruturas e novos desenvolvementos.

O ***Plan Xeral e o resto de sectores urbanos***. Ademais do Casco histórico, o Plan recoñece unha "zona urbana" que vai ser coincidente cos inminentes barrios de expansión: Calvario, San Lázaro, Campo de Noia e Bergondo. A ordenación planeada apoiábase nos grandes esquemas viarios preexistentes, e a tipoloxía de vivenda adoptada é unha vivenda colectiva en bloques illados ou en rueiros que xeran patios.

Pode dicirse que o primeiro Plan Xeral de Urbanismo que chegaba a aprobarse en Noia respondía a unha metodoloxía anticuada, que descoidaba os aspectos fundamentais da xestión, programación e custes das propostas contempladas sobre o plano e, en consecuencia, non podía garantir a viabilidade de ningunha delas. Emporiso, o Plan supuxo unha referencia nun intre no que, en casos contados, as vilas ou cidades galegas optaban pola planificación. O Plan de 1974 achegou un cadro de racionalidade ao desenvolvemento da vila. Porén, o protagonismo da propiedade do solo e naquelas circunstancias políticas fará difícil o despregue dun planeamento racional. Hai que ter presente que o propio nome da "Lei do solo" na que se fundamenta, indica o fundamental que é esta variable no desenvolvemento urbanístico español.

O plano de aliñacións, xunto co de zonas, e as correspondentes Ordenanzas incorporadas ao Plan, non poderán resolver o conflito que axiña xurdiría coa aceleración do mercado inmobiliario e do sector da construción das décadas do setenta e oitenta. O problema da vivenda, incapaz de resolvelo o Plan, será abordado polos promotores privados e organismos públicos en contra das limitacións previstas nas ordenanzas de zonas. Ao mesmo tempo, o acelerado incremento edificatorio non foi acompañado das necesarias dotacións e infraestruturas, aínda estando planeadas. O incumprimento do establecido no Plan sinala o principio da descomposición da vila. O seu fracaso supón, ao mesmo tempo, o comezo dunha nova etapa na que a especulación e o interese económico sitúanse, en moitos casos, por riba das Normas. Os textos legais non van

constituír impedimento para que os axentes privados construtores da vila sigan despregando as súas estratexias e prácticas particulares modelando o espazo urbano en función dos seus propios intereses.

A TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA. ENTRE A PROTECCIÓN LEGAL E A DESTRUCIÓN CONSENTIDA

Se o enfrontamento á situación política de ausencia de liberdades era manifesto naquelas datas finais do franquismo, tamén na reivindicación urbanística vai xurdindo unha plataforma común de reclamación fronte ás actuacións especulativas por parte dos diferentes grupos políticos. Cando se constitúen os primeiros concellos democráticos, o tema urbanístico converteuse nunha das pezas fundamentais da política local. Xa nas campañas electorais podía apreciarse a importancia que o tema ocupaba nos diferentes programas dos partidos. Agora vai comezar unha nova etapa na historia do urbanismo noiés, caracterizada pola vontade municipal de modificar a anterior situación, actuando sobre o espazo urbano de xeito diferente. É un momento vivo de gran dinámica no que se debaten os problemas urbanos máis urxentes, coa vontade de afrontar a súa resolución.

Aqueles primeiros anos de incipiente democracia coinciden no tempo cunha progresiva ralentización da actividade construtora na vila de Noia, ao igual que sucede no resto do país. Os efectos da crise económica europea repercuten en forma de retorno dos emigrantes e, ante as malas perspectivas laborais, o mercado inmobiliario sofre un acusado retroceso. O número de licenzas de construción cae en picado de xeito ininterrompido dende 1977 ata 1983 en que se rexistra un mínimo histórico con menos de 10 licenzas. Isto vai dar lugar a que na vila construída non se produzan cambios espectaculares, á parte das operacións de restauración urxente dunha vila enferma pola especulación e o abandono. Así, o que hoxe podemos chamar o urbanismo de "transición" entre o 1975 e finais dos anos 80 caracterízase por unha progresiva toma de conciencia dos problemas máis inmediatos e menores que, acumulados como consecuencia da rápida extensión da vila realizada nos últimos decenios, fai que constitúan un cúmulo de temas a solucionar sen máis demora. As políticas municipais centráronse, nestes primeiros anos de democracia, na acción correctora de anteriores deficiencias, e emprendéronse realizacións dirixidas a dotacións sociais, culturais e recreativas, ao mesmo tempo que á mellora da calidade ambiental. Pequenas accións transformadoras a través de actuacións puntuais como pavimentacións, iluminación, apertura de vías, etc., en parte continuadoras do labor hixienizador e de mellora de servizos urbanos, das etapas precedentes.

Hoxe en día podemos valorar o grande alcance de moitos daqueles debates que, recollendo a forza crítica contida en tantos anos de oposición, foron converténdose aos poucos en semente de actuación das novas entidades democráticas. Coa entrada dos novos concellos democráticos cobra un especial interese a revisión dos plans urbanísticos. Se o planeamento de Noia tivera lugar no período de cambio de réxime, agora vai producirse a discusión concreta para pasar da crítica á acción. A nova situación democrática leva ao pleno municipal forzas progresistas que toman o compromiso de afrontar tanto a reforma da administración como a mellora urbanística dunha vila pouco coidada durante as últimas décadas. Así, o recentemente elixido alcalde socialista, Díaz Fornas, ao mesmo tempo que

Hospital de Afora. O seu derrubo supuxo un punto de inflexión na destrución da arquitectura patrimonial

anunciaba o obxectivo de conseguir para Noia a declaración de municipio preferente no uso turístico, prometía que *"el Plan General de Ordenación Urbana será revisado"*[4].

Porén, todo quedou nunha declaración de intencións. A realidade encargouse de demostrar o contrario. As primeiras corporacións democráticas noiesas van ser herdeiras do PXOUM realizado no final da ditadura. Nese senso, e dado que dito planeamento fora aprobado tan só en 1974, as novas corporacións non van atreverse a modificalo ou facer un novo, sexa porque no pensamento deses políticos se segue na dinámica do pouco convencemento cara á planificación, por pensar que as normas están feitas para non cumprilas, polo temor a un planeamento democrático con participación cidadá, ou por pensar que dito planeamento era suficiente para conseguir os obxectivos urbanísticos en mente[5]. Fose polo que fose, o que é certo é que o PXOUM de 1974 vai durar nada menos que 16 anos. A xestión do mesmo foi realizada polas novas corporacións democráticas, e a elas hai que asignar os moitos incumprimentos do mesmo, algúns graves, así como os acertos, cando os houbo.

Contraditorio é o cualificativo que mellor lle acae a estas primeiras corporacións democráticas no tema da conservación da paisaxe construída da vila histórica. Así, os

4 Declaracións do alcalde socialista Díaz Fornas en entrevista concedida ao xornal *El Correo Gallego* 25/04/1980.

5 A salientar que no ano 1975 un novo proxecto de lei reformara a nivel estatal a antiga Lei do solo do 1956. Con ela pretendíase reforzar a disciplina urbanística por medio do establecemento dun sistema de sancións e, ao mesmo tempo, axilizar a consecución de solo urbano co obxectivo de abaratar o seu custo e frear a especulación.



O PEPRICH, un Plan para protexer a memoria

anos 80 supuxeron o paradoxo de, por unha banda, continuar no proceso de destrución progresiva de arquitectura patrimonial (derrubo do Hospital de Afora) e alteración paisaxística (polémico edificio *Unicentro* no inicio da rúa Montero Ríos) e, por outra, é agora cando se dan os primeiros pasos dirixidos a lograr a súa definitiva protección. Dende o poder político fálase dunha revisión do Plan, de deseñar unha edificabilidade baixa, e dunha política de rehabilitación da vila histórica, mentres na rúa os cidadáns contemplan actuacións que non se corresponden en absoluto con esas propostas.

A VILA HISTÓRICA: DA PROTECCIÓN TUTELAR Á PROTECCIÓN URBANÍSTICA INTEGRADA

O interese pola recuperación do tecido urbano prodúcese a partir dos anos oitenta e formúlase sobre todo no Centro histórico, que é onde a actuación destrutiva das décadas precedentes deixara as máis visibles pegadas. A presión social foi sobre todo de carácter nostálxico, debido á desaparición de pezas que formaran parte da memoria colectiva dos cidadáns. Ante esta incipiente preocupación, iniciouse a elaboración dos Plans Especiais, entendidos basicamente como instrumentos de protección e rehabilitación.

A difícil xestación do PEPRICH noiés

A elaboración e aprobación definitiva do Plan Especial e Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (PEPRICH) foi un dilatado proceso no tempo que abarca dous mandatos municipais de diferente signo político e baixo o mando de tres alcaldes distintos. Isto supuxo tamén un notable obstáculo na súa tramitación, pois o tema patrimonial foi incluído na loita política[6]. O Plan tivo unha elaboración técnica e politicamente azarosa. Polémico dende o seu nacemento e contraditorio ao longo da súa tramitación, vai nacer ameazado por unha descrenza xeral sobre a obxectividade e xustiza do mesmo, por mor das interferencias políticas no que deberan ser estritos criterios técnicos.

Superados os peores momentos da crise política no partido nacionalista gobernante, o novo grupo de goberno, en minoría no pleno da Corporación, vai encargar á equipa dirixida por J. González-Cebrián Tello a elaboración dun documento de Avance do Plan Especial que fixase as liñas básicas tendentes a ordenar a futura protección, conservación e rehabilitación do Casco histórico como primeiro paso para redactar a normativa definitiva. Tendo en conta que o tempo de mandato da corporación gobernante era limitado, a alcaldía propón uns obxectivos de protección o bastante amplos e abertos como para que calquera futura Corporación puidese continuar a tarefa sen grandes problemas. A resolución do concurso tivo lugar en 1994 e as eleccións municipais celebráronse na primavera de 1995, polo que o documento de Avance xa sería presentado para a súa avaliación e aprobación á nova corporación saída da urnas que agora sería do Partido Popular.

Celebradas as eleccións de 1995 que outorgan o poder municipal ao Partido Popular, o novo grupo aprobou o Documento de Avance e, tras a oportuna exposición pública, onde só se presentaron tres escritos de suxestións, procedeuse á preparación do documento de Aprobación Inicial. Este documento foi ratificado pola Comisión de urbanismo na primavera de 1996 cos votos do grupo de goberno. A oposición abstívose. O proceso de aprobación, que semellaba transcorrer por vieiros tranquilos, vai, porén, verse alterado dun xeito sorprendente na fase última do proceso, o que provoca que a aprobación inicial sexa rexeitada no Pleno da corporación polos partidos da oposición, contando só como votos favorables os do grupo do goberno. A situación mudara dun xeito notable e deu lugar á politización do proceso, que contribuíu ao desacordo entre as forzas políticas e á deslexitimación do planeamento aprobado uns anos máis tarde (1998). Como apunta Pena Castro *"a utilización por parte do goberno local dos técnicos para a defensa dos seus intereses de grupo levou consigo o desprestixio do novo planeamento de conservación da cidade vella"*[7]. O motivo de polémica foi, principalmente, a introdución de dúas modificacións no documento de Aprobación inicial que foron entendidas pola poboación como claros exemplos de favoritismo político.

No primeiro caso, modificábase a situación dunha pequena vivenda con fachadas ás rúas do Curro e Nova, co claro obxecto de beneficiar a propiedade dun particular. *"Trátase dun caso de favoritismo político que promove a idea de arbitrariedade do proceso e a flexibilidade*

6 E se temos en conta o alto grao de crispación ao que chegou a vida social e política naqueles anos de goberno nacionalista, o que conduciu incluso á inhabilitación política e administrativa dun alcalde, é doado supoñer as tremendas dificultades do Plan para abrirse camiño. Pero, ademais, nese clima enrarecido era difícil impulsar as preocupacións polo patrimonio urbano.

7 Pena Castro, M. J. (2006): *Vivir na historia. Antropoloxía do Patrimonio urbano en Noia*., p. 264.

normativa, malia a pretendida lexitimación dos técnicos, de maneira que o papel obxectivo destes tamén quedou en dúbida"[8]. Nun concello pequeno como o de Noia, este caso tivo unha importante repercusión pública e supuxo un duro golpe no proceso de institucionalización patrimonial. Na opinión pública instalouse a idea de que a equipa de goberno municipal non actuaba de acordo aos principios de legalidade e respecto pola opinión dos técnicos e expertos como afirmaba, senón que algunhas actuacións estaban marcadas polo amiguismo e o favoritismo. Este caso implicou o fortalecemento das posicións dos propietarios, que van rexeitar maioritariamente o modelo de conservación proposto polos redactores.

O documento de Aprobación Inicial foi tamén modificado por unha segunda cuestión relativa á delimitación do Casco histórico. Este segundo caso tiña que ver coa modificación dos lindes do Casco histórico e a ordenación dos novos espazos integrados. A delimitación do Casco histórico, especificada na declaración de conxunto histórico-artístico, fora ampliada para facela coincidir case por completo coa que se debuxaba nas Normas Subsidiarias de 1990. Na marxe dereita do río Traba e no solo vacante posterior á rúa da Corredoira de Afora formulábase unha operación de ordenación na que convén resaltar a idea de prolongación do percorrido de borde, iniciado nos *Malecóns*, ao longo do curso final do río Traba, e a recuperación dos muíños situados no barrio de A Pedrachán, xunto coa Ponte de Traba. A zona, que estaba catalogada polas Normas Subsidiarias como zona verde, e que así se contemplaba no documento de Avance, vai aparecer, porén, alterada no documento de Aprobación Inicial. A proposta da equipa de goberno da alcaldía entrante consistía na transformación desta ampla zona verde nunha área urbanizable, consistente nun conxunto de bloques de vivendas e apertura de novas rúas.

Ao igual que o caso anterior, esta modificación foi entendida polos veciños como unha mostra de favoritismo cara a persoas achegadas ao novo partido gobernante, nun claro exemplo de amiguismo político e flexibilidade normativa. A desconfianza e o desprestixio do Plan aumentaban coas sospeitas de nepotismo, e o labor dos técnicos púxose baixo sospeita, pois pensábase que obedecían claramente directrices políticas en contra de criterios estritamente técnicos. Neste caso, incluso, considerábase que a gravidade era maior. Agora non só os criterios políticos se impoñían aos técnicos, senón que a modificación implicaba unha alteración da normativa xeral de ordenación urbana da vila, pois pretendíase converter en urbanizable unha zona catalogada como un espazo verde.

Finalmente, a intervención dos órganos administrativos superiores vai impedir esta teimuda e manifesta irregularidade por parte do grupo de goberno, obrigando a manter a zona verde. Ante estes graves feitos, os termos *favoritismo* e *inxustiza* comezaron a converterse en linguaxe cotiá para referirse ao Plan, e a desconfianza cara ao grupo de goberno foi aumentando a medida que se desgastaba igualmente a lexitimación do proceso de patrimonialización.

Logo do exposto, podemos concluír que, a partir do ano 1996, o proceso de aprobación do PEPRICH vai entrar nunha etapa de forte debate e polémica. A politización do tema, con posicións claramente enfrontadas e graves acusacións de favoritismo ao grupo de goberno, vai caracterizar esta nova fase. Na rúa, comezou a instalarse a idea de que os técnicos obedecían as imposicións políticas, e a deslexitimación do seu labor foi unha das consecuencias máis

8 *Ibidem*, p. 266.

negativas. *"O clima de arbitrariedade e inxustiza fomentaron o rexeitamento e a resistencia ante a nova normativa"*[9].

Con diversas interrogantes a despexar en futuras investigacións, e con variacións importantes respecto á súa aprobación inicial –entre elas a máis destacada a desaparición da polémica zona do Traba–, o PEPRICH noiés chega ata o ano 1998 para a súa aprobación definitiva.

Noia: Balance breve dunha década de Planeamento protector

Transcorridos dezasete anos dende a aprobación do PEPRICH para o recinto histórico da vila de Noia, que balance pode realizarse sobre a aplicación do mesmo? Neste apartado, e dun xeito abreviado, trataremos de sinalar aqueles erros e acertos principais que a aplicación do Plan produciu na paisaxe histórica da vila de Noia, e que van marcar, en gran medida, o futuro da mesma.

-Continúa a perda de peso e avellentamento poboacional da vila antiga. O abandono e avellentamento do casco histórico noiés é un feito constatable, que se acelerou notablemente nos últimos anos, e que a posta en vigor do Plan Especial non logrou frear de ningunha maneira. Neste senso, o fracaso do Plan é claro na posta en marcha de políticas activas que fixesen atractivo aos mozos residir no recinto antigo.

-Unha xestión e disciplina urbanística deficientes. Os primeiros anos de aplicación do Plan –por inexperiencia, por irresponsabilidade, por electoralismo, ou simplemente por non crer nel–, os incumprimentos foron manifestos e marcaron dun xeito negativo o seu futuro desenvolvemento. Dende o primeiro momento de entrada en vigor do Plan, todo un conxunto de pequenas transgresións comezan ser visibles: peches opacos nos establecementos comerciais, rótulos que incumpren a norma, emprego de materiais incompatibles coa normativa, irregularidades na cuberta, etc. A ausencia dunha efectividade sancionadora, á parte doutras causas, obedece ás eivas dun sistema político baseado, en boa parte, no caciquismo e clientelismo, xunto á falta de conciencia sobre a importancia da regulación do proceso de construción territorial e urbana. Este conxunto de visibles incumprimentos, nos primeiros momentos de entrada en vigor do Plan, favorecen a imaxe dun estado de indisciplina xeneralizada que leva –velaí o seu aspecto máis negativo–, ao escepticismo e ao desánimo da poboación[10].

-O fracaso parcial da peonalización. Ante as indicacións do Plan dirixidas cara á mellora da articulación viaria do núcleo central, recomendando como un obxectivo a conseguir a recuperación do espazo circulatorio interno para uso peonil –sen que iso significase a prohibición absoluta de circular, que só se limitaba *"a aquellas zonas en las que la propia incapacidad viaria o su configuración urbanística y de uso así lo aconseje"*[11]–, o poder político, consciente da impopularidade inicial deste tipo de medidas, vai mostrar o modelo de actuación típica de desleixo cara a unha proposta na que non cre ou que considera pode erosionar o seu poder.

9 Pena Castro, M. J. (2006): op. cit., p. 275.

10 A escaseza e, sobre todo, a ausencia de expedientes sancionadores, pon de manifesto o desinterese por parte das autoridades municipais de facer fronte ao conxunto de irregularidades e infraccións que se viñeron cometendo no Casco histórico dende a aprobación do Plan. Considérase que a permisividade é máis rendible politicamente que velar polo cumprimento da lei. Dende o ano 2000 ata a actualidade só se levaron a cabo aperturas de expedientes por irregularidades nos anos 2008 (18), 2009 (11) e 2010 (5). Ningún dos cales carreou sanción. Datos facilitados pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico. Concello de Noia.

11 *Documento de Avance. Información urbanística. Plan Especial de Protección e Reforma interior do Casco Histórico de Noia*, xuño 1995, Concello de Noia, punto 8.1.3.

Ante a posibilidade de futuros custes electorais, os diferentes gobernos, vista a resposta dun numeroso grupo de comerciantes e veciños tras da proposta de peonalización parcial do Casco histórico formulada no 17 de decembro de 1999 polo goberno socialista[12] no problema do tráfico, van mirar cara a outro lado. Se ben é certo que as cousas mudaron respecto do que viña sucedendo anteriormente, e que en determinadas rúas a presenza do vehículo reduciuse notablemente, a medida que transcorreu o tempo, e dado o precedente, no tema do tráfico vai practicarse un sutil *laissez-faire*, o que vai dar lugar a unha paulatina reconquista do espazo polo automóbil. O limitado da decisión tomada en 1999, e toda a polémica posterior, tivo a consecuencia dunha oportunidade perdida, polo que a humanización da vila antiga quedou aprazada *sine die*.

-O agromar dunha nova paisaxe respectuosa co pasado. A posta en marcha do Plan Especial afectou dun xeito claro á política de construción e rehabilitación de vivenda urbana[13]. A posta en valor da vila antiga que o Plan dalgún xeito conseguiu, xunto coas axudas públicas[14] creadas con esa finalidade, favoreceron un proceso continuo de construción e renovación da vivenda, que se manifesta no importante número de licenzas concedidas nestes dez anos últimos. Tanto no que fai referencia a obras maiores nas vivendas, como aquelas que refiren a variada gama de actuacións baixo o epígrafe de obras menores, sinalan un proceso de renovación continua que se vén producindo na vila antiga no campo da edificación[15]. Toda esta serie de actuacións privadas realizadas no decurso destes anos de vixencia do Plan Especial no que fai referencia á vivenda, proporcionaron, sen dúbida, unha nova imaxe ao conxunto da vila antiga. Especialmente visibles son todas aquelas referidas á fachada da edificación que traslada á rúa unha imaxe renovada baixo as premisas ditadas polo Plan.

Cumpríronse, aínda que con polémica pola perpetuación do lousado en cerámica de clara influencia mediterránea, as actuacións sobre a Alameda (1999), así como a remodelación do espazo do Campo da Feira (2010). Ao mesmo tempo, lévanse a cabo actuacións sobre o conxunto de paseos de ribeira que bordean a fronte litoral do Casco histórico, considerados como de máxima prioridade para conseguir unha mellora efectiva da imaxe urbana do núcleo. A primeira deste tipo de actuacións execútase sobre un recheo de bordo previo. Correspondíase co primeiro tramo de paseo marítimo correspondente ao peirao do Marqués, actuación igualmente con certa polémica por diferentes carencias de obra e tipo de materiais empregados, así como pola súa realización en ausencia dun previsto Plan Especial do Paseo Marítimo Litoral, conforme ao establecido nas Normas Subsidiarias vixentes nese momento[16]. Foi esta a única das actuacións previstas no bordo marítimo, inaugurada en 10 de xuño do 1999. A transcendental actuación prevista sobre o Malecón de Gasset, sen dúbida a de maior influencia visual sobre a vila histórica –que incluía un recheo entre a Ponte de Noia e o antigo

12 Pode seguirse toda esta polémica da peonalización do recinto histórico en, Agrafoxo Pérez, X. (2008): *Noia no cambio de século*, pp. 212-214.

13 A Declaración do recinto histórico como Área de Rehabilitación Integral (ARI), o 9/01/1998, facilitou o acceso ás axudas públicas para rehabilitación de vivendas.

14 Dentro do Plan de axudas para a rehabilitación de vivendas en Cascos Históricos do Goberno Autonómico, ao que Noia accedeu a partir da 3ª fase, o número de obras particulares con aprobación definitiva comprendidas dentro desa 3ª e 4ª fases foron 22. Na 5ª fase, pendentes da cualificación definitiva da Xunta, foron 8 as solicitudes. Por último, na 6ª e 7ª fases de axudas, con prazo de aprobación definitiva 31/12/2012, o número de solicitudes foi de 3 e 12, respectivamente.

15 Os datos foron facilitados pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico. Concello de Noia.

16 Normativa Urbanística do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Noia. Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, nº 256, 1988, p. 8799.

Actuación na Pedrachán

peirao do Marqués e posterior trazado dun paseo litoral arborado cunha sección axeitada para uso peonil, xunto coa modificación da sección de aparcamentos existente desprazando o estacionamento en batería cara á mediana arborada, "*suprimiendo los surtidores de gasolina existentes en la actualidad y ampliando la acera frente a las fachadas*"[17]–, non se efectuou. Pola contra, no decurso do ano 2009, realizouse unha actuación sobre a orela dereita do Traba, en concreto na zona coñecida como *Pedrachán*, espazo como sabemos de gran tradición histórica, caracterizado pola presenza de muíños, *poças* ou píos para o curtido de peles e lavadoiros públicos. Esta actuación de "*Acondicionamento, recuperación de accesos, lavadoiro e entorno dos Muíños da Pedrachán*", consistente en favorecer os accesos, empedrado, alumeado e mellora do aspecto das fachadas das edificacións, supuxo un cambio notable na dignificación dun espazo social ligado a unha longa tradición cultural que ficaba como un sector marxinal do casco histórico[18]. Como aspecto novidoso da actuación foi o ter en conta a opinión de moradores e usuarios aos que previamente se lles consultou sobre as súas necesidades e a percepción do lugar abordada dende a súa propia valoración tanto física como simbólica.

-As paisaxes ocultas van facéndose visibles. A aplicación nestes anos da normativa do Plan no relativo ás cautelas arqueolóxicas na tripla

17 *Ibidem*: p. 8799.

18 Esta actuación levada a cabo polo Concello, en colaboración coa Oficina de Rehabilitación, recibiu o primeiro premio de arquitectura Manuel Gómez Román, que convoca a Asociación Setestrelo de Ourense, na modalidade de Construcións Adxectivas Rehabilitadas ou Reconstruídas. A equipa técnica encargada do traballo estaba composta por: Ana Filgueiras, arqueóloga e antropóloga; Salgado+Liñares, arquitectos e enxeñeiros; Cenlitrosmetrocadrado, deseño sistema de sinalización direccional e de micro-toponimia.

Remodelación da rúa-praza do Curro e actuacións no Malecón de Gasset e Porta da Vila

zonificación espacial proposta, significou a oportunidade de sacar da invisibilidade toda unha serie de paisaxes ocultas. A arqueoloxía urbana, que inclúe as escavacións *in situ*, constitúe unha das fontes básicas para o estudo da paisaxe urbana, tanto para o descubrimento de información caracterizada pola ausencia de fontes escritas, como para a confirmación daquelas informacións procedentes de fontes escritas que falan de elementos na actualidade desaparecidos. En moitos casos, o rexistro arqueolóxico é o único que pode botar luz sobre determinados procesos de socialización do espazo. Grazas ao conxunto de todas estas actuacións preceptivas, rexistradas logo dun xeito preciso nas memorias de escavación correspondentes, acumúlase información valiosísima sobre as paisaxes do pasado da vila. Ao mesmo tempo, cada descubrimento permite un mellor e máis preciso coñecemento da vila histórica, facilita igualmente levar a cabo un importante labor de pedagoxía de cara ao coñecemento e respecto polo pasado por parte dos habitantes.

AS NORMAS SUBSIDIARIAS DE 1990

Entre 1975 e 1990 vai ter lugar un feito salientable na evolución lexislativa en materia de planificación urbana, como é a consolidación da estrutura administrativa do estado das Autonomías. Segundo isto, a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o *Art. 27.3* do

Antigo acueduto sacado á luz

seu *Estatuto de Autonomía*, vai ter competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, o urbanismo e a vivenda. A Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, nacida en base a esa competencia, xorde coa finalidade de adaptar a normativa xeral ás particularidades da territorio galego. Como aspecto a salientar é o gran pulo que reciben as Normas Subsidiarias como elemento de planificación municipal nos concellos de complexidade media ou baixa. Esta figura lexislativa vai ser a elixida por un maior número de concellos[19] ao ser esta unha normativa que, tendo o mesmo rango xerárquico que os Plans Xerais, porén, presenta unha xestión simplificada.

O urbanismo da democracia, irá paseniño tomando conciencia dos graves impactos que sufrira a vila como consecuencia da forte inmigración de persoas procedentes das áreas rurais, das alteracións provocadas por ese rápido crecemento na distribución de usos e actividades, da permisividade na ocupación e na edificación, ou da falta de iniciativa municipal. Así, nos anos oitenta, a situación urbana da vila caracterizábase por un estado de abandono do Centro histórico, cunha progresiva e importante alteración dos seus bordos, e unhas periferias que medraban principalmente ao longo das vías de comunicación principais dun xeito desordenado. A toma de conciencia dos males que afectaban a vila como froito dese "desarrollismo", tanto no seu centro como na periferia –con importantes carencias no campo das infraestruturas, dos equipamentos, da falta de calidade da vida urbana e do deterioro do medio ambiente–, vai dar lugar a unha reacción que conduce a unha revisión do seu planeamento municipal baixo o propósito de tratar de resolver os problemas herdados. Desta maneira, xorde un novo planeamento adaptado á nova Lei do Solo que trata dunha maneira ampla de "rematar" a vila preexistente antes de pensar en preparar novas extensión urbanas. Para iso, procédese a revisar á baixa as densidades edificatorias, a prever e programar a execución de equipamentos urbanos que require a vila actual, e a dotala de infraestruturas, procedendo mediante todo isto a formular a reestruturación do conxunto urbano.

Tratábase do primeiro planeamento realizado ata o de agora na democracia, o que supuxo por vez primeira escoitar a voz dos diferentes axentes implicados na realización do espazo urbano. Entre os obxectivos perseguidos pola equipa redactora, coa participación cidadá na elaboración das Normas Subsidiarias de Planeamento de 1990, estaban: informar a poboación dos porqués da redacción das N. S. de Planeamento, 16 anos despois da aprobación do PXOUM vixente; obter o máximo grao de coñecemento da realidade sobre a que se estaba actuando; buscar a aceptación do planeamento por parte da poboación; e apurar os contactos coas administracións públicas con competencias sectoriais de cara á consecución dunhas N. S. consensuadas[20]. Para levar

19 Pena Castro, M. J. (2006): op. cit., pp. 130-131.

20 Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento. Concello de Noia, Memoria, p. 6.

adiante a máxima participación pública, a equipa redactora mantivo contacto directo cos veciños, institucións, empresas, etc. durante a recollida da información. Ademais, levou a cabo reunións con xente interesada en realizar proxectos urbanísticos de diverso tipo co gallo de se poñeren de acordo nos principios que, no seu caso, deberían informar tales proxectos. Igualmente, a participación pública concretouse no asesoramento da equipa redactora, xunto cos servizos técnicos do Concello, nunha serie de casos nos que se interesou información sobre posibilidades de novas construcións (edificatorias, infraestruturais), arranxo das existentes, cambios de uso, etc.

No período de exposición pública presentáronse 62 escritos de suxestións, dos cales dous ían asinados por colectivos de propietarios (nun caso para solicitar a ampliación do casco urbano e noutro para pedir a formulación dunha unidade de actuación). No informe sobre as suxestións presentadas, que analiza en conxunto os temas abordados e, individualmente, cada escrito ou escritos sobre un mesmo tema, propúxose: a asunción total do contido no caso de 26 suxestións (a metade dos temas abordados e o 42% do número total de suxestións presentadas); a asunción parcial de 7 suxestións (o 13% dos temas abordados); en tres casos a suxestión partía de erros na formulación do tema (6%); a desestimación total ou parcial de 23 suxestións (o 43%) por formularen solicitudes que contraviñan os obxectivos e criterios xerais establecidos no documento de Avance, sen presentar un modelo alternativo de ordenación. Segundo isto, a participación pública foi escasa, e os temas tratados, como adoita acontecer nestes casos, respondían maioritariamente a intereses particulares máis que a unha preocupación polo interese xeral. De calquera xeito, pode concluírse que non só se deu cumprida resposta á esixencia contida no artigo 6 do Decreto 242/89 (que substituíu ao 125 do Regulamento de Planeamento), senón que constituíu, de seu, segundo opinión da equipa redactora, "*un procedemento para mellorar sensiblemente o documento avanzado*"[21]

A Corporación Municipal, co respaldo político adquirido nas urnas, emprendeu unha nova estratexia ante os problemas da vila, definindo criterios e obxectivos que permitisen reorientar, nun marco normativo distinto, os principais fenómenos vencellados ao planeamento. En consecuencia, as propostas formuladas polo Plan de 1990 obedecen a unha metodoloxía máis capaz de corrixir os grandes desequilibrios provocados nas décadas anteriores.

A Noia nacida da xestión das Normas Subsidiarias de 1990

As Normas asumiron algunhas das formulacións herdadas do antigo Plan de 1974. "*A análise comparativa entre o planeamento vixente e a realidade da vila no momento presente levou a formular un avance de planeamento que procurase non fuxir en demasía da modulación urbana que impuxo o dito Plan, pero tentando dar solucións novas nas zonas onde se detectaron problemas urbanísticos (falta de desenrolo, divorcio entre realidade e norma, etc.)*"[22]. O Casco histórico, como vimos, foi recoñecido e remitido a un Plan Especial de Protección, en resposta á declaración de Conxunto Histórico Artístico de 1985, nun intento de salvagardar o malogrado núcleo histórico e reconducir o proceso de deterioro no que estaba inmerso. Pero máis alá da especial atención á cidade histórica, os obxectivos esenciais da Normas eran: conter

21 Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento. Concello de Noia, Memoria, p. 9.

22 *Normas Subsidiarias do Concello de Noia. Concello de Noia, Memoria*, p. 17-18.

A Noia nacida da xestión das Normas de 1990

a expansión do espazo urbano que medrara sen medida na época do expansionismo; crear instrumentos legais para poñer freo á especulación; tentar corrixir os factores que levan ao desequilibrio entre centro e periferia; planificar e construír aqueles equipamentos públicos dos que a vila carecía. A expansión urbana incidía, como non podía ser doutro xeito, nos tres barrios satélites do Centro histórico (Campo de Noia, Calvario e San Lázaro) se ben se formularon novos criterios na procura de corrixir erros anteriores.

O grao de cumprimento do conxunto de obxectivos das Normas foi bastante desigual. A súa progresiva aplicación vai ir ampliando o espazo vilego por mor da realización de novas urbanizacións nos seus bordos. Actualmente, en varios lugares da vila, estase a rematar algún dos seus enunciados: urbanización de Labarta, Tubos, urbanización Barcia, ou iníciase con polémica o que queda por urbanizar, como sucede en San Lázaro coas unidades de actuación aínda non finalizadas. A realización destas Normas de planeamento, se ben supuxeron un logro importante, non é menos certo que non ían impedir de xeito completo a comisión de toda unha serie de irregularidades. Baixo o seu amparo cometéronse graves faltas de sensibilidade e de cultura que deron lugar a tremendas equivocacións que, pola súa envergadura, custo e permanencia, marcarán durante xeracións a vila, coa pegada de concelleiros e arquitectos asinantes de

tales disparates. Algunhas actuacións foron enormemente polémicas (os edificios da Alameda, o edificio de Tubos, o edificio Valle Inclán, ou o actual intento de modificación da Unidade de Actuación número 3 en San Lázaro, poden servir de exemplo), e aí quedarán como permanentes testemuñas do que se fixo mal.

No capítulo pertencente a equipamentos, lográronse algúns éxitos significativos como, por exemplo, a realización dunha moderna estación de autobuses, única na comarca e arredores, e da que carecen localidades tan importantes como Ribeira. Igualmente, lévase a cabo a realización da primeira piscina municipal da zona, etc.

O balance máis favorable do planeamento nestes anos pode atoparse, como xa vimos, no capítulo da protección do recinto histórico da vila. A actuación sobre o Casco histórico marca máis claramente, sobre todo no relacionado coa elaboración dunha normativa de protección, ás veces de modo ben visible, o paso a outra etapa da súa historia.

Os maiores problemas toman forma na periferia da vila, especialmente naqueles espazos onde a transformación prevista non chegou a completarse, o que deu lugar a que convivan entre os novos bloques de edificios de baixo e tres alturas elementos tipolóxicos do pasado en forma de vivendas unifamiliares de baixo e unha altura. Isto é consecuencia dun elemento novo nas Normas, cuxa idea foi a incorporación ao solo urbano dos asentamentos de orixe rural que formaban parte da nebulosa periférica, en base aos cambios estruturais ocorridos e á tendencia sen retorno cara a patróns urbanos destas áreas sometidos ao influxo da vila. A edificación nestas zonas por simple licenza directa nos bordos viarios, sen necesidade de ningún custo urbanizador previo, fixo que os promotores mercasen solares e vivendas unifamiliares para convertelas en edificacións de baixo e tres ou catro alturas. Cando o propietario dunha desas antigas vivendas unifamiliares se resiste á venda, e ante a compracencia municipal que o permite, a vivenda vai verse agresivamente rodeada por medianeiras de elevados bloques edificatorios que, nalgún caso, rodéana por completo. É precisamente nestes lugares de bordo urbano, con existencia previa de pequenos núcleos, onde os efectos perversos dunha expansión urbana pouco respectuosa e irracional se fai máis presente. Na súa paisaxe predomina un viario sinuoso e estreito, froito dun antigo camiño ancheado, ao que se superpoñen nos seus bordos desproporcionados edificios en altura e volume que alternan con pequenas vivendas unifamiliares nun conglomerado que expresa visualmente os efectos dun urbanismo oportunista na procura da maior plusvalía.

Pola contra, as áreas de urbanización máis recentes xurdidas en espazos urbanizados de nova creación son de predominio absoluto da edificación en altura, formalizados en bloques formando quinteiros en diferentes solucións. A salientar polo seu volume edificatorio as urbanización de Labarta, en bloques de edificios paralelos ao bordo marítimo, que teñen continuidade noutros de igual tipoloxía pero formando quinteiros, na franxa comprendida entre estes e a estrada a Muros. Ao outro lado desta estrada, igualmente, as novas edificacións en bloques, que forman quinteiros, impoñen o seu dominio ante a cada vez máis escasa presenza de vivendas unifamiliares con tipoloxía do pasado. Entre este amplo sector do Calvario e a vila histórica existe unha estreita relación a través principalmente da rúa Rosalía de Castro, actuando o espazo da Alameda como un elemento de encontro ou espazo común a ambos os dous sectores urbanos. Precisamente, o bordo Leste da Alameda foi un dos lugares

Os maiores problemas aparecen nas zonas de contacto entre os antigos núcleos e a nova vila

onde a transformación vai ser máis intensa. Neste lugar, onde xa apareceran os primeiros edificios, como o que alberga a Sociedade Liceo e outros, en virtude da aplicación do Plan do 1974, vai executarse, mediante a figura dun convenio urbanístico cos franciscanos, a conversión da antiga "horta dos frades", pertencente á igrexa de San Francisco, nunha urbanización en bloques de edificios, en quinteiro aberto ao mediodía, coa formalización dunha praza que se integra no espazo público da Alameda. A presenza desta edificación en cor salmón que supera as catro alturas, substituíndo o muro en pedra que durante tantos anos delimitara o espazo da Alameda polo Leste, supuxo unha notable modificación da paisaxe deste senlleiro paseo urbano, polo que a súa realización foi motivo dunha dura polémica.

A controversia viña dada non tanto pola urbanización en si, que tamén, senón especialmente pola maneira de realizala. Pensábase por parte da veciñanza que nunha zona de bordo do recinto histórico, e nun espazo tan senlleiro como a Alameda, non lle acaía unha edificación como a levantada, tanto pola súa tipoloxía de fachada lisa en cor salmón, na que simplemente se abrían ventás, como polos materiais empregados. Considerábase que materiais máis nobres como o granito, que singulariza rúas e vivendas na vila histórica, deberían estar presentes na fachada da edificación. Na actualidade, a nivel de rúa, a presenza de terrazas como consecuencia da dedicación hostaleira da totalidade dos baixos desta edificación, sinala un cambio notable neste espazo de lecer, agora caracterizado pola presenza humana permanente. A paisaxe da Alameda mudou e hoxe, seguramente, xa non se concibe sen a presenza das terrazas ateigadas de xente nos días soleados do estío.

Outro dos sectores urbanizados froito dun convenio urbanístico é aquel que continúa a urbanización cara ao Leste nas costas da edificación á que acabamos de facer mención. Trátase da urbanización "Barcia", aínda por completar, en quinteiros de diferente tipoloxía, que remata o macizado do espazo comprendido entre a rúa de Galicia e a Avenida de A Coruña.

Todo este conxunto de sectores de nova construción aos que rematamos de facer mención caracterízanse pola súa semellante tipoloxía paisaxística. Trátase, en todos os casos, de bloques de edificios indiferenciados, en alturas que van dende baixo e tres, ata catro ou cinco, con fachada a unha rúa na que enfrontan edificacións de igual ou semellante factura. Salvo os edificios de Labarta en primeira liña de costa, que gozan do paseo marítimo como amplo espazo verde, nos demais casos a presenza de espazos axardinados e verdes é inexistente, ou a súa extensión é ridícula. Son espazos onde o cemento é predominante e que carecen por completo de espazos públicos para o lecer, e onde a presenza da árbore é nula.

No bordo costeiro da vila, complétase en diferentes etapas a realización dun paseo marítimo peonil previsto nas Normas, que se estende dende o peirao do Marqués ata más alá da punta de Abruñeiras, constituíndo o principal espazo verde e de lecer nacido do planeamento de 1990. A principal beneficiaria deste espazo público vai ser a urbanización de Labarta que, desta maneira, vai converterse nun espazo demandado dende o punto de vista residencial e de ocio, ao instalarse nos baixos da edificación un importante número de establecementos de hostalería con animadas terrazas que miran cara ao mar.

Como conclusión, diremos que nos máis de vinte anos de xestión das Normas Subsidiarias de 1990, efectuada polos diferentes gobernos municipais que se sucederon ata a actualidade, detéctase o desexo de urbanizar coa máxima edificabilidade posible. O cemento convértese no obxectivo primeiro, deixando á marxe calquera atención á calidade ambiental do espazo. Importa tanto –con frecuencia en exceso– o interese de propietarios, construtores e promotores, que se chega a perder de vista que tamén os simples cidadáns son partícipes e beneficiarios, ou sufridores, do tipo de cidade que se edifique. Ás veces semella que isto, tan importante, se esquece por completo; e así, a nova cidade que se ergue nos últimos anos é unha cidade chea de carencias e limitacións. Calquera dos novos espazos urbanos construídos na vila de Noia nas últimas décadas pode valer de exemplo. Os edificios medran en volume e altura, a miúdo incumprindo de xeito flagrante a legalidade; as rúas, porén, estréitanse sendo apenas quen de soportar o dobre senso de tráfico normal; os espazos públicos e verdes non existen, ou atópanse reducidos á mínima expresión; faltan lugares para o esparexemento e descanso; faltan espazos de relación onde os cidadáns poidan sentarse a charlar ou simplemente pasear sen a agresiva presenza dos vehículos a motor; falta, en definitiva, a cidade construída a escala humana, unha cidade vivible e agradable, un modelo de desenvolvemento urbano que Noia coñecera co nacemento da vila burguesa de finais do XIX e primeira metade do XX. Aínda hoxe, esa é a vila que gozan os cidadáns de Noia e da que se senten máis satisfeitos, a vila das prazas arredor de San Martiño e San Francisco; das rúas comerciais tapizadas en lousas de pedra do Cantón, Montero Ríos ou Comercio; dos *Malecóns* de Cadarso e Gasset que circunvalan o Casco histórico e se continúan logo pola Carreiriña, Ferrador ou Porta da Vila en lastros logo enterrados baixo as capas do chapapote contemporáneo; a vila das casas de altura a escala humana, en balcóns e galerías que ollan

cara á rúa aínda soleada; e, sobre todo, a vila dos grandes espazos para o lecer, onde tomar o sol, atoparse coa natureza, ou pasear en compaña dos amigos en animada charla, como son a Alameda e xardíns de Felipe de Castro.

O NOVO PXOUM NOIÉS, UN MODELO DE "VELLO URBANISMO"

No momento actual, logo de vinte e cinco anos de vixencia das Normas Subsidiarias, un novo Planeamento pretende aprobarse para rexer o urbanismo futuro do Concello de Noia. Baixo o noso particular punto de vista, estamos novamente ante un Plan que responde a un modelo vertical imposto dende arriba, onde a cidadanía é un mero espectador en todo o proceso. O novo PXOUM noiés é un claro modelo do "vello urbanismo", un urbanismo tecnocrático e elitista realizado por técnicos cunhas claras orientacións do poder político gobernante, que prescinde por completo das novas dinámicas de participación cidadá.

Secretismo e escurantismo vs. publicidade e participación pública

Despois da perda da inocencia ante a magnitude dos casos de corrupción, cando comprobamos como estamos ante un mal estrutural, e onde o urbanismo constitúe unha peza clave dese mal que corroe a sociedade, neste tempo de cambio, os protagonistas son agora os cidadáns. Nos últimos anos produciuse unha fractura na sociedade. A manifestación máis clara desta fractura entre elites e cidadanía é a irrupción de novos partidos que veñen poñer en crise aos partidos tradicionais cos que van disputar nas vindeiras eleccións os espazos de poder. A cidadanía fíxose máis activa e participativa. A sociedade volveuse máis dinámica e solidaria, ou cooperativa, e non só no ámbito da política, senón tamén no do mercado. A crise económica e a revolución tecnolóxica (internet) están mudando a nosa sociedade profundamente.

Os partidos políticos emerxentes mudan as maneiras de facer política, e son os cidadáns os que toman a palabra. Pero, que sucede no urbanismo? Chegou tamén ese cambio a el ou, pola contra, séguese no secretismo escurantista? A velocidade dos cambios na política chegou para quedarse e vai condicionar de maneira definitiva non só os comportamentos electorais a curto prazo, senón algo máis importante: a demostración permanente dos límites do poder.

Co urbanismo erixido como célula clave deste cancro que corroe a sociedade, o proceso seguido de cara á realización do novo PXOUM de Noia é obvio que non responde ás esixencias actuais da cidadanía. Estamos ante un Plan realizado ata o de agora con total hermetismo, onde só determinados políticos do goberno actual e técnicos da empresa redactora toman decisións que serán claves para o futuro desenvolvemento urbano da vila nos vindeiros vinte anos. Un Plan de "tapadillo" na súa elaboración e aprobación, que o converte en algo claramente sospeitoso ante a cidadanía.

Ideoloxía e Planeamento

No ano 2006, un goberno do PP con maioría absoluta no Concello, presentaba á exposición pública o PXOUM para a súa aprobación inicial. A empresa redactora de dito planeamento era *Monteoliva*, con sede na Coruña. Ante o novo planeamento, a veciñanza presentou as pertinentes alegacións no período legal marcado para realizalas. O tempo pasou e as alegacións quedaron sen resposta. Uns anos máis tarde, concretamente no ano 2013, un goberno tripartito PSOE, BNG, NOIA, resultante

das novas eleccións municipais, presentaba novamente á exposición pública o PXOUM para a súa aprobación inicial. A empresa redactora seguía sendo a mesma, e porén o Plan era agora completamente distinto!. O novo Plan supoñía unha proposta de planeamento totalmente oposta á anterior. Ademais, esta nova proposta alteraba maioritariamente os presupostos das Normas Subsidiarias de 1990, co que iso leva consigo de inseguridade xurídica por modificación sorprendente da legalidade urbanística vixente. Finalmente, cal é o modelo de Plan elixido? O continuador das directrices xerais das Normas do 90 ou, pola contra, o das Unidades de Reparto que converte obrigatoriamente os propietarios en promotores? Un segredo gardado baixo sete chaves que pretendía aprobarse polos "gardiáns do tesouro" nun precipitado Pleno previo ao seu abandono da alcaldía, mesmo cun goberno en funcións.

A publicitada participación cidadá no Planeamento foi neste caso mera propaganda; formaba parte desa dobre linguaxe dos políticos ao uso que din unha cousa e fan logo a contraria. No Planeamento que pretendía aprobarse en Noia por un goberno en funcións, esa pretendida participación reducírase escasamente a dous meses de verán (por certo, as datas menos apropiados para facelo) en que o Plan estivo exposto para que os cidadáns realizasen alegacións ao mesmo (estritamente o período legalmente establecido). Efectuadas as mesmas, unicamente o poder político, co respaldo dos técnicos, decide cales acepta e cales non. Participación cidadá concluída. Nin debate, nin cambio de impresións, nin fomento da participación con explicacións públicas de expertos sobre o Plan, nin apoio a colectivos sociais para a achega de ideas, etc. Nada de nada. Un típico Planeamento vertical, dende arriba, un Planeamento dentro do que podemos clasificar como "vello urbanismo". Sen ningún debate ou explicación previa, á cidadanía preséntaselle un Plan completamente "cociñado", nunha linguaxe dificilmente entendible, que colabora no desalento da participación e fai que, na maioría dos casos, haxa que acudir á man experta para redactar a alegación ou alegacións correspondentes.

Mentres, nos medios de comunicación proliferan os discursos que versan sobre a ordenación do territorio, en termos de harmonía, de busca de mellores equilibrios, da procura do ben público tras os que se agochan, na maior parte dos casos, medidas para aumentar os beneficios duns poucos. Coñecedores de que mapas e planos son para quen non aprendeu a lelos, papeis sen sentido, políticos e técnicos non titubean en practicar a "concertación" e en presentar nunha breve exposición pública o Plan, pois as obxeccións son escasas e, sobre todo, de doada solución. Desta maneira, ante a difícil comprensión, a xente non se decata do engano, e os cambios convértense en irreversibles. E moito máis se o Plan se aproba sen dar resposta escrita aos alegantes, provocando unha clara indefensión dos mesmos. O único que lles queda aos alegantes desconformes co resolto é o recurso contencioso administrativo ante a administración superior. Este é un feito escandaloso, aínda sendo legal, e contra o que a cidadanía está orfa, por ignorancia, de ferramentas críticas.

A Historia como desculpa

A xustificación histórica soe ser argumento de peso no Planeamento; de aí que este apartado ocupe un lugar destacado nas memorias que acompañan un PXOUM. Xeralmente trátase dun estudo bastante superficial, do que soen encargarse licenciados en Historia e Xeografía que dispoñen dun tempo bastante limitado para

Este foi o tipo de cidade dominante ata o de agora, resultado dun "vello urbanismo" tecnocrático e elitista que prescinde dunha participación real da cidadanía

a súa realización. Con todo, cando se trata de espazos que contan cunha ampla bibliografía de estudos históricos e xeográficos, esta supón unha axuda notable na realización deste tipo de traballos. No caso de Noia, ademais, os redactores do PXOUM botaron man, de xeito claramente comprobable, dos estudos de xeografía e historia urbanas existentes, que supoñen un detido estudo do proceso de urbanización levado a cabo neste concello dende as orixes. En poucos concellos galegos, salvo nas grandes aglomeracións urbanas, pode dispoñerse de tan ampla documentación. Pois ben, despois do amplo uso de toda esa documentación urbana do concello de Noia, información que permite ter unha idea clara de como foi levado a cabo o proceso de urbanización, os redactores do Plan van tomar unha serie de determinacións que van frontalmente en contra do proceso histórico. De aí que falemos de que a Historia só se emprega como desculpa, como algo que esixe o Plan, pero que logo se pasa por alto cando o requiran intereses espurios.

CONCLUÍMOS

Non hai cidadanía sen racionalidade e sen participación. A vida dos cidadáns pode mellorarse con políticas urbanas á vez imaxinativas e sensatas que fortalezan o público ao mesmo tempo que respecten e protexan o albedrío individual e as iniciativas comunais dos cidadáns. Participación pública nos tempos

que corren significa o papel activo das persoas naquilo que lles afecta. Estámolo vendo no cambio político que se aveciña. Acabouse a decisión elitista daqueles que ocupan o poder sen contar coa xente. E se existe un campo onde as decisións deben ser o máis participativas posibles é o urbanismo, pois todos sabemos que a corrupción en Noia, ao igual que noutros concellos, agochouse detrás de decisións tomadas nos despachos de costas á cidadanía para beneficio duns poucos. Aí permanecen no espazo urbano como testemuños do que nunca máis debera repetirse. Programas de participación cidadá con vistas a mellorar o noso contorno urbano, centrados en determinadas actuacións no espazo, incluso farían innecesario un novo Plan Xeral; o que fai falta é un proxecto claro, saber cara a onde nos diriximos e como imos facelo.

Afírmase neste novo tempo político por parte das novas Corporacións chegadas aos concellos que a cidadanía será agora protagonista. Contar cos cidadáns tamén para definir un novo modelo urbano. Iso supón, para ser crible, que o planeamento urbano non pode ser só un traballo de despacho senón que, pola contra, ha ser participativo e ter en conta os diversos factores que inflúen na cidade. En urbanismo, o cambio pode resumirse en rematar coa miseria dos instrumentos participativos. A "nova política" nacida como marca dunha actitude política crítica de xente indignada que quería ser tida en conta, que sentía que os políticos ao uso non a representaban, que reclamaban dereitos reais afastados de todo formalismo, debera concretarse en participación, iniciativa popular e mobilización social. Os cidadáns, tamén en urbanismo, teñen dereito a participar, criticar, propoñer e apoiar. Xa que logo, a participación cidadá e a negociación deberan estar á par da técnica se queremos unha cidade de todos e para todos.

Noia: Arqueoloxía e historia

Manuela Pérez Mato

O obxecto deste traballo é presentar un resumo tanto dos resultados das actuacións arqueolóxicas desenvolvidas por distintos arqueólogos nos derradeiros anos na Vila de Noia, como unha síntese do estudo histórico sobre a parroquia de Santa María de Argalo, realizado por encargo do Concello de Noia e asinado pola autora do presente documento.

Empezando polo capítulo arqueolóxico, tras da aprobación do PEPRICH de Noia no ano 1988, as intervencións que necesiten de remocións no subsolo realizadas no seu ámbito de aplicación deben contar coa perceptiva intervención arqueolóxica que, dependendo dos distintos sectores, tipo de obra e ámbitos de protección, comprenden fundamentalmente, ou sondaxes previas (que poden ser ampliadas a escavación en área), ou control e seguimento arqueolóxico das obras.

Ata a actualidade foron realizadas máis de 50 intervencións en inmobles privados e sete obras de certa magnitude en espazo público, combinadas con outras de menor entidade (acometidas puntuais de gas ou electricidade).

Esta obrigatoriedade e a conseguinte continuidade temporal e espacial das intervencións arqueolóxicas permiten que a día de hoxe contemos cunha serie de achados que confirman a ocupación da vila dende a época baixo imperial romana. A síntese dos restos atopados por orde cronolóxica comeza coa intervención realizada no inmoble nº 7 da rúa Montero Ríos dirixida polo arqueólogo J. F. Doval Galán[1] onde foron localizados tres fragmentos cerámicos: o borde dun *dolium*, un borde de fonte e un fragmento de *panza*,

As intervencións en predios urbanos

As intervencións en espazo público

elementos que o director da intervención data entre o século III e o século V d. C.

O seguinte achado arqueolóxico significa dar un salto no tempo ata chegar ao 1320, ano no que se constrúe a muralla medieval, da que foron exhumados diversos tramos ao longo das intervencións realizadas nestes anos por distintas equipas arqueolóxicas.

Continuando na Idade Media, temos que facer referencia á intervención realizada no ano 2010, consistente na reparación da Ponte de Traba baixo dirección arqueolóxica da autora do presente documento, que permitiu documentar o pavimento antigo do arco N, rexistrándose que este seguía e formaba parte da curva do

1 Doval Galán José Francisco (1999): Informe Valorativo Arqueolóxico na rúa Montero Ríos nº 7. Noia (A Coruña). Depositado na Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Noia.



arco, feito por outra banda común nas pontes medievais galegas.

No marco das obras executadas en espazo público, concretamente no sector N da rúa Porta da Vila e no sector E da rúa Xan de Estivadas, levouse a cabo a documentación e rexistro con metodoloxía arqueolóxica de dous tramos do acueduto do século XV que traía auga ás fontes da vila medieval. O tramo localizado na Porta da Vila, logo do seu completo rexistro in situ, foi necesario, por cuestións técnicas relativas á introdución da rede de saneamento actual, proceder ao seu levantamento, e con





posterioridade parte do mesmo foi posto en valor e atópase exposto moi preto do seu lugar de aparición, na rúa Rodríguez Cadarso. Na rúa Xan de Estivadas foi posible redactar un modificado do proxecto de obra co fin de non afectar o ben nin o tramo da rede de saneamento pétrea existente neste sector, e ambos elementos foron conservados nese lugar baixo cubrición de lámina xeotéxtil e capa de area tras do seu rexistro gráfico e fotográfico e xeoreferencia.

Para atopar novos restos pétreos, temos que dar outro salto no tempo xa que os seguintes achados tratan de diversos tramos da rede de saneamento pétrea municipal instalada nos anos centrais do século XX.

O control e seguimento das remocións está posibilitando tamén o rexistro das características edafolóxicas da Vila, e constátase que o solo do Casco Histórico e ámbito perimetral ao mesmo está formado fundamentalmente por un terreo arxiloso, barro, aparecendo só de forma ocasional afloramentos pétreos de granito (sector sur da rúa Condesa, patio Casa de Agra no Tapal, beira leste da rúa Carreiriña no sector de confluencia con rúa Curro e a presenza da enorme laxe de granito situada no sector W da rúa Laxe, e que dá nome á mesma).

O terreo natural atópase na maior parte da Vila a unha cota moi superficial, aparecendo nas rúas con frecuencia directamente baixo os pavimentos públicos contemporáneos. Esta situación do terreo natural tan superficial trae consigo que para non subir de cota, cada vez que se realiza unha nova obra, coma instalacións de pavimentos en espazos públicos, retírase o existente, e esta é probablemente a principal causa de que non aparezan máis vestixios arqueolóxicos, destruídos polas novas construcións/instalacións, característica tanto relativa a espazo público coma privado, xa que gran parte do casarío actual data do século XIX e XX, e para a súa construción, co obxectivo de acadar o firme para a cimentación das novas casas, foi arrasado o existente de xeito previo.

No capítulo de rexistro arqueolóxico destacamos que neste terreo arxiloso puidemos documentar unha serie de pegadas en negativo distribuídas polo subsolo da Vila, tanto en espazo público coma privado. Trátase dunha serie de *buratos*, escavados no barro, con dimensións variables (2,50 m x 1 m profundidade; 1,20 m x 1 m de prof.; 1 m x 0,50 m prof.; ……; moitas delas rexistradas de xeito parcial ao seren atopadas en obras lineais de gabias de 0,80 m de ancho). Estas fosas aparecen colmatadas mediante depósitos térreos de distintas características, presentando



moitas delas unha importante concentración de fragmentos de bivalvos (berberecho e ostra fundamentalmente).

A maioría destes recheos non foron estudados ao seren localizados en intervencións relativas á renovación da rede de saneamento e, desgraciadamente, moi contaminadas por filtracións, e sen contarmos coas condicións hixiénico sanitarias axeitadas. Desgraciadamente, as que puideron ser analizadas non proporcionaron material arqueolóxico que nos puidese indicar ao menos unha data estimada para a datación do recheo das mesmas.

Entre a suma das intervencións realizadas baixo a dirección das arqueólogas Dolores Gil Agra e Manuela Pérez Mato, contabilízanse 20 fosas; e dado o seu estudo parcial e falta de material asociado non podemos establecer, no intre actual da investigación, a súa cronoloxía e/ou funcionalidade. Está claro que non todas teñen por que corresponderse a un mesmo período cronolóxico e ter a mesma función pero, a xeito de hipótese, pensamos que moitas delas son de *barreiras*, dada a natureza do substrato e a súa morfoloxía, presentando a maioría das localizadas ata a actualidade formas ovaladas.

Entre todas elas temos, que individualizar dúas baseándonos na súa situación e/ou morfoloxía. Unha delas foi localizada pola arqueóloga D. Gil Agra durante as obras realizadas na rúa Suárez Oviedo[2]. Segundo a

2 Gil Agra Dolores (2010): Control Arqueolóxico de Remoción de Terras: seguimento da obras para recuperación, rehabilitación e substitución de enlousados na rúa Suárez Oviedo, Noia, A Coruña.



A imaxe que se presenta relativa a dita *interfacies* foi proporcionada pola citada arqueóloga

citada investigadora, no sector leste da rúa, no inicio xa con rúa Curro, atopábase unha *intefacies* que configura unha gabia escavada no substrato natural de perfil cóncavo e trazado noroeste-surleste, 4.20 metros de anchura máxima e unha profundidade de, polo menos, 1.80 metros (máxima cota de desterre acadada polas obras neste punto). Os traballos permitiron documentar a súa presenza nos perfiles norte e sur da área de intervención, polo que sería do máximo interese a posibilidade de avaliar a continuación do seu trazado nos solares lindeiros co obxectivo de verificar a viabilidade da hipótese que formula a existencia, nesta zona da vila, de estruturas defensivas previas á erección da muralla de 1320, das cales esta *interfacies* podería formar parte a xeito de foxo defensivo.



A segunda pegada diferenciada é a localizada pola autora do presente documento durante as obras de Control Arqueolóxico de Remoción de Terras na execución dos traballos de Infraestruturas, Recuperación e Rehabilitación do lousado do Casco Histórico de Noia (2006). Esta *interfacies* foi rexistrada no sector leste da rúa Sande y Lago, xa na confluencia coa praza do Cantón. Tanto a súa situación coma a propia morfoloxía do corte no terreo pode indicar que estamos ante un rebaixe elaborado para a posterior instalación dalgún tipo de estrutura defensiva (parapeto de madeira?).

Finalmente, a situación dalgunha das fosas permite formular unha cuestión. Poden as *interfacies* rexistradas no sector central do Casco Histórico estar marcando unha liña que podería corresponderse co primitivo sistema defensivo do núcleo inicial da vila/fortaleza medieval? Esperamos que futuras intervencións arqueolóxicas consigan responder estas preguntas.

Respecto ao estudo documental sobre a parroquia de Argalo do que falabamos ao inicio do texto, no ano 2013, a petición do concello de Noia, foi realizado un estudo histórico coa finalidade de acadar o maior número posible de referencias documentais publicadas sobre a parroquia de Santa María de Argalo[3]. Entre outras cousas buscábase iniciar unha serie de traballos de investigación histórica, que esperemos teñan continuidade no tempo, para o estudo de documentación inédita, e estendidas á totalidade das parroquias.

Aínda que en principio se trataba de rexistrar exclusivamente documentos publicados relativos a Argalo, finalmente, a busca e recollida das mencións documentais publicadas comprendeu a totalidade dos territorios parroquiais que actualmente conforman o concello de Noia (Santa Cristina de Barro, Santa María de Roo, San Martiño de Noia, Santa Mariña do Obre, San Pedro de Boa e Argalo).

Preténdese con este documento achegar un corpus de referencias documentais e bibliográficas que lle permita ao investigador interesado en desenvolver o estudo da historia de Noia contar con unha base de partida.

A metodoloxía empregada para a redacción do traballo consistiu, en primeiro lugar, nun estudo bibliográfico que permitise escoller aqueles fondos nos que poderiamos atopar referencias a Noia. Finalmente, foi realizado un baleirado das seguintes fontes publicadas:

- El ARCHIVO DEL MONASTERIO DE SAN MARTIÑO DE FÓRA O PINARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Manuel Lucas Álvarez (1999). Seminario de Estudos Galegos.

- TUMBO B DE LA CATEDRAL DE SANTIAGO. González Balasch M. T. (2004) Edicións do Castro.

3 Copia deste traballo está depositada na Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Noia.

- TUMBO A DE LA CATEDRAL DE SANTIAGO. Lucas Álvarez M. (1998) Seminario de Estudos Galegos.

- O TUMBO VERMELLO DE LOPE DE MENDOZA. Rodríguez González A. (1995) CSIC.

- OS DOCUMENTOS DO TOMBO DE TOXOSOUTOS. Pérez Rodríguez F. J. (2004). Consello da Cultura Galega.

- HISTORIA COMPOSTELANA. Falque Rey E. (1994). AKAL.

- ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. REAL AUDIENCIA DE GALICIA. CATÁLOGO DE EXPEDIENTES DE VECIÑOS. VV. AA. (2002). Xunta de Galicia.

- Barroso Castro J. e Neira Pérez X. M. (2008): *A vida e a fala dun pobo "A fala no tempo". Tratos e contratos dos clérigos, gremios e notarios nas comunidades da vida e da morte*. Ed. Toxosoutos.

- Barroso Castro J. e Neira Pérez X. M. (2009): *Memorias da Morte. A cultura gremial e clerical do pasamento, (Testemuñas de amabilidade lingüística)*. Edición interpretativa de documentos medievais (1360-1468) en Tomo I e Edición interpretativa de documentos modernos (1472-1604) en Tomo II. Ed. Mendaur.

Os documentos presentados nestes dous últimos textos proceden do Arquivo Parroquial de San Martín de Noia e, polo tanto, a maioría fan referencia a feitos que tiveron lugar no concello; pero as entradas recollidas no presente traballo limítanse a aquelas nas que aparece toponimia relativa ao territorio de Noia e, neste caso, fundamentalmente ao rueiro da vila. Dada a calidade e cantidade dos documentos presentados nestas obras, recoméndase o seu estudo para calquera traballo que pretenda afondar na historia da vila, xa que, sobre todo en Memorias da Morte (2009), as transcricións documentais están acompañadas de estudos concretos de cada un dos documentos e con abundantes notas explicatorias dos mesmos.

Foi efectuado un estudo bibliográfico, consultando de xeito específico aqueles traballos onde aparecen numerosas referencias documentais á vila de Noia e os seus territorios. A continuación preséntase un pequeno resume da bibliografía básica consultada onde os seus autores, con maior ou menor rigor e contía, aportan referencias documentais, e que son imprescindibles para a comprensión da historia de Noia:

- Agrafoxo Pérez X. (1987): *Noia: unha vila histórica. Dende a orixe ata a Idade Moderna*. (1991): *400 anos na historia da Vila de Noia dende a Idade Media ata a Segunda República*.

- Agrelo Hermo X. (1996): *A freguesía de Santa Cristina de Barro*. (2006): Catastro de Ensenada. Noia e a súa xurisdición (1752).

- De las Casas A. (2003): *O Cemiterio de Santa María a Nova*.

- Fabeiro Gómez M. (1990): *Páxinas Históricas de Noia*. Fabeiro Gómez M. e Fabeiro M. M. (1988): *A feligresía de Santa Mariña do Obre*.

- erreira Priegue Mª L. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*.

- Fiaño González P. (1999): *Documentos para a historia de Galicia*.

- García Vidal P. (1989): *Noia xeografía urbana e área de influencia*. (1991): *A Noia da Memoria*.

- López Alsina F. (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*.

- López Ferreiro A. (1898-1905): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. (1975): *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*.

A metodoloxía descrita anteriormente permitiu recoller 427 referencias documentais ao territorio/toponimia dos espazos parroquiais ou do rueiro da vila de Noia, cunha cronoloxía que abarca dende o século X ata o XVIII, cunha importante porcentaxe de entradas para os séculos XII e XV[4].

Para a súa presentación e posterior consulta foi elaborada unha base de datos dixital presentada en CD e copia en papel, aberta a novas entradas e cuxos campos son: procedencia da cita (libro, autor, páx. e referencia/sinatura), cronoloxía do documento, asunto (entrada do documento), parroquia, topónimo e actividade. A documentación é recollida no idioma no que aparece nas fontes publicadas ou, no caso de arquivos, nas súas entradas (galego ou castelán).

4 O traballo estase a continuar na actualidade afondando no baleirado dos fondos dixitalizados do Arquivo do Reino de Galicia e ampliando o ámbito do estudo aos fondos dixitalizados do Arquivo Histórico Universitario da USC, tendo na actualidade xa recollidas máis de 1.500 referencias.

Limitados por cuestións orzamentarias, para o documento presentado só foron transcritos e estudados unha serie de documentos, os relativos á parroquia de Argalo no período máis antigo (S. XVII), obxectivo inicial deste traballo, atopados no Arquivo do Reino de Galicia, e polo tanto inéditos. Na maioría dos corpus documentais consultados só figuran as entradas dos mesmos con referencia ao documento orixinal.

A documentación procede, coma non podía ser doutro xeito, das institucións relixiosas que posuían o poder económico, relixioso e político na zona durante a Idade Media: o Mosteiro de Toxos Outos (Lousame), a Catedral de Santiago e San Martiño Pinario, co seu anexo San Paio de Antealtares, cuxas sedes se sitúan en Santiago de Compostela. A maioría son referentes a contratos nas súas diversas variantes (foros, doazóns, mandas testamentarias). Non podemos esquecer os fondos procedentes do Arquivo Municipal de San Martiño de Noia, recollidos nos traballos citados, procedentes na maioría da Confraría dos Clérigos da Nosa Señora da Concepción, intimamente ligada á igrexa de Santa María a Nova (Barroso Castro J. e Neira Pérez X. M. opus cit.).

Os fondos de Toxos Outos teñen unha cronoloxía variada, pero predominan os do século XIII nos referentes ao territorio do estudo. As entradas recollidas están relacionadas fundamentalmente coa parroquia de Santa María de Roo (en segundo lugar Santa Cristina de Barro) –aparecendo nos documentos citados lugares coma *Vilardante, Vilaverde, Pastoriza, Agrelo, Alvariza, Nimo*– o que demostra a súa continuidade de ocupación de xeito ininterrompido ao menos dende esas datas. Así mesmo é interesante e obxecto de futuros traballos o estudo das variantes toponímicas que aparecen nos diversos documentos (Merou Meroch; Vilaverde Villaverde Villa viride; etc.).

A documentación procedente de San Martiño Pinario e o seu anexo Antealtares ten unha cronoloxía que abarca dende o século X ata o século XV de forma completa. Do seu estudo, a primeira conclusión é que a área de influencia principal destes mosteiros estaba na beira SW do estuario do río San Francisco. A documentación deste fondo de xeito maioritario fala dos territorios parroquiais de Santa Mariña do Obre, Santa María de Argalo e San Pedro de Boa.

A documentación máis antiga procede deste fondo e cita xa no século X dous lugares de Argalo: *villa Lusentario* e *Balbargos*. *Lusentario* aparece logo a partir do século XII dando nome a un río. Tamén se menciona o *río da Palla*. En relación á existencia das denominadas *villae*, aparece citada a principios do século XI no Tumbo A a *villa Anna*, localizada segundo o profesor López Alsina (opus cit.) na parroquia de Santa Cristina. Para o século XII contamos coas entradas procedentes da *Historia Compostelana*, onde podemos destacar a mención á reedificación da igrexa de Argalo polo Bispo Xelmírez, e a existencia doutra *villae* denominada *villa Sinales*, que sitúan *xunto a Santa Cristina de Noia*.

O fondo ligado a San Martiño Pinario conta cunha moi completa documentación dos séculos XIV e XV, que debuxa coa gran profusión de contratos, un plano de concentración de lagares en A Chaínza, actual Campo de Noia e terreos do actual Sofreixos. Lagares que se organizaban en torno ao río d'A Chaínza (río Vilaboa) e na ribeira do San Francisco, referíndose os documentos aos actuais Sofreixos e Campo de Noia, con diversas variantes do termo *Campo da Pena do Ouro*, lugar de onde partía a esta beira da ponte un Camiño Real cara a Sabardes, atravesando o río San Francisco pola ponte do mesmo nome. Á beira deste camiño situábase o

primeiro Mosteiro de San Francisco en terras de Noia (1396), no lugar de Sueiro.

Aínda que a documentación procedente de San Martiño e San Paio de forma maioritaria fai referencia aos lagares, os monxes tiñan diversos intereses nos territorios que hoxe conforman Noia e lugares próximos. Na parroquia de Boa a documentación recollida nas publicacións fala de foros de carácter agrícola (agros, viñas). Na parroquia de Roo (documentación moito máis escasa) os intereses estaban ligados ás pesqueiras e lampreas do río Tambre.

Os textos procedentes dos Tumbos A e B da Catedral de Santiago de Compostela, proporcionan unha documentación referente ao territorio obxecto de estudo moi escasa, e con un carácter máis oficialista, sendo os axentes de poder reflectidos a Igrexa de Santiago e os monarcas. A documentación relativa ás terras de Noia no Tumbo A comprende entre os séculos XII e XIII, e, no Tumbo B, entre séculos XII e XIV.

Excedendo os límites iniciais do traballo, levouse a cabo finalmente unha primeira aproximación aos fondos inéditos do Arquivo Histórico do Reino de Galicia, contando as referencias atopadas ata a presentación actual cunha cronoloxía de entre os séculos XVI e XIX e de temática variada, a saber:

- *Bartolomé Dagra y otros canteros con Cristina Rodríguez, viuda de Mateo de Cubas, cantero, sobre reedificación del Puente de Don Alonso en Noia*. Fondo Real Audiencia. Sig. 9615/33. Ano 1696.

- *Los vecinos del lugar de Iglesia, jurisdicción de Noya, con Pedro de Malvares y Silva. Auto ordinario sobre aprovechamiento de agua del río de Argalo*. Fondo Real Audiencia. Sig. 9213/38. Ano 1739.

- *Manuel Ramón de Añón con Julián Malvar sobre perturbación de posesión en el uso de un terreno y portalón inmediato al puente de Argalo, en los terrenos de la villa de Noia*. Fondo Real Audiencia Sig. 18397/35 Ano: 1827.

- *De Benito da Ponte ó Intendente para que dea orde o concello de Noia para que lle aboe as obras realizadas na construcción das cañerías de auga da vila.* Fondo Real Intendencia. Sig. 46532/49 Ano: 1755.

- *Oficio do Intendente á xustiza e reximento da vila de Noia, ordenando o pago dos traballos realizados na cañería de auga por Basilio Ferreiros*. Fondo Real Intendencia. Sig. 46532/50 Ano: 1755.

Ademais de presentar copia dixital de todos eles foron, transcritos os seguintes por tratarse dos máis antigos relativos a Argalo (S. XVII):

- *El Cabildo de Santiago y el Dr. Villafñe con Payo Mariño y consortes sobre reivindicación por un lugar en Santa María de Argalo*. Fondo Real Audiencia Sig.426/51 Ano 1630.

- *El Cabildo de la Catedral de Santiago y el tenenciero de Argalo, con Payo Mariño y otros, sobre reivindicación por el lugar de Argalo Vaco*. Fondo Real Audiencia Sig.393/34 Ano 1634.

- *Los vecinos de Santa Marina del Obre y Santa María de Argalo con los vecinos de San Juan de Sabardes, Santa María de Leiro y Santiago de Tal. Auto ordinario sobre el recogimiento de argazo*. Fondo Real Audiencia Sig.10216/8 Ano 1640.

- *Los vecinos de Santa María de Argalo, San Vicente y San Esteban de Queiruga, Santa*

María de Caamaño, San Saturnino de Goyanes, San Martín de Miñortos, Santa María de Nebra, San Vicente de Noia y San Pedro de Tállara con Blas Rodríguez de Castro sobre prelación de arriendo. Fondo Real Audiencia Sig.4412/56 Ano 1699.

Entre os documentos estudados destacamos o relativo ao Auto ordinario sobre a recollida do argazo. Fondo Real Audiencia Sig.10216/8 Ano 1640

Trátase dun extenso texto (289 páx.) que narra o conflito acontecido en 1640 entre os veciños de, por un lado, Santa Mariña do Obre, Santa María de Argalo, Santa Cristina de Barro e Campo de San Francisco da vila de Noia, cos veciños Santa María de Esteiro, San Xoán de Sabardes, San Cosme de Outeiro e Santiago de Tal (concellos de Outes e Muros) *en razón de aver quitado (*os da banda de Noia*) el argasso, berdello batume que sale a la orilla de la mar y rib[era] de Freijo, que sienpre yo y mis partes avemos hestado [en] posseción dende memorial tienpo a esta part[e] de lo yr a buscar en barcos y otras cosas.* Aínda que os habitantes das parroquias de Noia alegan o costume da recollida do argazo na ribeira xa que era para *llebarlo para aprobechameinto de sus labransas y lugares en que biben por seren los dichos lugares tierra pobre y estéril donde ay poco ganado para aser estercol para poder azer sus senbradas y ortalissas, anssí de axos y sebollas como de otros legunbres que sacan a bender a la ziudad de Santiago y de la Coruña y otras partes, que sin ello no pueden granxear dicha tierra y legunbres, todo ello en bista y consentimiento unos de otros*, e, por outra banda, *aunque tanbién tienen sus riberas que confirnan con sus feligresías, no tienen tanta cantidad de argaso como sale en las de la otra parte del Freixo y Outeiro sobre que se letiga* e *para senbrar el pan y otras nobidades*, nese intre os veciños da outra beira empezan a opoñerse á súa recollida, aínda que hai testemuñas de que o conflito vén de vello; e segundo un barqueiro *que abrá cosa de sinco o seis años que beniendo el testigo en su barco por la ribera del Albán arriba de la pasaxe, bio que allí estaba un barco con unos onbres de la otra parte a la mar de las huertas de la villa de Noya a coxer argasso y los vezinos del lugar de Albeyda y Veluso en dicha feligresía de San Cosme d´Outeiro que confina la dicha ribera con el dicho lugar en que moran, fueran a enpedírselo, quexándose que teniéndolo coxido y puesto en un monte se lo llebaran y abían coxido una muger que les hizo la contradisión dentro del barco disiendo la abían de llebar a la dicha billa y entonses Alonso García, ministro de justicia que lo era de la villa de Muros, les hiso soltar la dicha muger y el barco se fue con el argaso que tenía dentro sin parar más en la dicha ribera.*

Pola súa parte, as parroquias antes citadas da parte do Freixo (onde tiñan terreos en foro o Mosteiro de Sobrado e o seu anexo de San Xusto de Toxos Outos) alegan que:

Lo otro, el monesterio de So[brado] y el priorato de San Justo, su anexo, por ser tan conoscido el derecho [de] aprobecharse de dicho argaço, los becinos y moradores que biben en los [lu]gares de dichas feligresías de San Cosme d´Outeyro y San Juan de Sabard[es] en los fueros que an echo de los lugares que tienen en dichas felegres[ías], an dado sienpre en fuero con dichos lugares dicho argaço y en bertud [de] dichos fueros los foreros se an aprobechado del sienpre en bista y consenti[miento] de las partes y becinos de dichas felegresías pribativamente.

Lo otro, a[nbas] partes les asiste el derecho para que se puedan aprobechar de dicho arg[aço] que arroja la mar en seco y nace en las riberas de sus felegresías y si se les quita[se] y las partes contrarias biniesen de sus felegresías a cojérsselo y llebárselo, no tenderán mis partes con que hacer su estercol

para hacer sus estibadas y labranç[as] y sería ynposiblitarles para que no senbrasen sus frutos y desenparasen todas sus labranças.

Lo otro, las partes contrarias tienen en el destrito de sus [fe]llegresías muchas riberas de mar donde la misma mar aroja gran cantidad de argaço y ansimismo nase a las orillas argaço, junco y estrumo con que tienen muy sobradamente con que ace hestiércol para sus labranças en lo qual no se entrometen mis partes ni se lo perturban. Supuesto lo qual en ninguna manera pueden pretender a benir a coger dicho argaso en las riberas del distrito de las felegresías de mis partes.

O conflito foi tal que se recollen varias testemuñas de extrema violencia:

(…) Y quando algún barco benía de aquella parte a buscar el dicho argaso, los vezinos de dichas feligresías de Outeiro y Savardes se lo quitaban e reñían con ellos por dezir era de los términos de sus feligresías. Y abrá cossa de quatro o seis años que biniendo a las dichas riberas un barco con algunas perssonas de rededor de la dicha villa a las dichas riberas a llebar el dicho argaso, salieron los vezinos del lugar de Albeyda y Veluso en la dicha feligresía de San Cosme d´Outeiro y se lo quitaron a pedradas de suerte que se fueron sin llebarlo, y a tenido noticia de que a los demás asían lo mismo (…)

(…) los tales vecinos confiderados unos con los otros de mano armada se fueron a ellos con palos, oces, piedras y les aporrearon e yrieron y maltrataron, despoxándoles el dicho argaço y quebrantado los remos de los barchos y hechos otros malos tratamientos y les uvieran de matar desafiándoles y jurando que si allí yban más, les avían de matar, con lo qual caussaron hescándalo, riña, delito. (…)

(…) y otros más becinos de las felegresías del Obre y Argalo, billa de Noya y otras más partes, dándoles muchos golpes y porradas, pedradas, heriéndoles, tomándoles y despojándoles de dicho argasso y aparejos que llebaban, jurando y berando que si allí les cojían otras besses, les abían de quitar la bida, caussando grande daño yy escándalo, prendiendo a algunos dellos y llebándolos a sus cassas y soltándoles, aciéndosse justiçia sin no ser como de echo lo an echo aora de prójimo (…)

(…) y sin más ni otra deación alguna le dieron muchos golpes y porradas en el cuerpo y cabessa y a unos hieron y sangraron y maltrataron, despojándoles del dicho argasso y les partieron los remos en pedassos, açiéndosse justiçia, y les obieran de matar si no fuera por bosses que dieron a que acudió jente en barcos de la mar que les ocurrieron y de ber el temor y furia que traýan, el dicho Juan de Sedón se metió al río y augua asta cassi al pescuesso y allí le fueron a prender y sacaron a tierra y lo llebaron presso y atado en una cuerda, llamada adibal, a dicho lugar do Mosteiro, y lo mesmo yssieran a los demás sino se deslidaran dellos(…)

(…) y les dieron de golpes y porrassos y fousexadas y al testigo le prendieron y llevaron presso asta el dicho lugar y después le soltaron, y lo mesmo hacían los más si no se ubieran acoxido al barco y mar, y el argasso que tenían coxido se lo quitaron y estendieron por el suelo, dando muchos golpes y porrassos a las moças porque lo querían defender (…)

(…) y les tiraron muchas pedradas y les ubieran de matar y sino fuera por los sestos que llebaban para coxer dicho argasso que los ponían por sima de la cabeza, les ubieran de matar con las dichas pedradas, teniendo de usso y costunbre azer y cometer semexantes delitos (…)

A violencia acadou tales cotas que incluso no xuízo se presenta a morte dun veciño da parte de Noia coma consecuencia dos feitos:

(…) varcos coxiendo el dicho argasso en dichas partes mansos, quietos y pacíficos y sus conpañeros sin hacer mal ni daño a ninguna perssona y _____ e los tales becinos y moradores de los dichos lugares de Sarantes y del Monesterio de acuerdo y casso penssado, faborecidos unos de otros, sus mugeres y sus ministros y sus criados, según el testigo oyó decir, se abían ydo a ellos y con piedras, palos se abían puesto a ellos, dándoles muchos golpes y porraços y eridas y malos tratamientos en tanta forma y manera qu´el dicho Bertolo de Portor por ser persona bieja de los malos tratamientos que le hissieron, se murió y los demás les trataron mal y si no fuera por bosses que abían dado a que abía acudido jente, sussediera mayor daño, quitadonles (sic) y despojándoles del dicho argasso y barcos, caussando en ello grande daño y escándalo (…).

Os veciños das parroquias da beira do Freixo son considerados culpables pola xustiza e cando o funcionario vai buscalos case ningún se atopa na respectivas casas e quedan emprazados por medio das súas mulleres a presentarse *(…) personalmente en la cárcel y torre de la plaça de la* çiudad *de Santiago (…).* Os que si se atopan *se partiesen con ellos bía reta, personalmente presos con* él *a la ciudad de Santiago y cárçel della donde su comisión lo manda, sin açer fuga ni ausençia alguna en sus pies ni axenos asta dicha cárçel.*

E así mesmo para a cobranza dos gastos de escribanía, son requisados diferentes produtos nas casas dos procesados que logo son sacados en pública poxa.

(…) De casa de Dominga de Bara, biuda, una manta de burel bitida, de tres lienssos, ussada.

De cassa de Pedro Domingues el Biexo una manta de pelo viexa de tres lienssos.

De cassa de Gregorio Pérez un debantal negro biexo.

De cassa de Juan do Souto se quitóun ferrado y medio de trigo, menos dos concas.

De casa de Gregorio Romero, una sábana gruessa de estopa de dos lienssos con cossa de ocho remiendos.. (…)

En resumo, temos un documento cuxo estudo permite complementar os coñecementos sobre a micro toponimia da zona e dos usos e costumes relacionados coa agricultura e administración de xustiza.

Finalizando, non podo falar do meu traballo en Noia sen expresar profundo agradecemento a todas aquelas persoas e institucións que o fan posible. En primeiro lugar aos promotores privados e ás distintas corporacións municipais que contaron con nós para a execución dos diferentes proxectos, sendo de xustiza destacar a Rafael García Guerrero, xa que os traballos de investigación documental desenvolvidos foron realizados grazas ao seu empeño persoal. A todos os traballadores municipais, sobre todo á técnica de cultura Concha Allut e á arqueóloga Ana Filgueiras Rei, polo apoio e confianza. Con especial afecto a José Anido, sempre presto a axudarme e acompañarme na busca de documentación no Arquivo Municipal.

Para rematar, ós coautores da maioría dos meus traballos en Noia, apoiada na súa pericia técnica e estímulo intelectual, magníficos compañeiros de aventuras arqueolóxicas, *we band of brothers:* Lola Gil Agra, colega e socia da que sempre aprendo, e deixo para o final a persoa máis importante da miña vida, Domingo Filgueira Lado, traballador incansable e xeneroso, eternamente agradecida polas miles de horas dedicadas a axudarme e sobre todo por esa fe sen límites que parece ter en min.

As catro pontes de Noia

Clodio González Pérez

MUSEO DO POBO GALEGO

Noia conta con catro pontes, dúas situadas na mesma vila, a Ponte Grande ou de Noia, e a de Traba; outra na lindeira parroquia do Obre, a da Chaínza (ou Chaínsa), e a cuarta xa máis lonxe, entre este concello e o de Outes, a Ponte Nafonso. Estas son as máis importantes, pois nos arredores hai outras tamén antigas, como ocorre coa de San Francisco ou da Chanca, agora totalmente transformada, pero que xa acordan compoñer en 1571 o concello de Noia e mais o mosteiro de Toxosoutos[1].

Cando se construiría a primeira ponte noiesa? O erudito pontevedrés Eugenio Reguera Pardiñas, que casou en Noia o ano 1839 con María de los Desamparados Malvar y Taboada, cría que a Ponte Nafonso data da época romana e que, daquela, era coñecida por *Pons Illifonsi*[2]. A mesma orixe tamén lla atribúen algúns investigadores á de Traba, que puido formar parte da vía *Per Loca Marítima* ou, máis seguro, dalgunha secundaria, tendo en conta que *Noela* foi un núcleo de certa relevancia durante a romanización.

Ao longo da Baixa Idade Media (ss. XI-XV), as poboacións costeiras experimentaron un importante crecemento económico ao iren mellorando a seguridade marítima, entre as que se conta Noia, acadando a época de máximo esplendor entre os séculos XII e XV, que será cando se constrúan as pontes e os edificios románicos e góticos.

A proba témola en que en 1151 xa existían na vila dúas pontes: a *Ponte de Iusana*, ou de abaixo, que corresponde á actual de Noia ou Ponte Grande, e a *Ponte de Susana*, ou de arriba, que é a de Traba. Non sabemos se serían totalmente de pedra ou só os piares e o demais de madeira, pero cando Fernando II concede a creación do burgo de *Totum Bonum*, o 9 de abril de 1168, había estas dúas pontes, que testemuñan a súa relevancia económica malia que non fose máis que unha das aldeas da parroquia de Santa Cristina de Noia.

Outro aspecto a ter en conta relacionado con estas construcións e co seu elevado número para unha poboación tan pequena foi o a súa conservación, un dos problemas máis serios do concello noiés en todas as épocas, como amosan as seguintes ordes reais do século XVI denunciando o mal estado en xeral: o 29 de maio de 1536 ordenábase *adovar las puentes della y la puente que se dize de don Alonso…*; o 12 de outubro de 1560 o concello comunícalle a Filipe II que cómpre reparar as catro ou cinco pontes (así consta no documento) que *hestan derrocadas con qualquier avenida que viene por pequeña que sea…;* noutro documento do mesmo rei, do 24 de maio de 1561, afírmase que *dicha villa estava fundada entre seys puentes de rios caudalosos que la mas lexos estava una legua e a legua e media, las quales con grandes avenidas que havia avido los años passados estavan derrocadas e tenian nesçesidad de reparo porque por ellas pasava toda la gente de a pie e de a cavallo e los trageneros e recueros con sus mercaderias que yban para Santiago e para Castilla …*[3]

1. A PONTE DE NOIA OU A PONTE GRANDE

En 1764 dicía o ilustrado Xosé Cornide Saavedra que Noia tiña un *puente muy*

1 HENRÍQUEZ OSSORIO, J. / REGUERA PARDIÑAS, E. / CAMPERO, A.: *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia. Edición de Clodio González Pérez*, Noia, 2000, p. 63.

2 Ídem, p. 30.

3 GARCÍA ORO, J. / PORTELA SILVA, Mª, J.: "Os Reis e Noia: Documentos reais sobre Noia durante o Renacemento", *Mostra Filatélica*, Noia, 2003, (separata pp. 16, 42, 44).

A Ponte de Noia a finais do s. XIX (Arquivo S. Xogaina)

bueno contiguo a ella, verbas que testifican a importancia desta construción destruída no século XIX[4].

Era a ponte de Noia por antonomasia, situada na desembocadura dos ríos Traba[5] e Tállara, que comunica a poboación coa península do Barbanza, acurtando considerablemente a distancia, xa que de non cruzar a ría en barca, había que ir á de Traba e logo seguir ata a da Chanca para volver cara ao Obre.

Non se sabe cando se construíu o primeiro paso, aínda que algúns coidan que puido ser na época romana, achegando como proba o de que, segundo a lenda, había nela unha pedra cunha inscrición na que se lía *Noela*[6]. O que si, seguro que tivo que ser antes de 1151, pois nesta data xa existía un situado quizais no mesmo sitio por ser onde é máis estreita a desembocadura dos ríos, denominado *Ponte de Iusana ou Ponte de Abaixo*, (do latín *ad deorsum*, cara abaixo), que se nomea no testamento do cabaleiro Diego Muñiz na manda que lega ao mosteiro de Toxosoutos, consistente en varias propiedades, algunhas delas situadas en Noia e, en particular, na *Ponte de Iusana*[7]. Como ocorre con outras destas construcións, non se sabe se era totalmente de pedra ou só os piares e o demais de madeira, como foron correntes ata o século XIX[8].

No *Tombo Vermello* da catedral compostelá, redactado mormente sendo arcebispo Don Lope de Mendoza –despois do ano 1398–, consta nos foros que lle conceden á vila: *Iten ha de auer el mayordomo de Noya de las casas do Tapal del arçobispo que dio el arçobispo don Gomes a Pero Ferrandes de Ponte por tempo cierto IX libras cada un ano por conoscencia. E son las casas que estan al quanton del Tapal por hu van a la ponte que tienen las puertas contra la Rua*[9]. Nesta época xa era de pedra, con toda seguranza a mesma que chegaría ata finais do século XIX, podendo ser a primeira representación esquemática da mesma a que figura na parte superior da lauda de Pero Afonso da Ponte que se conserva no cemiterio de Santa María a Nova, da era 1300 (ano 1262).

Sufriu múltiples restauracións, sobre todo co gallo dos danos ocasionados polas enchentes invernais, que afectaron a súa estrutura e o

4 CORNIDE SAAVEDRA, J.: *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia…*, Ed. do Castro, 1991, p. 100.

5 Esta é a denominación tradicional, aínda que tamén consta como río Vilacova, por pasar por esta parroquia do concello de Lousame. Antes tamén se chamaba río dos Batáns, polos varios enxeños de abatanar tecidos que movían as súas augas.

6 FLÓREZ, H.: *España Sagrada (…) Contiene el estado antiguo de la Iglesia Iriense, y Compostelana, hasta su primer Arzobispo,* XIX, Madrid, 1792, p. 13.

7 PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J.: *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela, 2004, p. 330.

8 Por exemplo, en 1826 na parroquia de Vilacova (Lousame) non había máis que unha ponte de madeira que cruzaba o río Traba, coñecido aquí por Vilacova (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Concello de Lousame. Patrimonio arqueolóxico, histórico, artístico e arquitectónico,* Ed. Toxosoutos - Concello de Lousame, 2014, p. 91).

9 Refírese ao arcebispo Gómez Manrique, que gobernou a Igrexa de Compostela entre 1351 e 1362. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*, Santiago de Compostela, 1895, II, P. 122.

A Ponte Grande e parte da muralla (*El Álbum Nacional. Fomento de la Producción Española*, Madrid, 1896)

número de arcos. Unha das últimas descricións máis completas que coñecemos antes de que fose destruída data da primeira metade do século XIX, debida ao xa mencionado Eugenio Reguera Pardiñas:

Lauda de Pero Afonso da Pont(e) (*Galicia Histórica*, I, 1901)

Situado de Norte a Sur, 200 pasos de largo[10] (154 m, aprox.), *inclusas las avenidas, de las cuales la que sale del pueblo (donde había una puerta con un alto y sólido torreón cuadrangular, que tenía unos emblemas gastados por el tiempo, distinguiéndose* únicamente *desde abajo, un perro u otro cuadrúpedo idéntico, echado sobre un sencillo cornisamento que estaba hacia la mitad de su altura, a la derecha del observador, y unas partes pudendas, varoniles, hacia la izquierda: al menos así parecían y por tales las mostraban los de la villa, que fue derribada después de 1845, y por la parte de adentro, una pequeña efijie de Nuestra Señora de la Peregrina, a quien alumbraban los devotos, que hoy la tienen empotrada en la pared de la casa que dice a la derecha, y tiene un gran balcón de piedra sobre el mar, conforme se sale, es de unos 20 pasos* (15,40 m), *y la del Campo de las Ruedas, de unos 30* (23,10 m).

El ancho es entre pretiles de 5 pasos (3,85 m), *y entre los huecos esquinados de los tajamares de 10* (7,70 m). *15 ojos: los inmediatos al pueblo hacia donde tiene una corta pendiente son más chicos: los dos centrales son de punto subido, el último del Campo* [das Rodas] *está reconstruído, con tan reducido consejo que de dos hicieron uno, dejando medio corta-aguas de los antiguos, y junto a* él *un corto resquicio del ojo cegado; lo que manifiesta que antes los ojos eran 16.*

Hace años que está *mui ruinoso, y por eso se vedó para el tránsito de carretas; el pavimento es de losas, y malo; en los muradores esquinados*

10 Non se refire ao paso como medida oficial naquela época, equivalente a 1,393 m, senón aos pasos propios que non sabemos o valor por descoñecer a súa estatura. Tendo en conta o ancho orixinal da Ponte Nafonso, e facendo unha comparación aproximativa, neste caso cada paso viría a ser sobre 0,77 m. Polo que a Ponte de Noia tería de longo sobre 154 m, máis 38,50 m das entradas: en total, uns 192,50 m, que cadra coa actual que, contando tamén as entradas, anda arredor dos 200 m.

A ponte moderna de Noia

de los tajamares, hai asientos antiguos de piedra ¡Lindísima perspectiva se goza desde él!.

Está mui cegado por las arenas que arrastra el río Traba: en el centro había clavado un gran clavo que indicaba su ancha cabeza la linde entre la Jurisdicción de la villa y otra que allí confrontaba del cual en las procesiones nunca pasaba el Ayuntamiento de Noya[11]*: por la parte que mira a la Ría dicen que tuvo un rótulo, pero ya no lo halló Jovellanos cuando rápidamente estuvo en este pueblo en 1810 u 11*[12]*…*

Os datos que proporciona este erudito agora non poden ser comprobados, pero hai un que non coincide co que afirman outros autores, que é do número de arcos: afirma que tiña 15, pero que dous foran reformados converténdoos nun só, polo que serían 16, aínda que non falta quen diga que orixinariamente eran 17. Con todo, o cancioneiro popular quédase máis curto:

Ai, nosa Ponte de Noia,
ponte de catorce arcos:
¡canto teño que romper
a sola dos meus zapatos!

Como afirma Reguera Pardiñas, na entrada da vila estaba unha torre da muralla, que xa fora derribada antes de facer a descrición, en 1845, na que existía unha capela ou fornela cunha imaxe da Peregrina, que os devotos alumaban con aceite e candeas. Cando se derruíu, encastouse na parede da casa da dereita da ponte, que tiña unha gran balconada de pedra sobre a ría, desaparecida tamén xa hai algúns anos, no restando actualmente da antiga advocación mariana máis que o nome da rúa.

Na outra entrada erguíase un fermoso cruceiro, labrado no século XVI por orde de Lope de Baya, que foi trasladado ao construírse a actual ponte para o cemiterio de Santa María a Nova, onde se pode admirar[13].

11 Refírese ao límite entre as parroquias de San Martiño e O Obre, pois tanto unha como a outra sempre foron da xurisdición de Noia.

12 O ilustrado asturiano Gaspar de Jovellanos estivo aquí o ano 1810, que foi cando chegou ao porto de "Muros de Noya". Durante o tempo que permaneceu na ría visitou Noia, pero non temos constancia escrita nin nas súas obras, nin tampouco na correspondencia que se coñece. HENRÍQUEZ OSSORIO, J. / REGUERA PARDIÑAS, E. / CAMPERO, A.: *Obr. cit.*, pp. 45 ss.

13 FABEIRO GÓMEZ, M.: "Datos para la historia de la Puente Grande de Noya", *Compostellanum*, IV, Santiago de Compostela, 1959, p. 228.

A actual ponte, que carece de todo interese arquitectónico, construíuse entre os anos 1898 e 1903, o que supuxo a destrución da antiga, unha perda irreparable para o patrimonio monumental de Noia.

2. A PONTE DE TRABA

Álzase sobre o río do mesmo nome, entre os límites antigos das parroquias de Barro é O Obre, modificados nos últimos anos, e antes, dende 1634 ata 1836, entre as xurisdicións de Noia e Toxosoutos[14].

Algúns historiadores defenden que por aquí pasaría a vía XX do itinerario de Antonino Pio, coñecida por *Per Loca Marítima,* que seguía toda a costa ou, cando menos, algún ramal importante da mesma, polo que, de ser certa esta suposición, a primeira ponte podería datar da época romana. Pero as noticias que se coñecen son moi posteriores, do 14 de febreiro de 1151, data en que testa o cabaleiro Diego Muñiz antes de partir á guerra contra os mouros cordobeses, deixándolle ao mosteiro de San Xusto varias propiedades situadas *in valle de Nogia,* das que algunhas estaban *in Ponte de Susana,* é dicir, na Ponte de Arriba que corresponde a esta, mentres que a *Ponte de Iusana* ou de Abaixo era a Grande de Noia: *in Ponte de Susana duas quartas integras et de alia quarta VI*ª*, et multas alias ganancias de multis heredibus in ipsa villa...*[15].

A Ponte de Traba, deseño do P. Gaite (c. 1910)

Non se sabe se nesta época era de pedra ou, como adoitaba ser corrente daquela, agás que fose anterior á caída do Imperio romano, que contase só cos estribos laterais e varios piares e o resto estivese formado por trabes e táboas. Pero cando xa tiña que ser toda de pedra era comezos do século XV, cando se cita nunha venda dos muíños que había a carón, o 26 de decembro de 1402: *nos moynos do Rio de Traua, que disen de donna Maria, os quaes agora ten e vsa Lopo de Lamas e os quaes son* çerqua *da ponte de Traua...*[16].

A construción actual, datable no século XIV, conta con catro arcos, dous lixeiramente apuntados e os demais de medio punto ou semicirculares, protexidos por tallamares triangulares situados contra corrente. Esta diferenza de feitura denota que ou debeu ser construída na época de transición do románico ao gótico ou que sufriu arranxos posteriores, ao imporse de novo o arco semicircular xa no Renacemento. As doelas son de perpiaño (nas centrais dun dos arcos hai dúas caras humanas de factura moi basta), así como tamén os tallamares e algunhas pedras (varias con marcas de canteiro) e o demais de cachotes e cascallos irregulares. Orixinariamente, no medio era

14 Traba (ou Trava) é a denominación antiga e tradicional pero, como queda dito, agora figura nalgúns mapas como río Vilacova, por pasar por esta parroquia do concello de Lousame. Xa figura con este nome na documentación do século XII: *inter monte Culou et fluuium de Traua et terminos de Muares sub aula Sancte Eolalie de Villa Coua*...(12 de marzo de 1156); *quam habemus in territorio Luania sub aula Sancti Uicencii de Aquis Sanctis sub monte Meda concurrente riuulo Traua*... (11 de maio de 1175); *in territorio Pistomarciis juxta fluuium Traua sub aula Sancti Johannis de Lausame*...(1191) (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J.: *Obr. cit.*, pp. 459, 486 e 574). Somos partidarios de manter en todos os casos a denominación antiga de Traba.

15 PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J.: *Obr. cit.*, p. 330.

16 BARROSO CASTRO, J. / NEIRA PÉREZ, X. M.: *A vida e a fala dun pobo "A fala no tempo". Tratos e encontros dos clérigos, gremios e notarios nas comunidades da vida e da morte*, Noia, 2008, p. 291.

A Ponte de Traba (c. 1920). Arquivo S. Xogaina

máis alta, con perfil de "lombo de burro", traza que agora case non se percibe co gallo do rebaixe da parte central e, pola contra, a subida dos laterais, orixinando que as construcións que están á entrada e á saída quedasen moito máis baixas do nivel actual da estrada.

A comezos do século XX tiña no medio un cruceiro cun farol de aceite pendurado diante, que a súa feble luz alumaba os vivos que a cruzaban de noite e tamén lembraba unha pregaria polos finados. Debeu desaparecer xa hai moitos anos, quizais cando empezaron a pasar por aquí os primeiros vehículos, tendo en conta que non figura nas fotografías dos anos vinte do mesmo século, e que as persoas maiores que levan toda a vida vivindo preto non se lembran del, nin tampouco saben se foi trasladado para outro sitio, ou destruído.

O único que queda xusto no medio é unha cruz gravada nunha das pedras do peitoril que, segundo os veciños, era onde antes se detiñan as comitivas fúnebres para rezar os responsos, que se debeu facer ao retirar o cruceiro.

Na obra actual apréciase claramente a subida efectuada nos extremos

Estado actual da ponte da Chaínza

3. A PONTE DA CHAÍNZA

Esta pontella, como se denomina nun famoso encontro e coloquio do 13 de novembro de 1836, do que se falará máis adiante, está na antiga verea ou camiño real de Noia a Porto do Son, sobre o río da Chaínza ou Vilaboa. Como outras construcións antigas, quedou abandonada ao abrirse a estrada, derrubándose dende entón un dos arcos.

Non se sabe se antes da construción actual houbo outra, posiblemente si, tendo en conta que no sitio apareceron restos romanos, o que suporía a existencia dalgún paso sobre o río, de pedra, madeira ou mixto[17].

Coidamos que date da mesma época da desaparecida Ponte Grande ou de Noia, do século XIV, pois xa hai constancia de que existía en 1394, ano en que o mosteiro de San Paio de Antealtares afora ao forneiro Pedro Melrín un terreo situado na ponte da Chaínza e Pedra do Ouro [Pena de Ouro], quizais para facer un lagar de salgadura, tendo en conta que a renda a pagar era de cen sardiñas *arangadas*[18].

No plano de Noia de 1597 figura como *Pte. de Chaynça,* situada sobre o *Rio Xaynça*. Moitos anos despois, o 13 de novembro de 1754, pasou por ela o P. Sarmiento, como deixou constancia no seu diario: *Al río y puente de Chainza, arrabal de Noya…*[19]

Aínda que sempre estivo á vista a parte superior do arco máis grande, non se sabía de certo se se conservaba toda a obra, nin tampouco como era, ao ir quedando atoada polos sedimentos que arrastra a auga do río, ata o ano 2012 en que se levaron a termo importantes obras de mellora do contorno: descubrimento dos restos da ponte e acondicionamento da fonte que hai a carón e do lavadoiro[20].

17 "Vestigios romanos en Noia y murallas del siglo V en la cima de monte Pindo", *El Correo Gallego*, 14-IX-2011.

18 LUCAS ÁLVAREZ, M.: *San Paio de Antealtares, Soandres y Toques. Tres monasterios medievales gallegos*, Ediciós do Castro, 2001, p. 101.

19 SARMIENTO, M.: *Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755)*, Santiago de Compostela, 1950, p. 48.

20 No libro de M. FABEIRO GÓMEZ e M. FABEIRO GÓMEZ: *A feligresía de Santa María do Obre*, Noia, 1988, veñen dúas fotografías de como estaba antes da última restauración. O proxecto de reintegración do patrimonio cultural da Chaínza foi galardoado co premio "Manuel Gómez Román" correspondente ao ano 2013, convocado pola Asociación "Setestrelo" de Amigos do Castelo de Maceda (Ourense).



Perpiaño con marca de canteiro

Grazas a estas obras quedou ao descuberto todo canto se conserva da antiga construción, que son un arco completo e parte doutro, ambos os dous apuntados, de regular cantaría de granito e con marcas de canteiro nalgúns perpiaños.

A carón desta ponte sitúase un coloquio entre tres paisanos, Gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso, datado o 13 de novembro de 1836, que tratan da constitución do concello de Noia, opinando verbo dos candidatos das eleccións celebradas o devandito día. Non ten interese para a ponte pero, ademais de testemuñar que tradicionalmente era un lugar moi concorrido onde se xuntaban os veciños, é unha publicación de extraordinario valor tendo en conta que se trata dunhas das primeiras na nosa lingua, impresa neste caso en Santiago de Compostela o ano 1837: *Encuentro y coloquio que tuveron na pontella da Chaínsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio, é Pepe Alonso, ó dia 13 de Noviembre de 1836, en que se nombrou naquela Vila ó Auntamiento Costitusional*[21].



ENCUENTRO Y COLOQUIO

Primeira páxina do *Encuentro y coloquio* na pontella da Chaínsa (Santiago de Compostela, 1837)

4. A PONTE NAFONSO OU DE DON ALONSO

En 1550 dicía sobre esta ponte o Licenciado Molina na *Descripción del reyno de Galizia…*, que era *de las mejores del reyno y de gentil edificio…*[22] Palabras que demostran a relevancia que sempre se lle deu a esta obra de máis de 250 m de longo situada no esteiro do río Tambre.

A mediados do século XIX críase que a fixeran os romanos, afirmando o erudito Reguera Pardiñas que o seu nome antigo era *Pons Illifonsi,* de onde procedería a denominación actual, e tamén que formaba parte da vía *Per Loca Marítima* ou dalgunha secundaria que

21 Teñen tratado sobre esta publicación, entre outros, CARBALLO CALERO, R.: "Diálogos gallegos de tradición renacentista (1810-1837)", *1616. Anuario de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada,* V, Madrid, 1983; e M. FABEIRO GÓMEZ.: "Encuentro y coloquio que tuveron na pontella da Chainsa, cercana á vila de Noya…", *Mostra Filatélica Nacional. Día das Letras Galegas*, Noia, maio, 2000.

22 MOLINA, B.: *Descripción del reyno de Galizia…*, Mondoñedo, 1550, f. XXXIX.

A Ponte Nafonso: vista xeral

pasaba por Noia con dirección ao norte[23]. Mais, polo de agora, non se coñecen restos materiais nin tampouco documentais que o testifiquen.

Outra cuestión non resolta é a de coñecer o cargo que ostentaba a persoa que a mandou construír. Por tradición dise que se trata dun rei, como xa consta nun documento de 1602: *una puente muy bieja que la avia hecho el señor Rey don Alonso, y que con el discurso de los muchos años se hiba cayendo, y que de diez y seis ojos que tenía estaban los dos caídos…*[24]; aínda que outro de 1787 é máis explícito, afirmándose que foi o rei Alonso ou Afonso II O Casto (760-842): *y reedificarse con la mayor promptitud el que la Católica Magestad de el señor rey don Alonso el segundo, de gloriosa memoria mandó construír en el Tambre o Tamar…*[25].

Malia que conste nalgún documento moderno a atribución da obra a Alonso II, como se acaba de ver, sen que se coñeza a fonte de onde procede o dato, é moi pouco probable ou mesmo imposible, xa que só se basean en que durante o seu reinado se descubrisen os supostos restos do apóstolo Santiago na actual Compostela. De levarse a termo daquela algunha construción, sería unha obra moi elemental de piares de pedra e o solo de madeira, pero nin os medios técnicos e menos aínda a época eran propicios para unha construción de tal envergadura, tendo en conta que logo da caída do Imperio romano durante toda a Alta Idade Media (séculos V ao X), en vez de manter ou restaurar as pontes existentes, o que se facía era inutilizalas, por constituíren un perigo en caso de invasión.

Rexeitada a hipótese anterior, o seguinte monarca co mesmo nome foi Afonso VII (1105-1157), moi relacionado con Galicia e, sobre todo, co mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, ao que concedeu o couto e doou varias propiedades. É máis probable que o anterior, pero tampouco se coñece documentación para testemuñar a súa intervención.

A terceira e última opción sería a de que se trate de Afonso VIII de León e Galicia e IX de Castela, que está enterrado na catedral compostelá, rei entre os anos 1188 e 1230. Como se verá máis adiante, de levarse a termo nesta época puido ser decisiva a colaboración da familia Mariño, que tiña a casa principal dos seus amplos dominios na Serra de Outes, non lonxe da ponte, sen dúbida moi interesada en

23 HENRÍQUEZ OSSORIO, J. / REGUERA PARDIÑAS, E. / CAMPERO, A.: *Obr. cit.*, p. 30.

24 GARCÍA ORO, J. ; PORTELA SILVA, Mª. J.: Obr. cit., p. 84.

25 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.: "Caminos en la antigua provincia de Santiago, durante el año 1787", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXI, 1980, p. 407.

Un dos arcos apuntados (s. XIV)

unir as súas propiedades á por entón próspera vila de Noia.

O primeiro membro que coñecemos desta familia relacionado coa ponte é Xoán Froilaz Mariño "O Vello", que testa o 17 de outubro de 1220, deixando unha espléndida doazón a Toxosoutos para a construción dunha ponte, consistente en varias propiedades situadas en Lousame, Ribeira e Outes, así como tamén 20 eguas co cabalo, 30 vacas co touro e 16 becerros e becerras: *Mando ad Pontem de Pias X casales: tres uidelicet in Ueiranes et unum in Lousame et unum in Pedrouzos de Oluaria et alium in Cambeyro, illu scilicet qui tenet hereditatem que fuit de Petro Sicco, et IIas in Moledo et in Carleu et duas in insula de Sancta Eugenia; et XX equas cum suo equo et XXX vacas cum suo tauro et inter bezerros e bezerras XVI armenta*. E de seguido que se fará de piares de pedra e de trabes de madeira: *ipse pons de piaribus petrinis et de trabus supere is*.

No mesmo documento pero máis adiante, volve facer outra manda para a devandita obra, constando agora que é na parroquia de Cando, o que non deixa xa dúbidas sobre a súa localización: déixalle a sexta parte da herdade da Ponte de Pías, que pertencera ao mosteiro compostelán de Antealtares, e unha mula, así como tamén dous cabalos (de pouca alzada), todos os utensilios, casa, arcas, cubas, ferramentas, leitos, sete xugadas de bois e un criado (ou escravo): *Mando etiam eidem monasterio sextam integram de hereditate Pontis de Pias que est de uoce de Cando quam comparaui de monasterio Antealtarium et unam azemelan (...) Mando etiam ad Pontem duos roncinos et omnia utensilia, domus, archas, scilicet et cupas et ferramenta et lecta et VII iuga booum et unus mantiles*[26].

Cómpre agardar 170 anos para que coñezamos outro membro da mesma familia interesado pola obra. Neste caso é Paio Mariño de Lobeira, señor da Serra de Outes, que dispón o seguinte no seu testamento, inserido nun documento do ano 1390: *E ordeno e mando primeiramente para acavamento da ponte de don Alfonsso oito mil maravedis, e que lle paguen o pan e o viño e a carne a aqueles que ha an de façer, segundo se conten en un estormento feito por Pedro Dominguez, notario de Noia*[27].

Algúns dos arcos apuntados que se conservan actualmente, datables a finais do século XIV, case seguro que se deben á doazón de Paio Mariño –pai de Roi Soga de Lobeira, axustizado en Noia o 1342–, que finou de frade dominico no convento compostelán de San Domingos de Bonaval, o ano 1387.

Dos tres monarcas nomeados, quen ten máis probabilidades é o último, Afonso IX (para nós VIII)[28].

Non faltan tampouco os que a atribúen ao arcebispo Alonso II de Fonseca, que gobernou a sé compostelá entre 1464 e 1506, pois malia

26 PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J. *Obr. cit.*, 2004, pp. 101 a 103.

27 GARCÍA ORO, J. / PORTELA SILVA, Mª. J.: "Os Mariños de Lobeira, señores de Serra de Outes, na Galicia do Renacemento. Fortuna e desgracia dun señorío segrar da área compostelá", *Mostra Filatélica*, Noia, 2004 (separata p. 41).

28 Da mesma opinión tamén é E. FERREIRA PRIEGUE: *Los caminos medievales de Galicia*, Ourense, 1988, p. 140.

que a ponte sexa anterior, case seguro que contribuíu dalgún xeito a restaurala[29].

Como a inmensa maioría destas grandes obras, leva sufrido múltiples reformas e arranxos; así, poñamos por caso, en 1571 o concello de Noia e o mosteiro de Toxosoutos acordan compoñer varias pontes da zona, entre elas a de *Don Alonso,* consistindo neste caso na reconstrución de catro arcos por unha contía de 2.000 ducados, que se recadaron co importe dos impostos do viño[30]. En 1787 atopábase outra vez intransitable e tan deteriorada que nun informe afírmase da súa *proxsima ruina, que en el día ba a verificarse enteramente* (…) *que principia en el medio del Puente de Don Alonso, el qual se halla arruinado y con bastante peligro en la maior parte de sus hojos…*[31]

Da construción antiga só chegaron aos nosos días o trazado tortuoso e varios arcos, que se distinguen dos demais por ser apuntados. O demais débese a múltiples reparacións que se sucederon ao longo dos anos, concluíndo no século XX en que se substituíu o peitoril de pedra por unha varanda de ferro co gallo de ensanchar máis a calzada, pasando esta de 3,85 m a 5 m.

Segundo parece, orixinariamente contaba con 27 arcos, dos que se conservan 22, dous agora ocultos, acadando os máis anchos entre 9 e 10 m de luz, protexidos con tallamares triangulares (augas arriba) e trapezoidais (augas abaixo).

Varios perpiaños teñen marca de canteiro, amosando que son os orixinais da obra antiga ou que foron aproveitados posteriormente.

Como case todas as pontes medievais, as entradas estaban santificadas con capelas e cruceiros, por se trataren de pasos moi concorridos onde se podían recadar esmolas. Neste caso, había as dúas construcións: na banda dereita aínda se mantén a capela da Nosa Señora da Ponte, que dependeu sempre do mosteiro de Toxosoutos, e na esquerda erguíase un magnífico cruceiro, labrado a finais do século XV ou comezos do XVI, que é o que dende 1954 campa na praza do Tapal, fronte á igrexa noiesa de San Martiño.

29 HERMIDA IGLESIAS, M. / AGRELO HERMO, J.: *Efemérides Noyesas*, Santiago de Compostela, 1971, p. 138.

30 HENRÍQUEZ OSSORIO, J. / REGUERA PARDIÑAS, E. / CAMPERO, A.: *Obr. cit.*, p. 63.

31 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.: "Art. cit.", pp. 407, 416.

BIBLIOGRAFÍA

FABEIRO GÓMEZ, M.: "Datos para la historia de la Puente Grande de Noya", *Compostellanum,* IV, Santiago de Compostela, 1959.

- - -: "Encuentro y coloquio que tuveron na pontella da Chainsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso, o dia 13 de Noviembre de 1.836…" *Mostra Filatélica. Día das Letras Galegas,* Noia, maio, 2000.

FABEIRO GÓMEZ, M. / FABEIRO GÓMEZ, M.: *A feligresía de Santa María do Obre,* Ed. Sementeira, Noia, 1988.

FERREIRA PRIEGUE, E.: *Los caminos medievales de Galicia*, Ourense, 1988.

GAITE SANCHO, N.: *Monumentos de Galicia. Cuadernos de Dibujos,* Fundación P. Barrié de la Maza, A Coruña, 1991.

GARCÍA ORO, J.; PORTELA SILVA, Mª. J.: "Os Reis e Noia: Documentos reais sobre Noia durante o Renacemento", *Mostra Filatélica*, Noia, 2003.

- - -: "Os Mariños de Lobeira, señores da Serra de Outes, na Galicia do Renacemento. Fortuna e desgracia dun señorío segrar da área compostelá", *Mostra Filatélica,* Noia, 2004.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "Noia e o Tombo do mosteiro de Toxosoutos (1129-1334)", *Mostra Filatélica,* Noia, 2007.

- - -: "As pontes de Noia", *Mostra Filatélica,* Noia, 2012.

- - -: "Notas para a historia da Ponte Nafonso", *Terra de Outes,* Outes, 31, 2015.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.; XOGAINA, S.: *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia,* Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 2003.

HENRÍQUEZ OSSORIO, J.; REGUERA PARDIÑAS, E.; CAMPERO, A.: *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia. Edición de Clodio González Pérez*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2000.

MARIÑO, X.: *Patrimonio histórico-artístico de Outes,* I, Ed. Tórculo, Santiago de Compostela, 1998; II, Ed. Tórculo, 1999, e III, COMPLETAR BEN.

PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J. *Os documentos do Tombo de Toxos Outos,* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2004.

Arredor das pedras, do porto de Noia e da mitra compostelá

Felipe-Senén López Gómez

Coa suma de historias locais constrúese a Historia universal.
Na honra do exemplar muradán-noiés e galego, Manuel Fabeiro

Proxéctase sobre Noia ese nimbo de misterio que tamén envolve en luz a xa tópica e atractiva *"Galiza Máxica"*. Quizais aínda por non dar con claves certas, historia obxectiva enguedellada nun acontecer intenso de interferencias, en relación con outros portos, camiños e encrucilladas. Na medida que se desvelan, aparecen outros e outros enigmas, proba tamén da intensidade destes confíns do Mundo Antigo que se abren ao *Mare Tenebrosum*. Mergullado entre estas inquedanzas de desvelar a verdadeira Historia están as inquedanzas vitais e a obra de Manuel Fabeiro Gómez, ebanista da cultura galega, que entendeu fundamental para historia de Compostela e de Galiza a historia e o patrimonio cultural, a fonda marca ou pegada deixada na que foi terra límite, a céltica de Posmarcos.

El atlas del Rey Planeta - Pedro Texeira (1634)

Tampouco direi nada novo que non teña xa dito e no que profundara o inquedo e admirado arqueólogo Xerardo Agrafoxo, que ben entende Noia en relación con Compostela, entre outros amigos e amigas que xa non quero enumerar, sabendo que quizais esquecese a algún. Todos sempre necesarios nesa ansia común de facer, desfacer e refacer o tear da Historia. Simplemente, apuntarei algunhas ideas nas que teimo. Gustaría sintetizar nesta conferencia a Historia de Noia, privilexiado e cotizado porto, circunscrito entre esa arroiada de sucesos arrastrados por Iria, Altamira e Compostela.

O tan traído tema de *"Noia porto de Compostela"* resulta algo máis que unha canción dos Támara ou un tópico aprendido, é unha realidade máis que histórica, algo que se irá elucidando co transcorrer do tempo. Un singular aporte á Historia de Galiza, onde compren tantos aportes locais, como así sumaron as inquedanzas do amigo e comprometido coa causa identitaria da busca das orixes, da orixinalidade do Nós, Fabeiro Gómez, a quen aquí queremos homenaxear cunha lembranza que non esvaecerá.

A PRIVILEXIADA XEOSTRATEXIA DOS *"CÉLTICOS TAMARICOS"*

As condicións xeoestratéxicas marcan o pasado e mesmo o presente deste núcleo que se coñece como Noia. Baixo esa serra da Barbanza na que campan mámoas megalíticas que domestican e dominan un territorio farto en gando, bestas bravas, agras, xunqueirais, montes

Estela de Crecente (Lugo)

para rozas, vestixios mineiros do estaño en San Fins, marisco e pesca... Territorio aberto a un mar interior ou ría formada pola desembocadura do río Tambre, o Tamara, tan documentado dende a protohistoria, escola experimental de nautas, técnicas de carpinteiro de ribeira e pesca.

Territorio documentado en epígrafes como a estela de Crecente, San Pedro de Mera (Museo de Lugo), que, en latín identifica unha moza e a súa orixe: "*Apana, filla de Ambulus, do pobo dos célticos supertamaricos, do grupo /ou castro) de Miobrei, morta aos 25 anos aquí está enterrada. O seu irmán dedícalle esta estela*". Aporte recente á arqueoloxía galaica, documento imprescindible para estas terras do Tambre, na que se presume da súa orixe, céltica tamarica ... E por se non abondan os textos grecolatinos, os restos arqueolóxicos castrexos, as tradicións....pechará as bocas respecto ás dúbidas da presenza "*céltica*" neste cabo do mundo da romanización. O debate está en qué entendían os romanos polos "outros", polos celtas, tan cheos dese orientalismo...

Solar do que sería Noia, que estende pontes a unha e outra banda, entre serras. Escola de arriscados mariñeiros e arrieiros, de artesáns, de carpinteiros de ribeira, de tratantes de coiros, zapateiros, xastres, canteiros...de ricas tradicións, con significado santoral padroeiro, como San Marcos, o evanxelista, patrón dos escribáns que asignan e poñen marcas, celebrado cada 25 de abril... e o apóstolo San Bartolomeu, padroeiro dos curtidores que caracterizaron Noia, festexado a fins de agosto. Ambos os dous santos, padroeiros de gremios, celebrados en

feiras e festas coa mostra do rito do *taurobolio* en tradición taurina. Todo queda testemuñado polas pegadas da vida, e mesmo polas siglas de morte. Os documentos de Toxosoutos e as laudas de Santa María a Nova dan proba, entre as arqueoloxías de onte e de hoxe. A forza do espírito afonda as raiceiras.

Historia de Noia vencellada á casa de Altamira, aos Trastámara, aos seus Moscoso, á poderosa e inmediata casa de Traba e ao mosteiro cisterciense de Toxosoutos, sempre prendida a Compostela e ao río Tambre como a corda de embigo e, conseguintemente, do Reino de Galiza e de León (sobreviventes da Gallaecia, Asturicense, Bracarense, Lucense e do que foi o Reino Suevo, orixe de tantas cousas, mesmo dun imperio). Historia de Noia protagonizada nun seu primeiro florecer por Alfonso VII, polo seu fillo Fernando II e por Alfonso VIII...e tras deles, vodas, pactos, conquistas e reparto de pobos coma se de leiras se tratase.

Fida- J. Carballo

CUESTIÓNS ARREDOR DA ORIXE ROMANA E O TOPÓNIMO "NOIA" E ¿ÉBORA?

Recibimos noticias polo xeógrafo dos primeiros anos do cambio de era, o quizais gaditano Pomponio Mela, autor da *Chorografía*, a primeira descrición do mundo antigo feita en latín. Autor que abunda en nomes de lugares, en especial destes confíns de Iberia, os que tanto significaban para os nautas que viraban rumbo nos portos do Sur, nas *Columnas de Hércules* ou de *Briareo*, como se menta na Odisea (quizais a mesma divindade indíxena, o *Berobreo* das aras do Facho de Donón, no Cabo Home, do Morrazo). Referencias xeográficas das que se serviron moitos outros expedicionarios posteriores. Datos seguramente contrastados nos portos con expedicionarios participantes nas campañas de Augusto cando as guerras con cántabros, ástures e galaicos. Mela insiste nestas costas que apuntan ao Occidente co "*Promontorio C*éltico", insistindo en que toda ela é terra habitada polos celtas...Refírese á cidade de *Lámbrica*, "que recibe as augas do río Laero e Ulla"... Cóntanos que os *Presamarcos* habitan a parte que sobresae, pola que corren os ríos Tambre e o Sar, nacidos non lonxe; dinos que o *"Támaris desemboca xunto ao porto de* Ébora *e o Sars onde se atopa a torre que lembra o nome de Augusto"*, e que a arqueoloxía sitúa entre Padrón e Catoira. Por outra parte, aclara que os *"supertamaricos e os Nerios viven máis alonxados...."*

A arqueoloxía tradicional identifica o promontorio céltico, ou Nerium, tan citado por xeógrafos e cronistas grecolatinos posteriores, con Fisterra, e mesmo outros con Touriñán. Non faltan os que o afastan cara á Punta Nariga,

inmediata aos Ártabros e a Brigantia, sempre identificada coa Coruña. Resulta aínda hoxe descoñecida a localización da devandita cidade de *Lámbrica,* a que, segundo Mela, estaría na zona de Pontevedra ou Arousa, e quizais fose o castro Alobre, orixe de Vilagarcía.

Os *presamarcos* sitúanse nas ribeiras do Tambre e do Sars, habitantes da Barbanza, entre os mares interiores (rías) de Arousa e Noia, e que na mesma idade media manteñen o topónimo de Pestomarcos e Pistomarcos... e por algo tamén a forte e inmediata cristianización da zona. Resultando misterioso o referido por Mela ao porto de Ébora (toponimo abondante e con moitas acepcións, en relación con evoraria, oliveiras, iberos) que encaixa coa situación da actual Noia.

Mela continua e explica que tras os Ártabros atópase a cidade de *Adóbriga*, contorno no que desembocan catro ríos, e segue logo o territorio dos Astures; sinala que entón o litoral faise case continuo. Con posibilidade responda esta descrición ao coñecido como Golfo Ártabro entre o que é hoxe a Coruña e Ferrol. Pra interese do caso tratado aquí, Mela conta que na costa dos Astures sitúase a cidade de *Noega* e nun promontorio tres aras levantadas polo ano 23 a. C. polo cónsul L. Sestio, dedicadas a Augusto, as que dan sona a terras deica entón ignotas.

Mela contradise con Plinio no eferido ás Aras Sextianas que as pon en terra dos supertamaricos, e mesmo con Ptolomeo que as sitúa antes de Brigantia. Asunto que segue sendo aínda un problema, unha constante busca arqueolóxica, e que a broncínea *Tábula Lougeiorum* (Museo Arqueolóxico de S. Antón – Coruña) sitúa no convento dos Astures, posiblemente no Castro da Torre, en Xixón, e polo tanto desoutra referida Noega. Algúns investigadores coidan que cabe unha confusión de Mela, dunha Noega Astur cunha Noega galega, que entraría nos presupostos de Plinio e Estrabón e outras referencias da antigüidade. Todos os autores antigos, agás Mela, colocan estas significativas aras en territorio galaico. A cuestión enrédase.

A "*Per loca maritima*" do Itinerario Antonino, s. III, con intensa actividade até a Alta Idade Media, está documentada por abundantes epígrafes nas terras noiesas, coincidente coa presenza de asentamentos de salgadura, vilas e castros. A conservadora Igrexa basea e consolida as súas estruturas sociais noutras existentes anteriores, as que incluso poden perderse no "*Parrochiale Suevum*" ou antes, pois velaí o a *Arciprestado de Posmarcos de arriba*, centrado por Ribeira, e o *de Posmarcos de abaixo*, no que se circunscribe Noia. Ao respecto, véxanse as *Memorias do Arcebispado de Santiago,* de Jerónimo del Hoyo, 1607.

No medievo consolídase o topónimo Noia, en relación cun novo e ampliado tapal, fortificación gardando o porto, torre que sería como a da Lanzada, S. Sadurniño, Catoira...e outras dos tempos do bispo Sisnando (970), por documentar na Coruña e en boa parte da beiramar galega. Son anos nos que o Islam e o *furor dos normandos* acosa esta beiramar.

Mesmo o topónimo de Noia, abundante en Cataluña, nesta área inmediata a Compostela e tan cristianizada, enrédase co tema bíblico en referencia á neta de Noé, e, conseguintemente, todo este mito con escenarios propios no contorno e lugar da Barquiña e Aro, na parroquia de Santa Cristina de Barro, área con vestixios de máis primitivos asentamentos... Proba da riqueza ideolóxica e capacidade creativa, algo propio dos presupostos monacais do medievo. Así pois, Noia, que, máis ben, puidera responder a unha "*nova civitas",* supoñendo que existía algo vello,

Noia 1930

anterior. Nova fundación, topónimo repetido en toda romanización. Mais caben outras teorías que expoño, forzando o asunto, como a relativa a unha *"asignaria", "asignácula",* marco ou pedra, fita de termo, inscrita, que dá lugar tanto a topónimos como *asnal, arnal, asnolla, arnolla,* e mesmo *anoia, noia, nolla, noalla*... Presuposto a sumar a tantos documentos arqueolóxicos, epigráficos, paleográficos, monumentais, costumes, ritos e mitose nos que envolver aínda máis os xa abundantes enigmas que engrandecen esta terra, e que agora nos traen aquí. E seguindo neses "desvíos" filolóxicos, a contrapelo da oficialidade, mesmo poñemos en dúbida que uns tan comúns "toxos altos" desen topónimo. Argüímos que quizais ese "*tonsus*" se deba máis ben a unha tonsura ou roza nesas terras altas sobre Noia, tan común e necesaria nas faenas agrarias e gandeiras do pasado... Se ben sabemos que os *escriptoria* dos mosteiros, nese exceso de celo na ansia de enaltecer as orixes, adaptaban as súas crenzas e ideoloxía a topónimos con outras orixes máis materialistas, en relación coas características ou a produción da terra.

POSMARCOS, CERNA DOS TRASTÁMARA, LENDOIRE, A OCCITANIA E OS DOMINICOS

Falta documentación sobre esa definitoria época altomedieval, sueva, onde tantas cousas se conformaron, precisamente nestes lindeiros, próximos a Iria, lugares de cultos pagáns, cristianizados, como Santo Ourente de Entíns, o Castro de S. Lois,.... e a castros rehabilitados en torres, como Altamira, onde nace unha fidalguía e un feudalismo consolidado e medrado ante as seguintes ameazas islámicas e normandas que asolan esta beiramar. Entón, os habitantes acóllense en zonas interiores, até o suposto descubrimento das reliquias do Apóstolo en Compostela, polo 813, que afervoa e garante os camiños. Castelo da Rocha Forte nos arrabaldes de Compostela e nestes camiños, Altamira, Faramello na Escravitude, Rocha Branca en Iria... proban o interese destes roteiros entre Tambre e Ulla, cara ao porto de Noia. Mais anteriormente escenarios da translación do Apóstolo Santiago polos seus discípulos Teodoro e Atanasio, o encontro con Lupa, secuencia de aventuras e desventuras. Todo un acontecer,

simbólico e mítico, en relación coa ascese que recolle o esquecido arqueólogo compostelán e xesuíta padre don Xesús Carballo en "*Fida, la hija del último Druída Galaico*" (1951), unha novela baseada nas lendas e na arqueoloxía destas bisbarras que fixeron posible Compostela.

Nestes xeoestratéxicos escenarios nos que afervoa a cristiandade arredor do camiño e do sartego do Apóstolo Santiago, fronte ás ameazas externas, o Rei de Galiza e de León, Fernando II, outorga "cartas pueblas", necesariamente a Noia, dándolle poder á capital espiritual do reino e á mitra compostelá. Dende entón, a historia de Noia vencéllase por dereito propio a Compostela, en rivalidade coa Coruña, en aspectos portuarios, de arribadas e partidas, estaleiros, subministración, etc. E a apoteose de Noia, do mosteiro cisterciense de Toxosoutos por medio, propagan a humanización do territorio e un negocio da beiramar co interior, mesmo cos ribeiros ourensáns. Así, entre comenencias e alianzas con Aquitania, Borgoña, Occitania, Provenza, florece Compostela e canto implica esta cidade, que vai convertendo e enxalzando a imaxe dun patrucio Apóstolo nun cabaleiro guerreiro.

Despois da morte do bispo compostelán, Rodrigo de Padrón, no 1319, acontece a polémica chegada, por orde do papa de Avignón, Xoán XXII, para ser bispo de Compostela do seu veciño, amigo e colega dominico, insigne predicador, Berenguel de Lendoire, natural da Rhodez, no Sur de Francia (CHAMOSO LAMAS, M-1948). As revoltas e, para máis inri, a peste, sucédense, o papa excomunga os rebeldes, e priman os criterios dos conselleiros foráneos. E sempre as necesarias alianzas coa poderosa casa de Trastámara. A misión de Berenguel de Lendoire, as relacións galaicas con Occitania, Borgoña, Provenza... as interferencias dominicas coas súas teimas antiheréticas, antialbixenses e

Xacobe dos Peregrinos - Igrexa de San Martiño de Noia

o clero marcan un tempo florido de xograres, vasalos e artesáns. Noia está na cerna dun acontecer que deixa atrás o Románico para florecer o gótico e, entre esas arquitecturas mendicantes, os sermóns apocalípticos doutro dominico, o valenciano Vicente Ferrer, que chega, percorre e predica na Galiza, para rematar en Vannes, na Bretaña, ribeiras do golfo de Morbihan, tan cheo de megálitos e lendas celtas. Os cruceiros érguense ao pé dos misterios, nas encrucilladas, no camiño, sobre a peneda, a fonte, na carballeira pagá... e Noia ofrece unha antolóxica e sobranceira mostra deles. Por algo tamén Umberto Eco ambienta "*O nome da rosa*" nas intrigas e nos tempos deste papado. Momentos nos que Noia, ou quizais aquela Ébora refaise como nova, con murallas, torre-pazo e templo dedicado ao San Martiño

de Tours, santo panonio, mercenario romano, fundamental na cristianización de Galiza por parte do seu tocaio e paisano, o Dumiense, o que declaraba anatema canto tiña que ver co priscilianismo. Templo gótico ao que conducía. Como "Cardus", o aportalado "Curro" e que abría solemne pórtico e pendellos comerciais á praza do mercado, ao porto e mais á ponte. Grandilocuente construción que anuncia Compostela e na que se venera unha desas imaxes-ídolo de pedra do Apóstolo Xacobe, sedente, como patrucio que espera ao peregrino. Imaxes como ás que tamén se lles rende culto en Pontedeume ou na Coruña, feitas e coloreadas a semellanza da que preside o altar na Catedral Compostelá. Escultura sobre a que, despois de desembarcar, se daba cumprimento a ese rito do bico e a aperta, nunha ascese que remata ante a tumba do Íntimo Amigo de Cristo. Por algo tamén, propio desta misión dominica, os tímpanos representando a Epifanía: Os Reis Magos, guiados polas estrelas, camiño de Oriente cara a unha Nai e un Nacemento...en equivalencia cos peregrinos, tamén guiados polas galaxias, camiño do Occidente, dun Sartego e da novación...E sempre, polo medio, a cuncha de Venus, nacarada insignia, cóncava-convexa, de radiadas converxencias e diverxencias, o enigma do principio e do fin, do bautismo e da morte.

COFRE COA ANTOLOXÍA DA HISTORIA DE GALIZA

É entón cando Noia se converte en complemento inseparable de Compostela... até ben entrado o século XV, coas revoltas dos Irmandiños e as intromisións da poderosa casa de Monterrei. Mesmo a partir de Felipe II, os comerciantes xenoveses toman Noia até a metade do século XVII. De todo queda pouso, do florecer da cidade dos vivos, tamén a documentación epigráfica da cidade dos mortos, a variedade de sartegos relativos á casta e rango de artesáns, mariños, fidalgos...todo un universo que da pé ás máis estrambóticas teorías sobre os mortos, inseparables do que foron e deron vida e nome a Noia. Cidade con construcións da inmellorable cantería, complementadas cun mostrario de carpintería en portas e galerías, bo facer aprendido e asentado despois dun longo camiño.

De semellantes raiceiras érguese esa árbore con florecer de sabios, poetas, músicos, artistas, con esa luz da estrela do misterio compostelán. Noia é cofre gardador do antolóxico desa Historia de Galiza, na que continuamos.

BIBLIOGRAFÍA

CARBALLO, XESÚS: *FIDA, LA HIJA DEL ÚLTIMO DRUIDA GALAICO*. Santander 1951.

CHAMOSO LAMAS, M. "EL arzobispo Berenguel de Landoire". Cuadernos de Estudios Gallegos. Compostela 1948.

ROMERO MASIÁ, A. M / POSE MESURA X. M. *GALICIA NOS TEXTOS CLÁSICOS*. Museo Arqueolóxico Castelo S. Antón. Coruña 1988.

Manuel Fabeiro Gómez.
Singraduras (líricas) e derrotas (poéticas) do quechemare

Xavier Castro Rodríguez

O título, a xeito de pórtico, que abre este artigo está ateigado de polisemia como resulta doado de interpretar. Vencellado con Muros e o seu mar, a poética de Fabeiro foi unha singradura marítima polos seus versos e tamén no universo individual, con pouca obra dada a coñecer en libros mais si en publicacións periódicas próximas, lonxanas e dispersas. E foi derrota na pluralidade do significado pois derrota é o camiño de navegación e ruta do barco e, claro está, fracaso persoal na falta de recoñecemento, consecuencia dun particular franciscanismo e interiorismo (poética do eu e das cousas máis humildes) que o mantivo nun espazo discreto do que damos en chamar sistema literario ou letras galegas. E quechemare, o particular navío (moi reiterativo na súa obra) que utilizou nesa viaxe constante na procura de si mesmo. O barco con velas ás que tanto significado el lle deu nun constante verso e reiterativo título: 'Meu corazón branca vela…".

'Quechemare da saudade', datado en Galiza no ano 1953, foi editado case sesenta anos despois

Sobre o autor e a súa ubicación xeracional cómpre realizar algunha precisión que limite as coordenadas espaciais e temporais. Sempre coa consideración previa de que as etiquetas clasificadoras (período existencialista, etapa dadaísta, os tempos do futurismo, os anos da poesía simbólica, os séculos do Barroco…) son didácticas, aclaradoras, mais abondo encorsetadas pois nada pode ser tan exacto como para enmarcar nos límites moi pechados das acepcións, os espazos e os tempos. Esas etiquetas non sempre son exactas no que se quere coutar mais axudan a situármonos nun espazo e nun contexto do que acostumamos denominar grupo, xeración, promoción, agrupamento, etc. É por iso que Manuel Fabeiro pertence por rigor de idade xeracional ao que comunmente denominamos poetas de posguerra, o que nos levaría a ter que precisar a que denominamos 'posguerra' (ou poesía de posguerra), etiqueta que ten dado para falar e discutir moito. Teorías hainas moi varias e todas fundamentadas. Por exemplo, que posguerra é todo o que vai despois da guerra mentres non haxa outra contenda bélica; ou o que vai desde 1939 até a morte de Franco no ano 1975 –un segmento perfectamente coutado como cre o crítico Manuel Mantero-; ou que a posguerra vai deica 1948 en que a poesía inicia novos camiños (Víctor Gª. de la Concha), e mesmo como fala Ramón Tamames que, desde unha perspectiva económica, (que nos pode valer e que comparto) considera a posguerra como os anos inmediatos ao final da contenda (o tempo da 'autarquía, inflación e estancamento'), é dicir o que eu denomino 'posguerra inmediata': deica 1950 aproximadamente. Foron os anos da persecución, miseria, racionamento, fame, estraperlo, de enfermidades como consecuencia da enchente de altramuz e almorta (que producía

latirismo, unha intoxicación que se manifestaba na parálise das pernas), os tempos das salgas e as castañas (a alimentación paupérrima da inmensa maioría da poboación), os momentos da loita guerrilleira, a represión... Falamos dunha década definida, en xeral, polo ermo cultural e, en particular, polo case silencio literario, anos nos que se move unha importante nómina de escritores e escritoras, onde existe unha evidente dificultade para publicar tanto pola censura previa –os directores das publicacións eran tamén censores do publicado nos seus medios baixo ameaza de despedimento– como polos cupos de papel que facía deste soporte un artigo caro e que era preciso dosificar. Lembremos algunhas anécdotas relacionadas con esta circunstancia derivada do valor que tiña o papel: o editor Manuel Aguilar imprimía en papel biblia que non estaba suxeito aos cupos de papel; Germán Plaza crea a *Colección Pulga* para reducir o uso de papel e mesmo se chega á mutilación do texto para adaptar as obras ás páxinas de papel como se conta no caso do editor Emanuel Maucci que suprimía indiscriminadamente as páxinas necesarias, ou a *Colección Z* na que para traducir *Guerra e paz* o tradutor reduciu as páxinas de descrición das batallas por consideralas menos relevantes.

Arredor de todo isto houbo unhas pequenas illas e oasis culturais como foron as colaboracións xornalísticas, algunhas revistas e follas voandeiras e, lonxe de nós, a literatura de resistencia no exilio. As cousas tamén eran complexas no ámbito do estado onde agroma unha cuestión de moda na literatura española que marcou Dámaso Alonso (destacado poeta da Xeración do 27) coa perspectiva do que el denomina poética do *Arraigo* e do *Desarraigo*. As características da primeira serían:

- Perfección no verso.
- Sentimento relixioso intenso.
- O mundo é un lugar ordenado malia o pecado e a dor. Moral católica.
- Visión da vida afastada da realidade tráxica.

Aquí estarían identificados poetas como: Dionisio Ridruejo, Luis García Nieto, Leopoldo Panero e o granadino Luis Rosales, (na casa dos Rosales refuxiouse Lorca antes de ser detido e executado), que será moi influínte, e iniciará o xiro posterior destes poetas cara a unha poética máis existencialista, con *La casa encendida* (1949).

Pola súa banda a poética do desarraigo basearíase nas seguintes liñas:

- Verso libre e linguaxe prosaica.
- Ton tráxico nun mundo caótico e relixiosidade crítica.
- Rebeldía e inconformismo.
- Baleiro persoal e existencial.

O poeta principal desta lírica foi Dámaso Alonso que con *Hijos de la ira* (1944) incorpora unha linguaxe grotesca, a temática do existencialismo, o golpe nas conciencias, a liña antigarcilasista... Versos coma os seguintes que inician o seu ben coñecido poema *Insomnio* evidencian o devandito:

"Madrid es una ciudad de más de un millón de cadáveres
(según las últimas estadísticas).
A veces en la noche yo me revuelvo y me incorporo
en este nicho en el que hace 45 años que me pudro,".

E, xunto a el, tamén compartirían esta liña poética: Vicente Aleixandre, con *Sombra del paraiso* (1944), José Hierro e Blas de Otero.

Nunha situación de crise existencial, social e cultural, as revistas literarias serviron como canle de expresión en toda a xeografía peninsular e estas publicacións periódicas acolleron con diferente fortuna e distinta proxección ideolóxica e artística a expresión de ducias de escritores e escritoras posicionados diante da realidade que se amosaba día a día.

É verdade que falamos dun tempo de éxito das revistas literarias dentro e fóra de Galiza, ás que acudiron os nosos escritores, tamén Fabeiro. Eran a canle de expresión nun tempo no que editar era complicado non só por mor da nova orde imposta senón tamén pola escaseza e prezo do papel para imprimir. Xunto a Fabeiro estaban moitos outros poetas de diferentes idades (que conflúen literariamente por volta da década dos 50 pois até ese momento estiveran silenciados) de diferente rexistro lírico, de distinta proxección social e de heteroxénea fortuna literaria que buscaron en moitos casos nas revistas unha plataforma de publicación: María Mariño, Luís Seoane, Carballo Calero, Eduardo Moreiras, Teodoro Morgade, Lorenzo Varela, Pura Vázquez, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro…

No ámbito español, atopamos a revista literaria *Escorial*, editada desde novembro de 1940 até xaneiro-febrero de 1950 pola Delegación Nacional de Prensa e Propaganda da Falanxe. Unha publicación de aspiracións totalitarias que tocou practicamente todos os asuntos que lle interesaban á Falanxe na construción do 'Novo Estado' franquista. Tiña unha liña ideolóxica que logo continuaría *Garcilaso. Juventud creadora*, publicada entre 1943 e 1946 e fundada por José García Nieto, Jesús Revuelta, Jesús Juan Garcés e Pedro de Lorenzo, un grupo de escritores que tiña a súa tertulia no celebérrimo Café Gijón de Madrid.

A revista 'Atenea', de Porto Rico, achegou un especial sobre Galiza (número dobre 1-2) coordinado por Baldomero Cores Trasmonte

A estas dúas publicacións opúxose *Espadaña*, revista leonesa de poesía fundada e dirixida por Victoriano Crémer e Eugenio de Nora entre 1944 e 1951. Nela publicouse a obra de poetas opostos ao réxime franquista e mantivo unha liña editorial de compromiso político e social. Entre outros, colaboraron: Pablo Neruda, César Vallejo, José Hierro, Blas de Otero…

Pola súa banda, en Portugal atopamos, principalmente, tres guieiros literario-culturais que son:

A revista *Presença*, próxima ao vangardismo e editada en Coimbra entre 1927 e 1940. Na súa base ideolóxica está a promoción dunha literatura viva, libre e crítica e entre os

colaboradores atopamos a Fernando Pessoa, Mário de Sá-Carneiro e Almada Negreiros, entre outros.

A *Colección Novo Cancioneiro*, ao carón do neorrealismo cun traballo literario arredor da poesía social e contra o salazarismo. Entre os integrantes estaban: Carlos de Oliveira, Fernando Namora, Manuel de Fonseca

Finalmente, o *Grupo Surrealista de Lisboa* que nace en 1947 por influxo de André Breton e que conta entre os seus integrantes con Mário Cesariny e Alexandre O'Neill.

Mentres, en Galiza, a situación da poesía de posguerra ten dúas claras dimensións: a realidade do que sucede dentro do país e a vertente das publicacións do exilio. Así, os principais fitos culturais aquí pasarían polos seguintes nomes e datas:

- 1947. *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño.

- 1949. *Camiños no tempo* poemario de Ramón Cabanillas e *Poemas de ti e de min* de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez.

- 1950. Ano da publicación duna importante tríade literaria: *Roseira do teu mencer* de Xosé María Álvarez Blázquez, *Muiñeiro de brétemas* de Manuel María e *Antífona da cantiga* de Ramón Cabanillas.

- 1950. Nacemento da Editorial *Monterrey* (baixo o coidado de Luís Viñas Cortegoso e Xosé Mª. Álvarez Blázquez); tamén aparecen *Bibliófilos Gallegos* e a *Editorial Galaxia* que nace no simbólico 25 xullo baixo a dirección de Fernández Del Riego, Illa Couto e Ramón Piñeiro.

- Coleccións poéticas *Xistral* (1952, dirixida por Ánxel Johán e Manuel María) e a pontevedresa *Benito Soto* (1948-52).

  E da edición arxentina de obra galega salientamos os seguintes títulos editados na capital, Bos Aires:

- 1942. *Jacobusland* de Emilio Pita.

- 1944. Neste ano ve a luz un importante trespés lírico: *Versos en gama de gaita* de Manuel Prieto Marcos, *Cantigas de nenos* de Emilio Pita e *Catro poemas pra catro gravados* de Lorenzo Varela.

REVISTAS DE POSGUERRA EN GALIZA

- *Misión* ('*revista quincenal de la parroquia y la escuela*') que se editou en Ourense, Pamplona e Madrid entre 1937-1947, promovida por un grupo católico entre os que estaban Vicente Risco e Otero Pedrayo.

- *Triunfal*. Pontevedra. Ve a luz no ano 1940.

- *Finisterre*. Publicada entre Pontevedra e Madrid no segmento temporal 1943-1946. O seu redactor-xefe foi Celso Emilio Ferreiro. Manuel Fabeiro foi colaborador ao longo de 1944 e 1945.

- *Numen*. Vigo, 1944. O seu director foi Xulio Sigüenza.

- *Sonata Gallega*. Pontevedra, 1944-1952. Colaboran: Celso Emilio, Pura Vázquez, Avilés de Taramancos... Manuel Fabeiro inclúe a súa colaboración no nº 10 (1948) dentro do extraordinario dedicado a Coimbra.

- *Cartel*. Vigo, 1945-1946. Nela participan Fernández del Riego, Ánxel Fole e Manuel Fabeiro que colabora no nº 8 (1946).

- *Gelmírez*. Compostela. 1945-1946. Só foron dados ao prelo tres números. Diríxena Enrique Vidal e Manuel Rabanal, foi unha publicación vencellada a *Espadaña*. Manuel Fabeiro aparece no nº 3 (1945).

- *Posío*. Ourense. Fundada polo grupo ourensán *Azor*, integrado por José Luis Varela, Alfonso Alcaraz, Segundo Alvarado e Pura Vázquez. Editou catro números con periodicidade irregular entre 1945 e 1946. Non eran discrepantes do réxime pero non participaron na liña política del. En xaneiro de 1951, e da man de Segundo Alvarado, iniciou unha segunda etapa, diferente da anterior, titulada *Posío, Arte y Letras*. Tirou 24 números. Manuel Fabeiro colabora no nº 4 (1946).

- *Alba*. Escrita en galego e castelán foi editada na Coruña, primeiro, e Vigo, posteriomente. Publicouse entre 1948 e 1956, baixo a dirección de Ramón González-Alegre Bálgoma. Foron un total de 16 números editados. Entre outros colaboradores: Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane, Luís Pimentel… houbo atención á poesía portuguesa e brasileira. Manuel Fabeiro está presente no nº 6, (1950) e no nº 9, (1952).

- *Mensajes de poesía*. Vigo, 1948-1952. Dirixida, redactada e distribuída por Eduardo Moreiras. Colaboran: Pimentel, Cunqueiro, Luz Pozo, Pura Vázquez…

- *Xistral*. Lugo, 1949. Diríxena Manuel María e Manuel Antonio Sopena. Só se deron ao prelo dous números.

Cuberta da publicación pontevedresa 'Sonata Gallega'

- *Tapal*. Noia. Manuel Fabeiro aparece como colaborador en: nº 1 (1950), nº 3 (1951), nº 4 (1951), nº 6 (1952), nº 7 (1953), nº 8 (1954) e nº 9 (1955).

- *Aturuxo*. Revista literaria, fundamentalmente poética, que se publicou en Ferrol entre 1952 e 1960. Dirixida por Miguel C. Vidal, Tomás Barros e Mario Couceiro. Antón Avilés de Taramancos é un dos seus colaboradores.

MANUEL FABEIRO E AS REVISTAS LITERARIAS

- *4 VENTOS*. Editada en Braga por volta dos anos 50 tivo unha tripla dirección: portuguesa, brasileira e galega que

ostentaron Otero Pedrayo, Leandro Carré Alvarellos e Sebastián Martínez Risco.

Entre outros autores, colaboran: Victoriano Taibo, Xosé Mª. Álvarez Blázquez, Manuel María, Xosé A. Avilés Vinagre (*Cantigas da noiva nua* en catro partes: noiva de pino, do día, do mar e da tarde) e Manuel Fabeiro co poema *Meu corazón branca vela* ("Do libro iñoto *Cachemare da saudade*", do 1955) e *Cachenos do poema do guieiro* (composición en sete partes dedicada a Castelao).

- *ATENEA*. Editada pola Universidade de Porto Rico no recinto universitario de Mayagüez. O número dobre 1-2 (de case 300 páxinas) está dedicado integramente a Galiza. Este especial foi dirixido e coordinado por Baldomero Cores Trasmonte e nel colaboran: Manuel María, García Bodaño, Arturo Romaní, Uxío Novoneyra co seu poema *Vietnam canto...* e Manuel Fabeiro cun artigo sobre filatelia e cun poema titulado *Vietnam*.

- *TAPAL*. Publicada entre novembro de 1950 e agosto de 1955. Foron nove números editados. Dirixen a publicación: Andrés Rodríguez Millares e Manuel Fabeiro con Eduardo Ces e Ramón Patiño. Entre os numerosos colaboradores están: Avilés de Taramancos, Manuel María, Otero Pedrayo... e Manuel Fabeiro con profusión de traballos que acadan os trinta. A vida de *Tapal* rematou como consecuencia dos problemas derivados coa censura e a economía.

- *ACANTO*. Antoloxía literaria. Madrid (1948). Dirixe esta publicación José García Nieto. De Manuel Fabeiro achégase o poema *Presencia de ti*.

Esta obra publicouse no ano 2013. O mecanoscrito data da década dos anos 40 do século pasado

- *SONATA GALLEGA*. Editada en Pontevedra entre 1944-49. Colaboran: Celso Emilio Ferreiro, Díaz Castro, Bouza-Brey, Blanco Amor... Fabeiro no número 10 (1948) inclúe a composición *Cantigas de berce*.

- *ENSAYOS*. Madrid. Revista '*para la juventud creadora*'. Incorpórase un artigo sobre Noia de Manuel Fabeiro titulado *Lembranza sentimental*.

- *VIEIROS*. México. No número de 1968 inclúense poemas traídos ao galego por Manuel Fabeiro de Paul Verlaine e de Xosé Hernández autor do *Martín Fierro*.

- *MANANTIAL*. Melilla (1949), onde tamén colabora Fabeiro.

- *LAR*. Bos Aires. Revista mensual da Asociación Galega de Beneficencia e Mutualidade, adscrita ao 'Hospital Galego' de Bos Aires (1934-1963).

FOLLAS DE UN ARBRE SENLLEIRO

Este foi o primeiro, e único, poemario de Fabeiro editado como libro (1951) en vida do escritor. É un libro breve composto por 25 poemas (en dúas series de 16 e 9) no que albiscamos moitos temas recorrentes coma os relixiosos (a morte, a imaxe de deus, a cruz, o camposanto…) ou os espazos vividos (Muros, Compostela, Noia) e onde aparece o asunto reiterativo do *Meu corazón, branca vela*. De entre todas as composicións salientamos, por atoparse na liña temática doutros poetas universais, a titulada *Romance da nena morta* que podemos emparentar con textos de Lorca (*Gacela del niño muerto*), Luis Cernuda (*Niño muerto*), Rafael Alberti (*Nana del niño muerto*) ou Luís Pimentel (*En el depósito de cadáveres hay un niño*).

Follas de un arbre senlleiro inclúe unha ilustración na cuberta de Rafael Alonso e incorpora un proemio de Aquilino Iglesia Alvariño que enxalza a voz poética do muradán nesta breve e intensa nota inicial onde afirma: "Teño fe na poesía de Manuel Fabeiro Gómez, porque é limpa, aberta e sinxelamente humán…". Un feixe de poemas nos que, para Méndez Ferrín, cómpre distinguir tres estratos: un, de supervivencia romántica, outro que o sitúa na órbita de Antre Dous Séculos e, finalmente, outro popularista e imaxinista.

O libriño formou parte, como volume XIII, da ben coñecida, e emblemática, *Colección Benito Soto* un proxecto editorial levado a cabo en Pontevedra entre 1948 e 1952 que integrou 16 volumes xa en galego (once), xa en castelán (cinco). Os libros imprimíanse en Gráficas Torres, a imprenta do pai de Sabino Torres onde se editara o xornal *Ciudad* (1945-48) que dirixira Emilio Canda. Naquela empresa editorial (que inicialmente contou con 90 suscritores e, posteriormente, con 160) colaboraron: Emilio Álvarez Negreira, Manuel Cuña Novás, Sabino Torres Ferrer, Rafael Alonso (ilustrador) e Celso Emilio Ferreiro. Entre os poetas editados estiveron: Luís Pimentel, Cuña Novás, Álvaro Cunqueiro, Manuel María, Eliseo Alonso, os irmáns Xosé Mª. e Emilio Álvarez Blázquez…

Na revista portuguesa '4 Ventos' colaborou Manuel Fabeiro

A orixe do nome da colección literaria sinalouna Sabino Torres: "Vou editar libros de versos. Os nosos libros, os libros dos nosos amigos. Faremos una colección de libros, sen permisos oficiais, sen dar conta á censura,

senón ó noso corazón... como corresponde á verdadeira maneira de entender a poesía: ceibe. Será unha colección pirata". Entón –interviu Álvarez Negreira–, se é pirata, ¿por que non lle chamamos 'Benito Soto'?".

Benito Soto Aboal (Pontevedra, 22 de marzo de 1805-Xibraltar, 25 de xaneiro de 1830) foi o pirata da Moureira que capitaneou *La Burla Negra* e cuxas aventuras e saqueos inspiraron a José Mª. Castroviejo, Ángel Joaniquet e mesmo Espronceda que quizais se baseou nel para compoñer a celebérrima *Canción do pirata*.

INTRES (poemas)

O libro *Intres (poemas)* de Manoel (*sic* no mecanoscrito) Fabeiro Gómez, está composto por un total de trinta e cinco composicións de asunto, verso, rima e ritmo moi heteroxéneos así como de variable extensión que van precedidas por tres elementos paratextuais moi importantes para o poemario na súa totalidade. Trátase, en primeiro lugar, dunha breve e sinxela 'Adicatoria', acompañada por unha caricatura de Eduardo Mariño Mirazo, que nunha declaración de principios afirma o seu compromiso coa terra nunca esquecida nas súas "dores" e "anceios". O poeta e o seu traballo lírico ao servizo do pobo di así: "A TI, GALIZA, /.../ meu esprito pra servirte sin acougo". E, no remate, unha exclamación, o berro da sublime afirmación, que nos lembra o tempo das Irmandades e da loita galeguista e agrarista: "¡EI TERRA!".

Deseguido temos unha obra gráfica que vén de representar un espazo mariñeiro que, con certeza, é a vila muradá, patria de nacenza do poeta. Dous mariñeiros vogan mentres un terceiro manexa o temón. O pano de fondo compóñeno unhas casas e varios aparellos pendurados.

Finalmente, un *Limiar* ao que se lle engadiu nun momento que descoñecemos da intrahistoria deste poemario e de xeito manuscrito, a sinatura do poeta e un dato fundamental, tamén coidadosamente escrito a man: "Muros, 31-XII-42". A edición desta obra foi posible no ano 2013.

Este sucinto prólogo que non acada as vinte liñas achega datos moi singulares: xustifica o título do poemario ("Este fato de poemas son intres da miña Vida") así como o contido esencial co corpus: "queixas", "canzós", "ilusiós", "quereres", "soidades"... Afirma diante dos lectores a necesidade de escribir como unha canle de expresión e comunicación do poeta consigo mesmo: "Cando quixen chorar, cando quixen reir, e cantar, e sentir, fixen versos sen roupaxe literario nin broslados líricios". No terceiro parágrafo dous novos datos de carácter explicativo sobre os poemas que imos ler: a humildade do escritor que non se considera poeta ("Nin desexo selo") e a arela de Fabeiro arredor do futuro destes poemas que "Si algún día son chamados a ver a luz, servirá este pequeno limiar pra presentalos ao mundo literario".

Estes pórticos literarios son marca de identidade dos poemarios mecanoscritos de Manuel Fabeiro e configuran un trazo paratextual moi importante para coñecermos mellor tanto o libro, como o poeta. Lembremos que así o fai no arranque do poemario *Quechemare da saudade* (datado no ano 1953) coas dúas composicións iniciais: o poema *A miña canzón* e o texto en prosa *Ôs leitores*. Nelas, o escritor afirma que "...non son/un poeta de mensaxe;" e tamén declara que: "N'istes poemas está a i-alma enteira de quén ama â Galiza nas cousas mais homildes". Similar confesión acontece nos libros inéditos *Notas* (en castelán, datado o 31 de decembro de 1942 e que coincide

Número catro de 'Vieiros'. México, 1968

coa data manuscrita de *Intres*) e outra obra sen título composta por textos en galego e castelán. No *Prólogo* do primeiro deles afirma ter recollido alí aqueles poemas que "significaban algo" na súa existencia, textos que agardan o día en que o poeta perda medo ao "público literario" para dálos ao prelo. No outro libro Manuel Fabeiro ofrécenos unha miscelánea de composicións escritas en diferentes etapas do seu decurso vital, sen pretensións antolóxicas nin unidade temática e que amosan o estado de ánimo deica o momento en que se compilan, é dicir, contra finais da década dos 40.

O *Limiar* en prosa de *Intres* é unha breve exposición sobre o que son estes poemas (momentos da súa existencia, "queixas de namorado corazón ou sensibres canzós de naturalista amor") e unha franca consideración en primeira persoa do poeta: poemas escritos segundo os estados anímicos, exentos de enfeites. Na parte final, a dúbida do escritor ("Non sei si conquerín ser poeta") contrasta coa arela, coa esperanza sobre estas liñas poéticas: "Si algún día son chamados a ver a luz, servirá este pequeno limiar pra presentalos ao mundo literario". Un inicio que vai imbricado co primeiro dos textos poéticos (*Ôs meus poemas*) que se nos amosa como xustificación lírica do álbum poético na constante apelación (en secuencia anafórica) que o escritor fai cara a eles: "Sondes anacos", "Sondes intres", "Sondes Vida da Vida", "Sondes todo pra mín,".

Desde aquí seguen trinta e catro poemas máis de asunto misceláneo que, con todo, manteñen algúns denominadores do universo do escritor, motivos recorrentes que mesmo coñecemos doutras achegas de Fabeiro o que vén de ser a configuración reiterativa do seu mundo introspectivo: o eu lírico, a poesía de raizame amorosa, composicións achegadas á realidade da paisaxe, (especialmente a marítima), a presenza da saudade... Sobre todo predomina un ton intimista mesturado con trazos esenciais da realidade que poeta soña e evoca utilizando unha linguaxe comunicativa sinxela, doada para o lector, que frecuentemente reproduce a fala coloquial e familiar como acontece, por exemplo, coa constante presenza da fórmula "i-alma", con *i* epentético antihiático.

As vivencias de Fabeiro, camiño por veces, congostra outras, abócano á tristura, á dor existencial e sempre cun verniz melancólico delicadamente botado enriba de versos e secuencias líricas. O poeta decide vagar pola senda da introspección e o intimismo botando detrás dos seus pasos a semente para que outros viaxeiros aproveiten o monólogo e compartan

Número da noiesa 'Tapal' do ano 1954

con el a paisaxe real e emocional. O poeta desolado, desacougado procura na natureza, na paisaxe e no amor a recepción da súa humilde mensaxe.

Reiterativamente o contraste e as dualidades que agroman entre as liñas poéticas e que fan debater ao poeta entre termos dobres, contrapostos e complementarios que configuran o seu pensamento lírico e o seu sentir e posicionamento diante do decurso vital tanto persoal como colectivo.

Os principais núcleos temáticos poderían reducirse a cinco: **Muros** (patria do poeta e constante na súa obra poética e ensaística. **Rosalía, Machado** e **Bécquer**, poetas cos que comparte a poesía da existencia, do desengano e a desesperanza ademais dos símbolos por excelencia como son: o cravo en Rosalía , a espiña en Antonio Machado e o ferro en Bécquer. En terceiro lugar a tríade **vida, morte, deus** onde asume os tópicos do amor-eros, a traxedia e a relixiosidade. **A literatura medieval** e o **compromiso** que se manifesta nos poemas *O patriota*, *No ano 1937*, *Un fusil levo na man*...

QUECHEMARE DA SAUDADE (poemas)

O mecanoscrito deste poemario data do ano 1953 e foi editado case sesenta anos despois (2010), un longo silencio procurado conscientemente por Fabeiro a partir da particular intrahistoria que viviu o libro. O poemario acadara daquela un premio literario en Bos Aires mais, algún tempo despois, comunicóuselle que o seu traballo poético compartiría ese galardón con outro escritor, situación que provocou a retirada do traballo por parte do autor e a non edición como libro.

O poeta escolleu para o título o termo quechemare (do francés *chaiche marine*, denominado *chassemarée*, e versión do lugre (*lugger*) inglés) –a súa variante quechemarin aparece no libro de Francisco Vega Ceide (*Francisco de Fientosa*) *El alba del quechemarin. Poemas*, que dá nome a unha embarcación de vela pequena e de dous paus que ten o máis pequeno situado na proa da cabeza do leme. Tamén Álvaro Cunqueiro naquel seu poemario *Dona do corpo delgado* (Colección Benito Soto; Pontevedra, 1950) incluía esta nave no poema II da sección 'Cantigas do amor cortés'.

Este *quechemare* de Fabeiro está composto por 55 poemas e máis dous textos xustificativos que se dividen en catro grandes apartados diferentes e heteroxéneos tanto no número de composicións como nos eidos temáticos que

percorre. O primeiro, composto por dez poemas, titúlase *Poemas do noso mar* e nel salienta o campo semántico do mar (barcas, sereas, estrelas, luceiros, dornas, ronseis… así como as referencias de persoas vencelladas a este espazo: a muller viúva, o mariñeiro, os nenos orfos… O poeta-mariñeiro vive unha intensa e íntima relación co mar que nos evoca a imaxe do rianxeiro Manuel Antonio. A segunda parte, *Meu corazón, branca vela*…está integrada por un pórtico en prosa no que *Manolé* recoñece a esencia do que imos ler: "Todos istes poemas falan do meu corazón. I-o meu corazón é unha vela branca q'un día saieu de Muros pra percorrer outros ceos –difrentes, anque non lonxanos- e anda, anda… sin saber cando o camiño finará". Deseguido temos dezanove poemas "que falan do meu corazón" nos que agroma a presenza das voces de Machado e Rosalía nos que permanece coma un refrán a imaxe recorrente da *branca vela*. Non obvia o poeta os lugares vitais que o conforman como individuo e escritor: Muros, Noia e a *Nai Galiza*, patria, terra e matria do ser galego. O terceiro apartado lírico fórmao *Cachenos do poema do guieiro* un espazo poético composto por sete poemas dedicados a Castelao como imaxe do mártir, (como proxección relixiosa mais tamén ideolóxica en canto parte daquelas persoas que deron a vida polas súas convicciónss), e onde non faltan connotacións sobre o mito do sebastianismo: *Din que morreu, non é certo*; Castelao está morto mais non desapareceu da memoria colectiva do pobo galego:

"…E voltará. Entón Galiza
ha ser un ecoar de campaíñas.
Han frolecer os campos
cal unha primadeira revivida;"

Finalmente, *Arbres de un día* conformado por un conxunto de dezaoito poemas moi diferentes. Un corpus misceláneo de composicións onde

O poemario de Fabeiro foi o número XIII da colección pontevedresa Benito Soto

agroma a literatura medieval galego-portuguesa nun poema escrito en dúas partes que nos amosa unha muller namorada que se achega á nai-confidente pola dor de amor (*coita*) e pola ausencia do namorado:

"Coidei que me amaba, madre,
e dinlle o amor…
¡ai madre!
Como me enganou…"

Tamén atopamos fragmentos metaliterarios ou metapoéticos que nos proxectan a importantes figuras literarias da nosa historia poética: Rosalía, María Mariño, Eduardo Pondal, Manuel Antonio, Curros Enríquez…

O poema final arranca co verso que dá título a libro, unhas liñas poéticas de harmonía e imbricación do poeta-navegante co seu barco:

"¡Quechemare da saudade!
¡Meu corazón! Onde estás?
Âtoa fun percorrendo
vieiros de señardá;
cada estrela, foi un anxo;
cada ilusión, un altar.
Era cada singladura
voz dun eterno cantar.
… E nas paisaxes iñotas
soio escoitei alalás…..
"¡Quechemare da saudade!
Vela branca a navegar…..".

Mención moi especial cómpre facer da valente nota paratextual final que Manuel Fabeiro incluíu neste *Quechemare da saudade*, onde se manifesta que *"este libriño foi feito en lembranza dos galegos de Bos Aires, emigrantes por temperamento ou necesidade espritoal"*, dun xeito especial para Luís Seoane, Núñez Búa, Xosé Conde, Ramón D. Villar e Eliseo Alonso (que formaron parte dos exiliados republicanos) e todo isto *"co recordo inmorrente do guieiro da galeguidade: Castelao"*.

A depuración dos mestres de Outes no franquismo

Xoán Francisco García Suárez

Con el alma en una nube
Y el cuerpo como un lamento,
Viene el problema del pueblo,
Viene el maestro…

(Patxi Andión. "El maestro")

A II REPÚBLICA E O ENSINO

A II República confiou no ensino como unha das súas grandes armas –quizais a máis forte– para levar a cabo a verdadeira transformación da sociedade e saír do atraso social instalado polo rancio conservadurismo da Restauración. O profesorado comeza a ter unha alta consideración, e moitos profesionais foron dirixentes republicanos nos diferentes partidos. Un exemplo foi a "Agrupación al Servicio de la República" saída da man de Ortega y Gasset, que obtén 13 escanos, dos que a metade eran mestres e entre os que se atopaba Fernando de los Ríos.

Afirmaba o pedagogo Lorenzo Luzuriaga: «*El Magisterio hispánico ha de responder con todo su entusiasmo a la llamada de la República. El gran ejército de cerca de 40.000 hombres que lo constituyen ha de ponerse lealmente a su servicio [...]. La República se salvará por fin por la escuela. Tenemos ante nosotros una obra espléndida, magnífica. Manos, pues, a la obra. ¡Arriba el magisterio republicano!*». Declaracións que resumen claramente a grande confianza da República no amplo colectivo de mestres e mestras.

Pero os inimigos da II República, logo da sublevación militar do 18 de xullo de 1936, non deron a máis mínima concesión que axudase á consolidación do proxecto republicano, e non permitiron nin que polo menos unha soa xeración chegase a ser formada completamente naqueles principios. Ademais, esta vontade democratizadora atopábase coa contra dunha parte do Maxisterio, indiferente ao cambio ou, no peor dos casos, fieis á súa ideoloxía reaccionaria, apoiada desde sectores como a Igrexa, parte do exército, ou os caciques.

Aumentárase en cinco anos o número de mestres en máis dun 56% e estaba en marcha o proxecto do *Ministerio de Instrucción Pública* de continuar construíndo escolas ata chegar ás 27.000. Ao mesmo tempo que se dignificaba a profesión e os salarios ata agora de fame, púxose en marcha a reforma dos plans de estudos do Maxisterio, a democratización das estruturas educativas, o impulso dunha pedagoxía activa e moderna, a instauración dunha escola laica, e a utilización nas aulas das linguas propias naquelas nacións (Galiza, Catalunya e Euskadi) nas que se dera o caso do bilingüismo.

Diante desta situación, a dereita fascista, co golpe militar de 1936 comeza a "limpeza de España", e o sector do Maxisterio será un dos obxectivos principais, mediante a eliminación física, a anulación moral, a denigración da profesión mediante intensas campañas propagandísticas para, deste xeito, xustificar a imposición da nova situación, nun claro plaxio da política fascista de Mussolini ou a nazi de Adolf Hitler. En todo o territorio español caen fusilados miles de mestres. (Vénme á memoria aquí a novela histórica de Manuel Rivas, "A lingua das bolboretas", levada maxistralmente ao cine por José Luis Cuerda).

O PROCEDEMENTO REPRESOR

Nunha primeira fase, moi dura, sen posibilidade de defensa para as vítimas, que eran automaticamente apartadas do servizo, leva ao réxime franquista a un serio problema de cobertura. Máis tarde delimítanse os contidos das penas en función dos "delitos", como podían ser os actos, ideas, a militancia política ou sindical, esquerdismo, separatismo, etc.

A purga acadou dimensións xigantescas, pola cantidade e pola calidade e, finalmente, derrubouse brutalmente o ambicioso edificio do ensino republicano.

O procedemento –unha auténtica traxicomedia– comezaba co cese fulminante de todos os mestres e mestras "sospeitosos", que podían solicitar o reingreso mediante instancia na que se debían facer constar as ideas do interesado e, nalgúns casos, as dos seus compañeiros. A Comisión Provincial de Depuración solicitaba entón os informes (Garda Civil, Igrexa, alcalde, "Pai de Familia", etc.). A partir destes "informes" actuábase en "consecuencia". Os interesados e interesadas debían demostrar a súa inocencia. O seu único delito podería estar no feito de ser sospeitoso. O proceso era un auténtico calvario, que duraba ata tres ou catro anos.



6ª Sercio de la Guardia Civil -Comandancia de Coruña -2ª Compañía -Línea de Noya - Puesto de OUTES

941

RELACION de los Maestros y Maestras del término municipal de OUTES

Nombres	Escuela que regenta	Idea Polico-Social	Actividad que han observado en los primeros momentos del movimiento Militar	Observaciones
Juan Suárez Quintas	Capital-niños	Derecha	Pacífico	
Rosa Rodríguez Rego	Capital-niñas	Derecha	Pacífico	
Asunción Rodríguez Viñas	Outes-mixta	Derecha	Pacífico	
María Germitas Piñeiro Pazos	Cures-mixta	Derechas	Pacífico	
Amalia María Batalla + x	Entines-mixta	Izquierda	Pacífico	Suspendida 6 meses
María del C. Dono Ferreira	Entines-mixta	Derechas	Pacífico	
Víctor Manuel Blanco García	Cruceros-niños	Independiente	Pacífico	
Elvira Pardo Carmona + x	Cairadas-mixta	Izquierda	Dudoso	Propaga la idea y es contraria a las instituciones armadas
Carlos Aníbal Farina	Rivademar	Derechas	Pacífico	
Dolores Creo Rodríguez	Cando-mixta	Derechas	Pacífico	
Julio Lira Agra	Cando-mixta	Derechas	Pacífico	
Francisco Zubeldía Oliva + x	Brado	Izquierda	Dudoso	No simpatiza con el movimiento Militar
Elvira Vasal Durán	Bravo	Derecha	Pacífico	
Angel Bandín Figueira + x	Sabardes	Izquierda	Pacífico	Suspendida 6 meses
Antonio Portal García	Dassolle	Derecha	Pacífico	
Angeli Benítez Pineda	Katasueiro	Derecha	Pacífico	
José Rodríguez Pena + x	Outeiro	Izquierda	Dudoso	No simpatiza con el Movimiento Militar
Juana Polo García	Viladomonte	Derechas	Pacífico	
Emilio Romero Romero	Valladares	Derechas	Pacífico	
Nieves Pereira Conte	Valladares	Derecha	Pacífico	
Elvira Gillero Sanvicente	Sabardes	Derechas	Pacífico	
Filomena Pena Castro	Outeiro	Derecha	Pacífico	

Outes á 26 de Agosto de 1936
El Cap. 2º Encargado del Puesto

Informe da Garda Civil de Outes sobre os mestres. 26/08/1936. (Archivo General de la Administración).
(Os "x" diante dos nomes aparecen tal cal no mesmo informe)

OS MESTRES DE OUTES

Un exemplo témolo no Concello de Outes, no que a depuración de mestres e mestras tamén foi espectacular. Segundo os expedientes custodiados no *Archivo General de La Administración*, os profesionais depurados que exercían no concello de Outes foron: Victor M. Blanco García, Ángel Bandín Figueira, Filomena Pena Castro, Amalia Batalla, Elvira Pardo Carmona, José Rodríguez Pena e Francisco Zubeldía Olivé. Ademais, outro mestre de Outes, Eugenio Romero Soneira, que exercía de interino na provincia de Lugo, tamén foi represaliado, e outro outense máis, Arximiro Suárez Ferreiro, que tiña a escola en Boiro, foi investigado e mesmo sobre el planeou a sombra do paredón.

E tal e como xa dixemos, as autoridades sublevadas no 18 de xullo de 1936 actuaron contra os mestres baixo unha rápida e eficaz metodoloxía represiva perfectamente planificada.

Apenas transcorrera un mes, concretamente o 25 de agosto de 1936, redáctase no Cuartel da Garda Civil de Outes un informe asinado polo Xefe de Posto, Manuel Morgado, a petición previa das autoridades militares. Nese informe aparecen os 22 mestres do Concello de Outes, no que se detalla: "Nombre", "Escuela que regenta", "Idea político-social", "Actividad de han observado en los primeros días del Glorioso Movimiento Militar" e "Observaciones". Unha pequena "ficha", de cada funcionario/a, suficiente para decidir o futuro destes profesionais.

Víctor Manuel Blanco García *(Manolo do Rato)*. Desterro en Camariñas

Nacido en Outes en 1902 e falecido en 1977, Don Manolo do Rato, ou simplemente D. Manolo, foi un mestre que este autor tivo a sorte de chegar a coñecer, aínda que xa na súa condición de xubilado. En 1936 exercía na escola de Cruceiros (S. Ourente) e no informe da Garda Civil cualifícase como independente. Comezaba o "proceso" e así tamén, días despois, o xa alcalde franquista Juan Benito Tuñas Paz redacta escrito en termos semellantes. Con todo, o párroco de S. Ourente, a pesar de recoñecer a súa boa conduta profesional, lamenta que *"unos compromisos de familia lo hayan puesto enemigo"*, *"fue arrastrado por elementos izquierdistas, flaqueó un tanto y votó con ellos… de lo que está arrepentido"*. Máis curioso e fulminante será un novo escrito da Garda Civil, que tan só dez días despois do primeiro informe (o día 12 de xaneiro) afirma que era *"afiliado del Frente Popular"*. Quizais algo tivo que influír na Garda Civil para cambiar de criterio tan rapidamente.

Xa en 1939, o veciño de S. Ourente, Manuel Alvite Vieites, na súa condición de "Pai de Familia" redacta que *"fue del partido de las izquierdas"*. A pesar das alegacións, e incluso informes favorables do alcalde Joaquín Castro Nieto, con efectos de 1 de setembro de 1940 é trasladado a Camariñas, desterro que durará cinco anos, con prohibición de solicitar vacantes e inhabilitación a cargos directivos de entidades culturais ou do ensino.

Nin os escritos dirixidos ao *Director General de Primera Enseñanza*, nin o enviado polo irmán do mestre, Francisco, no que explica a delicada saúde do docente e dos seus fillos pequenos e as penurias da súa familia, pedindo clemencia para que se lle restitúa a praza en Outes, impediron

que D. Manolo estivese desterrado de Outes ata 1945.

Segundo as declaracións do seu fillo Manuel (*Lolito*) *"meu pai comentárame que Sotelo*[1] *quería a Escola de San Ourente, sempre desconfiou del. Sancionárono e desterrárono a Camariñas, despois de botar varios anos sen cobrar".*

Eugenio Romero Soneira *(Eugenio de Fermín)*

Ao igual que D. Manolo do Rato, tamén tiven ocasión de coñecer a este mestre, moito máis, dada a miña vinculación de amizade coa súa familia. Eugenio Romero non aparece no informe da Garda Civil de Outes, posto que exercía en Viladonga, Castro de Rei (Lugo) como mestre interino. Logo dos preceptivos informes do párroco, alcalde e "pai de familia", o 27 de xullo de 1937 a Comisión depuradora do Maxisterio de Lugo presenta os cargos contra D. Eugenio Romero Soneira:

1º Cargo: Que él y sus alumnos saludaban con el puño en alto.

2º Cargo: Que es afiliado de Izquierda Republicana, haciendo propaganda de extrema izquierda; en las elecciones del 16 de febrero de 1936 se presentó en unión de varios jóvenes ante un colegio electoral, llevando una bandera en la que se escarnecía al Clero y a la Guardia Civil, cantando y saludando con el puño en alto.

3º Cargo: Que no asistía a misa y fuera de la escuela sus propagandas dejaban mucho que desear en orden a moralidad.

Por todo lo cual la Comisión propone por unanimidad a V.E. que dicho maestro sea destituido.

Con este informe, elevado á Comisión Superior do Ministerio, este acorda manter a *"Separación definitiva del servicio y baja en el escalafón respectivo"* (10 de xuño de 1940).

Temos a convicción de que D. Eugenio Romero non alegou contra os cargos polo "simple" feito de salvar a vida; de aí que nalgún dos informes se asegure que se ignora o seu paradoiro desde o verán de 1936.

E así debeu ser, a deducir polas informacións do seu neto Alberto, quen asegura que nos últimos días do seu avó, este contoulle como un cura dunha aldea próxima a Sarria lle salvou a vida, e outro paisano o levou polo monte ata Lugo. Alí colle destino á Coruña, en tren, co obxecto de chegar a Santiago e coller o Castromil á Serra. Logo dunha terrorífica viaxe, xa o agardaba a Garda Civil da Serra de Outes. É a nai de Eugenio quen convence o sarxento e consigue levalo á casa. Posteriormente, a axuda dun familiar militar foi decisiva. De todos os xeitos, non sería "subcontratado" ata ben entrados os anos 50, en Mámoas (Mazaricos).

Angel Bandín Figueira, mestre de Sabardes (O Freixo)

Angel Bandín Figueira era natural de Asados (Rianxo) e sorprendeuno o levantamento militar de 1936 cando exercía de mestre na escola de Sabardes (O Freixo). O 1 de setembro de 1936, mes e medio despois do día do levantamento, é suspendido de emprego e soldo por seis meses, castigo que é ratificado quince días despois.

En data de 3 de outubro de 1936 remite unha carta ao Reitor da Universidade de Santiago, na que lle explica que descoñece os motivos polo que é sancionado e pídelle deixe sen efecto a sanción, deixando entrever que na decisión do castigo puidera influír a inimizade manifesta

1 José Sotelo Ferreiro: mestre e coñecido falanxista de Outes

que mantiña cunha irmá política do "delegado Civil de Outes" (o alcalde), a efectos de que o teña en conta.

Os informes acúsano de non ser un bo mestre, de que se lucra cunha máquina de cine na escola, de ter os alumnos mal educados e non cumprir coas obrigas relixiosas, se ben neste aspecto destácase que se recoñece que o 30 de agosto levou o crucifixo para a escola "procesionalmente", (con seguridade foi obrigado, nun exercicio de castigo e humillación). Ademais, frecuentaba a casa dunha *familia "de ideas avanzadas y comunistas"*, e nas eleccións de 1936 deu un mitin na Sociedade de Estibadores xunto con Suárez Picallo e Emilio González, e foi interventor en ditas eleccións pola Fronte Popular, dicindo o mesmo dia das votacións que "se fose necesario roubar a urna, faríao para que gañase o *Frente Popular*".

O alcalde Juan-Benito Tuñas Paz acúsao de facer propaganda da Fronte Popular e que "desde luego era gran simpatizante del *Frente Popular*" (7 de xaneiro de 1937). O veciño de Sabardes, José Riveiro Gerpe, en calidade de "pai de familia", e o Garda Civil Manuel Morgado fan cadanseu informe que son un calco do elaborado polo cura de Sabardes e nos que se "acusa" o mestre de "izquierdista" e "regular" na súa función docente.

O 26 de febreiro de 1937, a *Junta Técnica del Estado Español* da Comisión Depuradora do Maxisterio presenta prego de cargos: *"Desarrollar poca actividad escolar, lucrarse con un aparato de cine que tiene en la escuela, reunirse con elementos izquierdistas, reunirse en una taberna donde hacía propaganda ideológica del Frente Popular, haber participado en un mitin con los Srs. Suárez Picallo y Emilio González López, haber sido interventor izquierdista, haberse negado a hablar en el acto de reposición del Crucifijo para que los vecinos no dijeran que se había cambiado de chaqueta, haber manifestado que votaría por las izquierdas"*.

O Secretario da *Sociedad Cooperativa Escolar de Sabardes* (fundada por D. Ángel Bandín, precisamente), Manuel Caamaño Vara, escribe nun informe que o mestre nunca se lucrou dos bens e actos de dita Sociedade e que tan só se limitou a organizar actos culturais cualificándoo de altruísta e con conduta exemplar (2 de marzo de 1937).

O 23 dese mes de marzo, o avogado de Outes e secretario da *Junta Municipal del Censo electoral de Outes*, José Tuñas Paz, –irmán do alcalde– informa e certifica que o mestre participou como interventor do candidato de Unión Republicana e médico de Outes, D. Andrés del Río Lourido.

Unha semana despois, o dia 31, ratifícase a suspensión, nun documento asinado en Burgos, que é contestado cun informe asinado por corenta veciños do Freixo, documento no que defenden ao mestre. Pero o sistema franquista é implacábel, e a sanción non só se ratifica senón que a Comisión Depuradora propón a "separación definitiva del servicio".

Finalmente, en data de 31 de xaneiro de 1940, a *Comisión Superior Dictaminadora de Expedientes de Depuración*, acorda o *"traslado forzoso dentro de la provincia, con prohibición de solicitar cargos vacantes durante tres años, e inhabilitación por el mismo tiempo para cargos directivos y de confianza en instituciones culturales y de enseñanza"*.

Francisco Zubeldía, mestre de Braño (Freixo)

Francisco Zubeldía Olivé, natural de Santiago exercía na escola de Braño en 1936. Este expediente (o nº 5.146) é extensísimo, pois consta de 51 documentos e case setenta páxinas.

Cronoloxicamente, o primeiro documento data do 16 de agosto de 1936, aínda non pasado un mes do levantamento militar, e trátase dunha carta do pai do mestre, Ricardo Zubeldía dirixida ao delegado militar de *Educación e Instrucción Pública* de A Coruña e na cal lle fai constar que foi suspendido da profesión durante seis meses ese mesmo mes de agosto, e que non entende "tan severa sanción", dado que non lle consta que o seu fillo pertencese a ningunha organización política, e que a súa conduta foi exemplar.

O 26 de setembro o mestre remite unha carta ao Reitor da Universidade na que lle expón a súa situación, e incluso lle comenta entre outras cousas que o día 31 de agosto foi requirido polo alcalde de Outes para levar o Cristo ata a igrexa, acto que cumpriu loxicamente preso do terror. O reitor procura informarse da actividade política de Zubeldía e recibe da Delegación Militar un oficio no que lle sinalan que o mestre é de filiación política de esquerdas, neglixente na actividade docente, e activo extremista e propagandista da Fronte Popular.

Os informes solicitados pola Comisión Provincial Depuradora son contestados, en primeiro lugar polo cura, quen sinala que *"los alumnos salían a veces entonando estrofas anticlericales"*, organizou un mitin con Emilio González e Suárez Picallo, e espallaba ideas esquerdistas. José Riveiro Gerpe (o mesmo individuo que informou contra Ángel Bandín) maniféstase por escrito en termos semellantes (xaneiro de 1937) O alcalde Tuñas Paz acúsao de simpatizante e propagandista d Fronte Popular, e o garda Morgado tamén escribe que pertence a *Izquierda Republicana*, aínda que o cualifica de "persoa moderada". En data de 25 de febreiro de 1937, A "Junta Técnica" da Comisión de Depuración emite prego de cargos: *.."enseñaba en la escuela cánticos anticlericales y antipatrióticos, concurrente de una taberna del pueblo donde hacía propaganda izquierdista compartida con el dueño del establecimiento, asistía a mítines y participaba como orador, era jefe local izquierdista…".*

O 5 de marzo o mestre presenta os descargos e o 31 recibe a ratificación da suspensión provisional. Uns corenta valentes veciños de Sabardes remiten escrito asinado á Comisión Depuradora en favor do mestre (como fixeran con Bandín). Pero é inútil e en agosto de 1937 a Comisión acorda por unanimidade propoñer que se confirme a destitución do mestre. Nin os apoios escritos dos veciños, nin o do teólogo Bernardino Lago, nin o do alcalde de Gondomar (onde xa exercera anteriormente) fixeron cambiar de opinión ás autoridades franquistas.

Filomena Pena Castro, mestra de San Cosme de Outeiro

No Concello de Outes tamén houbo mulleres mestras que sufriron a implacable persecución dos fascistas. É o caso de Filomena Pena Castro, que exerceu en Sabardes desde 1933 a 1934 para logo pasar á escola de San Cosme. Nos informes que obran no expediente aparece en primeiro lugar (11 de setembro de 1936) o redactado polo párroco de Sabardes, Hipólito Nogueira, quen certifica que a súa conduta era boa e nunca se metera en política.

En semellantes termos se manifestan nada menos que uns 110 veciños e veciñas de San Cosme en dous escritos mecanografados, tamén en data de 11 de setembro dese ano; incluso fan constar que nas últimas eleccións a mestra non puido votar dado que non aparecía no censo electoral. Non deixa de ser significativo o masivo apoio da parroquia a esta profesora.

Non obstante, aparece o primeiro informe que a inculpa, no mes de outubro, da man do

oficial de Secretaría da Delegación Militar da Coruña, Fernando Pérez, quen afirma que é de afiliación esquerdista e fixo propaganda a favor da Fronte Popular, escrito este dirixido ao reitor da Universidade de Santiago. Tamén o Inspector de Primeira Ensinanza de A Coruña emite certificado no que constan estas "acusacións".

Filomena Pena Castro fora suspendida por seis meses de emprego e soldo de xeito inmediato semanas despois do 18 de xullo. A mestra solicita o levantamento da sanción en escrito de data de 12 de decembro de 1936, no que nega as acusacións e achega como proba os informes dos veciños. A mestra recibe o apoio tamén do cura de San Xoán de Roo, José Buesas y Lois, quen asina un escrito en 4 de xaneiro de 1937 no que manifesta a súa boa conduta e nega as acusacións que se lle fan, ao igual que fai José Barreiro como pai de familia.

Quen non defende a profesora é o alcalde Juan Benito Tuñas Paz que, se ben recoñece a boa conduta social e profesional, si fai constar as simpatías desta muller pola ideoloxía de esquerdas, e incluso afirma que fixo propaganda nas eleccións.

A chave que responde á pregunta de por que se teima no castigo a esta muller, sobre a que a maioría dos informes –exceptuando o do alcalde–, son de adhesión, e cun altísimo recoñecemento social por parte dos veciños, está no feito seguinte: en marzo de 1937, o cura de San Cosme é requirido pola Comisión Depuradora para "ampliar" o seu informe (supostamente existiría un informe previo que non aparece no expediente). E efectivamente, aparece un novo informe asinado por un tal Jesús Lois (de igual apelido que o de Roo no que afirma que como este participara como *"apoderado de las derechas"* nas eleccións de 1936 e membro da mesa electoral, e puido observar a Filomena, *"acompañada de su marido y otros destacados izquierdistas, quienes no podían ocultar su satisfacción"* (pola vitoria da Fronte Popular).

Asíi, en 2 de xuño de 1937, a Comisión Depuradora estende prego de cargos contra de Filomena Pena Castro, acusándoa de facer propaganda da Frote Popular e de manifestar a súa satisfaccón polo "*supuesto triunfo de las izquierdas*".

O alcalde Joaquín Castro remite un documento exculpando a mestra das acusacións, en petición da propia sancionada (11 de xuño de 1937). Ela mesma redacta un novo escrito un día despois negando as imputacións.

O caso desta mestra demostra a enfermiza persecución que se executaba desde as instancias franquistas, e como proba disto, resulta que nada menos que o Presidente da Comisión Depuradora de A Coruña, Enrique Montenegro, e un vogal deste organismo, Antonio Chaos Losada, fan constar por escrito que ambos os dous chegaron a viaxar a San Cosme a entrevistarse co párroco para *"aclarar algunas dudas"* e *"a pesar de los informes"*. Aínda así, neste escrito só poden aclarar que Filomena Pena manifestou a súa satisfacción o día das eleccións. Finalmente, a sanción é levantada en data de 10 de setembro de 1937, saíndo publicada a resolución gobernativa no BOE de 2 de novembro de 1937. Iso si, sen dereito a recuperar os salarios deixados de percibir (máis dun ano).

Como se ve, incluso un simple sorriso de satisfacción podía ser motivo de castigo.

Elvira Pardo Carmona, mestra en Coiradas

A Elvira Pardo Carmona, mestra en Coiradas, e irmán do mestre en Muros Rafael Pardo

Carmona, –fusilado tal e como se comproba nun dos documentos deste expediente–, a Garda Civil sinálaa como de esquerdas, comenta que a súa actividade a respecto do movemento militar é "dudosa", e anota que "propaga la idea y es contraria a las instituciones Armadas".

A mestra ten noticia da súa inculpación o día 31 de agosto tal e como recoñece nunha carta manuscrita e enviada a unha tal Charito Fontán, carta na que lle comenta que ese día se repuxo o crucifixo na escola, e na que a mestra, sorprendentemente, lle di que foi un día "de júbilo" pero que aínda así non pode esquecer o día que a "cochina República" a obrigou a sacar a cruz da escola. Dicimos "sorprendentemente" pois non deixa de ser un tanto estraño que unha persoa que manifesta convicciónss relixiosas e non precisamente republicana sufrise tamén a represión, se ben certo é que o garda Morgado a cualifica como de esquerdas e contraria aos militares.

É máis, noutra carta enviada en setembro ao reitor da Universidade para que interceda por ela, Elvira Pardo autocualifícase de "maestra católica", "madre cristiana" e "muy española", e acompaña coa carta dúas certificacións do colexio da Inmaculada de Santiago sobre a matrícula dos seus fillos. En termos semellantes maniféstase nunha terceira carta, esta vez enviada ao Inspector de Primeira Ensinanza de A Coruña, con certificacións no seu favor dos alcaldes de Curtis e Lousame, concellos nos que exercera anteriormente. Pero xa o 1 de setembro decrétase a sanción con seis meses de suspensión de emprego e soldo.

O reitor pide informes, e a *Delegación Militar de Instrucción Pública* de A Coruña e á Inspección Profesional de Primeira Ensinanza. A Delegación contéstalle (02/10/1936) acusando a mestra de "izquierdista", "actuación exaltada", "comunista", "catastrófica actuación", "hacía manifestaciones de vejamen para los institutos armados".

Quen tamén vai a por ela é o *párroco de Entíns, Juan Leis,* pois afirma da súa falta de puntualidade, *"se dejaba ir por la corriente laicista"*, *"simpatizaba con la política izquierdista"*. O "pai de familia" Manuel Alborés informa tamén de que faltaba á clase, se ben sinala que era pola ausencia do seu marido que se vía obrigada a viaxar. E volve Morgado cun novo informe, no que fala da boa conduta moral e profesional, pero sinala que simpatizaba coa Fronte Popular.

En febreiro de 1937 preséntanse cargos contra Elvira Pardo Carmona: faltaba habitualmente a clase, simpatizaba coa Fronte Popular e aprobaba a conduta política de Azaña. Ela contesta no seu descargo que faltaba nalgunha ocasión debido á grave enfermidade dos seus fillos, pero recuperaba esas ausencias con días nos que exercía horas de máis, e que incluso poñía a escola nocturna gratuitamente.

Outra persoa que a acusa é unha tal *Soledad Rivadulla*, domiciliada nas Casas Reais de Compostela, segundo manifesta en escrito mecanografado en abril de 1937: *"defendía el marxismo"*, dicía que *"la Biblia era una de tantas novelas, bien escrita para acoger incautos"*, *"propagó el marxismo en una parada que hizo el autobús de Muros"*, aspectos que di coñecer por outras persoas.

Cinco meses despois, a Comisión Depuradora emite novo prego de cargos no que recolle case literalmente o relatado por Soledad Rivadulla. Aparecen numerosos informes de persoeiros de Santiago e A Coruña, intercedendo pola mestra, entre os que se atopa unha militante da *Comunión Tradicionalista*. Pero tamén os

ten en contra, como os dalgún crego e profesor compostelán que a acusa de marxista e atea.

A Comisión Depuradora amplía a condena en 1940 e acorda finalmente o *"Traslado forzoso fuera de la provincia, con prohibición de solicitar cargos vacantes durante cinco años e inhabilitación para desempeñar cargos directivos en instituciones culturales y de enseñanza"*, logo de acusala entre outras cousas de *"haber padecido el virus izquierdista, quizás influenciado por su hermano"*.

Todo ten un motivo. Se nos fixamos, e volvemos ás cartas nas que esta persoa se autoproclamaba como "católica", "madre cristiana", etc.; estamos convencidos dos desesperados intentos por evitar non só unha sanción, senón incluso a morte. O exemplo tíñao Elvira no fusilamento do seu irmán Rafael.

Amalia María Batalla, mestra de Santo Ourente

Neste expediente aparece un documento datado o 13 de agosto de 1936 e asinado por Juan Benito Tuñas Paz, que viña de ser nomeado Delegado Civil en Outes polas autoridades sublevadas. O documento vén a ser unha relación dos vinte e dous mestres e mestras do termo municipal de Outes *"...en virtud de su respetable escrito, de fecha siete de los corrientes"*, dirixido á Inspección de Primeira Ensinanza de A Coruña, e no cal se cualifica a Amalia Batalla con filiación política *"de izquierdas"*, a súa actuación *´"deja mucho que desear"*, e *"hizo propaganda extremista en las últimas elecciones"*. Con máis contundencia informa este personaxe en data de 27 de agosto, en escrito enviado ao *Delagado Militar de Instrucción Pública*, pois incluso di que *"los padres se quejan de que era inhumana con los niños."* O "pai de familia", Manuel Alvite Vieites non opina exactamente o mesmo que o Sr. Tuñas e informa en manuscrito que *"nada hai que decir respecto a la enseñanza y disciplina.."* , aínda que sinala *que "es pública y notoria su filiación a las izquierdas"*. Xa en xaneiro de 1937 o párroco de Santo Ourente, Manuel Pérez Figueroa, destaca a súa profesionalidade, pero na cuestión política *"se dejó llevar pola corriente y votó y fué con las izquierdas"*, nun escrito encabezado por un fervoroso "Viva España".

O alcalde J. Benito Tuñas Paz, emite informe no que non cuestiona en absoluto a actuación profesional de Amalia Batalla, pero si recalca a súa relación con *"elementos de izquierdas"* e a súa simpatía pola Fronte Popular. De igual xeito informa a Garda Civil quen destaca a súa boa conduta profesional e o seu afecto pola Fronte Popular.

Así as cousas, a Comisión Depuradora redacta prego de cargos en febreiro de 1939 co cargo único de *"Haber simpatizado grandemente con el Frente Popular, cuya candidatura votó en las elecciones"*. A mestra contesta negando as súas simpatías coa República e a Fronte Popular, e que en 1936 votou en branco. Esta contestación vai acompañada dunha certificación do novo Alcalde Joaquín Castro Nieto na que manifesta a boa conduta social e profesional, aínda que non fai referencia algunha ao pensamento político da funcionaria.

Pero o 8 de marzo de 1939, –na actualidade o Día da Muller Traballadora–, a Comisión Depuradora ratifícase nos cargos e propón a sanción de *"suspensión de empleo y sueldo durante tres meses"*. Pero a *Comisión Superior Dictaminadora de Expedientes de Depuración*, á vista da proposta da Comisión Provincial, propón nada menos que *"El traslado dentro de la provincia con prohibición de solicitar cargos vacantes durante un período de dos años, e inhabilitación para desempeñar cargos directivos y de confianza en instituciones culturales y de enseñanza."*

A docente volta a remitir un escrito en maio dese ano de 1940, negando unha vez máis as simpatías coa república e solicita se deixe sen efecto o traslado ordenado, e acompañado por case 120 sinaturas de veciños e veciñas de Santo Ourente na súa defensa.

En 1940, a profesora recorre a Juan Benito Tuñas Paz, de novo Alcalde de Outes, quen lle certifica a boa conduta e incluso a considera "afecta al Glorioso Movimiento Nacional", o mesmo que José Pérez Villaverde en calidade de "militante de Falange Española Tradicionalista y de Las JONS". O garda Morgado agora informa de que a mestra é "apolítica".

O alcalde en 1941, José Vidal Rúa, informa favorablemente sobre a mestra. De igual xeito o fai o Xefe Local de *Falange Española*, o ex-alcalde Tuñas Paz, e de novo Morgado volve tamén no seu favor. E aparece un novo escrito con cerca de 200 sinaturas que piden non se leve a cabo o traslado da mestra de Santo Ourente.

En decembro de 1941 a Comisión Superior considera que *"...en general la conducta es buena y que queda suficientemente castigada esa mera atracción izquierdista con lo que se le ha castigado hasta el presente..."*, *"...procede declarar revisado este expediente, anulando la Orden mencionada por la que se le impuso a la interesada la sanción dicha y en su lugar dictar otra por la que se le admita al servicio sin sanción alguna, pero con pérdida de los haberes que por razón de éste expediente no le hayan sido satisfechos..."*

José Rodríguez Pena

Natural de Mazaricos, exercía en Outeiro. Recibe en setembro de 1936 a notificación da destitución e cese. A Garda Civil informa sobre este mestre *"militante de la Fracción Política de Izquierda Republicana"*, ao igual que fai o alcalde Castro Nieto, quen, ademais, destaca que *"fue interventor del candidato republicano Manuel Esperante Caamaño"*. É detido e trasladado ao cárcere dun cuartel compostelán, 21 de xullo de 1937. Logo de máis informes, e de escritos de veciños e pregos de descargos, a *Comisión Superior Dictaminadora de Expedientes de Depuración* determina en data de 23 de abril de 1940 suspensión de emprego e soldo por dous anos con perda das retribucións deixadas de percibir, traslado fóra da provincia, con prohibición de solicitar cargos vacantes en cinco anos, e inhabilitación para exercer cargos directivos en institucións culturais e de ensinanza.

O 12 de xuño de 1943 o *Juzgado Superior de Revisiones* denega a revisión do expediente.

160

Arximiro Suárez Ferreiro

Aínda que finalmente non foi sancionado, si foi vítima dunha incomprensible persecución. Arximiro Suárez Ferreiro naceu en Outes en 1905. Moi coñecido pola súa faceta de pintor, que ten espallada por toda Galiza en numerosas exposicións e acadando o Premio Nacional de Debuxo, residiu moitos anos en Noia. Sorpréndeo o Golpe de Estado de 1936 exercendo de mestre en Bealo (Boiro).

A acción represora comeza en decembro 1936, cando a Comisión Depuradora do Maxisterio require informes ao pai de familia Juan Silva. Este responde ao cuestionario afirmando que a conduta do docente é boa e non lle consta a súa afiliación á *Asociación de Traballadores da Enseñanza*.

Non obstante, o 1 de xaneiro de 1937 o cura de Bealo informa sobre Arximiro que a súa conduta persoal é boa, pero militou na política de Marcelo Domingo[2], e na Fronte Popular, faltou á clase antes do 18 de xullo, e cobrou a clase de adultos sen asistir a ela un só día. Ademais acúsao de que non cumpría cos deberes relixiosos. Nesta última afirmación, destacar que Arximiro pasaba os fins de semana e os festivos (días de oficio relixioso) na parroquia lousamiana de Tállara.

O cura semella emprender unha desenfreada persecución contra o mestre, pois o 18 de xaneiro de 1937 redacta un escrito de "rectificación" no cal recoñece que non sabe se estaba ou non afiliado á Fronte Popular, pero si recalca que se relacionaba con *"elementos del Partido del Magisterio de Noya, en su mayoría afiliados del Frente Popular y asociados a la Asociación de Trabajadores de la Enseñanza"*. Remata o escrito subliñando cun cínico *"es cuanto me inspira con toda imparcialidad un recto proceder de justicia con deseos de un verdadero acierto en la depuración de la clase educadora..."*.

Con todo, o 23 dese mesmo mes expídese un informe do Comandante da Garda Civil de Boiro, José Sánchez, quen resalta a puntualidade de Arximiro Suárez, e a impartición *da "formación sobre los principios básicos de nuestra civilización como patria, familia y propiedad"*.

O día 12 de febreiro de 1937 esténdese prego de cargos pola Comisión Depuradora, no cal acusa o mestre de: *"Faltar a clase con frecuencia antes del 18 de julio. En el curso 1935-1936 cobró la clase de adultos y no puso clase un solo día. No inculcar a los niños el amor y el respeto a las instituciones básicas. No cumplir los deberes religiosos. Seguir ideológicamente las orientaciones de Marcelo Domingo. Ser afiliado del Frente Popular y hacer muestras de simpatía hacia la Asociación de Trabajadores de la Enseñanza."*

O mestre, diante desta situación, busca apoios e, así, o veciño Luciano Rey Vázquez e tamén o alcalde de Boiro, Guillermo Torrado, envían informes nos que recoñecen a inmellorable conduta do mestre de Bealo, e recalcan que non faltou nin falta á clase, en total contradición co afirmado polo crego. Así mesmo, 50 veciños da parroquia fan o propio uns días despois, colocándose favor do docente e sinalando "*siendo injusta la acusación de faltar a clase"*, en clara alusión ás acusacións do cura. Así mesmo, nun escrito sen data, uns 12 alumnos da escola nocturna manifestan e asinan o apoio ao seu mestre, afirmando que non faltou nin un só día á clase.

É tamén en 24 de febreiro de 1937, o acusador cura de Bealo desdise de todo o declarado nos informes que fixera anteriormente, afirmando

2 Marcelino Domingo: mestre catalán e republicano. Foi ministro de Instrución Pública no Goberno da Fronte Popular.

que *"desde enero he colaborado con él mismo en las disciplinas de Historia Sagrada y Religión"*.

Xa en 28 de setembro de 1937, a Comisión Depuradora acorda por unanimidade deixar sen efecto o Prego de Cargos, e ratifica a Arximiro Suárez Ferreiro como mestre de Bealo e anula as "acusacións". Na decisión final, faise referencia á rectificación do cura no último informe que este enviara.

A pesar de todo, algo máis debeu acontecer, pois a súa neta-sobriña María, afirmoulle a este autor escoitarlle nalgunha ocasión ao seu avó, que estivo a piques de ser levado ao Confurco para ser asasinado, pero a intervención da esposa do Arximiro foi decisiva ao conseguir a intermediación dun mando militar.

PROCESOS-FARSA

Independentemente da ilexitimidade dos golpistas para xulgaren a ninguén, o mecanismo de represión contra dos mestres era unha auténtica farsa. Un auténtico calvario para o "inculpado". No caso de Outes, unha análise destes dramáticos feitos lévanos ás seguintes conclusións:

Informe da Garda Civil, de agosto de 1936

- Dos vinte e dous mestres, cinco son cualificados como "izquierdas", un como "independiente", e o resto "derechas".

- Os que serán represaliados son os cinco de "izquierdas" ou "independiente", e dous de "derechas".

- Todos e todas tiveron unha actividade pacífica nos primeiros días do levantamento, a excepción de tres de "izquierdas" que figuran como "Dudoso", os mesmos que en "Observacións" se lles sinala que "No simpatiza con el movimiento militar".

- Dos que serán castigados/as, tres son mulleres, o que nos leva á conclusión que a represión non distinguiu entre sexos e, incluso, de ideas, pois ser de dereitas non levaba implícito compartir o fascismo nin ser antirrepublicano.

Os informes do alcalde, párrocos e pai de familia

Un exame minucioso dos respectivos informes delata as "barbaridades" das que eran acusados os mestres: "izquierdas", "poco religioso", "anticlerical", "votó al Frente Popular", "afiliado a Izquierda Republicana", etc. Sempre o problema era o pensamento do inculpado, "adornado" en ocasións con cargos como "en su profesión era regular", "dejaba mucho que desear". Destacan o caso de Filomena Pena Castro, acusada polo cura de "sorrir" cando coñeceu a vitoria da Fronte Popular. Sempre eran as mesmas persoas ás que se recorría para a emisión de tales informes, todas vinculadas á extrema dereita e incluso a cargos políticos: alcalde, cargos da Falanxe, etc. As contradicións nos informes son tan delirantes, –en moitas ocasións das mesmas persoas– que mesmo parecen burlarse do acusado.

Diante destas contradicións, chegaba con que un só informe puxese en dúbida a ideoloxía do mestre para que o procedemento seguise adiante ata o final.

Ademais, incluso cando o alcalde ou a Falanxe informan de "buena conducta", ou "muestra simpatías por el Glorioso Movimiento", "educa a los niños en la santa religión católica", limítanse só a iso, quizais polo feito de "quedar

ben", unha especie de "a man polo lombo", diante do expedientado, pero en ningún caso solicitan o arquivo das actuacións e a suspensión da condena.

A indefensión dos mestres

Á parte do aberrante feito de xulgar por pensar, unha vez aberto o expediente, o mestre atopábase nunha absoluta indefensión. O medo, non só a perder o posto de traballo e o salario, senón a propia vida, levaba en moitos casos á renuncia das súas ideas e incluso nalgúns outros mostrábanse afectos á nova orde, tal e como se reflexa nos pregos de descargos.

A Comisión Depuradora tiña máis en conta calquera signo de dúbida por parte do cura ou calquera outro informante que as sinaturas de veciños apoiando o expedientado que, por exemplo, no caso de Amalia Batalla, foron máis de 200, por certo nun exercicio de valentía digno de admirar. Efectivamente, obsérvase a política de feitos consumados, e o réxime é implacable.

Por último, incluso no caso de que, logo de pasados varios anos, se restituíse o mestre, este nunca era compensado economicamente, e pasaba anos sen cobrar e sen recuperar os salarios deixados de percibir.

Documento que dá conta da detención do mestre José Rodríguez Pena.*(Archivo General dela Administración)*

*P. D.: Este autor ten escoitado de parentes do mestre Claudiano Paz Piñeiro, que tamén fora expedientado. Consultado o seu expediente, si foi investigado como todos, pero non aparece no mesmo ningún tipo de sanción ou condena.

BIBLIOGRAFÍA

Morente Valero, Francisco: *La muerte de una ilusión: el Magisterio español en la Guerra Civil y el primer franquismo. Historia y Comunicación Social. 2001, número 6. Páxs. 187-2001.*

Santalla López, Andrés: *A Depuración do Maxisterio e a educación pública en Galicia: 1936-1961. Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria. Narón, 4 a 7 de decembro de 2003.*

Documentación

Archivo General de la Administración. Ministerio de Cultura. Expedientes de depuración de maestros nacionales. Sign.: 32/12741; 32/12510; 32/12515; 32/12517; 32/12527; 32/12528; 32/13236 ; 32/12520 ; 32/13181; 32/12735.

Testemuños: Lolito Blanco, Alberto Sacido Romero, María Suárez.

Arxemiro Suárez e Filomena Pena, dous dos mestres depurados en Outes

Escudo do Pazo da Pena do Ouro, coas armas dos Romero Dacosta, Carballido, Rioboó e Mariño

Escudo da Casa de Añón, antigamente en Argalo, hoxe desaparecido

As orixes do fútbol organizado en Boiro (1922-1927)

Antón Rodríguez Gallardo

Transcorridas as dúas primeiras décadas do século XX, o fútbol contaba xa nas cidades españolas con clubs consolidados como o Recreativo de Huelva (fundado en 1889), Athlétic Club de Bilbao (1898), Barcelona F.C. (1899), Madrid F.C. (1900), Español, de Barcelona (1900), Gijón Sport Club (1905) ou Deportivo da Coruña (1906). A influencia británica, derivada da presenza en España de traballadores e mariñeiros daquela nacionalidade así como do regreso de estudantes españois no Reino Unido, fora decisiva para que, a partir do último terzo do século XIX, xa se empezase a coñecer o fútbol en moitas localidades e, consecuentemente, para que nas principais cidades se crearan os primeiros clubs. Pero cando se estrea a década dos anos vinte, non só nas cidades máis importantes arraigara este deporte de orixe anglosaxona, senón que tamén o fixera nas pequenas e medianas cidades, e mesmo en moitas das principais vilas, como fora o caso, por exemplo, das galegas Vilagarcía e Noia. A existencia dun crecente número de clubs implicara a necesidade de contar con competicións estables e reguladas polo que, a principios do século, constituírase a Federación Española de Clubs de Fútbol co fin principal de organizalas. Con posterioridade verían a luz as federacións rexionais, incluída a Galega, oficialmente domiciliada en Santiago de Compostela, e coas oficinas e secretaría en Vigo.

Despois da disputa entre 1902 e 1920 de dezanove campionatos de España, o fútbol español comezaba a profesionalizarse e a converterse nun espectáculo de masas, ao tempo que ía atopando un eco cada día maior na prensa. Da década dos anos vinte data a inauguración dos primeiros grandes estadios: Stadium Metropolitano (1923) e Chamartín (1924), ambos en Madrid –cunha capacidade de máis de 20.000 espectadores no primeiro caso e duns 15.000 no segundo–, e Camp de Les Corts, en Barcelona, inaugurado en 1922, cunha capacidade de 30.000 espectadores. Tamén nestes anos se leva a cabo a transformación doutros campos co fin principal de incrementar o aforo, caso do bilbaíno San Mamés, que pasaría dos 7.000 espectadores de 1913 aos 18.000 despois das obras realizadas en 1924. Cunha capacidade para 22.000 espectadores, o primeiro gran estadio galego sería o de Balaídos, inaugurado en 1928 como campo do Real Club Celta de Vigo.

Considerado como un refacho de vida europea e, polo tanto, de modernidade, naquelas mesmas datas o fútbol principiaba a converterse nunha moda propagada máis alá dos ámbitos urbanos. Facer deporte, estar en forma e ter un corpo esvelto comezaba a ser algo moi valorado pola mocidade acomodada do ámbito rural, que tamén vía na actividade atlética un novo xeito de distinción social. Desta forma, seguindo o ronsel das cidades e das vilas máis importantes, convertidas en focos de irradiación do fútbol, a partir dos anos vinte este deporte vaise espallar tamén polas vilas máis modestas, e mesmo por poboacións de menor entidade que querían estar á altura dos tempos. Vai ser neste momento, concretamente en 1922, coincidindo co reinado de Alfonso XIII, e a un ano de que a ditadura de Primo de Rivera puxese fin á Restauración Borbónica (1874-1923), cando o fútbol organizado chegue a Boiro. Facíao cadrando no tempo con acontecementos deportivos tan relevantes como a disputa en Vigo da final do campionato de España entre o Barcelona F.C. e o Real Unión de Irún (1922) ou a estrea da selección galega, proclamada subcampioa do Campionato Interrexional na tempada 1922/23. E só dous anos despois de que a selección española, tamén na súa estrea, lograse a prata olímpica en Amberes (1920), aliñando xunto a xogadores como Zamora, Pichichi ou Samitier, aos galegos Luis Otero, Moncho Gil e Ramón González, do Vigo Sporting, e Vázquez, estremeño de pai galego, enrolado no Racing de Ferrol.

BOIRO NOS ÚLTIMOS ANOS DA RESTAURACIÓN BORBÓNICA (1920-1923)

Cando nos albores dos anos vinte do século pasado o fútbol chega á localidade boirense, o período histórico iniciado en 1874, e coñecido como a Restauración Borbónica, estaba a piques de ser substituído pola ditadura do xeneral Primo de Rivera. Daquela, Boiro era un concello profundamente rural e pouco desenvolvido, de 9.989 habitantes (censo de 1920), que integraba o partido xudicial de Noia xunto a A Pobra do Caramiñal (8.584 habitantes), Lousame (5.500), Porto do Son (9.478), Ribeira (15.834), e a propia capital (10.687). Con Lousame, o concello de Boiro ocupaba as últimas posicións en canto a condicións socioeconómicas do distrito noiés. Especialmente preocupante era o seu nivel de instrución, xa que contaba cunha moi baixa porcentaxe de persoas que declaraban saber ler e escribir (31% segundo o censo de 1920), mesmo superada por Lousame (32%) e lonxe das porcentaxes de Ribeira (38%), A Pobra do Caramiñal (39%), O Son (40%), e sobre todo Noia, o concello cos índices máis altos de alfabetización (49%) ao tempo que o de maior desenvolvemento económico, social e urbano. Acorde coa situación socioeconómica, a expansión do asociacionismo era mínima, contando só con dúas asociacións legalmente constituídas, que eran os sindicatos agrícolas católicos de San Cristóbal de Abanqueiro (1909) e *Santa Eulalia de Boiro* (1916), ambos relacionados coa agricultura, actividade económica principal do municipio. Máis tarde, en 1924, constituirase o *Pósito de Pescadores de Cabo da Cruz* e pouco despois, en 1928, o de Escarabote, consecuencia da crecente importancia da pesca. Malia o seu escaso desenvolvemento fabril, nos albores dos anos vinte existían na beiramar boirense algunhas industrias de certa importancia, como o serradoiro de madeira de Carreró (Saltiño), as fábricas de salgadura de Manuel Fajardo Piñeiro (Portomouro) e as dos irmáns Carreró (Cabo da Cruz e Esteiro), e as conserveiras de Escarabote e Monte Deira. Tamén había estaleiros de ribeira no Chazo e en Beluso. E xa no interior, na parte máis montañosa da parroquia de Lampón, estábanse a dar os primeiros pasos cara á explotación dunha mina de estaño.

O alcalde era o veciño da Magdalena, parroquia de Lampón, Javier Lago Briones, no cargo de xeito ininterrompido e practicamente sen oposición dende 1906. Con todo, os xefes políticos, ao tempo que máximos representantes na localidade do liberalismo gassetista – hexemónico nos concellos do partido xudicial de Noia– eran o secretario municipal Ramón Dios Rivademar e o doutor da beneficencia José María Gómez Gorordo. A capital do concello localizábase en Cimadevila, na parroquia de Santa Baia de Boiro, a máis poboada do partido xudicial con 3.680 habitantes (censo de 1920) e que na proximidade daqueles anos aínda se dividía en Partido de Arriba ou de Boiro (dividido á súa vez en varios barrios encabezados por Cimadevila, O Cruceiro de Bao e A Tenencia) e Partido de Abaixo ou da Insua (correspondente cos núcleos de Aldea de Arriba, Bandaorrío, Cariño, Cesar, Esteiro, Fonte de Mouro, Pesqueira e Romarís, que en 1929 constituirán de seu a parroquia de Santa María do Castro). Ao contrario de vilas do seu contorno, como Noia ou A Pobra do Caramiñal, e mesmo Santa Uxía de Ribeira e Porto do Son, nin Cimadevila nin todo o conxunto da localidade de Boiro (1.237 habitantes en 1920) reunía, usando termos propios da época, as condicións dos pobos prósperos: casas de banca, cafés, fondas, salón de espectáculos, sociedades de recreo, e todo canto contribuía a facer cómoda e agradable a vida. Non dispoñía de estación telegráfica nin de alumeado público eléctrico, como Noia e A Pobra do Caramiñal, as vilas máis urbanizadas e adiantadas da época. E nin sequera de fontes

públicas, tan necesarias para o arranxo da vida cotiá. Con todo, a medio camiño entre unha aldea e unha vila, Cimadevila (155 habitantes de feito en 1920) recibía oficialmente a denominación de "lugar" e era un núcleo con certo dinamismo que concentraba a vida pública de Boiro. Ás súas funcións administrativas (concello, recadación de impostos, xulgado de paz e cárcere) e algún outro servizo público como o de cartería, unía unha pequena actividade mercantil. Contaba cunha feira mensual en Espiñeira, non moi concorrida, e un mercado de peixe celebrado, ante a falta de praza de abastos, ás beiras da estrada, onde acudían a diario as pescas de Cabo da Cruz e O Esteiro. Tiña servizos de avogado, médico, veterinario e botica. Tamén, algunha pousada e casa de comidas, tabernas, comercio de tecidos e comestibles, ferraxería, panaderías e carnicería, ademais de obradoiros artesáns de zapatería, latonería, carpintería, cestería, ferrería, teceláns, etcétera. Toda esta actividade, que dotara ao lugar de personalidade diferenciada, convertera a Cimadevila –coñecida nalgún tempo como o barrio dos "castellanos" debido á orixe dalgúns dos seus principais veciños–, no modesto pero en certa medida dinámico centro de servizos boirense.

Fronte á situación de precariedade da maioría da poboación do concello, sometida a un abafante caciquismo e a unhas condicións de traballo e salarios miserables, só unha pequena porcentaxe de boirenses vivía con desafogo e mesmo, en casos, cun relativo luxo. Eran os integrantes dun grupo, moi minoritario, de familias acomodadas (funcionarios públicos, comerciantes, industriais, propietarios e profesionais liberais, como avogados, médicos, boticarios, veterinarios ou peritos), que disfrutaban dunha boa posición económica e, en consecuencia, tamén do recoñecemento social. Eran os que, en termos da época, se coñecían como "notables", persoas distinguidas ou significadas, e os que recibían do resto da poboación o tratamento de "don" ou "dona" ,cando eran adultos, e de "señorito" ou "señorita" cando aínda non o eran. Administraban a vida pública, ou buscaban facelo, e estaban atentos ante os cambios modernizadores da sociedade. Do seo destas elites sociais sairán as persoas que van promover a chegada a Boiro do fútbol, actividade na que verán tanto un factor de modernización da vida da localidade como un elemento máis de diferenciación social.

O PRIMEIRO EQUIPO DE FÚTBOL BOIRENSE NACE NO BARRIO DA TENENCIA EN 1922

O atraso económico, a precariedade de amplas capas da poboación, a persistencia de altas taxas de analfabetismo e o predominio dun mundo rural arcaico non serían obstáculo para que o fútbol chegase a Boiro. Aínda que Cimadevila, a capital, era o lugar máis urbanizado e, polo tanto, o máis permeable ás novidades, o primeiro equipo de fútbol da localidade non se creará aquí, senón noutro barrio boirense, A Tenencia, que rivalizaba con aquela en moitos aspectos da vida social e económica. A Tenencia era un lugar cun número de habitantes parello a Cimadevila (129 en 1920) que, ao igual que esta, estiraba o seu exiguo casarío ao longo das dúas principais vías de comunicación da bisbarra ao seu paso pola localidade: o antigo camiño real e a estrada xeral, que dende a súa construción a finais do século XIX posibilitara a expansión urbana destes núcleos e máis do Cruceiro de Bao, outro dos barrios do centro de Boiro. Sen as súas funcións administrativas e con menor actividade comercial que o barrio cimadevilán, A Tenencia posuía a peculiaridade de concentrar o poder político local ao ser residencia dos acomodados e influentes funcionarios públicos ("os que mandaban en Boiro", usando a terminoloxía

popular), que habitaban sobrias pero elegantes casas con xardín arrimadas ou nas inmediacións da estrada xeral, convertida nun fermoso e agradable paseo orlado de árbores a partir de 1915.

Atentos ás novidades modernizadoras e buscando un novo xeito de diferenciarse do resto da poboación, as elites do barrio promoverán a creación dun club de fútbol seguindo o ronsel de Noia e A Pobra do Caramiñal, as principais vilas da comarca, así como doutras localidades como Ribeira, Porto do Son e mesmo Palmeira, onde tamén xa existían equipos. Todas as fontes consultadas –incluído o testemuño de José Dieste Alcalde, xogador boirense daquela época que, preto dos oitenta anos, compartira con A. García Rojo as súas vivencias deportivas de mocidade (El Ideal Gallego, 30 xuño 1979)– coincide en que os precedentes futbolísticos de Boiro anteriores a 1922 escasos, reducíndose aos esporádicos pateos a pelotas de trapo pola estrada adiante dalgúns rapaces contaxiados por un tal Reverter, empregado no comercio de Isabel Maestre. Para que un grupo de mozos, amigos e veciños case todos de A Tenencia, se embarcase na aventura de crear un club de fútbol naquel cativo Boiro de finais da Restauración, fora fundamental que algúns deles tivesen xa contacto con este deporte máis alá duns rudos e esporádicos "peloteos". Así, por exemplo, Julián Carreño, fillo do boticario municipal, xogara no Sporting Club da súa Noia natal, onde, segundo recollemos na prensa da época, existían equipos dende 1911 e tal vez se coñecera o fútbol xa dende finais do século XIX, tras a chegada dos técnicos ingleses das minas de San Finx. Outros, como Jesús Hermida, tamén noiés de nacemento, e José Dieste, fixéranos en Madrid e Ferrol, respectivamente, durante os seus tres anos de servizo militar. E certa práctica debían ter igualmente os irmáns Saturnino, Benjamín e Manolo Fajardo, de Portomouro (Abanqueiro), estudantes en Vilagarcía, un dos berces do fútbol español grazas aos partidos xogados por mariños da escuadra inglesa, dende o último cuarto do século XIX, momento no que esta empeza a visitar regularmente aquel abeirado porto en período de manobras. En Vilagarcía, convertida nun foco de irradiación do fútbol cara ás poboacións da ribeira arousá, os irmáns Fajardo tomaran contacto con aquel deporte e trabaran amizade con algúns xogadores arousáns, que mesmo nalgún caso chegarán a defender circunstancialmente as cores do fútbol boirense.

Co fin de levar a cabo aquel pioneiro proxecto deportivo, ao grupo formado por Carreño, Hermida, Dieste e os irmáns Fajardo uniranse Ramón Sánchez, Gerardo Piñeiro, Jesús Martínez, Luís Casáis e Rogelio Stone, ademais dalgún outro entusiasta aprendiz de futbolista. Todos tiñan idades comprendidas entre os dezasete e vinte e catro anos e eran veciños na súa maioría de A Tenencia. Paulatinamente, irase incrementando o número de xogadores coas incorporacións de Antonio Crusat, Morales, Luciano Casáis, Jesús Piñeiro, Pinilla (Josesito Outeiral) ou Julito Carreño. A pesar de que case todos procedían de familias acomodadas, relacionadas co funcionariado, comercio ou industria, tamén había mozos de condición modesta, como José Dieste, que era labrador, ou Jesús Hermida, latoeiro, e que curiosamente estaban, por experiencia e idade, entre os seus máis implicados promotores.

Ademais da experiencia previa dalgúns dos integrantes do grupo, outro dos factores que favorecería a chegada do fútbol a Boiro será a facilidade de contar cun campo de xogo. O terreo onde se habilitará formaba parte do denominado "Campo de Barraña", que era unha extensa e chaira paraxe, libre de cultivo por ser areenta e con herba de seu. Localizábase nas inmediacións da área máis accesible da praia do mesmo nome

e do Salgueiral, bosque atravesado polo río do Breiro onde algunhas familias acomodadas adoitaban celebrar as súas comidas campestres estivais. A paraxe distaba apenas un quilómetro do centro de Boiro e, polo tanto, da estrada xeral Padrón-Ribeira, contando cun fácil acceso dende que en 1912 se construíra unha estrada en substitución do angosto camiño que atravesaba Barraña en dirección ás terras da Insua, actual parroquia do Castro. O acceso era tamén doado por mar, especialmente con marea alta, cando as embarcacións podían varar a escasos cen metros do campo. Despois dos preceptivos trámites ante as autoridades municipais, xa que se trataba dunha parcela de titularidade pública, os propios xogadores rozarán, ensancharán e achandarán o terreo deixándoo minimamente acondicionado para a práctica deportiva. O resultado debeu de ser óptimo, pois a pesar de non estar pechado, non contar con vestiarios nin, por suposto, bancadas e de ter algunha que outra lomba, o campo de Barraña sería moi valorado polos equipos de localidades veciñas, xa que era grande, non demasiado duro e tiña bastante herba, o que melloraba as condicións dos terreos de Cabío e A Devesa (A Pobra do Caramiñal), Triquinay (Noia) ou Frións (Ribeira). Ademais, ao seu carón pasaba un regato onde os xogadores podían refrescarse e asearse despois do partido, ou tamén facelo na inmediata beira do mar. Deste xeito, moitos clubs da volta quererían disfrutar daquel campo e da pintoresca paisaxe de bosque e praia na que se enmarcaba, sendo relativamente frecuente a celebración de partidos entre equipos de fóra de Boiro.

Unha vez transcorridos os primeiros meses de 1922 e concluídos todos os trámites, o equipo de Boiro estaba en disposición de debutar. A denominación da nacente sociedade deportiva constará, como era costume naqueles anos, de nome hispano e "apelidos" ingleses, sendo Barraña Sporting Club o nome elixido. A súa equipación, confeccionada por amigas e namoradas dos xogadores, compoñerase de camiseta de franxas verticais negras e brancas e calzón negro. Aínda que non nos consta a súa fundación oficial nin sabemos quen conformaba a súa xunta directiva, grazas á documentación consultada si temos noticia dalgunhas persoas que parece ser desempeñaron o cargo de presidente. O primeiro, segundo afirmaba José Dieste (El Ideal Gallego 30 xuño 1979) foi o influente secretario municipal Ramón Dios. E seica tamén o doutor José María Gómez Gorordo, outro influente persoeiro da localidade, chegara a desempeñar este cargo, do mesmo xeito que o farían Félix Sieira e Domingo Alcalde. Igualmente nos indica a documentación consultada que José María Rey Eiras, popularmente coñecido como Pepito da Tenencia, fora tesoureiro. Sen atrevernos a adxudicarlles un posto concreto no club, sabemos da colaboración prestada polo mestre xubilado Martín Gómez Abal e o depositario de fondos públicos Luciano Casáis, activos organizadores de festas e actividades sociais varias. Respecto do adestrador do equipo tampouco temos datos certos, nin sequera sabemos se existía esta figura, aínda que podemos supoñer que Julián Carreño, José Dieste e Jesús Hermida, os máis experimentados e implicados membros do grupo, serían os responsables de poñer certa orde no equipo. Os gastos para o sostemento da entidade serán costeados polos propios directivos e xogadores, que tamén se ocuparán de manter en condicións o campo de Barraña. O desembolso máis importante derivaba das viaxes aos campos rivais, realizadas nalgún dos escasos vehículos existentes en Boiro naquela época, como a camioneta de reparto que o club adoitaba contratar a Ramón Romero, industrial panadeiro e propietario dun baile de "organillo", ademais de bo afeccionado ao fútbol. A adscrición da maioría dos organizadores do Barraña Sporting ao bando liberal gassetista, no goberno municipal dende principios de

século, provocaría que bastante xente asimilase á recentemente creada entidade co club "*dos do ayuntamiento*" e, en consecuencia, co caciquismo gassetista imperante naquela época en Boiro e en toda a comarca. Por este motivo, o Barraña non espertaría demasiadas simpatías, especialmente no sector conservador da poboación, nun momento no que a loita política entre este e os gassetistas estaba exacerbada tras as eleccións de deputados a Cortes de 1920, celebradas baixo sospeita de fraude electoral a favor do liberal Gasset. Á marxe desta circunstancia, co Barraña Sporting e co fútbol, que se consideraba un reflexo de modernización social e dun novo estilo de vida propio dos pobos máis desenvolvidos, Boiro poñíase á altura dos tempos e achegábase, aínda que só fose no ámbito deportivo, ás vilas máis adiantadas da comarca. E o sector acomodado e liberal da súa mocidade contaría a partir daquel momento con outra actividade de ocio estival, ademais dos bailes de gramófono nos xardíns da casa dos Gómez Romero, o disfrute da praia de Barraña, ou as tardiñas de vieiras e viños brancos de Comoxo e Romarís no Café "El Cosmopolita", despois dunha excursión pola xeografía da comarca.

PRIMEIROS PARTIDOS E PRIMEIRAS RIVALIDADES DO BARRAÑA SPORTING

A partir de mediados de 1922, o club de Boiro empezará a concertar partidos cos equipos de poboacións veciñas, principalmente de A Pobra do Caramiñal, Noia e Ribeira, pero tamén da outra banda da ría, como Vilagarcía ou A Illa da Arousa. O primeiro que temos documentado naquel histórico ano para o deporte boirense é un celebrado o 30 de xullo en Barraña. Aparece mencionado nunha nota de prensa publicada no xornal El Ideal Gallego (3 agosto 1922), onde se informa sobre a celebración das festas de San Xosé. De xeito conciso, fálase da súa programación, que incluía, ademais dos actos relixiosos e a verbena, un partido de fútbol entre o equipo local e o "de Noia", que rematou coa vitoria boirense por 3-2. A seguinte nota de prensa que coñecemos sobre a celebración de partidos dos boirenses é a que o xornal vigués *Galicia* publicaba o 19 de setembro, informando dun encontro en Vilagarcía entre os mozos do *Juventud* daquela localidade e os de Boiro, que remataba co resultado de 4-1 a favor dos locais. No diario persoal do pobrense Carmelo Martínez, *O Canalejas*, sacado á luz por Joaquín Domínguez e Manuel Gago Pérez co título de "Crónicas da vila do Caramiñal, 1920-1942", aparecen anotacións acerca de varios partidos celebrados polos boirenses en datas anteriores ás que acabamos de mencionar. Concretamente, sobre dous encontros que de acordo con estas notas perderan os barrañistas co *Puebla*, primeiro o 9 de xullo en Barraña e despois, o domingo seguinte día 16, en Cabío. Ou o que, tamén en xullo, ganaran por 4-1 ao Noia. Neste diario recóllense así mesmo outros dous partidos, celebrados con posterioridade en Barraña, nos que os locais derrotaran 4-1 ao Palmeira e empataran 1-1 co *Puebla*. Con todo, a memoria de José Dieste, que como xa dixemos fora entrevistado no seu día por A. García Rojo para El Ideal Gallego, atribúelle o selo de partido inaugural do Barraña Sporting Club a un celebrado no mes de xuño contra o Puebla. O equipo boirense, que acabara impoñéndose por 2-0, aliñara nesta histórica cita a José Dieste, Ramón Sánchez, Saturnino Fajardo, Julián Carreño, Jesús Hermida, Gerardo Piñeiro, Benjamín Fajardo, Manolo Fajardo, Jesús Martínez e ao vilagarcián Rubianes.

Sexa como for, dende o verán de 1922 os boirenses comezaron a disputar numerosos partidos de fútbol sen máis transcendencia que o dunha xuntanza de mozos que se divertían correndo detrás dun balón mentres defendían a honra do seu pobo. Mesmo nalgunha ocasión

tamén defenderán cores alleas, como sucedera en maio de 1923 cando baixo o nome de Chispa, de Noia, golearan o Deportivo F.C. pobrense por 5-0. Aínda que ocasionalmente se celebren partidos noutras épocas, case sempre con motivo dalgunha festividade, como o Pilar, as festas patronais ou Reis, as tempadas futbolísticas do Barraña Sporting Club terán lugar entre o remate da primavera e o inicio do outono, cando o equipo estaba completo ao contar cos xogadores que estudaban fóra e cando as condicións meteorolóxicas e de luz eran as máis apropiadas. Rivais habituais dos boirenses foron o *Riveira F.C.*, os noieses *El Ideal Gallego F.C.* e Noia F.C., fusionados no verán de 1926 na Unión Deportiva e, sobre todo, debido á proximidade, o *Caramiñal Pirelli F.C.*, de A Pobra do Caramiñal, co que os boirenses acabarán sostendo unha acérrima rivalidade. Aínda que máis esporadicamente, o Barraña Sporting tamén xogará con equipos de vilas máis afastadas, como Porto do Son, Vilagarcía, A Illa da Arousa ou Pontecesures, entre outras. Os árbitros para estes partidos informais eran elixidos de común acordo entre os contendentes, recaendo esta responsabilidade en xogadores ou directivos dos clubs. No caso do Barraña Sporting, eran os experimentados Julián Carreño e Jesús Hermida os habitualmente elixidos, aínda que tamén outros máis novatos, como Luís Casáis ou Rogelio Stone, teñen arbitrado.

Ao igual que a maioría dos seus rivais, os xogadores boirenses, salvo contadísimas excepcións, carecían de destreza técnica e hábito de competición, provocando que a dureza e os comportamentos antideportivos fosen comúns naqueles partidos sen xeito nin dereito, onde o patadón cara adiante era a táctica principal. A inexistencia dun regulamento oficial concreto complicaba en extremo a actuación dos igualmente inexpertos e voluntariosos árbitros, moitas veces parciais e moitas outras faltos de enerxía e decisión para impoñerse. Aínda máis inexperto e descoñecedor das normas, ao público abondáballe o mínimo motivo para encolerizarse e invadir os campos, ou mesmo intentar agredir os rivais. Algunhas crónicas de prensa da época evidencian as polémicas e rivalidades derivadas daqueles enfrontamentos. Recordemos, por exemplo, as publicadas a raíz dun partido que o Riveira F.C. disputara en Boiro con motivo da festividade do Apóstolo de 1923. Na primeira, titulada *"Un partido de foot-ball accidentado"*, o correspondente ribeirense, a través do xornal vigués Galicia (31 xullo 1923), denunciaba, esixindo desculpas, unha serie de feitos antideportivos que atribuía ao público e a xogadores locais:

> *"... Durante el primer tiempo, nada ocurrió de particular excepto una gran dureza en el juego por ambas partes, como si en vez de un partido amistoso fuera de campeonato ... Recudrecióse el juego entonces (en la segunda parte) y los del Barraña F.C., reforzados con cinco equipiers forasteros, hicieron lo inimaginable por el desquite, apoyados por un público tan ineducado que aparte de apostrofar duramente al "referée", no cesó de molestar a los jugadores con frases durísimas. Al regreso, no sabemos por que causa, se pasó de las amenazas al atentado, resultando varios aficionados con magullamientos y erosiones en el cuerpo y cabeza. Al arrancar el camión que conducía al equipo de Riveira y aficionados que fueron a presenciar el partido, fueron despedidos con una fuerte pedrea que afortunadamente no produjo daño alguno a los excursionistas".*

Remataba o cronista ribeirense lamentándose do sucedido entre dous pobos veciños que sempre gardaran cordiais relacións, e sinalando:

> *"... Solo a un fanatismo estúpido o a una ineducación deportística extrema podemos achacarlo y creemos*

que los jugadores del Barraña se apresurarán a dar una amplia y cumplida satisfacción a los muchachos de casa".

Con todo, no mesmo xornal e baixo o titular "*No hubo agresión*", o desinformado informador tería que desmentir días despois aquela suposta despedida a pedradas e escusarse ante os de Boiro debido ao inexacto da crónica:

RIBEIRA

No hubo agresión.- *Hace unos días al informarnos de lo ocurrido en una excursión al vecino pueblo de Boiro, con motivo de un partido de fútbol, diósenos como cierta una agresión a los jugadores del Riveira FC, por el público de Boiro.*

Posteriormente he podido comprobar que no hubo tal agresión, aunque con motivo de la actuación del "referée" se suscitaron contra él airadas protestas por parte del público y jugadores.

De la verdad de lo expuesto responden gran número de excursionistas que nos ruegan la rectificación de la noticia.

Rogamos a los agraviados no vean en la noticia que origina esta rectificación, más que un exceso de confianza por nuestra parte.

El Pueblo Gallego
8 agosto 1923

Outro exemplo das polémicas suscitadas nalgúns daqueles embarullados partidos, aparece recollido en varias crónicas publicadas polo xornal vigués *El Pueblo Gallego* rematando o mes de maio de 1926, onde se trata o sucedido nun encontro disputado en A Pobra do Caramiñal entre o Caramiñal Pirelli local e o Barraña Sporting. Na crónica do día 26, enviada pola directiva pobrense, destacábase a dureza e xogo sucio do encontro:

"... Durante el transcurso del partido y en particular en la primera parte, hubo manos, zancadillas y cargas de marcas variadas que no se castigaban, con gran disgusto por parte del público, dada la violencia que empleaban ambos contendientes".

A réplica a esta crónica chegaba ao día seguinte no mesmo xornal, a través dunha longa nota da directiva barrañista onde se atribúe a extrema dureza ao xogo do Pirelli, do que se derivaría a lesión de varios xogadores boirenses:

BOIRO

De fútbol.- *La Junta directiva del club local Barraña Sporting nos ruega la publicación de la siguiente crónica.*

El domingo último se trasladó a la Puebla del Caramiñal, con objeto de contender con el Club Pirelli de aquella localidad, el Barraña SC de esta.

Elige campo Boiro y al hacer el saque se apoderan los del Barraña del balón y llegan en una bonita arrancada a la casilla de la Puebla, tirando un enorme "shoot" el delantero B. Fajardo la pelota fuera. Desde este momento tiene el Boiro que jugar contra unos equipiers que empiezan a hacer un juego durísimo y un público bastante incorrecto que los abuchea continuamente.

Hemos de advertir que el Barraña tuvo muchos encuentros fuera de su campo, tanto en Riveira como en Villagarcía, Cesures y otros pueblos, quedando siempre bien visto; pero en la Puebla no ocurre esto.

El Barraña Sporting salió de Boiro con once "equipiers" modelo de caballeros, para ir a jugar

al fútbol; pero los del Pirelli no estaban con esas y jugaban por el contrario con el cuerpo del hombre, y así sucedió que cuando iban transcurridos treinta minutos de juego, queda Gerardo, interior-derecha del Barraña, tendido en el campo sin respiración; igual le ocurre a Ramón, Hermida y Julio; teniendo este último que retirarse por no poder resistir el dolor que le producían los golpes recibidos.

Durante el transcurso del "match" se ha lucido el guarda-valla del Barraña, José Dieste, el cual con sus enormes paradas y exponiendo incluso la vida por defender los colores de su club, no pudo evitar los dos tantos que le metieron.

Pueden estar orgullosos los del Pirelli por poder exclamar:¡Vencimos al Barraña Sporting Club de Boiro por dos goals a cero!

Nos hemos enterado de que el capitán del Barraña SC Jesús Hermida se ve obligado a guardar cama a causa de las lesiones sufridas.

El Pueblo Gallego
27 maio 1926

Esta controversia na prensa entre barrañistas e pobrenses, continuación da sostida no terreo de xogo, pechábase dous días despois desta última crónica coa negativa do xornal a publicar unha nova réplica, enviada agora por membros do Pirelli. A rivalidade entre o Barraña e o Pirelli fora moita dende un principio, e as súas desavinzas tamén afectaron outras actividades deportivas, como as carreiras ciclistas, incluídas circunstancialmente na programación dalgunhas festividades. Así, por exemplo, nas festas do Nazareno de 1925, a comisión organizadora vetara os corredores do Barraña co fin, segundo argumentaba o correspondente boirense de *El Pueblo Gallego* (24 setembro 1925), de que o valioso premio, enviado polo director xeral da Administración, señor Calvo Sotelo, quedase en poder do Pirelli. A través do mesmo xornal (27 setembro 1925), a comisión organizadora das festas, que coincidía coa directiva do club de fútbol, saía ao paso destas declaracións, negándoas e acusando os barrañistas de informalidade. Segundo lemos no mesmo xornal *El Pueblo Gallego* (13 e 16 xullo 1926), pouco tempo despois do polémico partido cos barrañistas, o Caramiñal Pirelli fora protagonista doutro accidentado encontro na Illa da Arousa contra o Céltiga S.C., que a piques estivera de ser suspendido debido á invasión do campo por parte dalgúns exaltados afeccionados pobrenses. Con todo, o correspondente de A Pobra do Caramiñal facía outra lectura do partido, chamando a atención sobre o xogo duro dun defensa do Céltiga, que dunha patada seica lle fracturara unha perna ao futbolista do Pirelli Alfonso Abalo. Semella que aquela tempada do ano 1926 foi abondosa en polémicas futbolísticas para os clubs da comarca, xa que con motivo dun Pirelli-Riveira o árbitro –se non erramos, o barrañista Carreño–, tivera que ser substituído para evitar que a súa actuación derivase nunha batalla campal. E nun partido celebrado un mes máis tarde entre estes dous mesmos clubs, o Riveira, que acudía a A Pobra do Caramiñal co seu filial Jaime F.C. reforzado con elementos do primeiro equipo, retirábase do campo debido á expulsión dun dos seus xogadores e aos constantes insultos recibidos por parte do público local. Cando os futbolistas e afeccionados ribeirenses viaxaban de regreso á casa, os seus automóbiles serían despedidos a pedradas por unha parte da afección pirellista. Compre sinalar que, días despois, unha comisión de veciños de A Pobra do Caramiñal viaxaría ata Ribeira para visitar o alcalde e o presidente do club de fútbol en desagravio por estes incidentes.

Pero, afortunadamente, non sempre habería tanta controversia, e deberon ser maioría os partidos, que amais de ocasións para

realizar plácidas e entusiastas excursións a localidades veciñas, eran exemplo de xogo limpo e deportividade. Sirva como mostra o que a finais de xullo de 1925 disputaban en Boiro ante un numeroso público o Barraña Sporting e El Ideal Gallego F.C. noiés, onde o único incidente salientable foi protagonizado polo presidente do club visitante, que tería que vestirse de corto e saltar ao campo en substitución dun xogador que sufrira unha indisposición. A prensa daba conta daquel partido de guante branco:

EN NOIA

El tiempo espléndido que reinaba ayer y la circunstancia de que nuestro primer equipo El Ideal Gallego FC tuviese concertado un partido con el Barraña FC, de Boiro, dieron a la villa esa nota simpática de alegría que las juventudes deportivas suelen imprimir a tales actos.

Sale nuestro equipo a las cinco de la tarde en engalanado automóvil, que es despedido cariñosamente por la muchedumbre que augura su triunfo.

Le precede en un turismo su presidente señor Carballal y el cronista, tomando la carretera directa cuyas márgenes presentan el aspecto de un verdadero jardín.

En pocos minutos estamos en Boiro, en donde somos recibidos con grandes muestras de afecto, y entramos en el excelente campo que allí tiene el Barraña FC.

En presencia de un gentío inmenso, alinean los equipos en la forma siguiente:

Ideal Gallego: Gómez, Pérez, Amador, Sarmiento, Abeijón, Fernández, Martínez, Pestoni, Vázquez, Rubich y Louro.

Barraña: Martínez, Carreño, Riveira, Hermida, Morales, Manolo, Piñeiro, Crusat, Casáis, Tino y Gerardo.

Y después del saludo de rúbrica, saca el Barraña a favor de viento y sol, cortando Amador, del Ideal, que desarrolla un juego elegante para entregar con oportunidad a los suyos, que atacan a fondo, poniendo en peligro la puerta contraria, que defiende admirablemente Martínez.

Entran de nuevo en acción los defensas del Ideal, cortando Hermida y recogiendo Amador, que lanza un admirable tiro a la red, parando con mucha oportunidad Riveira.

Se castiga al Ideal con un penalty, que tira Tino, parando magistralmente el aplaudido Bravo.

Termina así el primer tiempo, y saca luego El Ideal, dominando a los contrarios con un juego de empuje.

Poco después es castigado El Ideal, con penalty, que produce el primer tanto para el Barraña.

Saca El Ideal, empleando un juego que desmoraliza a los contrarios, y puesta en peligro la puerta se produce otro penalty, para el Barraña, que tira Amador, obteniendo el empate, que es saludado con una merecida salva de aplausos.

Arbitró Stone.

En el primer tiempo, por indisposición de un equipier del Ideal, fué sustituído por su presidente señor Carballal, quien hizo un defensa con categoría de internacional.

Nuestro saludo más afectuoso al Barraña FC, esperando una nueva ocasión de testimoniarles nuestra gratitud.

El Ideal Gallego
22 xullo 1925

E así, entre partidos que acababan a paus e partidos onde a deportividade era exquisita, foron transcorrendo os primeiros anos do fútbol en Boiro e comarca ata superado o ecuador dos anos vinte. Sempre se tratou de encontros informais, pois nin o Barraña Sporting nin ningún outro club das localidades veciñas, incluídos os de Noia, participarían en competición federada nesta etapa. Nos torneos oficiais inscribíanse case en exclusiva clubs das cidades, e na tempada 1924-1925 eran só trinta e catro os que integraban algunha das categorías organizadas pola Federación Galega de Clubs de Fútbol (Serie A – que contaba con seis equipos-, Serie B –oito- e Serie C –vinte–).

O BARRAÑA SPORTING DESAPARECE TRAS DEIXARLLE O PASO FRANCO AO FÚTBOL EN BOIRO

Sen telégrafo, sen casino, sen sociedades de recreo e sen teatro, o orgullo do Boiro acomodado e liberal era o seu equipo de fútbol e o seu campo, que lle permitía medirse sen complexos ás vilas veciñas máis adiantadas. O espectáculo que con ocasión dos partidos supoñía a chegada a Barraña de caravanas de automóbiles e camións, daquela tan escasos, moitas veces vistosamente engalanados e sempre abarrotados cos equipos e afeccionados rivais, así como o colorido e ambiente do campo, chamaran de contado a atención. En consecuencia, un crecente número de curiosos comezou a acudir ao campo barrañista e a familiarizarse con termos como "football", "corner", "penalty", "offside" ou "goal", que podían ler nas crónicas que a prensa lle dedicaba ao seu equipo. Mesmo algúns afixéronse a pagar un real pola comodidade de sentarse nos bancos de madeira colocados no campo. O gusto polo fútbol prendería de tal xeito nalgúns afeccionados que, como lembraba o ex-xogador José Dieste, cando o Barraña Sporting regresaba de disputar un partido fóra de Boiro, gañase ou perdese, adoitaba ser recibido con bailes ao son de pandeireta. Incluso parece ser que se chegarían a dar situacións tan extravagantes como a que relata A. García Rojo en El Ideal Gallego (30 xuño 1979):

> *"Coincidiendo con la fiesta de San José había sido invitado un equipo de Villagarcía de Arosa. El señor cura había pedido que se retrasara la hora del comienzo del partido hasta después de la procesión. A pesar de los buenos deseos de los jugadores del Barraña, los de Villagarcía y sus seguidores no aceptaron el retraso. La procesión efectivamente salió por el recorrido normal, pero como la carne es flaca y dado el calor que le ponían los espectadores, en el lugar más cercano al campo de Barraña, los hombres hicieron desbandada general y los santos tuvieron que volver a la iglesia a hombros de las mujeres".*

Despois de tres tempadas de fútbol en Barraña, os xogadores boirenses converteranse en ídolos para algúns cativos dispostos a imitalos e que, carentes de alguén que os organizase, acudirán á prensa para darlle publicidade á súa inquedanza, ao tempo que demandar de Domingo Alcalde, presidente do Barraña Sporting, a súa colaboración naquel novo proxecto futbolístico.

EN BOIRO

> *Un grupo de muchachos de esta villa tratan de organizar un equipo infantil de foot-ball con el nombre de "Infantil Barraña S.C." y no contando con ningún apoyo, es de suponer que el digno y elogiado presidente del primer equipo del "Barraña", don Domingo Alcalde, se ocupe también de los infantiles, y que Boiro prospere con un "sport" tan propagado como lo está siendo el foot-ball .*

El "Infantil Barraña" ya tiene su team formado, cuyos equipiers serían: Luciano, Eugenio, J.Manuel, L. Dieste, Rogelio, J. Crusat, Mando, Francisco, Bernardino, L. Cereijo y Arturo.

Lo capitaneará su notabilísimo guardavalla Luciano Casáis.

El Ideal Gallego
26 agosto 1925

Este grupo de mociños lograría o seu obxectivo e, un tempo despois de facer esta chamada na prensa, estaría competindo co nome de Fortuna Athletic Club grazas á xenerosidade do xogador e capitán barrañista Jesús Hermida, o Latoeiro, que aceptaría o cargo de presidente. En consecuencia, o número de equipos de Boiro aumentaba e o Barraña Sporting podería contar cun pequeno viveiro de futbolistas onde acudir para completar as súas exiguas aliñacións.

Con todo, a singradura que o precursor Barraña Sporting Club iniciara no verán de 1922 non tardaría moito en rematar, lastrada pola marcha de varios xogadores, e tal vez tamén polo pasamento do seu presidente Domingo Alcalde, que ao tempo era propietario dun dos escasos e imprescindibles vehículos nos que se desprazaba o club. Vítima, precisamente, dun accidente de automóbil, o presidente barrañista morría no verán de 1926 mentres lle ensinaba a conducir ao xogador Antonio Crusat. Entendemos que por ambas circunstancias, o equipo non acudiría ao primeiro torneo do partido xudicial de Noia, que se iniciaba o 18 de xullo, só un mes despois do tráxico pasamento do presidente barrañista, coa participación do Caramiñal Pirelli F.C. (A Pobra do Caramiñal), Riveira F.C., Atalaya (Porto do Son) e a Unión Deportiva (Noia), equipo anfitrión e, a posteriori, vencedor do torneo. A pesar de todo, o Barraña Sporting aínda disputará algúns partidos máis despois da celebración deste campionato, como o que a mediados de agosto lle ganara ao Caramiñal Pirelli 5-0 en A Pobra do Caramiñal. Ou o que a finais dese mesmo mes o enfrontara ao Atalaya sonense, empatando 2-2. Nesta ocasión, o equipo de Boiro aliñara a Jesús, José Manuel, Fajardo, Sastre (Ramón Sánchez), Hermida, Eugenio, Piñeiro, Espada, Carreño, Stone e Pinilla (Josesito Outeiral). Mesmo para o día de Reis de 1927, a prensa anunciaba un partido seu en Noia contra a Unión Deportiva local, ao que estaba previsto que acudise complementado xa con xogadores doutros clubs. Pero nos albores daquel ano 27, superado o ecuador da ditadura de Primo de Rivera, o Barraña Sporting Club desaparecerá tras catro anos e medio de existencia e despois de deixarlle o paso franco ao fútbol en Boiro.

A pesar da indiferenza da maioría dos boirenses, e seguramente o receo de moitos que aínda consideraban o fútbol como unha diversión allea e de señoritos ociosos fronte ao popular e arraigado xogo dos bolos ou as regatas, o espírito futbolístico prendera nunha parte da mocidade local. A partir da desaparición do pioneiro Barraña Sporting Club, a representación do fútbol boirense pasaría ao equipo que nacera como infantil Fortuna Athletic Club e agora, reforzado coa incorporación dalgúns xogadores barrañistas, competirá cos primeiros equipos das localidades veciñas. A continuidade do proxecto estaba garantida.

A toponimia dos montes do Barbanza en Lesón (A Pobra do Caramiñal)

Miguel Ángel Conde Teira

1.INTRODUCIÓN

Preséntanse neste artigo os resultados dunha pescuda toponímica financiada pola mancomunidade Arousa Norte a través dunha bolsa concedida no curso de verán da Universidade de Santiago de Compostela "Toponimia: actuación e interpretación" en 2013. O traballo de campo levouse a cabo en agosto dese mesmo ano e nel entrevistáronse 33 persoas das parroquias de Lesón e O Caramiñal (A Pobra do Caramiñal), a maior parte maiores de 60 anos, contribuíndo 8 destes veciños, por separado, con información da comunidade de montes "Barbanza de Lesón". Estes informantes tiñan un bo coñecemento das súas respectivas parroquias (Santa María do Caramiñal e Santa Cruz de Lesón), por teren desenvolvido actividades agropecuarias ou fabrís no territorio de estudo durante etapas da súa vida ou na maior parte da mesma.

Os topónimos recollidos foron situados nos actuais límites da comunidade de montes "Barbanza de Lesón", recoñecidos pola Xunta de Galicia (2015), mostrándose en orde alfabética e indicándose a etimoloxía máis probable. Incluíuse ademais algún topónimo significativo próximo aos límites da comunidade pero xa fóra dela.

As formas bibliográficas, que non recollemos da fala neste traballo, e as etimoloxías incertas ou formas antigas non confirmadas van sinaladas con (*). En ocasións ofrécense variantes do mesmo nome de lugar co signo (~). Os topónimos máis relevantes van acompañados dun número que aparece no mapa ao final do artigo. Integráronse ademais os nomes que aparecen no mapa de deslinde da comunidade de montes, mesmo os que consideramos erróneos, comentándose no texto os motivos desta identificación. Estes nomes alterados están sinalados con (**).

2.LISTA ALFABÉTICA DE TOPÓNIMOS E COMENTARIOS

Abeleiras, As: só un informante denominou con esta forma en plural o monte arredor da fonte da Abeleira e en especial a vertente que cae cara ao río San Xoán. Ver **Fonte da Abeleira, A**.

Abelleiras, A (~O Canle das Abelleiras*): zona de monte ao redor do camiño que sobe desde o miradoiro de Valle-Inclán ata a Curota. Aparece como Canle de Abelleira en IGN (1993). *Abelleira*: do lat. *apicŭla*, co sufixo abundancial propio do galego –eira. O lugar ten toxos e algunha carroucha nos arredores e está orientado ao suroeste, polo que é propicio para a presenza destes insectos. *Canle*: do lat. *canālis*, co mesmo significado.

Agro de Liñares, O: resulta curioso a aparición do topónimo *agro* na parte media da ladeira da Curota, hoxe cuberta de mato e bosque. A zona sitúase nunha especie de terraza na parte superior da montaña, así que talvez houbo aquí no pasado unha pequena cortiña cultivada ou algún prado. *Liñar*: lugar cultivado de liño, do lat. *linum*, de igual significado. É tamén apelido, e a falta de artigo suxire relación con nome de posuidor e non coa presenza da planta. Segundo o proxecto Boullón Agrelo e Sousa Fernández (2011), había 15 persoas chamadas "Liñares" nos principios do séc. XXI na Pobra, sendo ademais un apelido de raíces históricas na vila (Pastor Santamaría (2013). A frecuencia do apelido é maior no interior da provincia da Coruña, na comarca de Ordes.

Aguablanca: parte do río das Bestas que cae desde a Chan das Brañas á Ponte de San Xoán. No galego estándar sería *Aguabranca*. A Real Academia Galega acepta as voces *agua* e *auga*, aínda que sinala a segunda como máis recomendable (RAG. 2015). *Agua* non é

aparentemente un castelanismo no galego do Barbanza, senón unha forma dialectal común a todo o galego occidental, a partir do lat. *aqua* (García e Santamarina. 1997). Consideramos que as formas con "agua" deberían ser respectadas na toponimia do Barbanza, especialmente cando poidan escribirse soldadas ao adxectivo (Aguasantas, Agualevada). *Branca*: do xermánico *blank** (Corominas.1991), neste caso debido á cor das fervenzas no inverno.

Alto da Canteira, O:* topónimo que aparece no mapa de deslinde da comunidade de montes nas proximidades da Eira Vella, ao suroeste dos Curros (Xunta de Galicia.2015 e no mapa do IGN. 2011), pero que non recollemos popularmente. Na zona hai dúas canteiras grandes e unha pequena, e unha antiga extracción mineira, polo que non sabemos cal delas deu orixe á denominación.

Alto da Lagoa, O: elevación que se correspondería co actual miradoiro de Valle-Inclán na subida á Curota. Na fala do Barbanza, as masas de auga doce de pequeno tamaño, tanto permanentes como temporais, son denominadas *lagoas* (datos propios). Dado que é unha zona plana, existiría alí talvez algunha charca estacional, frecuentes nas zonas altas da serra. *Alto*: do lat. *altus*. *Lagoa*: do lat. *lacūna*, de igual significado (RAE. 2015).

Armelo, O: lomba pedregosa entre Casais de Ramiro e a Chan das Brañas**.** Do latín *eremĕllŭ*, diminutivo do latín tardío *ĕremŭs,* e este do gr. *ἔρημος* (RAE. 2015). Existe hoxe en día en galego *ermo*, "terreo desprovisto de vexetación; árido, estéril" (Carballeira e outros. 2004). O nome está presente noutros lugares de Galicia, tal como Ermelo, en Cangas, rexistrado antigamente como Armelo (Martínez Lema. 2012). Parece nome ben motivado xa que é unha zona desprovista de vexetación arbórea, pedregosa, e pouco produtiva en relación cos terreos circundantes. Aparece en IGN (2011) como Alto do Armelo.

Baixada da Curota, A: un informante denominou así a vertente da Curota cara ao río das Pedras, en relación co camiño dos carros que baixaba desde a Fonte do Bañadoiro ata Santa Cruz. Ver **A Curota**. *Baixada*: do verbo *baixar*, formado sobre "baixo", do lat. *bassus* ("gordo, de pouca estatura").

Boqueira das Brañas, A: camiño de entrada tradicional á Chan das Brañas (ou Brañas de Inxerto), chegando a elas desde o sur. *Boqueira*: derivado de boca, do lat. *bucca*, voz de orixe celta (RAE. 2015). *Boqueira* está rexistrada nos dicionarios galegos como "entrada feita nun valado para permitir o acceso ao seu interior" (Carballeira e outros. 2004). *Braña*: forma antiga de etimoloxía discutida, para algún autores prerromana e derivada dunha suposta raíz precéltica bar* "monte, altura". Tense relacionado tamén co galo *bracu* "pantano" (Rivas. 1982). *Braña* está presente en Galicia e Asturias para designar pastos de montaña ou zonas herbáceas con auga, humidade ou pastos no verán. Na comarca do Barbanza, a voz designa zonas herbáceas que manteñen humidade no verán, e tamén prados de sega, non só pastoreados (datos propios), pero polo contrario non designa as casas acompañantes, como acontece en Asturias ou en Portugal (aquí coa forma *branda*).

Bustelo, O (~O Bostelo): prados pastoreados, hoxe parcialmente cubertos de eucaliptos e próximos a unha nacente de auga. Diminutivo do latín medieval ibérico *bustum* (*bustellum*), probablemente relacionado con *boi* (lat. *bos*, *bovis*), e con outras palabras como *bosta* ("deposición das vacas"). *Busto* é un compoñente habitual na toponimia do norte

e oeste ibérico e fai referencia ao gando vacún ("lugar de pastoreo") (Piel. 1954). Na serra do Barbanza podemos citar polo menos outros dous topónimos con Busto-, Bustiguillade e Bustoseco. Deste último, temos unha atestación no Barbanza do ano 1038 (GMH, 2015).

Cachineira, A: zona de xisto situada ao norte da Fonte e Canle do Bañadoiro e ao sur do Lombo das Laxes. Puidera ser en orixe unha "Cacha Aneira" (Ana Boullón: com. pers.), é dicir, unha parcela cultivada ou rozada só algún anos. Unha "cacha" ou "cachada" sería un "tallón, parcela pequena cultivada", do lat. vulgar *capŭlare*,"cortar", en lat. tardío *cappelare*, "dividir" (Rivas. 1982), e de aí A Cachada, nome do lugar onde se sitúa o parque urbano de Boiro. Aínda que A Cachineira é hoxe unha zona de monte, non se pode rexeitar esta hipótese, pois en tempos antigos rozábanse e queimábanse parcelas de monte para o cultivo do centeo (Balboa. 1990). Nas proximidades atópanse os restos de cabanas e curros medievais de Casais de Ramiro (datos propios).

Aneira: derivada do lat. *annus* (ano).

Calzada do Espiño, A: parte central do camiño de carros que baixaba desde a Fonte do Bañadoiro ata Santa Cruz de Lesón, despois do Eiteiro do Galo. *Calzada*: do lat. vulg. *calciāta**, camiño empedrado (RAE). Esta parte do camiño, aínda que está moi deteriorada na actualidade, estivo empedrada, podendo verse algúns restos dos materiais. *Espiño*: derivado do lat *spinus* (Corominas. 1991).

Camiño da Rapada, O: camiño que sobe desde a Fonte do Hospital cara ao miradoiro de Valle-Inclán, moi usado hoxe en día polos deportistas de motocrós e BTT. Ver **A Rapada**.

Camiño de San Xoán, O: antigo carreiro, hoxe pista en boa parte, que une a Aldea Vella cos restos do eremitorio medieval da Misarela e a ponte de San Xoán (ou da Misarela). *Camiño*: do celtolatino *cammīnus*, voz de orixe hispánica (celtíbero *camanon*) (RAG. 2014). *Xoán*: do hebreo *Yôḥānnān*, abreviatura de *Yahweb* "Deus" e "*haxan*", "misericordia de Deus". Do hebreo pasou ao grego *Ιωάννης* (*Ioannis*) e posteriormente o latín *Iohannes*. No galego-portugués, *Iohanne* > *Johan* >Xoán (Feixó. 2003). Ver foto.

Campo da Coruña, O: lugar onde se cruza o antigo camiño do carro que subía desde Santa Cruz de Lesón, e o das Pedragueiras, que viña desde Os Vilares. Nas proximidades atópase a Fonte dos Remoliños. Estaría fóra da comunidade de montes. Resulta enigmática a presenza do termo Coruña nun punto illado da montaña, e

Petróglifo da Misarela, no Camiño de San Xoán

a súa proximidade coa denominación a Curota. *Campo*: do lat. *campus* ("terreo plano, campo de batalla") (RAE. 2015). *Coruña:* aparentemente coa raíz preindoeuropea *cor-* "altura, rochedo". (Moralejo, 1977; Rivas, 1982. Cabeza Quiles, 2014), porén, asocia o topónimo cunha voz céltica que significaría "prado" (*clunia*), e sinala un nome de lugar chamado A Coruña en Santa Uxía de Ribeira, que hoxe estaría perdido. Unha hipótese que habería que comprobar é se este campo de Lesón recibiu este nome por ser obxecto dalgún litixio na Real Audiencia da Coruña, Gonzalo Navaza (com. pers.).

Campo do Petón da Raposa, O: extensión plana cunha charca estacional, no cruzamento de dúas pistas preto da estrada desde a Curota e próxima ao Petón da Raposa. Denominación recollida dun só informante.

Campo Grande, O: topónimo semanticamente transparente que non conseguimos localizar con precisión, situado na proximidade do Petón das Taramelas, na vertente sur da Curota. Podería tratarse dun prado plano e extenso para o que é normal nesa parte da serra, situado nas proximidades de Castroellos. *Grande*: lat. *grandis*, co mesmo significado (RAE. 2015).

Campo Soane: lugar situado preto das Laxes Negras do Bañadoiro que non puidemos localizar con exactitude. O lugar estaría ao leste do Folgoso, sobre o eremitorio de San Xoán da Misarela, polo que parece subxectiva unha relación con este enclave monástico medieval. No galego-portugués *Iohanne* > *Johan*, que deu como patronímico *Vanes* e *Anes*, nomes que indican filiación. (Feixó Cid. 2003). De aí San Oane>Seoane> Soane, que recollemos ademais con "o" aberto, como testemuña da presenza doutras vogais anteriores . O topónimo podería ser bastante antigo, pola distinta evolución do nome Xoán.

Canle da Morte, O: con este misterioso nome coñécese un longo prado pastoreado que vai desde as proximidades do Petón da Raposa ata a Lagovieira. Existen restos de ocupación medieval en zonas da "canle". *Morte*: aparentemente do lat. *mors*, *mortis*, de igual significado.Ver **Folgoso Vello, O**.

Canle do Bañadoiro, O: longa valgada, ata hai poucos anos prado e hoxe con repoboación forestal, que se estende desde a Fonte do Bañadoiro cara ao noroeste. Nótese que a voz *canle* foi recollida sempre en masculino nas enquisas, facendo referencia a un termo xeográfico da serra ("prado ou braña de disposición longa") aínda que sabemos do seu uso feminino na comarca para o mesmo significado e para "curso de auga artificial estreito". Ver **Fonte do Bañadoiro, A**.

Canteira dos Esperóns, A: lugar de extracción de esperóns de xisto, polo menos no séc. XX, utilizados para afiar instrumentos agrarios metálicos. Situaríase preto de "Pedras Blancas", e pensamos que estaría fóra dos terreos da comunidade. *Esperón*: do it. *sperone*, e este do lat. *asperum*, "áspero" (Carballeira e outros. 2004). Existen no entanto en Galicia topónimos que descenderían directamente do lat. *aspĕrum "áspero", p.* ex. Asperela, Asperón, Aspera (Gonzalo Navaza, com. pers.).

Canteira dos Muíños, A: topónimo que podería ser recente, do séc. XX, que fai referencia a unha pedreira onde se extraían moas para os muíños, situada na vertente sur da Curota, ao oeste dos Remoliños. No voo americano de 1956 pode verse un camiño que vai dar a un lugar con pedra removida nesta zona e probablemente se trate deste lugar (CDIX. 2015). *Canteira*: derivado de *canto* "pedra alisada, coio, callao", de orixe incerta, probablemente prerromana e de orixe céltica (Corominas. 1991). *Muíño*: do lat. *molīnum*, co mesmo significado.

Carrouchales, Os: zona de monte por riba da fonte dos Remoliños e un pouco cara ao noroeste, onde abundan as carrouchas (*Calluna vulgaris*). *Carroucha*: relacionada con *carrasca* "arbusto baixo" noutros lugares de Galicia e España, coa partícula preindoeuropea *carr-* "rocha" e por extensión "planta das rochas". Esta raíz lingüística está presente en varias linguas e dialectos europeos, como o occitano gascón *carroc* "rocha" e o alemán *karren* "rochas calcarias". En linguas bérberes de Marrocos, *karroush* é "aciñeira pequena", e temos en español *carrasca* de igual significado (Rivas, 1982; Corominas, 1991).

Casais de Ramiro (~Casais de Ramil, ~ As Casas de Ramiro): zona de antigos prados pastoreados, hoxe reforestada, entre o Petón da Raposa e o Armelo. No lugar nace unha fonte e hai un estanque de extinción de incendios. A orixe do topónimo debe estar na existencia de antigas construcións ou cabanas de pastoreo no lugar. Aínda que os restos foron alterados parcialmente cando se fixo unha repoboación forestal hai poucos anos, aínda poden verse restos de muros e chantos. Estes vestixios de cabanas non estaban previamente catalogados polos arqueólogos que estudaron estas construcións nos últimos anos (Vítor Barbeito, com. Pers.). A forma máis común do topónimo parece ser Casais de Ramiro. Nótese a pervivencia do plural antigo, coa perda do "l" intervocálico, fenómeno ausente na actualidade da fala popular do Barbanza. *Casal*: "conxunto de casas", na época medieval (Corominas. 1991), do lat. *casa* "choza, cabana". *Ramiro*: nome de orixe xermánica, *Ranemirus* ou *Ranimirus*, rexistrado ata o séc. X, cando aparece a forma abreviada *Ramirus.* Probablemente do visogótico *Ranamers*, de *rana* "cuña", en islandés actual *rani* "disposición do exército en forma de cuña", e *mers* "ilustre" (Feixó Cid. 2003). Ver foto.

Restos de estruturas de pastoreo de adscrición medieval en Casais de Ramiro

Caseta de Rábago, A (~Caseta do Montero, A): caseta de pedra que foi destruída a principios do séc. XXI, que tiña como función a vixilancia das repoboacións forestais do séc. XX. Recollémola tamén levemente alterada, como "Caseta de Rábalo". Díaz de Rábago foi unha persoa que adquiriu o monte, que despois compraría "Papelera Española" e máis tarde un particular, e que na actualidade está ocupado por un extenso eucaliptal na vertente sur da Curota. En 1916, Díaz de Rábago acouta parte deste monte, o que dará lugar a una polémica cos veciños e o concello, que durará polo menos ata 1926 (Rodríguez Santamaría. 2013).

Castroellos (~Castroallos): grupo de penedos situados entre o Petón do Carballo e As Abelleiras. Non temos ningún indicio da presenza de castros na zona, polo que o nome podería terse orixinado pola forma de fortaleza do conxunto pétreo. Aparece como *Castroallos* en IGN (2011), e *Castroellos* en IGN (1993); non saberiamos dicir cal é a forma popular máis común. *Castroellos*: derivado do lat *castrum* "campamento fortificado".

Chan das Brañas, A (~ As Brañas de Inxerto): extensa planicie no límite norte da comunidade de montes de Santa Cruz de Lesón. Nas últimas décadas do séc. XX celebrábase aquí a Rapa das Bestas, existindo un curro no extremo sur da chaira. A celebración trasladouse posteriormente á Chan de Canizadas, xa na comunidade de montes de Santo Isidro de Posmarcos. A denominación alterna coa de Brañas de Inxerto, pola proximidade desa aldea sonense. O muro de pedra, que baixa do Alto das Torres desde a Portela de Valeantes e que chega ata as Brañas, é xa citado nun documento do mosteiro de Toxos Outos en 1038 (GMH. 2015): " *et per aquam de Valiantes ad sursum partem et per* ***parietem longam*** *et per montem Farum et per illam antam quam pro divisione exexerunt antiqui inter Sanctum Felicem* (San Fins) *et Bustum Siccum* (Bustoseco) *et Miserere* (Misarela)."

Nótese no topónimo a forma feminina e nasalizada *chan*, equivalente á portuguesa *chã* (*chao* e *chá* no centro e oriente de Galicia). *Chan*: feminino do lat. *planus* "chaira, terreo máis ou menos horizontal"

Inxerto: probablemente do substantivo procedente do participio do verbo lat. *insĕrĕre*. A voz Enxerto para topónimo non é rara en Galicia, sendo Inxerto unha variante da mesma (Navaza Blanco. 2006). No interior de Galicia indícase a relación entre algúns destes nomes de lugar e o plantío de castiñeiros enxertados (Palacios Sánchez. 1981). Esta última hipótese parece suxestiva, pois o clima e altitude da aldea serían adecuados para a plantación da especie. Ao longo dos séculos, diversas enfermidades que afectaron a árbore poderían explicar a ausencia actual de soutos na serra. De acordo con Fernández de Ana-Magán e outros (1998), xa no séc. XVIII terían desaparecido os soutos das Rías Baixas, pola propagación de doenzas e o cambio cara ao cultivo do millo, máis produtivo. Esta hipótese debería ser confirmada con documentación antiga.

Corredoira do Nabal, A: camiño que se dirixía ao Nabal, desde A Fonte do Bañadoiro. Véxase **Nabal, O**.

Corredoiriña, A: pequeno camiño empedrado que sobe desde as proximidades do Eiteiro do Galo ata O Bustelo. En 2014 aínda era transitable. Pasa na proximidade duns penedos e este ano podían atoparse algúns carballos de tamaño mediano á súa beira. *Corredoira*: dunha suposta forma latina **via corritoria*, do lat. *currĕre* "correr, rodar, pasar".

Cortes de Chacín*: topónimo que aparece en IGN (2011) no lugar onde se facía o curro da Chan das Brañas, preto da Boqueira das Brañas. En relatorios arqueolóxicos recentes aparece próximo ao Petón dos Hórreos. Nós só recollemos vagas referencias á súa existencia, e non o puidemos localizar. No mapa indícase a súa situación conforme con estes traballos arqueolóxicos recentes (Vítor Barbeito, com. pers.). *Corte*: do lat. *cōrs*, *-ōrtis* "recinto, curral". *Chacín*: probablemente derivado do nome latino *Flaccīnus,* ou o topónimo derivado del, presente en Palmeira (Ribeira) e comarca do Xallas, con orixe no lat. *Vīlla Flaccīnī* (Martínez Lema. 2010). Entre os expertos da parroquia de Lesón que informaran para o catastro de Ensenada (MECD (2015), hai un Benito con ese apelido (Chazín no texto).



Coto Folgoso*: denominación que aparece no mapa da comunidade de montes, que non parece popular na actualidade, e que corresponde co actual Petón do Folgoso en Ribeira.Ver. **Petón do Folgoso, O.**

Cova do Xas, A (~A Cova do Sas): Cova do Xas, A (~A Cova do Sas): depresión situada na parte superior do rego de Niñodaiga, que era coñecida por ser un bo lugar para apañar "batume" (estrume). Raramente rexistramos a forma Sas, (nun só informante) co primeiro "s" predorsal e o segundo palatalizado). *Xas* é a denominación habitual. Algún informante falou dun *Xas Grande* e un *Xas Pequeno*. A Cova do Xas limita coa comunidade de montes, pero estaría xa fóra dela, de acordo co deslinde oficial. Sería necesesaria a consulta de documentación antiga para concluír sobre a súa etimoloxía.

Crabadoiros, Os (~Os Clavadoiros): zona de monte pedregoso na parte superior da vertente sur da Curota, sobre o rego de Niñodaiga. Segundo algún informante alí obtíñanse laxes para a construción. Rivas (1982) indica unha posible relación co verbo *quebrar*, variante *crebar*. Este autor cita este mesmo topónimo en Marín (Pontevedra), tamén nunha zona de monte escarpada (O Crebadoiro, Fonte do Crabadoiro) e nós vémolo tamén en Lousame, preto de Guiende, como Cravadoiros (IGN (2011). A evolución proposta iría desde Crebadoiros a Cravadoiros e de aí a Clavadoiros. A forma máis común na actualidade é, no entanto, Os Clavadoiros, e só rexistramos Crabadoiros nunha persoa de avanzada idade. Estaríamos probablemente ante un derivado do verbo latino *crepāre* "estoupar, romper con estrépito" (RAE. 2014), e non dun derivado de *clavāre*, de *clavu* "cravo".

Cruz de Lapido, A*: topónimo que aparece no mapa de deslinde da comunidade de montes de Santa Cruz de Lesón, ao norte da Chan das Brañas (Brañas de Inxerto), nunha zona con abundantes pedras e laxes. O topónimo "Cruz" podería facer referencia a marcas na rocha que aparecen nas zonas altas da serra. Neste caso non as atopamos pero hai na zona outras cruces gravadas, por exemplo no Eiteiro da Avea, a uns 800 m de distancia no concello de Porto do Son, que poderían servir para sinalar antigos coutos. A Cruz de Lapido delimita hoxe a comunidade de montes de Lesón, polo norte. *Cruz*: do lat. *crux*, co mesmo significado. *Lapido*: de orixe incerta (Corominas. 1991), aínda que Rivas (1982) o asocia a un posible prerromano **lapp-* "rocha plana". Este último autor cita *lapa,* en Portugal e en Salamanca, como palabra para "concavidade en rochedo", e *lape,* en Santander, para "pedra".

Curota, A (~ O Monte da Curota): cume de 512 m de altitude (IGN. 2011), que domina o concello. Usualmente non rexistramos Curotiña como nome do lugar, e só un informante fixo referencia a que coñecía este termo por velo en cartas náuticas. A Curota é, por tanto, a denominación popular xeral. Hai diversas palabras relacionadas en galego co nome desta montaña, como *coroa* (*croa*) e *curuto*, que fan referencia a "cúspide, parte superior de algo". Encadramos a orixe do nome na raíz prerromana *cor-* "altura, reforzada polo lat. *coronam* "coroa". O Monte da Crota, topónimo similar, é citado na aldea de Gondomil, en Valença do Minho, Portugal (IGEOE. 2015). En 1927 o concello da Pobra eleva unha petición ao Estado para declarar o cume da montaña "Sitio Natural de Interés Nacional". No propio escrito o alcalde utiliza o nome "Curotiña", polo que podemos pensar que debería ter algún uso daquela, probablemente ligado á comunidade mariñeira ou urbana (Díaz-Fierros. 2006, p. 265). En 1933 o Estado utiliza este mesmo topónimo para a declaración deste espazo, cunha figura hoxe obsoleta nas normativas ambientais, que non recollen esta categoría na actualidade.

Curros, Os: extensa área do monte da Curota ao sur do Alto da Lagoa (Miradoiro de Valle-Inclán) e por riba da Fonte do Hospital. Antigamente existían grandes pedras na zona da canteira de Sanamedio, chamadas Laxes do Curro. No voo americano de 1956 (CDIX. 2015), pode verse unha área cercada próxima a esta canteira na vertente das Lobeiras (Oleiros, Ribeira) que talvez puidera ser a orixe deste topónimo. *Curro*: Rivas (1982) sinala una raíz céltica *corr-* "redondo, curvo" como orixe desta voz tan frecuente en Galicia, mellor que do lat. *currĕre* "correr, rodar, pasar".

Debaixo das Pedragueiras*: topónimo que aparece no mapa de deslinde da comunidade de montes, que non recollemos nas enquisas, aínda que nos falaron dun Camiño das Pedragueiras, entre Os Vilares e o Campo da Coruña. Nesa vertente da Curota hai zonas con especial cobertura pétrea, polo que calquera das denominacións está xustificada. *Pedragueira*: de *pedregueira*, variante galega viva de *pedregal* "lugar abundante en pedras" (García. 1985). Rivas (1982) supón un posible lat. tardío **petrucalem* para pedregal, polo que se podería adiviñar aquí un hipotético **petrucaria*, "lugar de pedras".

Eira Vella, A: zona de monte orientada cara ao sur e situada no contorno do antigo vertedoiro de lixo da Pobra do Caramiñal. O lugar pertence sobre todo á comunidade de montes de Olveira, pero no límite coa de Lesón. Descoñecemos a motivación semántica da denominación, non tendo noticia da presenza de eiras ou lugares de malla de cereais. Ademais, o termo "eira" refírese habitualmente na lingua común a lugares próximos das casas, e a poboación máis próxima coñecida en tempos históricos estaría a 780 m. *Eira*: do lat *arĕa*. *Vella*: feminino do lat. vulg. *vĕclus*, e este do lat. *vetŭlus* (vello) (RAE. 2014).

Eiteiro do Galo, O: *eiteiro*, variante local de *outeiro*, voz de orixe incerta, talvez relacionada co lat. *altus* "alto" ou con outra voz indoeuropea similar (Rivas. 1982). Os informantes son conscientes da equivalencia entre "outeiro" e "eiteiro" e nunha ocasión afirmouse que "se di eiteiro, pero se escribe outeiro". De acordo coa información deste traballo e dos datos da páxina do Proxecto Toponimia de Galicia (2015), a forma "eiteiro" suplantou na fala por completo a voz "outeiro" no Porto do Son e Ribeira, citándose só puntualmente "oiteiro" (Filgueiras Rey. 1997). Nós sempre recollemos "eiteiro" nestas dúas parroquias da Pobra. Aínda así, atopamos "Outeiro" como topónimo na cartografía oficial da parroquia do Xobre (Pobra do Caramiñal), sendo de uso habitual no concello. De acordo

cun artigo en preparación de Gonzalo Navaza (com. pers.), a forma local orixinaria nos topónimos con *eiteiro* sería *oiteiro*, rexístrándose no Catastro do Marqués de la Ensenada formas en singular *eiteiro* mentres que aparece *oiteiros* en plural. O que sucede é que como vai con artigo masculino, e hai consciencia del, o punto de partida é unha realización oral *O'iteiro*, co "o" inicial subsumido co artigo que o precede. Cando hai elisión dunha vogal, na conciencia do falante suponse que é un "e". Desde este punto de vista, *Oiteiro* sería a forma da que partiría a realización oral *Eiteiro*.

Entrasinsuas: recollida como *Antrasinsuas*, aínda que a forma procede dunha única persoa. Correspóndense cunha pequena planicie elevada na liña de cumes entre A Galla dos Forcados e Pedras Negras de Trabes. Aparece coa forma *Entresinsas* no mapa do IGN (2011) e como *Campo da Entresisa* no mapa de deslinde da comunidade de montes. Este último topónimo pensamos que é simple erro gráfico por *Entresinsas*. Esta última voz rexistrouse en enquisas en Ribeira (PTG. 2015), como nome para o mesmo lugar, baixo a forma *A Portela de Entrecinsas* (coa pronuncia *Entresinsas*). Posiblemente sexa unha forma máis evolucionada, coa perda do u intermedio. *Antrasinsuas* é de significado bastante transparente e rexístrase tamén no concello de Catoira, en mapa na web do PTG (2015), como *Antreinsuas*. *Entrecinsas* rexístrase, no entanto, no extremo oriente galego, en Vilariño de Conso (Ourense). Talvez a documentación antiga puidera ofrecer máis luz sobre a etimoloxía deste interesante topónimo, sen esa información é arriscado concluír sobre a súa etimoloxía, aínda que pensamos que é afín á catoirense *Antreinsuas*. Aínda que en IGN (2011) aparece *Entrecinsas*, suxerimos a grafía *Entresinsas*, conforme á forma plena *Antrasinsuas*.

Entre: do lat. *inter*, de igual significado (Carballeira e outros. 2004).

Insua: do lat. *insŭlam*. En galego designa una zona pantanosa, una pequena illa ou terreo de cultivo de regadío. Ningún destes significados se axusta á realidade natural actual da zona, salvo que *insua* adquira aquí un significado de "grupo de rochas", xa que o lugar está entre penedos. En castelán cítase como "lugar pequeño de escasa entidad" (RAE. 2014). **Entresinsas:** ver **Entrasinsuas.**

Entresisa, O Campo da:** Ver **Entreasinsuas.**

Folgoso Vello*: topónimo recollido por Vítor Barbeito (com. pers.) nos traballos de investigación do Centro Arqueolóxico do Barbanza, relacionados cos restos medievais de cabanas de pastoreo na serra. Sitúase nunha zona da chaira do Folgoso, no límite entre a Pobra e Ribeira, no lugar coñecido como Canle da Morte. Correspóndese cun xacemento adscrito á Idade Media (Barbeito Pose e España Fernández. 2010). *Folgoso*: probablemente de felgoso*, lugar de *felga* "raíces secas da herba, terrón desfeito, toxo rozado para estrume", ou de felga "fieito", lat. vulgar *filica (m) ou filicti* "mato de fieitos" (>*filicosum*) (Carballeira e outros. 2004). *Vello*: do lat. vulg. *vĕclus*, e este do lat. *vetŭlus*, de igual significado.

Fonte da Abeleira, A: fonte ao norte do Bañadoiro, na parte superior da vertente que dá ao río de San Xoán. Non atopamos abeleiras (*Coryllus avellana*) na actualidade na zona, pero no pasado esta planta estaba máis difundida na Serra do Barbanza (Criado e outros. 1986), e todo indica que debe ser a orixe do nome do lugar. *Abeleira*: de *abellaria nux**, froito procedente da cidade italiana de Avella, en lat. Abella (RAE. 2014).

Fonte da Fisga, A: fonte na vertente sur do Monte da Curota, ao lado da pista que circunvala esta montaña pola vertente sur. A palabra fisga é polisémica en galego e, de acordo con algúns etimólogos, derivaría dun lat. vulgar **fixicāre*, a partir de *fixus*, participio pasado de *figĕre* "cravar" (RAE. 2014; Carballeira e outros. 2004). Non estamos seguros que esa sexa a etimoloxía de todos os seus significados. *Fisga* é un aparello longo de pesca pero aquí correspóndese mellor con "fenda, greta pouco profunda", (Carballeira e outros. 2004).

Fonte de Casais de Ramiro, A: manancial estacional na parte superior do lugar de Casais de Ramiro. *Fonte*: lat. *fons*, *-ntis*. Ver **Casais de Ramiro**.

Fonte do Bañadoiro, A: nacente situado no extremo leste da meseta da serra, sobre o río das Pedras. Trátase dunha fonte que mana auga todo o ano, excepto en veráns pouco chuviosos, podendo secar a finais do estío. O topónimo parece inicialmente transparente (do verbo *bañar*, con orixe no lat. lat. *balneāre*, co sufixo abundancial galego -oiro). O feito de ser esta unha fonte que dá auga practicamente todo o ano e con abundancia é coherente con esta denominación. Non pode descartarse, así e todo, que non sexa una modificación posterior de *brañadoiro*, abundancial de braña, xa que no lugar se atopan unha serie de prados pastoreados para o gando, algo alterados por recentes repoboacións forestais. Ver **Boqueira das Brañas, A**.

Fonte do Bustelo, A: manancial nos prados do Bustelo, onde existe unha toma de auga. Ver **Bustelo, O**.

Fonte do Hospital, A: nacemento do rego do Hospital. Na actualidade, o lugar está transformado e existe unha pequena canteira na base dos terreos do antigo vertedoiro de lixo. As augas do manancial van despois cara ao rego da Teixoeira, e de aí, pola canle de rego da Mirandela, que pasa hoxe polo medio do Polígono Industrial da Tomada, ata a fortaleza da Torre de Xunqueiras. Trátase dun sistema que fornece auga a varios muíños no límite das parroquias do Maño e o Caramiñal, e a unha comunidade de regantes. Na Torre de Xunqueiras situábase un albergue (hospital) na época medieval (Pastor. 2013), e talvez sexa esta a orixe do nome. *Hospital*: do lat. *hospitālis* "relacionado cos hóspedes".

Fonte dos Crabadoiros, A (~A Fonte dos Clavadoiros): surxencia estacional de auga na parte superior da vertente sur da Curota, sobre Niñodaiga. Ver **Os Cravadoiros**.

Fonte dos Fieliños, A: nacente que non localizamos no verán pero que, segundo os informantes, estaría na vertente sur da Curota, debaixo do Petón do Carballo e ao lado dun grupo de piñeiros de Monterrei**.** Nós visitamos o lugar e observamos ao lado un rochedo cun tipo de gramíneas altas, non demasiado comúns na serra, o que é coherente coa etimoloxía proposta**.** A orixe debe de estar en *feno* ou *feo* ("herba seca"), do lat. *fēnum*. É esperable unha evolución desde o abundancial *fenales* a *feales>fialiños>fieliños*. Esta voz *fieliños* tamén se rexistra noutros topónimos do occidente galego (Rivas. 1982).

Fonte Galocho, A: fonte situada á beira da estrada que vai desde o miradoiro da Curota cara ao río San Xoán, despois do Petón do Folgoso. Está próxima á comunidade de montes, pero fóra dos seus límites. *Galocha* "calzado con sola de madeira e empeña de coiro", procedería do occitano ou do francés. Corominas (1991) cita *galocho* en Salamanca como "el que es de mala vida". Podería ser alcume dunha persoa

Petón das Taramelas, na vertente sur da Curota

que acabou denominando á fonte, ou ben pode ser un topónimo máis antigo que se cruzou coa palabra *galocho*. En galego *galocho* é variante de *galocha* "zoca" (RAG. 2015). Sen a consulta de documentación antiga, calquera conclusión é arriscada.

Galla dos Forcados, A: denominación completa do monte Forcados (620 m), que aparece con esta altitude en IGN (2011). wUn dos cumes desta montaña ten sido denominado A Curota nalgúns mapas, pero non encontramos ningunha xustificación no uso popular. *Galla*: feminino do suposto lat. vulgar *galleum** "póla", de igual significado. *Forcados*: do lat. *furca*, " aparello agrícola manual con varias gallas no extremo ", pola división da montaña na súa parte superior en dous cumes, a xeito de forcada. Ver foto.

Gandra da Porca, A: vertente oeste do cume da Curota. Estaría fóra da comunidade de montes "Barbanza de Lesón", pero pode considerarse que parte do lugar alcanza os seus terreos. Na actualidade é un toxal. Nós recollemos na Pobra sempre a voz reducida Gandra, non Gándara como aparece na cartografía oficial para algunha poboación do concello. Esta forma Gandra está presente na cartografía do norte de Portugal e é afín á galega oriental Granda. *Gandra* é voz considerada de orixe prerromana, con formas similares que se rexistran en Asturias (Granda), Portugal (Gândara, Gandra) e Santander (Gándara), asociadas habitualmente

ao significado de "terra baixa, inculta e chea de mato". No arco alpino europeo citouse a voz *ganda* "pendente rochosa" que se axusta á perfección a este lugar (Corominas. 1991). Existe en galego tamén *gándaro* "pau seco" (Otero Álvarez. 1967), considerada de orixe diferente (Corominas. 1991). *Porca:* do lat. *porca*, de igual significado, "femia do porco".

Ladeira da Curota, A: denominación xeral da vertente sur do Monte da Curota, con amplas áreas pedregosas onde escasean outros topónimos. *Ladeira*: derivado do lat. *latus* "lado". Ver **Curota, A.**

Lagoa de Leite en Cunca, A: nome que cremos identificar nun documento de 1696 como "agua de Leyte en vinca (sic)", indicando un límite do Couto do Maño (que incluía as parroquias do Caramiñal e O Xobre) despois de pasar Pedras Negras, vindo desde o sur (Pastor Santamaría. 2013). Non a recollemos da maior parte dos informantes, pero si dalgún membro da comunidade de montes de Lesón, que a coñecían probablemente a través do contacto con comuneiros de Ribasieira (Porto do Son). Na visita ao lugar puidemos atopar moi preto un notorio afloramento de cuarzos brancos, con pequenos bloques cadrados. Será este o "leite" da lagoa? A lagoa é na realidade hoxe en día unha charca estacional, presente só no inverno. Nas proximidades pode verse un marco antigo e restos de curros e cabanas de pastoreo medievais (Barbeito Pose e España Fernández. 2010). *Leite*: lat. *lactem*. *Cunca*: do lat. *concham* "cuncha" (Carballeira e outros. 2004).

Lagoa Vieira* (ver **Lago Vieira**): forma que aparece no mapa de deslinde da comunidade de montes de Lesón. A denominación moderna é Lagovieira no Porto do Son (PTG. 2015). Nós recollemos A Guvieira nos informantes da Pobra.

Lagovieira (~A Guvieira): pequena cha no Serro das Gallas, entre Entrasinsuas e as Pedras Negras de Trabes. En informantes da Pobra apareceu como A Guvieira, que debe ser interpretación popular como artigo do "La" de Lago. No lugar existe unha pequena charca estacional que debe ser a orixe do nome. *Lagoa*: lat. *lacūna*. *Vieira*: probablemente dunha forma lat. *avenaria** "lugar con avea". Esta avea podería ser unha gramínea silvestre de caules longos presente nalgúns afloramentos rochosos na serra e non necesariamente a avea cultivada. O lugar está bastante exposto ás condicións meteorolóxicas e situado lonxe de lugares habitados, polo que é pouco propicio para a plantación do cereal.

Laxes Negras do Bañadoiro, As (~ As Pedras Negras do Bañadoiro): extensa zona de pedras escuras de xisto ao leste da estrada que atravesa a Chan do Folgoso. O nome foi recollido dun gandeiro de Olveira (Ribeira). Tamén foron denominadas Pedras Negras do Bañadoiro, distinguíndose así do veciño monte Pedras Negras das Trabes, no concello de Porto do Son. *Laxe* é palabra que tería a raíz céltica lág- ou –láb ("pedra plana"), irlandés leac ("pedra plana") ou galés llech "laxe (Rivas. 1982). É voz cotiá e común a galego e portugués (*laje*). *Negras*: do lat. *nigrum*, de igual significado.

Lomba das Laxes, A (~Alto das Laxes, O): pequena lomba entre A Cachineira, O Armelo e o río de San Xoán. No lugar abundan as laxes e pedras de material granítico, o que debe ser a orixe do nome. *Lomba*: forma feminina relacionada co lat. *lumbus* "lombo". *Laxe*: ver **Pedras Negras do Bañadoiro.**

Monte Barbanza, O*: topónimo que recollemos nalgún informante, de forma pouco definida, para designar toda a serra arredor do río Barbanza. Dado que existe un lugar

chamado Ponte Barbanza, Barbanza podería ser o nome antigo do río das Pedras, que despois se perdeu popularmente e quedou reservado para os montes que o rodean. De feito, o río Barbanza é citado na cartografía antiga e moderna como nome do curso de auga. Moralejo (2006) era da mesma opinión, e propuxo que Barbanza era orixinariamente o nome do río das Pedras, incluíndoo nun grupo de topónimos célticos prerromanos relacionados con cursos de auga (Barbaña, Barbantes), en contraposición á hipótese de Rivas (1982) que o asocia a "altura".

Monte dos Carrascos, O* (~Monte dos Canorcos?): denominación que aparece en fontes escritas (mapas IGN) pero que non recollín nas enquisas. No mapa de deslinde da comunidades de montes aparece algo parecido a "monte dos Canorcos" (o texto é de difícil lectura), e que pensamos que é simple erro gráfico por "monte dos Carrascos". Tampouco coinciden IGN (2011) e o mapa de deslinde na súa situación. No primeiro aparece na vertente suroeste da Curota e no segundo no gran eucaliptal da vertente sueste. Se a voz xenuína fose "carrascos", nótese que o substantivo designa usualmente á ericácea *Calluna vulgaris*, e que na actualidade "carroucha" é o nome habitual na comarca, sendo "carrasco" un nome de distribución máis sureña en Galicia (García. 1985). Podíamos consideralo unha forma antiga no concello, se ben no Barbanza non parece totalmente ausente, pois temos escoitado "carrasca" en Rianxo. As carrouchas son moi comúns nesa parte da Curota e definen ese sector da montaña fronte a outros.

Nabal, O: pequena área húmida, duns poucos metros cadrados de extensión, onde nace o rego do Nabal. Segundo un dos informantes "chamaríase nabal porque os veciños de Inxerto levarían cestas a vender de nabos á vila e adoitaban parar alí; así, caeríanlles as sementes e nacerían os nabos". Desta maneira poderiamos supoñer unha orixe no lat. *napus* ("nabo"), aínda que non é descartable que esta explicación sexa unha simple interpretación por etimoloxía popular. Podería pensarse no topónimo ibérico prerromano "nava/nave", que aparece aínda hoxe nos dicionarios como substantivo: *nava*, "tierra sin árboles y llana, a veces pantanosa, situada generalmente entre montañas" (RAE. 2014), pero a escasa superficie do lugar, a presenza do sufixo latino –ale, e localización nunha área de elevada pendente fainos descartar calquera ligazón. A orixe estaría pois no lat. *napus* "nabo".

Niñodaiga: zona de monte situada na parte superior da vertente sur do Monte da Curota. É un lugar illado e apartado de aldeas, con certeza adecuado para a cría de aves rapaces. *Niño*: do lat. *nidus*, de igual significado. *Aiga*: do lat. *aquĭla*. A forma *aiga* é variante de *aguia* en galego popular, en troca da estándar *aguia* (García. 1985).

Outeiro da Avea*: topónimo que aparece no mapa da comunidade de montes "Barbanza de Lesón" (Xunta de Galicia. 2015), delimitando polo noroeste os seus territorios. En base á información oral recollida, o auténtico Eiteiro da Avea non se localizaría alí, senón máis ao oeste, no concello de Porto do Son. Este dato último coincide cos do PTG (2015) neste último concello (O Eiteiro da Avea).

Outeiro da Forga:** nome que aparece nos mapas de deslinde da comunidade de Montes "Barbanza de Lesón", entre a Curota e o miradoiro de Valle-Inclán. Non o recollemos nas enquisas orais. En calquera caso pensamos que pode ser erro gráfico por Eiteiro da Forca, topónimo máis transparente e que lembra outros nomes de lugar en Galicia, por ex. o Alto da Forca entre Salceda e O Porriño (Pontevedra).

Outeiro do Carballo:** denominación que aparece nos mapas de deslinde da comunidade de montes, pero a súa situación é incorrecta neste documento. Neste mapa aparece ao norte da Curota, mentres nós recollémola sempre no suroeste desta cima. Na actualidade, ademais, denominaríase Petón do Carballo, información achegada por todos os informantes que coñecían a serra.

Outeiro do Gallo:** nome erróneo que aparece no mapa de deslinde da comunidade de montes (Xunta de Galicia. 2015), en troca do popular Eiteiro do Galo.

Outeiro Raposo*: denominación que aparece no mapa de deslinde da comunidade do montes (Xunta de Galicia. 2015), algo desprazada da súa localización real. O nome popular actual é Petón da Raposa, se é que se trata do mesmo lugar. Ver **Petón da Raposa, O**.

Pasaxe do Armelo, A: antiga travesía de carro polo río San Xoán, preto da Lomba das Laxes, polo que se cruzaba desde o monte do Eirado ao Armelo. *Pasaxe*: derivado romance do verbo do lat. vulgar *passare* "pasar" (Corominas. 1991). *Armelo*: véxase **Armelo, O.**

Pedra da Escorregadeira, A: pedra longa e plana preto do Petón das Casiñas que era utilizada polos nenos como tobogán no descanso das tarefas agrícolas. Segundo un informante o nome puxéronllo eles cando nenos. Isto é coherente coa terminación *–eira*, en contraste con outros topónimos presentes co abundancial *-oiro*, como Os Crabadoiros e Fonte do Bañadoiro, que serían máis antigos. *Escorregadeira*: derivado do verbo *escorregar*, exclusivo do ámbito galegoportugués, procedente dun suposto lat tardío *excurricare**.

Pedra da Facha, A: rocha ao lado do camiño que baixaba desde a Fonte do Bañadoiro cara a Santa Cruz de Lesón, antes da Pedra do Gato. De acordo co informante que me acompañou na visita ao lugar a Pedra da Facha, tería sido talvez destruída ao ampliar unha pista forestal. Segundo o informante, chamaríanlle así porque era moi bonita ("tiña boa facha") o que parece etimoloxía popular. *Facha*: descoñecemos a orixe do nome pero, ao estar situada ao lado dun camiño e no medio do tránsito entre Inxerto e Santa Cruz de Lesón, talvez podería estar relacionada con *facho* "conxunto de fibras vexetais enroladas, dispostas para alumear".

Pedra da Vaca Franca, A (**~A Pedra da Vaca Flaca**, **A Pedra da Vaca**): bloque de pedra de mediano tamaño que marca o límite sur da comunidade de montes "Barbanza de Lesón", a media vertente do monte da Curota, sobre a aldea dos Vilares. Recollemos tanto *franca* como *flaca* para esta pedra. Pensamos que a forma orixinaria era *Pedra da Vaca Fraca*. Ao deixarse de utilizar a palabra *fraca* no galego popular da Pobra en favor do cast. *flaca* debeuse de producir unha desviación no uso do nome, pasando nalgúns falantes a dicir *franca*, por asociación con *franco* "que permite o paso, sen obstáculos", mentres outros falantes adoptarían a forma castelá *flaca*. *Vaca*: lat. *vaccam*, de igual significado. No mapa de deslinde da comunidade de montes aparece *Pedra da Vaca Flaca*. *Fraca*: feminino do lat. *flaccus* "frouxo, flácido", na Idade Media usado para "sen forzas, enfermo" (Corominas. 1991). Ante todo o antes exposto recomendamos o uso de *Pedra da Vaca Fraca*. Ver foto.

Pedra da Vella, A: gran pelouro na vertente sur da Curota, na parte superior da ladeira e ao leste de Niñodaiga. Na actualidade é pouco visible por estar rodeada de eucaliptos. É un penedo ben coñecido tradicionalmente entre os

Pedra da Vaca Fraca, na vertente sur da Curota, que marca un dos límite da comunidade de montes "Barbanza de Lesón"

habitantes da aba sur da Curota, xa que mostra desde un punto próximo a silueta da cara dunha vella, o que debe ser a orixe do nome. Recollemos varias historias asociadas a ela; así, segundo un informante "a pedra levouna unha vella nun canizo", mentres para outro veciño a pedra foi levada por "unha vella no seu mandil". *Pedra*: do lat. *petra*, de igual significado. *Vella*: feminino do lat. vulg. *vĕclus*, e este do lat. *vetŭlus* (vello) (RAE. 2014).

Pedra de Platos, A: rochedo de pequeno tamaño no camiño a Moldes desde o alto da Lagoa (miradoiro de Valle-Inclán), e moi próximo deste último lugar. *Plato*: probablemente do lat. **plattus, platus* "plano" (RAE. 2014), por ser unha pedra aplanada.

Pedra do Gato, A: penedo situado preto do camiño que baixa desde a Fonte do Bañadoiro a Santa Cruz de Lesón, despois da Pedra da Facha e antes do Eiteiro do Galo. De significado aparentemente transparente, non é descartable que poida referirse á xineta (*Genetta genetta*), mamífero carnívoro semellante a un gato que soe deixar as súas deposicións no alto de pedras. *Gato*: lat. *cattus*, de igual significado.

Pedra Furada*: conxunto de pedras situadas, segundo os informantes, fóra da comunidade de montes "Barbanza de Lesón", xa no monte de Ribasieira (Porto do Son), en dirección á aldea de Inxerto. Anteriormente, denominábase Pedra Furada un circuíto de motocrós entre o Petón da Raposa e Casais de Ramiro, pero o topónimo

está 1 Km máis ao norte deste circuíto, que foi desmantelado hai uns anos. *Furada*: participio de *furar*. Do lat. *forāre*, con igual significado.

Pedras Blancas (~Petón das Pedras Blancas, O): refírese a un grupo de rochas de granito de cor máis branca, na portela entre Lagovieira e as Pedras Negras de Trabes, no límite da comunidade de montes; e así veñen marcadas no mapa de deslinde (Xunta de Galicia. 2015). Porén, algúns informantes máis novos insistían en relacionalo co Alto de Cadeiras, onde se sitúan dous aeroxeradores de gran tamaño, xa que nesta zona son comúns pequenos seixos brancos. *Blanca*: do xermánico *blank** (Corominas. 1991), debido á cor do granito, máis claro do habitual. En galego estándar debe ser *Petón das Pedras Brancas* ou *Pedras Brancas*.

Petón da Raposa, O: afloramento rochoso de escasa altura, ben coñecido entre os veciños por sobresaír nunha lomba entre O Folgoso e Casais de Ramiro. Temos observado raposos no mesmo lugar do Petón. Nótese a forma *raposa*, máis propia do sur de Galicia, sendo o normal no Barbanza *raposo* (Boullón. 2002). *Raposa*: a hipótese máis aceptada é a orixe a partir dun derivado de *rabo* "cola", e este do lat. *rapum*, "nabo". De *rabo* pasaríase a *rabosa*, rexistrada en tamén en catalán, e d aí a *raposa*, por cruzamento con *rapina* ou *rapaz* (Enciclopèdia Catalana. 2015; Corominas. 1991).

Petón da Sobreira, O: rochedo situado na vertente sur da Curota, sobre a fonte dos Remoliños, que non localizamos. *Sobreira*: árbore de folla perenne que dá cortiza; do lat. *suber* "sobreira, cortiza", a través dun lat. vulgar *suberaria** (Rivas. 1982).

Petón das Casiñas, O (~O Petón das Casotas): grupo de penedos de gran tamaño no camiño entre o Miradoiro de Valle-Inclán, con espazo suficiente por baixo deles para servir de refuxio ao gando. No mapa da comunidade de montes aparece como Petón das Casotas. *Casa*: do lat do lat. *casa* "choza, cabana".

Petón das Taramelas, O: grupo de rochas de gran tamaño a ambos os lados da pista que vai desde o miradoiro de Valle-Inclán ata o Bustelo, e que circunda a Curota polo sur. *Taramela*: probablemente variante de *tarabela*, forma feminina de *tarabelo* "trade pequeno cunha barrena do tamaño dunha punta". As actividades de cantería foron comentadas polos informantes, e nesa parte da Curota son visibles os restos deses traballos. *Tarabela* viría dunha posible forma latina *terebella**, de *terebra* "trade" (Corominas. 1991).

Petón do Bañadoiro, O: grupo de rochas de tipo metamórfico, situadas ao lado da fonte do Bañadoiro. *Petón* aparece nos dicionarios galegos como derivado de *petar*, verbo que significa "dar golpes cunha cousa ou nunha persoa" (Carballeira e outros. 2004), ou como "pedra grande que sobresae no mar" (RAG. 2015). Concordamos mellor coa orixe preindoeuropea, a partir da raíz onomatopeica "pet-" ou "pit-", xa proposta por Rivas (1982). Talvez a súa difusión e predominio no concello da forma *petón* é debida á súa frecuencia na toponimia marítima arousá (Rodríguez. 1976). Os lugares que aparecen nos mapas como "outeiros", están substituídos popularmente na Pobra na súa maior parte polo termo "petón", e en menor medida polo de "eiteiro". *Bañadoiro*: Ver **Fonte do Bañadoiro**.

Petón do Carballo, O: rochedo situado preto do cume da Curota e ao lado da estrada de acceso ao miradoiro superior desta montaña. Nel sitúase un cartaz metálico que reza "Municipio de La Puebla". *Carballo*: derivado de *carba*, voz de orixe prerromana, co significado de "matorral espeso de robles bajos" (Corominas. 1991).

Petón da Raposa, ao norte da Curota

Petón do Folgoso, O (~ Coto Folgoso*): *coto Folgoso* é topónimo que aparece no mapa de deslinde da comunidade de montes de Santa Cruz de Lesón (Xunta de Galicia. 2015). Non sabemos do uso actual da voz galega *coto* "outeiro" para este lugar. Esta forma é homóloga á asturiana *cuetu* (García Arias. 2015), que tamén quere dicir "peñasco, cerro de poca elevación, altura solitaria y pedregosa, pico alto en el monte". Na actualidade, a forma popular é Petón do Folgoso. Ver **Folgoso Vello**.

Petón do Nabal, O: pequena pedra próxima ao lugar do Nabal. Véxase **Nabal, O**.

Petón do Salto, O: penedo situado na vertente sur da Curota, que non localizamos con precisión. Nome con motivación descoñecida. *Salto*: aparentemente do lat. *saltum,* de igual significado (Carballeira e outros. 2004).

Petón dos Carreiros, O: penas situadas na vertente sur da Curota, que non conseguimos localizar**.** *Carreiro* hoxe é un "camiño estreito pouco transitado" en galego, talvez relacionado con *carro*, do lat. *carrum e con carraria** "feito de correr" (Carballeira e outros. 2004).

Petón dos Hórreos, O: penedos na base do Alto das Torres de Inxerto e ao norte da Chan das Brañas. Atopamos unha interesante referencia datada en 1038, cando os monxes de Toxos Outos delimitan o Couto de Ribasieira, e que puidera referirse a este lugar: "*et per montem Farum et per illam antam quam pro divisione exexerunt antiqui inter Sanctum Felicem et Bustum Siccum et Miserere, et inde per illam aquam que discurrit*

de ipsa anta per illos ***orreos*** *ad visum partem et domnus Armentarius, et est alia que nobis non pertinent.*" (GMH. 2015). O lugar é aínda hoxe límite entre a comunidade de montes de Lesón e Santo Isidro, onde atopamos o topónimo Armental, relacionado co nome lat. *Armentarius*. O monte Faro corresponderíase co actual Alto das Torres de Inxerto. Moi próximos ao petón están os restos de estruturas medievais de pastoreo denominados "Cortes de Chacín", "Chan das Brañas" e "Pedras das Pías". (Barbeito Pose e España Fernández. 2010). *Hórreo*: lat. *Horrĕum*, "graneira" ou, de forma xeral, "almacén".

Petón Redondo, O: afloramento rochoso na vertente sur da Curota que non conseguimos localizar. *Redondo*: lat. *rotundus*, de igual significado, "redondo" (Carballeira e outros. 2004).

Pico Curotiña*: forma que referiu un só informante, que nos comunicou que a coñecía por tela visto en cartas náuticas. Non temos ningún indicio de que sexa nome popular tradicional, fóra de usos urbanos puntuais. A pretendida diferenciación entre A Curotiña (A Curota) e A Curota (Os Forcados) non ten ningunha base firme na fala da parroquia. Ver **A Curota**.

Ponte de San Xoán, A (~ Ponte da Misarela): ponte de pedra que cruza o río das Bestas ou de San Xoán. Ver **Campo Soane.**

Porteliña, A: pasaxe ou porto de montaña na proximidade do cume da Curota que non conseguimos localizar con precisión. *Porteliña*: diminutivo romance do lat. *porta*, de igual significado.

Puente Romano*: denominación castelá ou popular castelanizada da ponte de San Xoán. Aparece como tal no mapa de deslinde da comunidade de montes. (Xunta de Galicia. 2015). A ponte pode estar relacionada co establecemento do eremitorio da Misarela, fundado probablemente sobre o ano 1392, existindo un documento de 1474 que demostra xa daquela a existencia desta ocupación clerical. (Pastor. 2013).

Rapada, A: zona con pouca cobertura vexetal, pola presenza de xistos e vexetación baixa de carrouchas, entre a fonte do Hospital e Os Curros. Porén, esta cobertura é se cadra circunstancial e non ten que ver co topónimo, senón coa acción de "rapar" animais, xa que existe un topónimo, Camiño da Rapada, na parroquia de Santo Isidro con orixe na rapa de bestas (Carlos Sieira, com. pers.). No proxecto *Toponimia de Galicia* aparece moi próxima en Ribeira a denominación *A Chaprada*. Temos, así e todo, certa cautela ante este nome *Rapada* pois só nos foi comunicada por un informante con algúns fallos de memoria e localización.

Rego de Niñodaiga, O: curso de auga que nace na vertente sur do monte da Curota, por baixo dos Cravadoiros. Ver **Niñodaiga**.

Rego do Nabal, O: curso de auga na vertente nordés do monte da Curota, que nace no Nabal e vai dar ao río das Pedras.

Rego dos Vilares, O: curso de auga na vertente sur da Curota, que circula sobre todo en época invernal, secando no verán, e que recibe este nome porque vai dar ás proximidades da aldea dos Vilares (Lesón, A Pobra do Caramiñal). *Vilar*: do baixo latín *vīllaris* "poboación".

Rego Misarela*: forma que aparece no mapa e se corresponde co río da Misarela, outra denominación do río Barbanza cando pasa polo desfiladeiro da Misarela, xa fóra da comunidade de montes de Lesón. *Miserela*: do lat. *miserus*,

"infortunado, sen valor" (Gonzalo Navaza. com. pers.). Aínda que ás veces vemos escrito Miserela, nós sempre recollemos Misarela, con "a", ao igual ca os 6 topónimos *Mizarela* do norte de Portugal (IGEOE. (2014).

Rego Pereiro: curso de auga estacional entre o Petón da Raposa e o río das Bestas, sendo nome tamén para a zona arredor do mesmo arroio. *Pereiro*: lat. *pirum*, lat. tardío **pirariu*. A pereira brava é frecuente nesta parte da serra, sendo en moitas ocasións a única árbore caducifolia presente, fóra de repoboacións recentes de bidueiro e castiñeiro. *Pereiro* e *Pereira* son voces moi frecuentes na toponimia galega, ás veces soldadas a outros elementos modificadores, como acontece neste caso (Navaza. 2007). En principio debe descartarse calquera ligazón co lat. tardío **petrariola* ou derivados do lat. *petra*, sinalado por Navaza (2007) como precedente para o topónimo ourensán Pereiroá, xa que a zona é notoriamente menos pedregosa do que as circundantes.

Remolinos*: castelanización de Remoliños no mapa de deslinde da comunidade de montes.

Remoliños, Calzada dos: camiño que accedía á fonte dos Remoliños desde o Campo da Coruña, hoxe pista forestal.

Remoliños, Fonte dos, A: non deberiamos supoñer relación co cast. *remolino*, senón talvez co galego *remol* "brasa miúda resgardada pola cinza". O caudal de auga da fonte é escaso e parece difícil que os "remuíños" explicasen o topónimo. Sendo un topónimo illado no monte non sería tampouco lóxica a castelanización de "remuíño". Dado que *remol* é aínda palabra galega viva e popular (García. 1985), parece a etimoloxía máis probable. Algúns lingüistas sinalan a orixe de *remol* no verbo *remoer*, do lat. *molĕre* "desfacer en anacos máis pequenos". (Carballeira e outros. 2004). Pensamos que sería necesaria a busca de documentación antiga para confirmar a etimoloxía.

Río Barbanza*: ver Río das Pedras.

Río das Bestas, O (~O río de San Xoán): as dúas denominacións alternan no uso, tanto na fala como na cartografía. Río das Bestas non é forma recente, cítaa xa o Padre Sarmiento en 1745 (Sarmiento. 2001). *Río*: do lat. *rivus*. *Besta*: do lat. *bestia*, de igual significado.

Río das Pedras, O: denominación popular actual do río que corre entre a unión do río de San Xoán e o da Misarela (Barbanza) e o mar, debido á abundancia de callaos de gran tamaño no leito. Ás veces en textos escritos é reducido a río Pedras (Pedrás, que aparece nalgunha sinalización, é incorrecto). Dada a existencia do topónimo Ponte Barbanza é probable que Barbanza fora o nome antigo de todo o río. Como é habitual en Galicia, o río vai recibindo diferentes nomes por onde pasa (río da Portela, río da Misarela, etc.). Non recollemos Barbanza como nome do curso de auga, forma de uso cartográfico por outra parte moi ben acaída, dada a abundancia de denominacións por onde pasa e a necesidade práctica de unificar a nomenclatura. Barbanza cítase como nome do río polo Padre Sarmiento (río *de* Barbanza), o que puidera indicar, contra outras hipóteses, que Barbanza era o nome orixinal da montaña e despois pasou para o río. Este crego beneditino recolle tamén *Río das Pedras* para este curso de auga "mayor y muy precipitado y que arrastra piedras grandes".

Serro das Gallas, O: denominación da liña de cumes entre o monte Galla dos Forcados e Lagovieira. *Serro*: pronunciado con "e" aberto, por influencia de *serra*, talvez do lat. *cirrus* "floco, crina" e de aí "lombo, espiñazo". Voz usada

comunmente para o espiñazo dos peixes nas Rías Baixas (Ríos Panisse. 1977). *Galla*: ver **Galla dos Forcados, A**.

Travesos, Os (~Portela dos Travesos, A): antigo paso do camiño de carros ao Folgoso desde o sur, que cruza neste punto unha pequena lomba ao norte da Curota. Segundo os informantes, era un lugar complicado de pasar co carro de vacas. *Traveso*: relacionada co verbo *atravesar* ("pasar dun lado ao outro ou dun extremo ao outro de [unha cousa ou un lugar]") ou o verbo pronominal *atravesarse* "[Algo] resultar difícil para alguén"). A partir do lat. *transversus*,"través". (RAE. 2015).

3. CONCLUSIÓNS

Recolléronse oralmente nos actuais terreos da comunidade de montes "Barbanza de Lesón" 79 nomes de lugar, en 3´65 Km², cunha densidade de 21 topónimos/Km². Analizando os compoñentes principais dos 68 topónimos máis significativos (véxase táboa nº 1), e excluíndo deles termos xerais como campo, alto, chan, fonte e similares, obtemos que a orixe principal é a latina, nun 73 % dos nomes, seguido dos diversos elementos prerromanos en 13% dos topónimos. O resto das formas (14%) mostran combinacións de elementos latinos e prerromanos, baixo latinas, ou formas romances creadas posteriormente. O elemento xermánico é escaso, estando só presente en 2 topónimos (3% do total).

No mapa do IGN (2011) móstranse 20 nomes de lugar na comunidade de montes, pero algúns teñen erros de localización, como é o caso de Pedra do Gato, que aparece na vertente oposta da Curota, ou O Folgoso en Ribeira, desprazado cara ao norte. Algúns topónimos que aparecen nestes mapas como Cortes de Chacín ou Alto da Canteira non foron recollidos nas enquisas, talvez por estaren en desuso. Algúns usos neste mapa resultan cuestionables, como localizar A Curota nos Forcados ou a duplicación do nome Curotiña e Curota no mesmo lugar. Aparecen tamén outros topónimos que non parecen corresponderse cos usos populares, como Outeiro do Carballo (en vez de Petón do Carballo, situado ademais noutro lugar) e Outeiro do Raposo (Petón da Raposa na fala popular). Estimamos que sería conveniente a comunicación ao IGN dos erros máis evidentes, especialmente no caso de topónimos desprazados.

Cando se comparan coas fontes escritas e orais, detectáronse algúns cambios nos usos populares, a máis rechamante a mudanza dos topónimos con "outeiro" cara a denominacións en que se usa "petón" ou "eiteiro".

Algúns dos topónimos recollidos suxiren marcos temporais diferentes na súa creación; por exemplo, a presenza de dous derivados do nome medieval *Johan*: *Soane* e *San Xoán*, ou a convivencia de formas con plurais diferentes, como *Casais* de Ramiro, e Os *Carrouchales*.

Varios dos topónimos presentes recóllense xa en 1696, e pensamos que unha revisión da documentación antiga, sobre todo a eclesiástica, pode achegar información de interese, non só sobre a súa antigüidade, senón pola etimoloxía dos nomes. Estimamos de especial interese realizar a transcrición do Catastro do Marqués de la Ensenada (1750-1754) nas respostas referidas ao actual concello da Pobra.

Detectouse algunha interacción entre fontes escritas e orais –neste caso as cartas náuticas– que induciron algunha variabilidade recente. É o caso da forma Curotiña, oída ás veces na vila para A Curota, pero sen base popular tradicional aparente.

Nos aspectos gramaticais destaca a presenza do substantivo masc. *canle* "val longo e estreito", non rexistrado con este exacto significado nos dicionarios galegos, aínda que si aparece como feminino como "garganta o tajo de una montaña" (AA. VV. 1928).

No tocante á xeografía lingüística, destacamos a presenza de formas galegas tipicamente sureñas na cartografía, en contraste coas versións populares. Algunhas formas rexistradas en documentos correspóndese con voces máis usadas no sur de Galicia, por ex. carrasco e raposa (na Pobra usualmente carroucha e raposo). Sería interesante aquí tamén a análise de documentación antiga. Obtívose tamén algunha información de carácter ambiental, por exemplo, topónimos con presenza de *abeleira*, árbore de carácter norteño non representada na actualidade na parte alta do concello da Pobra.

Finalmente, a realización deste traballo permitiu detectar a presenza de restos medievais de cabanas de pastoreo non catalogadas previamente, o que é un exemplo da utilidade deste tipo de traballos para a preservación dos valores patrimoniais e históricos. No futuro, os datos obtidos nestas enquisas poderán empregarse na información turística como paneis, folletos, rutas de sendeirismo, libros de divulgación, iniciativas comerciais ou na elaboración de mapas actualizados. Desta maneira, nomes que teñen vixencia popular, algúns desde hai séculos, poderán seguir sendo utilizados ou recoñecidos, conservando así retallos da nosa historia e das nosas vivencias colectivas.

4. AGRADECEMENTOS

A Mancomunidade Arousa Norte financiou a realización dos traballos de campo, sendo alcalde o Sr. D. Isaac Maceiras Rivas. A implicación dos concellos de Arousa Norte foi esencial para levar a cabo as enquisas, xunto co asesoramento técnico da Universidade de Santiago. O enxeñeiro de montes D. Gabriel Lijó Pose, bo coñecedor dos montes pobrenses, realizou de forma desinteresada o mapa dos topónimos, e fixo posible unha mellor presentación do traballo. Ana Boullón, experta en onomástica da Universidade de Santiago, respondeu amablemente algunhas das miñas preguntas sobre a orixe dalgúns topónimos. Vítor Barbeiro Pose, do Centro Arqueolóxico do Barbanza, acompañoume a revisar os restos arqueolóxicos de Casais de Ramiro, e confirmou a súa similitude cos demais restos pastorís medievais da serra.

A todos eles o meu sincero agradecemento, pero considérome especialmente en débeda con todos aqueles paisanos que me atenderon no campo ou na casa, algúns sobrepoñéndose ao seu estado de saúde, ou facendo esforzos por guiarme polo monte. A miña gratitude a José Hermo Santos (A Carranchola), Enrique Pouso Fariña (O Cruceiro), Juan Lampón Lampón (Santa Cruz), Manuel Olveira Pouso (Rego), Manuel Pérez Vidal (Freán), José Olveira (A Virxe do Monte), Encarna Fernández Guillán (Quintáns) e Francisco Fariña Sanisidro (Rosamonde). Finalmente, Carlos Sieira, presidente da comunidade de montes de Lesón, púxome en contacto con algúns deles e achegou información cartográfica do deslinde das propiedades, sendo unha colaboración importante para o remate do traballo.

5. BIBLIOGRAFÍA

AA. VV. (1928). *Real Academia Galega (1913-1928). Diccionario gallego-castellano*. En: *Diccionario de dicionarios*. *Corpus lexicográfico da lingua galega. <http://sli.uvigo.es/DdD/>*[Consultado o 14.07.2015].

Barbeito Pose, V. e España Fernández, X. (2010). "Consideracións preliminares sobre o pastoreo tradicional na serra do Barbanza: Evidencias e Estruturas Etnográficas". *Anuario Barbantia 2010*: 123-137. A. C. Barbantia. Boiro.

Boullón Agrelo, A. I. (2002): "Onomástica e dialectoloxía: a propósito de raposo e golpe", en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega,115-136.

Boullón Agrelo, A. I. e Sousa Fernández, X. (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/cag/> [Consultado o 09.09.2015].

Carballeira e outros (2004). *Dicionario Xerais da Lingua*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo.

CDIX (2015).<*http://visorgis.cmati.xunta.es/cdix/mapa.html*> [Consultado o 11.08.2015].

Corominas, J. (1991). *Diccionario Crítico Etimológico castellano e hispánico*. Vols I a V. Ed. Gredos. Madrid.

Criado, F, Aira Rodríguez e Díaz-Fierros Viqueira (1986). *La construcción del paisaje. Megalitismo y ecología. Sierra de Barbanza*. Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Cultura. Santiago.

Enciclopèdia Catalana (2015) < *www.diccionari.cat*>[Consultado o 22.08.2015].

Feixó Cid, X. (2003). *Diccionario dos nomes galegos*. Ed. Xerais. Vigo.

Fernández de Ana-Magán, F, Verde, M. C. e Rodríguez, A. (1998). *O souto. Un ecosistema en perigo.* Xunta de Galicia. Santiago.

Filgueiras Rey, A e Rodríguez Fernández, T. (1997). *Traballos de posta en valor do patrimonio arqueolóxico do ámbito do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.* Xunta de Galicia. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

García (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Universidade de Santiago. *Verba*, anexo 27.

García Arias, Xosé Lluís (2015). *Diccionario General de la Lengua Asturiana.* Ed. Prensa Asturiana. < *http://mas.lne.es/diccionario/>.* [Consultado o 15.08.2015].

García, C. e Santamarina, A. (dir.) (1997). *Atlas Lingüístico Galego*. *Vol II. Fonética*. Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega . A Coruña, 1990-1999.

GMH (2015).<*http://gmh.consellodacultura.org*>[busca "Ribasieira", consultado o 15.08.2015].

IGEOE (2014). <*http://www.igeoe.pt/igeoesig/*> [Consultado o 22.08.2015].

IGN (1993). *Mapa Topográfico Nacional de España. 1:25:000. Pobra do Caramiñal, 151-II (6-17).* Instituto Geográfico Nacional. Madrid.

IGN (2011). *Mapa topográfico nacional de España*. *MTN25-151-II. A Pobra do Caramiñal*. Instituto Geográfico Nacional. Madrid.

Joseph M. Piel (1954). "Bustum, pascua, veranea, hibernacula y términos análogos en la toponomástica del N. O. hispánico". *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, Año nº 8, Nº 21: 25-49.

Martínez Lema, P. (2010). *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Martínez Lema, p. (2012): "Toponimia, etimoloxía e fontes documentais: os exemplos de Arousa e Brens". *Madrygal*, 15: 97-105. Madrid.

Moralejo Lasso, A. (1977).*Toponimia gallega y leonesa*. Ed. Pico Sacro. Santiago.

Moralejo, Juan J. (2006). "Hidrónimos galaicos con sufijo –antia". En: Velaza, J. et al. (ed.): *Acta Palaeohispánica IX, Actas del IX Coloquio sobre Lengua y Culturas Paleohispánicas,* Barcelona, 20-24 de outubro de 2006. Universitat de Barcelona, pp. 837-860.

Navaza Blanco, G. (2006). *Fitotoponimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega- Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.

Otero Álvarez, A. (1967): *Contribución al diccionario gallego*. Ed. Galaxia. Vigo. En: *Diccionario de dicionarios*. *Corpus lexicográfico da lingua galega. <http://sli.uvigo.es/DdD/>* [Consultado o 14.07.2015].

Pastor Santamaría, X. P. (2013). *A Pobra do Caramiñal. Cronoloxía Histórica*. Concello da Pobra do Caramiñal. Santiago.

PTG (2015). *Proxecto Toponimia de Galicia <http://toponimia.xunta.es/>*[Consultado o 18.08.2015].

RAE (2014). *Diccionario de la Real Academia Española <www.rae.org>*[Edición de 2014. Consultado o 15.08.2015].

Ríos Panisse, M. C. (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces*. Universidade de Santiago, Verba anexo 7.

Rodríguez Rodríguez, M. (1979). *Hidrotoponimia de la ría de Arosa. Accidentes costeros, emergentes y submarinos con sus coordenadas*. Seminario Fontán-Sarmiento de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia. Colegio Mayor Gelmírez. Santiago de Compostela.

Sarmiento, M. (2001). *Viaxe a Galicia (1745).* Edición e estudo: J. L. Pensado. Departamento de Filoloxía Románica, Universidade de Salamanca. 1975. Ed. Toxos Outos. Noia.

SIGPAC (2015).*<http://sigpac.mapa.es/fega/visor/>*[Consultado o 14.07.2015].

X. Balboa López (1990). *O monte en Galicia***.** Ed. Xerais de Galicia. Vigo.

Xunta de Galicia (2015). *<http://www.medioruralemar.xunta.es>* [Consultado o 23.0.2015].


N
Escala gráfica
metros
0 200 400 800
MVMC Barbanza de Lesón
Estradas e vías forestais
Curvas de nivel
Cursos de auga

Táboa nº 1. Topónimos principais e numeración no mapa e orixe dos elementos principais. En sombreado, formas recollidas da bibliografía

	Topónimo	*El. Principal*	*Orixe*
1	Fonte do Hospital	Hospital	*Latina*
2	Camiño da Rapada	Rapada	*Latina*
3	Eira Vella	Vella	*Latina*
4	A Rapada	Rapada	*Latina*
5	Os Curros	Curros	*Prerromana*
6	Caseta de Rábago	Rábago	*Descoñecida*
7	Pedra de Platos	Platos	*Latina*
8	Alto da Lagoa, O	Lagoa	*Latina*
9	Petón das Casiñas, O	Casiñas	*Latina*
10	Pedra da Escorregadeira	Escorregadeira	*Latina*
11	Abelleiras, As	Abelleiras	*Latina*
12	Crabadoiros, Os	Crabadoiros	*Latina*
13	Petón das Taramelas, O	Taramelas	*Latina*
14	Pedra da Vella, A	Vella	*Latina*
15	Niñodaiga	Niñodaiga	*Latina*
16	Agro de Liñares	Liñares	*Latina*
17	Castroellos	Castroellos	*Latina*
18	Fonte da Fisga, A	Fisga	*Descoñecida*
19	Rego dos Vilares	Vilares	*Latín tardío*
20	Pedra da Vaca Fraca	Vaca Franca	*Latina*
21	Fonte dos Fieliños	Fieliños	*Latina*
21	Petón do Carballo	Carballo	*Prerromana*
22	Gandra da Porca	Porca	*Latina*
23	A Curota	Curota	*Prerromana*
24	Ladeira da Curota	Curota	*Prerromana*
25	Canteira dos Muíños	Muíños	*Latina*
25	Os Carrouchales	Carrouchales	*Prerromana*
26	Fonte dos Remoliños	Remoliños	*Latina*
27	O Bustelo	Bustelo	*Latina*
28	Os Travesos	Travesos	*Latina*
29	A Corredoiriña	Corredoiriña	*Latina*
30	Calzada do Espiño	Espiño	*Latina*
31	Eiteiro do Galo	Galo	*Latina*
32	Pedra do Gato	Gato	*Latina*
33	Pedra da Facha	Facha	*Descoñecida*
34	Petón do Folgoso	Folgoso	*Latina*
35	O Nabal	Nabal	*Latina*
36	Corredoira do Nabal	Nabal	*Latina*
37	Rego do Nabal	Nabal	*Latina*

	Topónimo	*El. Principal*	*Orixe*
38	Río das Pedras	Pedras	*Latina*
39	Ponte de San Xoán	San Xoán	*Latina*
40	Aguabranca	Aguabranca	*Latina+ xermánica*
41	Petón do Bañadoiro	Bañadoiro	*Latina (Prerrom.?)*
42	Fonte do Bañadoiro	Bañadoiro	*Latina(Prerrom.?)*
43	Canle do Bañadoiro	Bañadoiro	*Latina (Prerrom?.)*
44	Laxes Negras do Bañadoiro	Laxes Negras	*Prerromana+ Latina*
45	Petón da Raposa	Raposa	*Latina+romance*
46	Fonte da Abeleira	Abeleira	*Latina*
47	As Abeleiras	Abeleiras	*Latina*
48	Folgoso Vello	Folgoso Vello	*Latina*
49	Canle da Morte	Morte	*Latina*
50	A Galla dos Forcados	Forcados	*Latina*
51	Campo do Petón da Raposa	Petón da Raposa	*Latina+romance*
52	A Cachineira	Cachineira	*Latina*
53	Entrasinsuas/Entresinsas	Entrasinsuas	*Latina*
54	Lagovieira	Lagovieira	*Latina*
55	Petón das Pedras Brancas	Pedras Brancas	*Latina*
56	Rego Pereiro	Pereiro	*Latina*
57	Lomba das Laxes	Laxes	*Prerromano*
58	Pasaxe do Armelo	Armelo	*Latina*
59	Casais de Ramiro	Ramiro	*Xermánica*
60	O Armelo	Armelo	*Latina*
61	Boqueira das Brañas	Brañas	*Prerromana*
62	Río das Bestas	Bestas	*Latina*
63	Chan das Brañas	Brañas	*Prerromana*
64	Lagoa de Leite en Cunca	Leite, Cunca	*Latina*
65	Petón dos Hórreos	Hórreos	*Latina*
66	Cruz do Lapido	Lapido	*Prerromana*
67	Pedra Furada	Furada	*Latina*
68	Cortes de Chacín	Chacín	*Latina*

A epidemia de cólera nas rías baixas galegas: Barbanza, 1854

Daniel M. Bravo Cores

INTRODUCIÓN

Un dos elementos de modernidade nas poboacións europeas do século XIX é unha drástica redución da mortaldade que se deslizou ata valores máis baixos aínda ca unha natalidade tamén en recesión. Con todo, case todos os demógrafos coinciden en sinalar que, como excepción, *"...el siglo XIX siguió conociendo algunas epidemias mortíferas, situándose en primera fila entre las mismas, por lo menos hasta los años cincuenta, el cólera."* [1]

O tema que imos abordar no presente traballo é precisamente a terrible epidemia de cólera *"morbo-asiático"* que asolou as terras de Barbanza durante os meses do verán de 1854, suceso que ocasionaría unhas profundas secuelas na sociedade da época, tanto polo seu elevado número de vítimas, como polo impacto que causou no ánimo dos sobreviventes.

MATERIAL E MÉTODO

A base documental deste artigo son os arquivos parroquiais de varios núcleos de poboación da nosa comarca: Pto. do Son, Portosín, Miñortos e Noia, que nos permitirán coñecer o alcance da epidemia na costa barbanzá da Ría de Muros- Noia; Palmeira, Pobra do Deán, Vila do Caramiñal, Xobre e a Vila de Rianxo serán testemuñas do sucedido no litoral de Arousa; finalmente, Olveira, Corrubedo, Carreira e Sta. Uxía de Ribeira serano do litoral de transición entre as dúas Rías (Figs. 1 e 2). Estas poboacións, seleccionadas a modo de mostraxe entre as máis importantes e significativas da época na nosa comarca, permitirannos coñecer e avaliar

en profundidade o alcance do desastre que conmoveu os nosos antepasados.

RESULTADOS

En realidade, a catástrofe dese ano incidiu sobre unha poboación pouco acostumada a semellantes calamidades. As grandes sangrías demográficas que asolaran outras áreas da xeografía española e a meirande parte dos países europeos nos séculos XVII e XVIII tiveron un impacto moi atenuado na península do

1 REINHARD M, ARMENGAUD A: Historia de la población mundial. Ariel. Barcelona 1966, páx. 220. Tamén insiste na mesma idea WRIGLEY E A: Historia y población. Introducción a la demografía histórica. Guadarrama. Madrid 1969, páx. 164.

Barbanza pola milagrosa presenza do millo –que permitiu duplicar a despensa campesiña desde a súa aparición, documentada nestas terras a comezos do s. XVII–, pola grande importancia do gando vacún, e por unha actividade pesqueira certamente notable. Isto explica que a crise e a gran fame, como as dos anos 1695, 1710, ou 1768-9, tan letais en comarcas do interior como a compostelá, o val do Ulla, ou o Xallas, deixasen no Barbanza unha pegada moito máis difusa[2]. Esta mortaldade relativamente baixa é un dos factores que explican o crecemento da nosa poboación durante o s. XIX, con incrementos notables nas tres primeiras décadas daquel século, e máis moderados nos decenios centrais[3]. Na Fig. 3 podemos apreciar como este crecemento, inda que moderadamente, afectou incluso a década de 1850 a pesar da hecatombe colérica.

Nada parecía presaxiar a calamidade que ameazou os barbanzáns en 1854: a economía pesqueira e a súa industria complementaria marchaban polos sendeiros da prosperidade e do progreso[4] , mentres as colleitas dos anos anteriores, se non copiosas, foran satisfactorias[5]. En definitiva, non estabamos ante unha poboación pauperizada, desnutrida, nin polo tanto propensa á difusión de enfermidades e, con todo, chegou o desastre col comezo do verán de 1854.

A orixe do azoute epidémico é, en liñas xerais, bastante ben coñecida, inda que se sigan botando en falta estudos de carácter comarcal. O cólera era unha enfermidade endémica de certos países asiáticos, que penetrou en Europa a partir de 1830 causando verdadeiros estragos na súa poboación. Este primeiro brote chegou a Galicia no ano 1833 e tivo como principal escenario a cidade de Vigo –o primeiro porto comercial galego de certa entidade na ruta marítima do cólera–, pero a súa difusión foi moi limitada, e non chegou a afectar as costas do Barbanza. En 1847, arrancando de Constantinopla, no Mediterráneo oriental, esténdese un violento brote por case todas as cidades mediterráneas, asola a área levantina da península, chegando a alcanzar o País Vasco a través da conca do Ebro. De novo a cidade de Vigo convértese no principal foco epidémico galego, rexistrándose

2 EIRAS ROEL A: Hambre y peste en Santiago en 1710. C.E.G. 1964-65, páx. 223 e ss. REY CASTELAO O: Aproximación a la historia rural en la comarca de la Ulla (siglos XVII y XVIII). Secretariado Publicaciones Universidad de Santiago. Santiago 1981, páx. 60 e ss. BARREIRO MALLON B: La jurisdicción de Xallas en el s. XVIII. Población, Sociedad y Economía. Secretariado Publicaciones Universidad Santiago. Santiago. 1973, páx. 222 e ss.

3 BRAVO CORES D: El Barbanza meridional en el Antiguo Régimen. Dpto. H0 Moderna Universidad de Santiago. Santiago 1978, páx. 153 e ss.

4 Fiel testemuño disto son sen dúbida as noticias que proporciona Pascual Madoz nos anos inmediatamente anteriores á crise. Na súa análise da realidade económica dos pobos do Barbanza, Madoz alude repetidas veces a un pasado económico esplendoroso, queixándose a continuación do deterioro en que estaba sumida a economía do seu tempo: *"En esta ría era de mucho valor la pesca de sardina y el crecido número de brazos que se ocupaban de la salazón, pero las desmesuradas pesquerías en todas las estaciones, sin guardar las leyes de la veda, han dado fin a esta industria; necesario es que el gobierno, y con especialidad las autoridades locales, fijen la vista, si ya no es tarde, y eviten la total ruina.."*. Porén, este tipo de testemuños pesimistas, tan frecuentes nos documentos de índole económica dos séculos XVII e XVIII, non se axustan á realidade, e o verdadeiro estado da economía da época dedúcese claramente dos datos que nos facilita o propio autor. Así, a Pobra do Deán –segundo os datos da súa aduana- en 1844 entraron e saíron 10 buques *"con destino al extranjero y a América"* que exportaron, entre outras mercancías, 240 arrobas de graxa de sardiña (1 arroba = 16 litros), e 26.842 arrobas de pescado salgado. Así mesmo, comercializáronse 1.848 arrobas de saín e 32.448 arrobas de pescado salgado *"para otros puertos del reino"*. No mesmo ano, a vila de Noia rexistrou un tráfico portuario de 20 buques, que exportaron 88 quintais de saín e 4.425 quintais de pescado salgado. O porto de Sta. Uxía de Ribeira posuía 4 buques mercantes dedicados ao comercio con América e Inglaterra. Máis adiante relata que, *"en el partido judicial hay 40 fábricas de salazón, 11 fábricas de curtidos de cuero, varias de papel..."*, e, por riba, o propio Madoz afirma textualmente: *"..el partido de que nos ocupamos es uno de los más ricos de la provincia.."*. MADOZ P: Diccionario geográfico, estadístico, histórico, de España y sus posesiones de Ultramar. Madrid 1845-50. Voces: Arosa, Puebla del Deán, Caramiñal, Noya (San Martín), Noya (Partido judicial), Rianjo, Ribeira y Palmeira.

5 En efecto, a crise agraria de 1852-3 estudada por Mª Xosé RODRIGUEZ GALDO non parece ter tido no Barbanza un impacto coma o que acusou comarca compostelá, segundo testemuñan as curvas de prezos de trigo, centeo e millo nas localidades de Ribeira, Oleiros, Carreira e Artes. RODRÍGUEZ GALDO M X: A crise agraria de 1853 e a emigración galega. Grial, nº 57, 1977, páx. 262. BRAVO CORES D: Op.cit., pag.186 e ss., e gráficos 25, 26, 27 e 28).

POBOACIÓN DO BARBANZA 1850-1859





	1850	1851	1852	1853	1854	1855	1856	1857	1858	1859
NACEMENTOS	497	474	460	496	461	526	549	559	617	623
DEFUNCIÓNS	237	245	231	430	1389	272	212	187	216	305
MATRIMONIOS	106	97	108	116	126	189	154	142	160	154

os primeiros brotes no mes de novembro de 1853. Do seu impacto na poboación española da época da fe o erudito Mariano G. de Samano: o contaxio afectou catro mil novecentas oitenta e tres poboacións españolas[6], abraiante cifra se se ten presente que o número de núcleos poboacionais da época era de pouco máis de nove mil. Os estudos efectuados en Galicia sobre este problema inda son escasos, e quizais por isto J. Nadal clasifica Galicia no grupo de rexións pouco afectadas polo cólera[7]. Como veremos a continuación, isto dista moito da realidade.

Chegada a Vigo a finais de 1853, o cólera remitiu nos meses de inverno, limitándose o contaxio ao contorno máis inmediato á cidade olívica. Coa chegada da calor, o cólera vaise difundir por todo o litoral galego cunha extraordinaria rapidez, servíndose da densa rede portuaria e do trasfego humano e comercial.

No Barbanza, as primeiras alarmas ante a chegada da epidemia soaron no porto de Santa Uxía de Ribeira cando corrían os primeiros días do mes de xullo de 1854, e inmediatamente o cólera estendeuse polas poboacións limítrofes: primeiro Carreira, Castiñeiras e Palmeira, e, en poucos días, a epidemia transfórmase en pandemia, propagándose con suma rapidez. O brote epidémico, rexuvenecido xinete da Apocalipse, arremeteu sen piedade contra os pobos barbanzáns sementando o terror por todas as partes, e deixando ao seu paso centenares de cadáveres de toda condición social. O clima de desesperación chegou ao extremo de que, por todas as partes, sacerdotes e fieis organizaron procesións e rogativas co fin de aplacar as iras divinas. Este ambiente de dramatismo e traxedia

6 Samano, M G de: Memoria histórica del cólera morbo asiático en España. Tomo II. Madrid 1860, pp. 492-3.

7 NADAL OLLER J: La población española (siglos XVI a XX). Ariel. Barcelona 1976, pp. 155-6.

	X	F	M	A	Mi	Xñ	XII	Ag	S	O	N	D
NACEMENTOS	21	25	17	17	21	11	26	17	13	22	20	20
DEFUNCIÓNS	11	9	13	13	20	4	60	206	220	31	10	6

quedou perfectamente reflectido no seguinte relato de D. Manuel Antonio Vilacoba García, cura párroco de San Paio de Carreira (Ribeira)[8].

PESTE DO CÓLERA: MORBO-ASIÁTICO

Piadoso lector, no te asuste el encabezar con este epígrafe las numerosas partidas que le siguen, antes bien adora los designios de la Divina Providencia que para castigar los excesos e impiedad de los mortales aplica con rigor sobre los pueblos los males de guerras, hambres, y peste: de las dos primeras estubieron (sic) libres en los últimos años los pueblos de estas rías, pero Dios, para castigo de nuestros pecados y para nuestra enmienda, nos mandó la terrible peste del cólera morbo-asiático trahido, según se cree, por un vapor de guerra que venía de la Habana al puerto de Vigo -hoy sabemos que esto no es exacto-, en donde empezó a hacer estragos en sus alrededores, y en toda la Provincia de Pontevedra siguió durante la Primavera de este año. A esta parroquia también le llegó su vez, empezando en el lugar de Castiñeiras, y los recorrió casi todos sin respetar clases, edades, ni sexos. El Soberano Redentor en su infinita misericordia tenga piedad de los que sucumbieron al ataque de tan extraño y terrible mal, y liberte a los que sobrevivan de un castigo tan severo, horrible, y angustioso, que apenas da lugar a recibir los sacramentos de Penitencia y Extremaunción.", e máis adiante:

8 Archivo Parroquial de S. Paio de Carreira. Libro 41 de Defuncións, partidas correspondientes ao ano 1854, Fol. 39.

"Fin del cólera morbo: Piadoso lector, en diez de Septiembre terminaron las defunciones del terrible cólera morbo-asiático que, en corto período de tiempo, arrastró al sepulcro ciento cuarenta y seis víctimas de todo estado y condición, resultando haber fallecido de tan terrible enfermedad un nueve por ciento de la población de este pueblo, habiendo sido acometidas más de seiscientas personas."

"Debo advertirte que, alarmados todos con tan funestos estragos, hemos salido en procesión por todos los lugares de la parroquia con las sagradas imágenes de Nuestra Señora del Rosario, Nuestra Señora de la Guía, San Pelayo, San Roque, Y por último salió también Nuestro Divino Jesús Sacramentado, acompañados de centenares de afligidos que pedían misericordia. Por fin, desde aquel día memorable que fué el siete de Septiembre, cesaron los casos fulminantes pereciendo solo los que ya casi estaban en la agonía. Ruega al Soberano Criador por eterno descanso de tantos como sucumbieron a los rigores de tan terrible calamidad, y que no vuelvan a repetirse días tan aciagos y funestos. Así te suplica este afligido Cura Párroco que tuvo la dicha de sobrevivir a tan funesta catástrofe."

CARRª E SETEMBRO 24 DE 1854."

O texto é tamén revelador a intensidade que chegou a adquirir o brote epidémico. O seu impacto pode apreciarse palpablemente e con exactitude nas Figs. 3, 4 e 5, nas que a mortaldade se dispara dunha forma extraordinaria. Na Fig. 3, a curva de defuncións excede notablemente a de nacementos, e pódese comprobar así mesmo como a mortaldade da península do Barbanza en 1854 é –segundo o testemuño da nosa mostraxe– moi superior á dos demais anos da década. Traducindo estas imaxes a cifras, os niveis de mortaldade do Barbanza no ano fatídico foron un 536 % superiores á mortaldade media dos restantes anos do decenio; ou dito doutro modo, multiplicouse por 5 a mortaldade un ano considerado normal.

Estes datos son aplicables ao conxunto da poboación da península do Barbanza. Porén, a crise epidémica non tivo lugar ao mesmo tempo nin coa mesma intensidade en toda a comarca.

Os primeiros brotes de cólera fan a súa aparición en Santa Uxía de Ribeira (Fig. 5), e poboacións limítrofes, e será precisamente nesta zona de transición entre as rías de Muros e Arousa onde adquira unha maior virulencia. A primeira mención de falecemento por cólera tivo lugar o 11 de xullo, xornada na que *"...se dió sepultura a Antonia Fernández, vecina de la Parte al Río (Bandaorrío), que murió a las 22 horas de ser acometida del cólera morbo-asiático..."*. Ao día seguinte tocoulle ao seu marido, Pedro de Ageitos *"..a quien acometió el cólera morbo, al tiempo de salir de casa, para el cementerio, el cadáver de su mujer..."*. Desde este barrio ribeirense, daquela o máis densamente habitado e situado xunto ao vello peirao comercial, a epidemia propagouse cunha extraordinaria rapidez polas demais rúas e lugares do activo porto arousán: Fondevila, Castelo, Amarrella, Deán, Queiximonde, etc., e saltou ás poboacións veciñas. En primeiro lugar, a Castiñeiras, sen dúbida un enclave dos máis duramente castigados polo mal asiático. Poucos días despois, o cólera fixo presa nas localidades próximas de Carreira e Palmeira, en cuxos libros parroquiais se acumulan multitude de partidas de defunción. O número de falecidos nestas tres localidades ascendeu a 502 no breve intervalo de dous meses, o que dá idea da magnitude da catástrofe. A mortaldade de 1854 nesta zona foi máis de seis veces superior á mortaldade media da década 1850-59,e sensiblemente superior ás cifras medias do Barbanza. Isto é especialmente certo no núcleo portuario de Sta. Uxía de

EPIDEMIA DE CÓLERA 1854
Evolución mensual



	X	F	M	A	Mi	Xñ	XII	Ag	S	O	N	D
RIBEIRA	4	4	2	2	6	1	51	107	37	1	0	1
RIANXO	2	3	3	2	3	2	5	42	54	3	1	2
NOIA	5	2	4	7	7	1	2	8	47	23	5	2

Ribeira, onde la mortaldade de 1854 foi un 732 % superior á media da década.

Foi tamén no contorno do municipio ribeirense onde a epidemia desaparece máis pronto: o dez de setembro libérase a poboación de Carreira, o vinte do mesmo mes falece no lugar de Martín a última das vítimas ribeirenses.

Nas costas barbanzás do mar de Arousa a epidemia difundiuse progresivamente, sendo máis tardía canto máis nos internamos na Ría. Así, no daquelas recentemente creado municipio de *La Puebla del Caramiñal*, as defuncións por cólera comezaron a producirse na segunda semana do mes de xullo, en tanto que na vila de Rianxo o mal asiático retrasarase ata finais de mes. A violencia da epidemia foi tamén notable: entre o núcleo capitalino do municipio pobrense e O Xobre, faleceron 237 individuos, e os tres galenos que entón exercían na vila, D. Juan Souto, D. Félix Alonso, e D. Manuel Ferreiro, víronse obrigados a multiplicar os seus esforzos para atender varios centenares de veciños afectados.

Na vila de Rianxo o contaxio retrasouse ata o 26 de xullo, e comezou no barrio de Pazo, para estenderse a de seguido por Rianxiño, Lustres e demais rúas, prazas, e lugares e contorno da vila, causando un total de 122 defuncións.

A sobremortaldade rexistrada nos termos de Pobra do Caramiñal e Rianxo superou nun

470 % a mortaldade media do decenio, cifra considerable, inda que sensiblemente inferior aos desoladores niveles alcanzados na zona ribeirense. A desaparición do cólera tivo lugar polas mesmas datas: o 23 de Setembro falece na Pobra o último dos afectados polo azoute.

Finalmente, o litoral norte da península barbanzá, xa na Ría de Muros-Noia, viviu circunstancias ben diferentes. O inicio do contaxio é moi tardío con respecto ás datas que se acaban de sinalar para Arousa norte: en Pto. do Son, primeiro núcleo en rexistrar os efectos da epidemia, o mal asiático atrásase considerablemente ata o punto de que só a mediados de agosto se dan os primeiros falecementos; máis tardío será o fenómeno en Portosín e Noia, onde as primeiras defuncións se retrasan ata finais de mes, e en Miñortos non fai a súa aparición ata ben entrado o mes de setembro, cando o mal estaba en vías de extinción nas demais localidades barbanzás.

Na vila de Noia, a epidemia fai acto de presenza o 23 de agosto na rúa Fanequeira e propágase inmediatamente por Carnicería Vella, rúa de Lagares, rúa de Laxe, etc., e coñece a súa máxima virulencia nos meses de setembro e outubro.

Do mesmo xeito, a desaparición do mal asiático en toda a zona demorouse considerablemente, e así, na vila de Noia, por poñer un exemplo significativo, os seus efectos prolongáronse ata o 8 de novembro.

A virulencia no litoral da ría de Muros-Noia foi moi desigual. Contra o que puidera esperarse polo tardío da súa presenza, nas poboacións de Pto. del Son e Portosín foi brutal, alcanzándose niveis de sobremortaldade similares aos de Sta. Uxía cun total de 255 falecidos. Polo contrario, en Noia as consecuencias serían moito menos devastadoras, cuns niveis de sobremortaldade dun 250 % sobre os valores medios da década, inda que a vila noiesa terá a desdita de enlazar o final da epidemia colérica co inicio dun novo brote epidémico, esta vez de varíola, que causaría numerosas vítimas nos meses finais dese ano e no seguinte.

A documentación consultada non só permite constatar a terrible sangría de vidas humanas ocasionada polo cólera, senón que tamén axuda a establecer conclusións relacionadas coa propia enfermidade,e a coñecer as súas características epidemiolóxicas. O inicio da epidemia a comezos do verán, e a extrema virulencia que alcanzou durante os meses estivais parecen estar relacionados sen dúbida coas temperaturas propias desa época do ano. A súa difusión estaría tamén propiciada pola intensificación dos intercambios comerciais marítimos que aproveitaban a bonanza climatolóxica de esa estación. Non deixa de ser significativo que algunhas localidades, a pesar de súa proximidade a importantes focos infecciosos, víronse libres do azoute epidémico por estaren á marxe dos circuítos marítimos da época. Neste sentido, cabe destacar o caso de Artes, parroquia limítrofe cos devastados núcleos de Corrubedo, Carreira e Ribeira, e outro tanto sucedeu cos outros asentamentos poboacionais do interior barbanzán, como Nebra ou Goiáns.

Na actualidade sabemos que o cólera, doenza pouco común naquela época, está ocasionada polo Vibrio *Cholerae*, microorganismo que orixina un proceso evolutivo moi acelerado, de modo que nun intervalo moi curto, o paciente encontrase nunha situación irreversible. Tal circunstancia provocou que, ao drama da enfermidade, se unise un profundo terror, tal e como reflicten unha e outra vez documentos e narracións contemporáneas. En efecto, escribáns e sacerdotes sinalaban estrañados que

entre os primeiros síntomas e o falecemento apenas transcorría un día: *"...murió a las 22 horas de ser acometido por el cólera..", "falleció 18 horas después..", etc., ou dun modo máis contundente: "falleció de cólera fulminante..".* Esta expresión e outras da mesma índole, como *"apoplejía fulminante", "fiebre verminosa", "cólico bilioso"*, etc., que aparecen constantemente nos libros de defuncións das distintas parroquias, son unha patética referencia á sintomatoloxía que presentaba a enfermidade na súa fase terminal: febres, diarreas e vómitos permanentes, infección do fígado, deshidratación, etc.

Os rexistros permiten coñecer tamén o considerable número de baixas causadas pola epidemia. Nos doce núcleos poboacionais que nos serviron de mostra para este traballo, o número de vítimas ascendeu a 1389, cifra realmente notable para a época. Con todo, descoñécese o montante exacto de individuos que padeceron o contaxio, o que nos impide coñecer a letalidade da epidemia. Se damos creto ás cifras baralladas polo párroco de S. Paio de Carreira, D. M. Antonio Vilacoba –146 vítimas dun total de 600 individuos contaxiados–, a letalidade sería dun 24 %, en consonancia co 28 % calculado por Jordi Nadal para toda España, a partir dos datos do Ministerio de Gobernación daquela época [9].

A incidencia da enfermidade entre persoas dun e doutro sexo presenta unha proporción de 136 mulleres por cada 100 homes falecidos a causa d cólera, sensiblemente inferior ao 160/100 que NADAL calcula para o conxunto peninsular [10].

A epidemia de 1854 aparece ante os nosos ollos como un dos maiores desastres sufridos pola poboación barbanzá ao longo da súa historia: as súas consecuencia foron sen dúbida equiparables ás terribles pestes de finais do s. XVI, e sensiblemente superiores ás da gripe de 1918, a última das grandes epidemias contemporáneas.

9 NADAL OLLER J: La población española (siglos XVI a XX). Ariel. Barcelona 1976, p. 154.

10 NADAL OLLER J: La población española (siglos VXI a XX). Ariel. Barcelona 1976, pp 155; segundo mesmo autor, a sobremortaldade feminina sería moi inferior no brote de 1885 (131/100).Ib. páx. 157.

BIBLIOGRAFÍA:

-ANGOLOTTI, E: *Datos para la historia del cólera en España*. Revista de sanidad e higiene pública.

-ARMENGAUD, A.: REINHARD, R. y DUPAQUIEU, J, *Historia de la población mundial.* Ariel 1966.

- BARREIRO MALLON B: *La jurisdicción de Xallas en el s. XVIII. Población, Sociedad y Economía.* Secretariado Publicaciones Universidad Santiago. Santiago 1973.

-BRAVO, Daniel: *Historia de Riveira 1200 – 1975.* Cambados, 2001.

-BRAVO, Daniel: *La peor epidemia de la comarca*. Santiago, La Voz de Galicia, 16/18-5-1990.

- EIRAS ROEL A: *Hambre y peste en Santiago en 1710*. C.E.G. 1964-65.

-GRANJEL, Luis: *El cólera y la España ochocentista.* Salamanca, Universidad de Salamanca, 1980.

- MADOZ, Pascual: *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar.* Madrid, 1845.

-NADAL, Jordi: *La población española.* Barcelona, Ariel, 1984.

-PERAL, D.: *El cólera y los cementerios en el Siglo XIX.* Norba-Revista de Historia, 1991.

- REY CASTELAO O: *Aproximación a la historia rural en la comarca de la Ulla (siglos XVII y XVIII).* Secretariado Publicaciones Universidad de Santiago. Santiago 1981.

- RODRÍGUEZ GALDO M. X: *A crise agraria de 1853 e a emigración galega*. Grial, nº 57, 1977.

- SAMANO, M G de: *Memoria histórica del cólera morbo asiático en España*. Tomo II, Madrid 1860.

-VV. AA.: *Boletín del cólera*, números 1-24. Santiago, 1854.

- WRIGLEY E. A.: *Historia y población. Introducción a la demografía histórica.* Guadarrama. Madrid 1969.

Aires de fóra

MAX JACOB

Le Cornet à dés

Éditions Gallimard. Nrf - Poésie

Tradución: Eme Cartea

Prólogo de Román Arén

MAX JACOB: A REFUNDACIÓN DO POEMA EN PROSA

I. Cando Barbantia, no ano 2005, naceu para dinamizar a vida cultural do Barbanza, decidiu que entre os seus obxectivos estaba a publicación deste anuario, que pretendía publicar os traballos de investigación e divulgación que xirasen arredor da nosa bisbarra, pero, ao mesmo tempo, que tivese unha fiestra aberta á cultura universal; e, así, foi creada a sección *"Aires de fóra"*, coa pretensión de amosar os autores da literatura foránea e dar voz aos tradutores, parte imprescindible de todo sistema literario. Neste proxecto que xa ten máis de dez anos, Eme Cartea foi e é parte imprescindible para pór en galego os autores de lingua francesa, con especial atención ao xénero do poema en prosa, tan francés, pero sen esquecer a obra poética de autores como Pierre Jean Jouve e Mallarmé. Labor feito con rigor, competencia e amor, propios do seu carácter e da súa profesionalidade, xa que foi durante anos catedrático de francés no ensino medio.

Foi, pois, Cartea, quen traduciu o pai do poema en prosa en Francia, Aloysius Bertrand, que deu orixe a un novo xénero con *Gaspard de la Nuit*. Logo, amosaría outro chanzo fundamental na historia do xénero, Arthur Rimbaud, o autor das radicais *Iluminacións* e



Max Jacob, pintado por Modigliani

Jean Cocteau, Pablo Picasso e Max Jacob. 1916

Unha tempada no Inferno. Mais o xénero, tras atravesar o Romanticismo, o Parnaso e o Simbolismo, acadou novas formas nas vangardas históricas do século XX, con dous poetas que pretenderon ser os verdadeiros creadores do xénero, os refundadores, pero reivindicando orixes diferentes, un en Rimbaud e o outro en Bertrand. E así Eme Cartea puxo na nosa lingua unha selección dos poemas en prosa de Pierre Reverdy e faino agora con Max Jacob, dous homes da vangarda, un creacionista e un cubista.

II. Se Bertrand pode considerarse creador do poema en prosa (con Guérin e Rabbe), Max Jacob pretendeu ser o refundador do xénero, o verdadeiro creador contemporáneo. E para iso rexeitou as contribucións previas de Rimbaud, é dicir, do romanticismo subxectivo, a prol dunha racionalidade novidosa, vangardista, que fai do poema unha realidade autónoma fronte á realidade, baseándose máis no enxeño ca na impresión sentimental. Novo clasicismo, como categoría, fronte aos románticos e aos simbolistas, xa que o que quere formular Max Jacob é o texto *"en situación"*, pero non nunha situación estática, senón expresiva, libre, viva. Negar, pois, o impresionismo e o romanticismo, porque en Jacob a emoción ten que saír da

Max Jacob. Debuxo de Picasso

razón, de regras dadas previamente. Artificio obxectivo e vivo. O tema de qué é a *"situación"* para Jacob é complexo, pero quizais teña que ver con pór as obras no seu valor como artificio, na súa existencia autónoma. Formalismo, pois, e formalismo clasicista. Só o humor, o absurdo, a metaliteratura o vencellan á vangarda, e mais concretamente ao cubismo coa súa insistencia na situación, no espazo. Dialoxismo, pero evitando no posible a narratividade, son as palabras en liberdade, o esencial, sen vínculos coa realidade e o sentimento. E de aquí nace o rexeitamento doutro precursor, Baudelaire, para separarse da mimese e da expresividade sentimental, á procura do abraio do choque coa lóxica, indo máis alá da *"estrañeza"* de Baudelaire. O rexeitamento de Mallarmé ten que ver tamén con isto, pero tamén a indeterminación simbolista, coa suxestión de silencios mallaermeanos, que impiden considerar o poema como algo pechado nos seus límites. Porque o poema en prosa de Max Jacob necesita *"marcos"*, marxes que o convertan nun obxecto de palabras consciente, nun xénero que teña normas que o acouten, lonxe da prosa poética, do conto e da fábula. Nos precursores só recoñecerá o valor de Bertrand e de Marcel Schuob, pero que teñen o defecto de falta de consciencia do xénero e unha certa narratividade. Tampouco o poema en prosa realista (Jules Renard) o convence pola súa falta de autonomía. O poema en prosa para Jacob é a suma de estilo e situación. Ten que ser un xénero artístico, pechado, construído, autónomo. A modernidade daralla o estilo paródico, dialoxístico, o humor e a ironía, o xogo literario.

Pero Max Jacob, que publicou *O gobelete de dados* en 1917, inda que cun prólogo de 1916, tiña un problema na *"situación"*, na autonomía, na construción: Pierre Reverdy, o pai do creacionismo, que publicara xa en 1915, *Poemas en prosa*. Ambos os dous pretenderán ser os verdadeiros creadores do xénero e polemizaron toda a súa vida, ás veces tomando como desculpa a Rimbaud e a súa influencia; a famosa angustia da influencia, pois Jacob quería converter *O gobelete de dados* no modelo do poema en prosa para o futuro. Logrouno? Só en parte, pois nin desaparece sempre a narratividade nin falta a proximidade ao aforismo, á *gregería* de Ramón Gómez de la Serna, o que orixinará outra polémica. Mais os problemas dos límites do xénero *"poema en prosa"* non agochan o influxo e os acertos de Max Jacob, coa súa insistencia na autonomía do texto, na importancia das palabras como obxectos, na parodia e na ironía. Sempre á procura dunha arte *"transplantada"*, situada nunha atmosfera propia, máis aló da realidade e do suxeito, unha arte enmascarada, pechada, pero que desautomatice as nosas percepcións e que nos permita a distancia.

III. Estivo moi presente Max Jacob nas literaturas e nas artes hispánicas, non só como

Pablo Picasso, Max Jacob... en Montparnasse.
Fotografía de Jean Cocteau

escritor senón tamén como pintor. Ao comezo vencellado aos cataláns, pois viaxou co seu gran amigo Picasso a Cataluña, retratou a Dalmau e publicou en *391* e *Art*. Mais tamén na cultura castelá foi moi reputado por Corpus Barga, Jarnés, Marichalar, Bergamín, Abín e Romero Murube. Influirá en Giménez Caballero e Agustín Espinosa e será retratado por Vázquez Díaz e Juan Gris. En 1926 estivo en Madrid para dar unha conferencia, pero xa en 1924 Guillermo de Torres traducira *El cubilete de dados* para a editorial América e que aínda se reedita en Hispanoamérica. A súa sinatura aparecerá en *Grecia*, *Cervantes*, *Cruz y Raya*, *La Gaceta Literaria*, *Tobogán*, *Ultra*, e outras revistas.

Pero as súas amizades españolas foron moitas, sobre todo entre os pintores: *Gris, Miró, Bores, Prieto, Creixams* e, sobre todo, Picasso, que ilustra a edición de luxo francesa d'*O gobelete de dados*. A súa relación artística foi tan forte que, en 1994, París dedicoulles unha exposición conxunta.

IV. Ademais, o eco de Max Jacob deuse tamén en Galicia, sobre todo en Cunqueiro, quen se refire ao francés xa no artigo de 1935: *"A creazón do mar"*, publicado en *El Pueblo Gallego*. En 1976, o mindoniense lembrará o centenario do autor en dous traballos: *"En busca de Max Jacob"*, publicado en *Sábado Gráfico*, e *"Una voz"*, aparecido no *Faro de Vigo*. Tamén lembrou a data a revista *Grial* co artigo *"Centenario do nacimento dun gran poeta"*, que aparece sen sinatura, pero que talvez redactou Cunqueiro.

Contamos tamén en galego con varias traducións de Max Jacob xa dende 1919, ano no que Vicente Risco traduciu un poema para *A Nos a Terra*. Casado Nieto e X. M. Casado darán outras dúas traducións poéticas de Jacob en 1981, pero xa en 1980 publicara Xesús González Gómez, en *El Progreso* de Lugo, as súas versións de *"A mendiga de Nápoles"* e *"Noite infernal"*. En 1999 Henrique Harguindey puxo na nosa lingua o conto *Historia do rei Kabul I e do pinche Galván* (Vigo, Ir Indo).

Artigos de Risco e Salvador Lorenzana completan a pegada de Max Jacob entre nós. Coa tradución de Cartea, chea de acertos que enriquecen a nosa lingua, Max Jacob é máis noso.



Max Jacob. Sinatura

MAX JACOB
Le Cornet à dés
Éditions Gallimard
Nrf - Poésie

Tu sors ? tu vas faire remarquer ta maladie : les lanternes à roulettes te regardent et le zèbre à bascule achève de t'étourdir.

***

Je me déclare mondial, ovipare, girafe, altéré, sinophobe et hémisphérique. Je m'abreuve aux sources de l'atmosphère qui rit concentriquement et pète de mon inaptitude.

***

Et quand, du lancier polonais, les membres découpés, la bouteille brisée, el ne resta plus qu'un œil, l'œil chanta « les deux grenadiers ».

***

Que te manque-t-il, ô crâne, pour avoir l'air d'un cul de poulet ? la baudruche ! et pour avoir l'air d'une autruche ? la chair de poule.

***

En bonnet de folie, le rémouleur (c'est la mort) écarte un mantelet doublé de soie cerise pour repasser un grand sabre. Un papillon sur la roue l'arrête.

***

Ses bras blancs devinrent tout mon horizon.

***

Un incendie est une rose sur la queue ouverte d'un paon.

***

Le jeu des dominos sur le tapis évoquait la Mort et le tablier blanc de la bonne n'était pas pour éloigner cette idée.

***

O GOBELETE DE DADOS
–SELECCIÓN DE POEMAS–

Saes? Vas facer que se note a túa enfermidade: as lanternas de rodas están a te osmar e a cebra bambán acaba de te atordar.

***

Eu declárome mundial, ovíparo, xirafa, alterado, sinófobo e hemisférico. Abebero nas fontes da atmosfera que ri concentricamente e bota pestes pola miña ineptitude.

***

E cando do lanceiro polonés, cos membros cortados e a botella escachada, non quedou máis ca un ollo, o ollo cantou "Os dous granadeiros".

***

Que che falta, oh, cranio, para parecerte a un cenzo de polo? –A tripa! E para tirar a unha avestruz? –A carne de pita[1].

***

Cun sombreiro de tolo, o afiador (é a morte) retira a esclavina forrada de seda cereixa para afiar un gran sable. Unha bolboreta pousada na roda deteno.

***

Os seus brazos brancos convertéronse en todo o meu horizonte.

***

Un incendio é unha rosa na cola despregada dun pavo real.

***

O xogo de dominó no tapete evocaba a Morte e o mantelo branco da serventa non desmentía esta idea.

***

1 No francés desta época, é normal empregar minúscula despois dos signos de interrogación e de exclamación. Na tradución vai en maiúscula.

J'ai rêvé que les nonnes ont établi des parterres dans la Sacré-Cœur, parce que Dieu aime la terre, et les ont semés de confetti, parce qu'il aime la joie.

***

Portrait de grand-père par un enfant de cinq ans : une tête de bœuf que fume la pipe. La famille est ravie ; grand-père est vexé.

***

Il était deux heures du matin : elles étaient élégantes les trois vieilles, comme on l'eût été il y a cinquante ans ; châle de dentelles noires, bonnets à brides, camées, robes de soie noire marquant les plie de l'étoffe fabriquée. Le trottoir était désert et leurs yeux gros de larmes se levaient vers une fenêtre dont le rideau était faiblement éclairé.

***

Si tu mets ton oreille au tic-tac de ton oreille, tu entendras bien en toi quelque chose qui n'est pas toi-même et qui est un ou le démon.

***

Quand on fait un tableau, à chaque touche, il change tout entier, il tourne comme un cylindre et c'est presque interminable. Quand il cesse de tourner, c'est qu'il est fini. Mon dernier représentait une tour de Babel en chandelles allumées.

***

En Belgique, dans les bureaux de tabac, les pipes en terre sont enfilées par centaines sur des montures en éventail qui vont jusqu'au plafond. Un enfant belge m'a dit que les ailes du diable son ainsi.

***

Augustine était fille de ferme quand le Président la remarqua. Pour éviter le scandale, el lui décerna des titres et des brevets d'institutrice, puis un « de » vers son nom, quelque argent, et plus il la pourvoyait, plus elle était digne de lui. Je me suis tout donné à moi-même, pauvre paysan breton, le titre de duc, le droit de porter un monocle, j'ai pu grandir ma taille, ma pensée et je ne pourrai pas être digne de moi-même.

***

Soñei que as monxas colocaron parterres no Sacré-Cœur, porque Deus ama a terra; e sementáronos de confeti, xa que lle gusta a alegría.

***

Retrato de avó por un neno de cinco anos: unha cabeza de boi fumando unha pipa. A familia está compracida; o avó está amuado.

***

Eran as dúas da mañá: estaban moi elegantes as tres vellas, como habían de estalo hai cincuenta anos; chal de encaixe negro, cofias con fitas, camafeos, vestidos negros de seda marcando as dobras da tea fabril. A beirarrúa estaba deserta e os seus ollos cheos de pranto alzábanse cara a unha ventá coa cortina apenas iluminada.

***

Se pos o oído xunto ao tictac do teu oído, has oír con nitidez algo en ti que non es ti mais que é un ou o demo.

***

Cando facemos un cadro, cambia enteiramente con cada pincelada, xira a tal un cilindro e devén case interminable. Ao que cesa de rotar, é que xa rematou. O último meu representaba unha torre de Babel con candeas prendidas.

***

En Bélxica, nos estancos, as pipas de barro están encambadas a centos sobre monturas en abanico que chegan ao teito. Díxome un neno belga que así son as ás do demoño.

***

Agostiña era empregada de granxa cando o Presidente a coñeceu. Para evitar o escándalo, concedeulle títulos e certificados de institutriz, e logo un "de" precedendo o apelido, algún diñeiro, e canto máis a obsequiaba, máis digna era del. Eu mesmo me outorguei a min mesmo de todo, o título de duque, o dereito a levar un monóculo, aumentar de talle e de pensamento, e nunca hei poder ser digno de min.

***

De gros fruits sur un arbre nain, bien trop gros pour lui. Un palais sur le rocher d'une île trop petite. Un art dans une nation bien trop pur pour elle.

***

Un cheval s'est échappé des écuries de l'Institut. Le poulain est en arrêt près du Pont. Napoléon Ier court après. Le valet de chambre, un maréchal, s'il vous plaît, rattrape l'empereur qui a oublié son petit manteau e sa bouteille de Rome ou de rhum.

***

Un ours qui dansait quitta la place du village et alla pisser contre un mur.

***

Il arrive quand tu ronfles que le monde matériel éveille l'autre.

***

En descendant la rue de Rennes, je mordais dans mon pain avec tant d'émotion qu'il me sembla que c'était mon cœur que je déchirais.

***

Un buisson d'épines bleu pâle, c'est un clocher dans le clair de lune.

***

Dans les Cordillères des Andes, sur le houblon, poussent les raisins, on ne les voit pas.

***

Les chaînes éclairent, mais les hosties qui sont des pommes n'éclairent pas : c'est un lustre.

***

Il n'y a plus rien que le sommet des arbres, et n'y a plus rien que l'arête d'un toit de maison, il n'y a plus rien qu'une fesse malade, plaidant le faux pour savoir le vrai et qui a raison.

***

Grandes froitos sobre unha árbore anana, para el dabondo medrados. Un pazo sobre un rochedo dunha illa demasiado cativa. Unha arte pura de máis para unha nación.

***

Un cabalo liscou das cortes do Instituto. O poldro detense preto da ponte. Napoleón I corre tras del. O axuda de cámara, nada menos ca un mariscal, alcanza o emperador que esqueceu o capote e a botella de Roma ou de ron.

***

Un oso que estaba a bailar abandonou a praza da aldea e foi mexar contra un muro.

***

Sucede que cando roncas o mundo material esperta o outro.

***

Ao eu baixar pola rúa de Rennes mordía no pan con tanta emoción que coidei desgarrar o meu corazón.

***

Un espiño azul esvaído é un campanario nun claro de lúa.

***

Nas cordilleiras dos Andes, sobre do lúpulo, medran as uvas, sen vérmolas.

***

As cadeas dan luz, pero as hostias que son mazás non aluman: dan esplendor.

***

Non hai máis nada que a copa das árbores, nin nada máis ca o cabalete dun teito de casa, só hai unha nádega doente dicindo mentiras para sacar a verdade e que ten a razón.

***

Pour montrer l'importance du service de bouche chez les Rothschild, un magazine a représenté cette famille en petit au bas d'une pile énorme d'assiettes. Un lecteur examine les fourmis avec une loupe :

« Lequel est Henri ? lequel est Henri ? »

***

Lors d'un voyage en Algérie avec son Égérie, l'impératrice, l'empereur Napoléon III dut se sauver en grand costume à travers les palétuviers. Ce qui augmentait le marasme, c'est que l'empereur avait des bottes qui lui faisaient mal.

***

L'enfant, l'éfant, l'éléphant, la grenouille et la pomme sautée.

***

Le périscope de Mentana est une grotte souterraine : l'encadrement de roches, un rectangle élégant. Le lac est en encre de Chine et tient dans le cadre ; deux séraphins, noirs de faces, se cognent la tête à droite et à gauche obliquement ; en bordure, au pied de la colonne rocheuse et sur le gradin, un bureaucrate en jaquette moins grand que nature gratte son crâne chauve. Cela sent un peu la vitrine, c'est le périscope de Mentana.

***

L'oiseau gaucher et bossu nommé Morguë ne fait son nid qu'avec des épis de blé et l'orne avec des capucines par préciput et hors texte.

***

Alleluia
Sous les thuyas
le prince de Lusignan
de sa maîtresse était l'amant
Cela sentait la naphtaline
on n'avait pas quitté le port
et cela sentait encor.

***

Para amosar a importancia do servizo de mesa na casa dos Rothschild, unha revista sacou esta familia recortada debaixo dunha enorme morea de pratos. Un lector examina as formigas cunha lupa:

"Cal deles é Henrique, cal deles é Henrique?"

***

No decurso dunha viaxe a Alxeria coa súa Exeria, a emperatriz, o emperador Napoleón III tivo que liscar en traxe de gala por entre os mangleiros. O que aumentaba o marasmo é que o emperador levaba unhas botas que o mancaban.

***

O infante, o *efante*[2], o elefante, a ra e a mazá sofrita.

***

O periscopio de Mentana é unha gruta subterránea e o encadramento das rochas, u rectángulo elegante. O lago é de tinta chinesa e ocupa o marco. Dous serafíns, de caras negras, golpean a testa ao nesgo, á dereita e á esquerda; nos bordos, ao pé da columna rochosa e sobre a bancada, un burócrata en chaqué, de tamaño menor có natural, raña no seu cranio calvo. Isto ole un algo a vitrina: é o periscopio de Mentana.

***

O paxaro xergo e xiboso de nome Morgue só fai o niño con espigas de trigo e órnao con capuchinas para melloralo por fóra.

***

Aleluia
Baixo das tuias
o príncipe de Lusignan
era o amante da súa querida.
Aquilo ulía a naftalina
inda un o porto non deixara
e seguía a ulir que alcatreaba.

***

2 "éfant" é variante dialectal da Bretaña, palabra propia da linguaxe infantil, por "enfant".

Pour rouler sur l'azur la tête en bas, ils y ont des fauteuils à roulettes mécaniques.

***

La dentelle sur la poitrine de N. S. un moineau en emporte les fils.

***

On fait les foins au pavillon d'Armenonville.

***

Dans cette forêt bretonne où la calèche s'avance, il n'y a qu'un ange moqueur : la paysanne en rouge dans les branches qui rit de mon ignorance de la langue celtique.

***

Pour se venger de l'écrivain qui leur a donné la vie, les héros qu'il a créés lui cachent son porte-plume.

***

Autour de la baie, au nord, au sud, habitent derrière chaque rocher un frère ou une sœur de Napoléon.

***

L'horizon bout. Soleil ! prends tous ces hamacs roses et blancs ! Tu n'auras pas le mien, il est d'ambre et il est brodé de jais de ce côté-ci, du moins.

Titre : DESCRIPTION D'UNE AVENUE.

***

La vis, ce qui rampe autour de la spirale ; ce qui s'exprime à la pointe : le vice !

***

Les rochers blancs en tas et l'alpiniste de ces nuages, l'aérostat.

***

Para rodar sobre o azul coa cabeza invertida, dispoñen de asentos de rodas mecánicas.

***

Do encaixe que o Noso Señor ten sobre o peito un pardal arríncalle os fíos.

***

Segan a herba no pavillón d'Armenonville.

***

Neste bosque bretón onde a calesa se interna só hai un anxo burleiro: a aldeá de vermello que, na ramallada, se ri da miña ignorancia da lingua dos celtas.

***

Para se vingar do escritor que lles deu vida, os heroes que creou agóchanlle o seu portaplumas.

***

En torno á baía, no norte, no sur, detrás de cada rochedo, vive un imán ou ben unha irmá de Napoleón.

***

Ferve o horizonte. Sol!, colle todas estas hamacas rosáceas e brancas! Non vas ter a miña, é de ámbar e ornada de acibeche, por este lado, ao menos.

Título: DESCRICIÓN DUNHA AVENIDA

***

O parafuso, iso que rube ao redor dunha espiral; o que se expresa na punta: o vicio!

***

As rochas brancas amoreadas e o alpinista daquelas nubes: o aeróstato.

***

L'archange foudroyé n'eut que le temps de desserrer sa cravate, on aurait dit qu'il priait encore.

***

Brouillard, étoile d'araignée.

***

L'aube, à l'horizon, est un miroir d'étain qui projette un reflet sur une maison.

***

C'était un costume de Pierrot en percale, à culotte trop courte même pour le genou et que je louai, le disputant à un certain sergent. J'y ai trouvé des lettres ! oui ! des lettres que je publierai quand la boutique sera détruite ou le sergent mort.

***

Jouez à la paume, marches de l'escalier. La boule reste trop longtemps en l'air à vibrer et retombe sur le ventre mouvant de l'escalier ou de l'accordéon.

***

Les pavés en mosaïque simulent le relief pour me faire perdre toute stabilité. Ô méchanceté des architectes !

***

Au pied du lit, l'armoire à glace, c'est la guillotine, on y voit nos deux têtes pécheresses.

***

Sur la Seine, les trombes d'eau montaient aussi haut que les tours : je suis perdu dans le labyrinthe d'une écluse et d'un pont.

***

O arcanxo fulminado só tivo o tempo de afrouxar a gravata: un diría que inda pregaba.

***

Melura, *estrela de araña*[3].

***

O amencer, no horizonte, é un espello de estaño a proxectar un reflexo sobre unha casa.

***

Era un traxe de Pierrot en percal, con calzóns por enriba do xeonllo, que aluguei disputándollo a un certo sarxento. E nel, vaia cartas que achei, si!, cartas que publicarei cando a tenda sexa destruída ou morto o sarxento.

***

Xogade á *pelota*[4], nos banzos dunha escaleira. A pelota queda a vibrar suspendida no tempo e cae no ventre movible da escaleira ou do acordeón.

***

O lousado en mosaico simula o relevo para facerme perder todo o equilibrio. Oh, perversidade dos arquitectos!

***

Ao pé da cama, o armario con espello é a guillotina a reflectir as nosas dúas cabezas pecadoras.

***

No Sena, as trombas de auga subían tan altas coma as torres: e eu perdido no labirinto dunha esclusa e dunha ponte.

***

3 "Étoile d'araignée" (estrela de araña). En francés, "étoile" (estrela) soa igual ca "est toile" (é tea). De aí, este calembur fonético.

4 "Paume", en francés, significa "palma da man". O "jeu de paume" está na orixe do tenis actual: antes de coa raqueta, golpeábase a pelota coa man.

Tu te trompes, mon bon ange, pourquoi ces paroles de consolation : je pleurais de joie.

***

Il éclabousse, le jet de la bouteille d'encre ! ce n'est pas une grenouille, mais un petit chef d'orchestre qui indique la rampe et le bas d'une robe blanche.

***

Croient-ils donc qu'on ait des truffes dans le cœur ?

***

Sautez à la corde en descendant l'escalier, vos pieds ne le toucheront pas.

***

Décollement de principes : le prolétaire est circonspect.

***

Tant de gens qui m'aiment m'attendent sur le pont du bateau, mais comment y grimper ?

***

Mur de brique, bibliothèque !

***

Entre les rideaux, le linteau est une glissière pour la fumée ! non ! pour les anges bleus qui dansent.

***

L'artillerie du Sacré-Cœur ou la canonisation de Paris.

***

Les alvéoles de l'interminable rideau de tulle, c'est comme j'imagine les maisons de New York.

***

Erras, meu anxo, por que esas palabras de consolación? Eu choraba de gozo.

***

O que tal zarrapica o chorro de botella de tinta! Non é unha ra senón un directoriño de orquestra que sinala o palco e os baixos dun vestido branco.

***

Daquela cren eles que un poida ter trufas no corazón?

***

Saltade á corda ao baixardes pola escaleira e os vos pés non a rozarán.

***

Renuncia aos principios: o proletario é circunspecto.

***

Tantísima xente que me quere espera por min na ponte do barco, pero, como subir?

***

Muro de ladrillo, biblioteca!

***

Entre as cortinas, o lintel non é unha cremalleira para o fume senón para os anxos que bailan, azuis.

***

A artillería do Sacré-Cœur ou a canonización de París.

***

Os alvéolos dunha interminable cortina de tule, así é como eu imaxino as casas de Nova York.

***

Le soleil est en dentelles.

***

Un coin de doublure bleu pâle, un coin de fourrure comme un pan de ciel sur un coin du pôle.

***

Il y a tant de corail enchevêtré que l'eau ne peut être loin : ce sont les cheveux et l'eau c'est cette topaze à l'oreille.

***

Le zouave qui avait connu le siècle me parlait ainsi avec l'inflexion du regret : « En Algérie, nous nous promenions en voiture et nous regardions nos moustaches dans des glaces de poche, mais si nous sortions du papier à cigarettes, il arrivait qu'il fût taché de sang. »

***

La flamme de sa main veut rejoindre son profil. Son corps est un dossier de chaise ; ses genoux sont les pieds de son maigre trône. Son sceptre que heurte de sa flûte immobile un autre arlequin en dansant s'appuie à l'épaule négligemment.

***

Comme un bateau est le poète âgé
ainsi qu'un dahlia, le poème étagé
Dahlia ! Dalhia ! que Dalila lia.

***

Le monde a comme épine dorsale un crocodile, son bandeau royal est une ligne de chemin de fer. Il a des minarets pour dents et son mouchoir est une robe de Thaïs pliée en vingt carrés.

***

O sol está feito de encaixe.

***

Un anaco de forro azul pálido, un anaco de pel coma un lenzo de ceo sobre un recanto do polo.

***

Hai tanto coral enleado que a auga non pode estar lonxe: son os cabelos e a auga é este topacio na orella.

***

O zuavo que coñecera o século falábame cunha certa inflexión de pesar: "En Alxeria paseabamos en coche ao tempo de contemplarnos os mostachos en espellos de peto, pero se sacabamos papel de fumar, aparecía manchado de sangue".

***

A chama da súa man quere acadar o seu perfil. O seu corpo é un respaldo da cadeira; os seus xeonllos son os pés do seu feble trono. O seu cetro, que bate outro arlequín coa frauta inmóbil ao bailar, apóiase con neglixencia nas costas.

***

Coma un navío é o poeta andado
tal unha dalia, o poema ordenado
Dalia! Dalia! que Dalila lía[5].

***

O mundo ten como espiña dorsal un crocodilo, a súa faixa real é unha vía de ferrocarril. Hai minaretes no canto de dentes, e o seu pano é un vestido de Tais pregado en vinte cadrados.

***

5 Sacrificamos o pretérito da acción pola paranomasia.

Quand mon frère revint de voyage, il m'embrassa : « Que lis-tu ? me dit-il, ou plutôt quel âge as-tu ? car on connaît l'âge par le livre ? » C'était le Pèlerin Carapassionné par l'auteur de la Pèlerine Écossaise.

***

C'est une encoignure de rue. Les prêtres s'y précipitent comme le vin dans l'entonnoir, ils ont des bandeaux qui leur tiennent le chapeau et des mains qui tiennent le bandeau. Ils ont tous mal aux dents.

***

J'ai revu mon ancien professeur de rhétorique et avec une femme. Je n'ai vu que leurs têtes mangeant des éclairs au chocolat sans plaisir : la grosse tête de l'ennui et la petite tête du commandement. Ah ! Ah ! la revanche de l'humanité sur les humanités. Or, je me suis retenu d'aller rire par vengeance : c'est la revanche ici des humanités sur l'humanité.

***

Comme des roseaux penchés vers un bassin, la pluie tombe au creux des montagnes où s'aplatit la vallée. Les cascades ne sont pas éloignées.

***

